

ANUARIO ATLÉTICO

Tempada 2011/12



**FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO**

DE ATLETISMO
FEDERACION GALEGA

O atletismo galego ao alcance de todos



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

INDICE

1)	EQUIPO HUMANO DA FGA.....	2
2)	CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA CUBERTA.....	8
3)	CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA AIRE LIBRE.....	16
4)	CAMPIONATOS GALEGOS DE RUTA.....	33
5)	CAMPIONATOS GALEGOS DE MONTAÑA.....	40
6)	CAMPIONATOS GALEGOS DE CAMPO A TRAVÉS.....	42
7)	ACTUACIÓNS DAS SELECCIÓNS GALEGAS.....	46
8)	CAMPIONATOS DE ESPAÑA INDIVIDUAIS E POR CLUBES.....	64
9)	ACTUACIÓNS ATLETAS GALEGOS EN CAMPIONATOS DE EUROPA, DO MUNDO E INTERNACIONAIS.....	84
10)	PROBAS DE RUTA NO CALENDARIO AUTONÓMICO.....	99
11)	PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN ATLÉTICA.....	144
12)	OS TEUS MELLORES REXISTROS.....	189

EQUIPO HUMANO DA FGA

Xunta Directiva

Membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo

- **Presidente:** Isidoro Hornillos Baz
- **Vicepresidente:** Eleuterio García Rodríguez
- **Vicepresidente:** Manuel Teijeiro Valledor
- **Vicepresidente:** Manuel Blanco Sabucedo
- **Vocal:** Francisco Novoa Rodriguez
- **Vocal:** Iván Sanmartín Carreira
- **Vocal:** Ramón Magariños Duro
- **Vocal:** Julio Fernandez Pérez
- **Vocal:** Laura Ferreiro Calvo
- **Vocal:** Santiago Perez Alonso
- **Vocal:** Ramón Tasende Diaz
- **Vocal:** Ricardo Monzón López
- **Vocal:** Miguel Angel Martinez Fernández
- **Vocal:** Angel Fidalgo Vázquez
- **Secretario Xeral:** Victor Arufe Giraldez

Membros da Asemblea Xeral da FGA

Presidente :

Hornillos Baz, Isidoro

Estamento De Clubes

Ag. At. Dep. Barbanza	A Pobra
Agrupación Deportiva Athletes	Muros
Atlética A Silva	Cerceda
Atletismo Riazor Coruña	A Coruña
Atletismo Sierra Narón	Narón
Club Atletismo Arteixo	A Coruña
Club Atletismo Mercedarias	Ferrol
Club Atletismo Milladoiro	Santiago
Club Atletismo Noia	Noia
Club Compañía De María	A Coruña
Club Coruña Comarca	A Coruña
Fisiocinsia Elite Noia	Noia
Marineda Atlético	A Coruña
Olímpico De Vedra	Vedra
Ria Ferrol-Concepción Arenal	Ferrol
Santa María Del Mar	A Coruña
Universidade Santiago Compostela	Santiago

A Gándara	Monforte
Club Polideportivo Casas	Lugo
C.D. Egozarros	Vivero
Club Franciscanos	Lugo
San Fernando Lucus Caixa Rural	Lugo
Agrupación Atlética Do Sil	O Barco
Burgas Atletismo Ourense	Ourense
Club Alegria Atletismo	Viana Do Bolo
Escola Municipal Ben Cho Shey	Pereiro Aguiar
Ourense Atletismo-Academia Postal Ourense	
Agrupación Viguesa Atletismo	Vigo
Atletismo Morrazo	Cangas De Morrazo
Atletismo Porriño	Porriño
Atletismo Vila De Cangas	Cangas
Club Atletismo Cuntis	Cuntis
Club Atletismo Deza	Lalín
Club Atletismo Femenino Celta	Vigo
Club Atletismo Samertolameu	Moaña
Club San Miguel De Oia	Oia
Club San Narciso	Marín
Club Suárez Marquier	O Rosal
Comesaña S.C.	Vigo
Liceo Casino	Villargarcía
Real Club Celta De Atletismo	Vigo
Sociedad Atlética Val Miñor	Gondomar
Sociedad Gimnástica De Pontevedra	Pontevedra

Estamento de Atletas

Fernández Villares, Eva
Otero Cepeda, Xosé Luis
Paz Cidoncha, Samuel
Seijo Bujía, Marcos Antonio

Arrojo Fernández, Rubén
Gandoy López, Pablo
Rodríguez Milazo, Pámela

Nogueira Fernández, Luis
Revuelta Parra, Ana Raquel
Silva Crespo, Jorge Ignacio
Vázquez Grande, Verónica

Brea Ozores, Martín
Brieva Alonso, Pablo
Gómez Martínez, David

Estamento de Adestradores

Valle Fraga, Álvaro	A Coruña
Vila Feijoo, Adolfo	Lugo
Fidalgo Vázquez, Angel	Ourense
De Medrano Iglesias, Javier	Pontevedra

Estamento de Xuíces

Monzón López, Ricardo	A Coruña
Martín Teijeiro, Eustorgio Martín	Lugo
Garrido Toro, Manuel	Ourense
Bretal Cancelas, Raúl	Pontevedra

Membros da Comisión Delegada

- Presidente: Isidoro Hornillos Baz
- Atleta: Jorge Silva
- Atleta: Martín Brea
- Club: Sociedad Gimnástica de Pontevedra
- Club: Atletismo Sierra Narón
- Club: San Fernando Lucus Caixa Rural
- Club ADAS Campo
- Club: Ría Ferrol Concepción Arenal
- Club: Ourense Atletismo Academia Postal
- Adestrador: Javier de Medrano
- Xuiz: Raúl Bretal

Membros do Comité Técnico

- Presidente: Isidoro Hornillos Baz
- Coordinador do Comité: María Dolores González Fernández
- Secretario Técnico: Claudio Hornillos Baz
- Velocidade: Margot Garnelo Merayo
- Valados: Vicente Veiga Doldán
- Medio Fondo: Manuel Vigo Otero
- Fondo: Alfonso Ortega Casasnovas
- Marcha: Santiago Pérez Alonso
- Saltos: Santiago Ferrer Moreira
- Lanzamentos (peso, disco e xavalina): Raimundo Fernández Vázquez
- Lanzamentos (martelo): Jose Manuel Hermida

- Saltos: Santiago Ferrer Moreira
- Probas combinadas: Julio Ventín Rivas

Membros do Comité Escolar

- Presidente: Agrupación Deportiva Atlética do Sil
- Vocal: Club Atletismo Vila de Cangas
- Vocal: Club Atletismo Ben Cho Sey
- Vocal: Club Atletismo Cuntis
- Vocal: Club Franciscanos de Lugo
- Vocal: Club San Fernando Lucus
- Vocal: Agrupación Deportiva Barbanza
- Vocal: Cimáns Coruña Comarca

Membros do Comité Galego de Xuíces

- **Presidenta:** Dolores Rojas Suarez
- **Vicepresidente:** Eleuterio Garcia Rodriguez

Vocais Delegacións

- **Vocal:** Isabel Torres Taboada (A Coruña)
- **Vocal:** Erika Arribas Rodriguez (Lugo)
- **Vocal:** Begoña Santiago Cabanelas (Orense)
- **Vocal:** Olinda Rodriguez Sequeiros (Pontevedra)
- **Vocal:** Diego Fernandez Somoza (Ferrol)
- **Vocal:** Pablo García Castro (Santiago)
- **Vocal:** Jose Jesús Obenza de Saa (Vigo)

Membros da Comisión de Clubes

- **Presidente:** Ría Ferrol Concepción Arenal
- **Vocal:** Sociedad Gimnástica de Pontevedra
- **Vocal:** Atletismo Narón
- **Vocal:** Atletismo Femenino Celta
- **Vocal:** Real Club Celta de Atletismo
- **Vocal:** Ourense Atletismo Academia Postal
- **Vocal:** ADAS Campo

Membros da Comisión de Atletas

- **Presidenta:** Jorge Ignacio Silva Crespo
- **Vocal:** Pablo Gandoy López
- **Vocal:** Xose Luis Otero Cepeda
- **Vocal:** David Gómez Martínez (p.c.)

Membros da Comisión de Adeptadores

- **Presidente:** Angel Fidalgo Vázquez
- **Vocal:** Alvaro Valle Fraga
- **Vocal:** Javier Medrano Iglesias
- **Vocal:** Adolfo Vila Feijoo

Membros da Comisión de Xuíces

- **Presidente:** Ricardo Monzón López
- **Xuiz:** Raúl Bretal Cancelas
- **Xuiz:** Manuel Garrido Toro
- **Xuiz:** Eustergio Martín Teijeiro

Membros do Comité de Disciplina

- **Presidente:** D. Manuel Mora y Pita de Veiga
- **Vocal:** D. Manuel Teijeiro Valledor.
- **Vocal:** D. Danivel Benavides

DIRECTORIO DE CONTACTO DO PERSOAL DA FGA

<i>TEMA</i>	<i>PERSOA</i>	<i>EMAIL</i>
<i>Presidencia</i>	<i>D. Isidoro Hornillos</i>	<u>presidente@fgatletismo.com</u>
<i>Coordinación xeral</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>
<i>Inscripcións, resultados e páxina web</i>	<i>D. Luis Gómez</i>	<u>gestion@fgatletismo.com</u>
<i>Xuíces e control técnico</i>	<i>D^a. Dolores Rojas</i>	<u>gestion@fgatletismo.com</u>
<i>Medios de comunicación e prensa</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>
<i>Trámites seguros R.C. e Accidentes</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>
<i>Regulamentos técnicos e seleccións galegas</i>	<i>D^a. Madó González</i>	<u>direcciontecnica@fgatletismo.com</u>
<i>Contabilidade e Tesourería</i>	<i>D. Claudio Hornillos D^a Yolanda González</i>	<u>tesoreria@fgatletismo.com</u> <u>contabilidad@fgatletismo.com</u>
<i>Escola Galega de Adestradores</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>
<i>Carreiras Populares</i>	<i>D. Víctor Arufe D. Julio Santiago</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u> <u>populares@fgatletismo.com</u>
<i>Certificados e subvencións</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>
<i>Programa TV. Citius, Altius Fortius</i>	<i>D. Víctor Arufe</i>	<u>secgeneral@fgatletismo.com</u>

CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA CUBERTA

2011/12

15/01/2012

Campionato Galego de Veteranos: Maria Jesús Sanguos gran protagonista ao mellorar as marcas nacionais de 200 e 400



Celebrouse o sábado no remoderado pazo dos deportes da Coruña, o campionato galego de veteranos.

O campionato non defraudou e no déronse cita atletas de todas as categorías de veteranos e a grande protagonistas foi Maria Jesus Sanguos Espiña del Comesaña Soprting Club de Vigo, que logrou mellorar as marcas nacionais de 200 e 400 metros cuns rexistro de 30.80 e 1.13.63 na categoría de W55. Aínda puido ser maior a demostración do poderio de Chus, al non poder participar nos 50 metros valos debido a unhas pequenas molestias. Chuvia de mellores marcas.

Un total de 11 mellores marcas foron as conseguidas polos homes durante toda a xornada as cales foron conseguidas por: Jose Manuel Gonta del Silva, en 50 valos con 8.75 (M45). Xulio Ventin Rivas do ADÍES (m50) en altura con 1,45; pérttega 3,30 e peso con 12,52 mtos. Manuel Vigo del Milladoiro en 1500 con 4.25.38 (M55). Luis Nogueira do ADÍES en lonxitude con 5,12 e peso con 10,27 (M55) Luis Manuel Eyre do USC (M60) en triplo con 7,91. Salvador Patiño del Corredoiras, en lonxitude con 3,98 (M60) Antonio Cabana do EGO en 400 con 1.21.06 (M70) Enrique Rio do EGO en 50 con 12.07 (M75).

Á parte das mencionadas mellores marcas nacionais de Chus Sanguos, as mulleres tambien tiveron unha boa actuación no Campionato logrando un total de 9 mellores marcas galegas. Monserrat Riveiro, do Celta (W35) en Altura con 1,59, lonxitude con 5,02 e Triplo Salto con 11,21. Maria José Sanromán da SGP en peso con 10,30 (W40). Pilar Regueiro del Silva (W45) en 50 lisos con 7.91. Cristina Estevez del Celta (W35) en 400 con 1.05.34. Rosario Sureda do ADÍES en lonxitude con 4,67 (W45) Esther Pedrosa, do USC, en 3000 con 10.57.63 (W50), Olga Romero del Comesaña en lonxitude con 3,11 (W60). Como colofón interveu fóra de concurso Belen Toimil Fernandez, na proba de peso, logrando unha marca de 14,04 metros, que supón nova mellor marca galega na categoría júnior. A marca de Belén demostra o grande incio de tempada de Belén no seu primeiro ano na categoría, e referenda a súa marca de 14,10 ao aire libre de fai uns dias en Ferrol [Resultados](#) [FOTOS](#)

23/01/2012

Criterium e Campionato Galego de combinadas de inverno



O fin de semana celebrouse nas pistas do Centro de Tecnificación de Pontevedra, o Criterium galego de combinadas de inverno, conxuntamente co Campionato Galego de Combinadas, para as categorías cadetes e xuvenís e o galego de pentatlón de veteranos.

O criterium estivo dominado polo atleta da Sociedade Gimnástica David Ferrer, cunha puntuación final de 4086 puntos, e Alicia Merino del San Fernando Lucus con 3027 puntos.

Nos referente ao campionato galego de combinadas de inverno nas categorías cadete e xuvenís os Títulos foron para Adolfo Saenz-Maza do ADÍES e Aitana Leçucano Rodríguez del Ourense A. Postal, na categoría xuvenil. Os vencedores na categoría cadete foron Antonio Raña Fraga del Silva e Claudia Rojo Cazorla del Ria Ferrol.

No pentatlón de veteranos resultaron vencedores Roberto Faya do ADÍES na categoría M35; Alberto Vázquez del Comesaña en M45 e Luis Manuel Eyre del Universidade de Santiago en M60. En mulleres a vencedora foi Piar Regueiro Golán del Silva na categoría F45

[Resultados](#)

28/01/2012

Absolutos de Pista Cuberta: Unha fantástica Ana Peleteiro, bate as mellores marcas galegas absolutas de triple e lonxitude.



O Campionato Galego Absoluto de Pista Cuberta tivo un nome propio: Ana Peleteiro, a medallista no Campionato do Mundo Xuvenil celebrado o ano pasado en Lille (Francia) bateu no desenvolvemento dos Campionatos Galegos o record de salto de lonxitude con 5.87 e o de triplo salto con 13.04. Ausencias importantes nalgúñas probas como Rodrigo Avellaneda, Virxinia Villar ou Jean Marie Okutu, non obstante a igualdade nalgúña das probas converteu o Campionato nunha xornada atractiva e disputada. Sobre a pista atletas importantes como Solange Pereira, Alfonso Palomares, Victor Gallego e David Gómez entre outros.

A xornada da mañá iniciouse coas probas de velocidade na que destacamos a importante participación na proba masculina dos 50 m.l. Nesta proba tras correr eliminatorias, semifinais e final o vencedor foi Pablo Comendador cunha marca de 6.20 sendo disputadísima a medalla de prata entre Pablo Lado e Maximiliano Rodríguez ambos con 6.25. Na proba de 200 m.l sen a presenza de Rodrigo Avellaneda e Jean Marie Okutu mellores marcas da tempada a vitoria foi para o atleta xuvenil do Coruña Comarca Mauro Triana con 23.61. Os 400 m.l foi unha das probas máis disputadas da xornada coa vitoria de Juan José del Rio con 52.67, prata para o atleta veterano Roberto Faya con 52.76 mesma marca que o terceiro clasificado Alberto Chaves.

Nas probas de medio fondo houbo un claro protagonista, Fran Diaz impoñeríase na xornada da mañá na proba de 1500 m.l cun tempo de 4.03.10 e pola tarde nos 800 m.l con 2.01.97. David Gomez ampliaria o seu palmarés en Campionatos Galegos con dous oros en 50 valos e pertiga por diante en ambas probas de Santiago Ferrer e cun bronce no peso. Nesta proba sensacional Victor Gallego da Sociedad Gimnástica de Pontevedra cun mellor lanzamento de 16.66. En salto de lonxitude a vitoria foi para Javier Rosales con 6.82, en salto de altura David

Barreira con 1.95 altura franqueada tamén por Miguel Pérez e en triplo salto venceu Alfonso Palomares con 14.86 lonxe do seu mellor rexistro.

En mulleres destacamos a actuación de Ana Peleteiro en triplo salto e en lonxitude, nesta proba a medalla de prata foi para Leticia Gil cun salto excepcional de 5.83. A sorpresa da xornada estivo nos 50 m.l onde venceu Laura Chapela atleta cadete do Club Atletismo Morrazo coa mesma marca que Patricia Carballo 6.99, o bronce foi para Iria Forján. Candela Díaz do Ria Ferrol non tubo rival na proba de 200 m.l vencendo con 26.76. Nos 400 m.l a favorita a priori Esperanza Caldas viuse sorprendida pola súa compañeira de equipo Lidia Casal que venceu con 1.00.86. Nas probas de medio fondo destacar o 1500 con atletas importantes que non defraudaron impondo un ritmo forte dende o inicio, venceu Solange Pereira con 4.25.89 sendo segunda cunha gran marca Leticia Fernández con 4.32.20 o bronce foi para outra atleta de calidade como é Sandra Mosquera. Nos 800 m.l Iria Castro non encontrou oposición nas súas rivais e entrou en meta con 2.19.05. En 50 valos Enma Valencia foi a vencedora con 8.14, a pupila de Nacho Rego, logra o seu primeiro campionato autonómico absoluto, Elena Estevez en Peso con 11.22 coa ausencia de Belén Toimil, en salto de altura Paula Ferreiros cunha marca importante de 1.73 e na pertiga Lucia Ferreiro con 3.30.

En resumo a pesar da escasa participación nalgúns probas, da ausencia dalgún dos nosos atletas máis destacados o Campionato permitiu ver o excepcional estado de forma dalgúns atletas e permite ser optimistas de cara aos distintos Campionatos Autonómicos e Nacionais que se desenvolverán nos meses de febreiro e Marzo.

[Resultados](#)

13/02/2012

Campionato Galego Cadete: Iria Forjan, nova mellor marca galega en lonxitude con 5,61 metros



A xoven atleta cadete do Barbanza, Iria Forjan erixiuse na gran protagonista do Campionato ao mellorar a marca galega de lonxitude cun salto de 5,61 metros.

A anterior marca estaba en posesión de Erika Cerdeira con 5,44 dende xaneiro de 1995.

Iria se enuncia nun gran momento de forma, segundo palabras do seu adestrador Abelardo Moure, polo que considera que é factible lograr mellorar a mellora marca nacional da categoría, que se encontra en 5,84 metros dende o ano 2002.

En campionato resultou moi atractivo para todos, pudiéndose ver a evolución dos nosos cadetes. Os campións autonómicos foron:

50 m.l. Franciso Rodriguez - RZC e Iria Forjan - ADB
 300 m.l. Hector Rivas - RIA - Claudia Rojo - RIA
 600 m.l. Noel Soto - RIA - Angela Gonzalez - CSC
 1000 m.l. Adrian Ben - SFL - Laura Santos - ABD
 3000 m.l. Ivo Maseda - FRAN - Laura Mendez VMÑ
 50 m.v. Alejandro Carricoba - CUN - Claudia Rojo - RIA
 Altura. - Dario Costas - MORR - Saleta Fernandez - GANDARA
 Lonxitude. - Alejandro Carricoba - CUN - Iria Forjan - ADB
 Triplo. - Xosé M. Fernandez - AVA - Graza Rei - ADB
 Pértiga.- David Maestro - AVA - Lara Carragal MORR
 Peso. - Francisco J- Michinel - CCC - Maria Rodriguez - NARON

Resultados

Nicolas Arrojo e Yolanda Guteirrez, campións galegos absoluto de 3000 metros en pista cuberta



Conxuntamente co Galego Cadete, celebrouse o absoluto de 3000 metros, resultados vencedores Nicolas Arrojo Fernandez de la Sociedad Gimnastica de Pontevedra on un rexistro de 8.48.02 e Yolanda Gutierrez Moldes del Comesaña Sporting Club cunha marca 10.08.50. Nicolas estivo acompañado no podio por Santiago Garcia Rodriguez del Narón e o seu compañeiro de club Sergio Piñón Paz.

O podio ao completo en mulleres foi para o Comesaña, pois acompañando a Yolanda estivo a xuvenil Carmela Cardama Baez e Soidade Castro Soliño.

Resultados

26/02/2012

Campionato Galego Promesa, xunior e xuvenil en pista cuberta



Os Campionatos Galegos Xuvenil, Xunior e Promesa disputados no Pazo dos Deportes de Riazor reflexa unha realidade prometedora en canto aos atletas xuvenís e juniors e unha escasa participación a nivel promesa. A primeira hora da mañá iniciábanse os Campionatos coa final de lonxitude na que houbo un duelo destacado entre os atletas Iván Rodríguez e David Ferrer atleta promesa, o primeiro lograría un mellor salto de 6,93 e David Ferrer 6,87 m. O atleta xuvenil do Lucus, Pablo Modia vencería na súa categoría cun mellor salto de 6,47. Nas finais de 50 m.l de novo os protagonistas serían Iván Rodríguez e David Ferrer que gañarían na proba xunior e promesa, vencendo nos 50 m.l xuvenís o atleta do Coruña Comarca Mauro Triana. Este mesmo atleta vencería nos 200 m.l cun rexistro de 23"96. Na proba dos promesas coausencia de Rodrigo Avellaneda, o vencedor e un dos protagonistas do Campionato sería , David Ferrer que gañaría a súa

final con 24.13 pero o mellor rexistro logrouno Carlos Moro do Club Riazor Coruña con 23"62 na proba xunior.

Mencion para o atleta do Suarez Marquier o atleta xunior Iván Rodríguez Maceiras que resultó vencedor nas probas de lonxitude e 50 e se levou a prata en triple e altura.

Nos 3.000 m.l masculino celebraríase unha final conxunta de todas as categorías, dende o inicio da proba o atleta do Celta de Atletismo, Pablo Regadas puxo un ritmo vivo distanciándose dos demais participantes, no ecuador da proba serían Javier Besada e Ayoub Nagihios que darían alcance ao primeiro atleta disputándose entre eles a vitoria, vencería Javier Besada atleta promesa sendo o primeiro xuvenil Ayoub Nagihi e Alejandro Álvarez o primeiro atleta xunior. Nos 800 m.l un claro vencedor, cun bo rexistro, foi Francisco Díaz do Club Coruña Comarca, quen lograba de forma destacada a vitoria con 1'55"84 na proba xunior e promesa. Na final xuvenil tamén houbo un claro vencedor cun tempo de 2.02.5, en Miguel Otero Rey, do O.A.A.P. No resto de concursos masculinos celebrados pola mañá, de

novo David Ferrer imporíase na pértega con 4.21 m. sendo o único atleta que superou a barreira dos 4 metros. Dous atletas do Sociedad Gimnástica de Pontevedra alzaríanse cos títulos júnior e xuvenil respectivamente, Sebastián Vieites e o seu compañeiro Tomás Almón. Na proba de peso vencerían en categoría xuvenil Pablo Castro con 15,36m. preto da súa mellor marca persoal e que permite pensar que chegaránun bo estado de forma ao Campionato de España Xuvenil que se celebrao próximo fin de semana, na proba júnior vencería Luis González con 14,06 m. e en categoría Promesa Aaron Soto. Na proba dos 1.500 m.l o atleta do Coruña Comarca Sergio Rodríguez decidiu tirar do grupo sendo superado na metade da proba polo atleta do Narón Sergio Piñón, ambos atletas da categoría Xúnior, en terceira posición e primeiro promesa entraría o atleta do Marineda Atlético Abdelaziz Fatihi. Nos campeonatos femininos a mellor velocista de Galicia Patricia Carballo impúxose claramente nos 50 m.l e 200 m.l en categoría xuvenil, nos 50 cunha marca de 7"00 e en 200 m,l cun bo rexistro de 26"56. No resto de categorías as vencedoras foron nos 50 m.l promesa Teresa Rodríguez e en xunior Nerea Darriba do Lucus. Outra atleta



do Coruña Comarca sería a protagonista no salto de lonxitude e triplosalto, Marta Lolo vencería ambas probas en categoría xuvenil. Alicia Merino tamén superou a barreira dos 5 metros en lonxitude que llevaleron para levarse o ouro na categoría Xúnior. En salto de altura, escasa participación con vitoria con 1,61m. da atleta júnior Ana Solla. Nos 800 m.l carreira en solitario de Iria Castro quen faría un tempode 2'16"28 na final xunior y promesa, na proba xuvenil vencería Laura Rosende do Ourense Academia Postal. Iria Castro lograría de novo avitoria nos 1.500 m.l (4'46"22) en categoría promesa sendo a xuvenil Carmela Cardama (4'49"05) do Comesaña, a segunda atleta en cruzar aliña de meta. Nos 3.000 m.l cun tempo de 11'10"89 a atleta Sandra Rodríguez se impoñía na final conxunta celebrada pola mañá vencendo con claridade. En valos as vencedoras foron Alicia Merino con 8"22 en xúnior e Elba Arias con 9"06 en promesa, sendo Aitana Leguicano con 8"54 a vencedora en xuvenís. Fixéronse co título en homes, Alexandre Solla con 8"16, Carlos Moro 7"31 e Adolfo Sainz con 7"11 en promesa, xúnior e xuvenil En 400 metros foron Alberto Chaves, Carlos Moro e Mario Becerra en homes; Nerea Darriba e Aida Amoedo. A categoría promesa quedou deserta. As últimas probas en celebrarse foron o triplo homes onde Alberto Elena, Ivan Maceiras e Anxo Blanco foron os gañadores. A altura David Ferrer; David Barreira e Miguel Pérez, foron os vencedores nas distintas categorías. O peso de mulleres foi dominada por Lucia Seijo; Lida Bayón e Ana Izquierdo. Test importante para moitos dos nosos atletas xuvenís que se desprazarán o próximo fin de semana a Valencia a disputar o Campionato de España Xuvenil de Pista Cuberta. [Resultados](#) [FOTOS](#)

01/04/2012 . Campionato Galego de menores en pista cuberta

No Campionato Galego benxamín, alevín e infantil de pista cuberta habemos de resaltar por enriba dos resultados logrados polos atletas das categorías inferiores do atletismo galego a enorme participación de nenos e nenas, a implicación dos clubs no traballo de base e o apoio por parte do público ao longo das dúas xornadas, de mañá e tarde, que se celebrou no Pavillón dos Deportes de Riazor. En categoría benxamín na proba de 50 metros lisos celebráronse varias semifinais para ver quenes eran os que pasaban á final, que se celebraría a última hora da mañá. Na primeira rolda entre as nenas destacaba unha atleta do ADAOR-Asociación Deportiva Atlética do Sil, Belén García que xunto coa atleta do Club Riazor Coruña, Lucia Conde parecían as favoritas para gañar a medalla de ouro. Os pronósticos se cumprían e Belén García lograría a vitoria con novo record galego 8.20. Esta mesma atleta vencería na proba de lonxitude con 3.47 que igualmente é novo record. Na proba masculina de 50 m.l



disputáronse cinco semifinais onde o mellor rexistro foi para Iago Rodríguez do Club Ria Ferrol que a posteriori se convertería con 8.04 no Campión Galego, disputado estivo o segundo e terceiro posto entre Amanuel García do Club Marinada Atlético e Román Pego da Asociación Atlética Deportiva Barbanza

Na proba de salto de altura novo record para Jacobo Diaz benxamín de primeiro ano con 1.05, segundo foi o seu compañeiro de equipo David García coa mesma marca e terceiro o atleta local Victor Sardiña con 1.00. Na altura feminina só tres participantes, logrando vencer, con marca persoal, Lucia Dopico con 1.00 metro. No peso vitoria sen discusión de Lope Quinteiro cun gran lanzamento de 7.22 que é novo record galego, o atleta do atletismo Vila de Cangas repite resultado xa que o ano pasado nesta mesma instalación tamén lograba a medalla de ouro. En mulleres, tres atletas por enriba dos cinco metros, Paula Piñon con novo record galego 5.68, Noa Lopez (5.19) e Antía

Sestelo (5.10). Na lonxitude masculina Pablo Alonso arrebatoulle o ouro por só un centímetro a Román Pego no último salto con 3.42. As probas de 500 m.l foron das máis disputadas da xornada, realizándose dúas series nas que as medallas se dilucidaban por tempos. Gabriel Nuñez do Club Coruña Comarca e Lucia Portela, con novo record galego, (1.37.53) serían os vencedores. Nos 1000 metros lisos Lucia Varela do Club Franciscanos de Lugo con 3.46.30 lograba o mellor tempo, na proba masculina disputada carreira entre os atletas Zekarias Fernández e Andrés Picallo, logrando a vitoria o primeiro con 3.35.38 que é novo record galego.

Na categoría alevín de novo importante participación nas probas de velocidade. Nos 50 m.l gran rexistro de Olaia Gisela Becerril vencedora con 7.48 preto do record galego de Enma Lopez (7.40), na carreira masculina maior igualdade entre os tres primeiros, resultando vencedor o atleta do Club Franciscanos, Guzman Carril

Francisco Rodríguez do Colexio Santa Maria del Mar se convertería no protagonista dos saltos horizontais ao vencer en ambos, en lonxitude chegaba cunha marca de 3.51 e logrou un mellor salto de 4.10 e en altura superou o listón en 1.23. No salto de altura feminino a mellor marca posuía Angela Pousada non obstante esta atleta tivo que conformarse coa medalla de prata xa que o ouro foi cun salto de 1.26 para Alesandra Campo da Sociedad Gimnástica de Pontevedra, nos rapaces vencería con 1.23 Francisco Rodríguez. Preto de bater o record galego da categoría estivo a atleta da Agrupación Viguesa de Atletismo Olaia Gisela Becerril que venceu cun salto de 4.29. No lanzamento de peso viuse un concurso disputado especialmente entre Laura Quintela (6.98), Nuria Villa (6.96) e Valeria Rodríguez (6.93) todas elas alevíns de primeiro ano. Na proba masculina o dominador foi o atleta do San Narciso Nicolás García con 9.79. Nas probas de 500 m.l e 1000 m.l de novo ampla participación, nos 1000 metros masculino duelo pola medalla de ouro entre os atletas Diego Martinez e Guillermo Lago resultando vencedor o primeiro cun rexistro de 3.30.26 nunha proba táctica. Lucia Lopez do Club Franciscanos realizou unha carreira en solitario na segunda das series para impoñerse cun rexistro sensacional de 3.25.81 que é novo record da categoría. Nos 500 m.l realizáronse tres series na proba feminina xa que eran un total de 35 atletas, a vendedora saíra da última das series cun tempo de 1.38.08, Claudia Fernández. O seu compañeiro de equipo Martin Darriba vencería a proba masculina con 1.31.60.

Os "maiores" deste Campionato eran os atletas da categoría infantil e foi Iria Rodríguez a que se convertería en protagonista ao vencer nos 1000 m.l cun rexistro de 3.01.8, novo record galego. Esta atleta viguesa residente en Tomiño pertence ao Club Atletismo Porriño e curiosamente é tamén posuidora de varios records galegos de Natación. Outras probas destacadas da xornada foron as vitorias de Iván Carnero, posuidor dende o ano pasada do record galego alevín, na proba de 1000 m.l. e 50 m.l con 7.12. Mirian Otero do Club Atletismo Narón vencía a proba feminina cun bo rexistro 7.17. Nos 50 metros masculinos

realizáronse dúas semifinais, na final vencería o atleta do Club Atletismo Millarairo Nicolás Rodríguez cun tempo de 9.21 e en mulleres a vencedora foi Martina Paramos con 9.29.

Nos concursos de saltos dúas marcas destacadas en categoría feminina, por un lado en salto de lonxitude 4.62 para Paula Freiria e 1.42 en altura para Alba Pazos mellorando a súa marca persoal. Nas probas masculinas dominio dos atletas da Agrupación Deportiva Barbanza, Pablo Rial e Antón Fernández, que venceron en salto de altura e salto de lonxitude respectivamente. No lanzamento de peso os novos Campións Galegos son Samuel Alonso con 9.35 e Mencia Pena con 7.64. Nos 500 m.l Pablo Rial volvería subir ao podio xa que cun tempo de 1.23.40 lograba alzarse co ouro, na proba feminina axustada vitoria de Andrea Pais con 1.29.66 que vencia a segunda das series, medalla de prata sería Judit García del Ria Ferrol con 1.30.42 e o bronce para a vencedora da primeira serie Laura González con 1.30.86. Escasa participación na proba de salto con pértega na que Alba Pazos con 2.12 gañana a proba, no triplo salto realizouse unha proba conxunta resultando vencedores Carlota Novoa (9.88) e Ignacio Arnott (9.19). A última proba do Campionato Galego sería os 2000 m.l sendo os vencedores Lucia Suarez con 7.33.07 e na proba masculina superioridade do atleta da Sociedade Atlética Val Miñor Lorenzo González cun tempo de 6.27.

En resumo queremos destacar por enriba dos resultados e os records a ampla participación neste Campionato e a implicación por parte dos Clubs. Conclúese así a tempada de pista cuberta co Campionato das categorías inferiores do noso atletismo.

No Campionato Galego benxamín, alevín e infantil de pista cuberta habemos de resaltar por enriba dos resultados logrados polos atletas das categorías inferiores do atletismo galego a enorme participación de nenos e nenas, a implicación dos clubs no traballo de base e o apoio por parte do público ao longo das dúas xornadas, de mañá e tarde, que se celebrou no Pavillón dos Deportes de Riazor. [Resultados](#)
[.Fotos](#)

01/04/2012

Campionato Galego de Probas Combinadas



Este fin de semana celebrouse no Pazo de Deportes da Coruña, o Campionato Galego de Combinadas de categorías Sénior-Promesa e Júnior, conxuntamente co Criterium para os xuvenís e cadete.

El cuadro de Campeones fue en homes:
Heptathlon Absoluto: David Ferrer Fernandez (ADAS) 4112 puntos.
Heptathlon Xunior: Iván Rodriguez Maceiras (Marquier) 4103 puntos.
Heptatlón Promesa: David Ferrer Fernandez (ADAS) 4112 puntos.
Mulleres: Pentathlon: Alba Fernandez Lozano: (OAAP) 2525 puntos.
Los vencedores del Criterium de xuveniles forón: Tomas Almón Abreu

(SGP) con 3654 y Aitana Leguicano Rodriguez (OAAP) con 2423 puntos. En cadetes, Dario Costas Rodal (Morrazo) con 3004 y Claudia Rojo Cazorla (RIA) con 3117 puntos
[Resultados](#)

CAMPIONATOS GALEGOS DE PISTA AIRE LIBRE

2011/12

17/12/2011

Campionato Galego de Marcha en Pista: Daniel Chamosa nova mellor marca galega cadete de 3000 m. con 13.42.2




Nunha mañá fría, celebrouse nas pistas da Universidade de Santiago o primeiro campionato galego da tempada coa disputa do de Marcha en pista. A xornada comezou coa categoría benjamin sobre unha distancia de 1000 metros con vitorias de Ana Piñeiro del Vila de Cangas cunha marca de 6.26.0, entrando en segunda posición Lucia Fernandez do ADAS con 7.28.6 e en terceiro lugar Ainoa Santos del Vila de Cangas cunha marca xde 8.02.8. Na categoría benjamin masculina, soamente tomou a saída o atleta do Cuntis David Tosar, cruzando a meta en 8.33.2 A continuación correspondeulle a quenda á categoría alevina sobre unha distancia de 2000 metros, resultando vencedora na categoría feminina a atleta do Vila de Cangas, Valeria Fernández conseguiu a medalla de ouro cunha marca de 12.43.9, estando acompañada no podio por Iria Rivas del Cuntis cunha rexistro de 13.38.7 e de Paloma Gonzalez del Ria Ferrol cun tempo de 13.47.6 En categoría masculina o grande dominador foi o atleta do Cuntis Roberto Veiro, cunha rexistro de 10.43.3, sendo segundo o seu compañeiro de club Javier Escariz con 15.03.3 e terceira posición para Jesús Guimerans del Vila de Cangas cun tempo 18.55.5

:Los 3000 metros foi a distancia percorrida polos atletas das categoría infantil e cadete. Deuse o pistoletazo de saída a ambas as dúas categorías, sendo un total de 20 participantes, resultados vencedores Daniel Chamosa del Cuntis con 13.42.2 e Carmen Escariz do cuntis con 15.50.9 Dende o inicio os atletas do Cuntis, Daniel e Carmen non deron opcións aos seus adversarios logrando ambos os dous uns bos rexistro. A marca de Daniel de 13.42.2, suponlle mellorar a súa anterior mellora marca galega da categoría de 14.00.1 do pasado mes de Xullo en Cangas O podio estivo composto na categoría infantil por Antia Chamosa, Noa Garcia e Noa Ramirez en mulleres. En homes foi Brais Prieto, Jorge Méndez e Andrés Obenza. En cadete mulleres as atletas do Cuntis foron as grandes protagonistas ao copar o podio con Carmen Escariz, Carmen Fuentes e Elena Fraguas. Daniel Chamosa, Jorge Prieto e Cristian Dumbrada foi o podio da categoría cadete Pechouse o Campionato coa disputa da carreira absoluta, sobre 5000 metros de percorrido e os vencedores foron os grandes favoritos Jose Fernandez Nieves del Ourense Academia Postal, que despois de varias tempadas en Oviedo, regresa a Galicia. José parou o crono en 22.32.9 e Eva Maria Iglesias del Bidezabal cunha marca de 24.22.4 [Resultados](#)

26/02/2012

Campionato galego de lanzamentos longos.



Disputouse en Vigo el Campeonato de lanzamentos longos, con bos rexistros nas distintas modalidades. Os gañadores de cada proba foron: En disco: Víctor Gallego (SGP), 52.10 m e Lidia Fernández Abuín(OAAP), 37.21 m. Martelo: Isaac Vicente (ADM), 67.34 e Sara Arosa (CAFC) 45.22 m. Xavelina: Borja Barbeito (praias Castellón), 70.06 m e Angeles Filgueira (SGP), 39.22 m [Resultados](#)

17/03/2012

Alejandro Fernandez e Soledad Castro: Campeones Gallegos de 10.000 metros. Espectacular carreira do xoven atleta ourensá.



A Vila de Noia albergou unha vez mais o Campionato Galego Júnior, Promesa e Absoluto de 10.000 metros xunto cun control de marcas con amplo número de atletas das categorías inferiores. O vento e a chuvia convertéronse en protagonistas da xornada, a pesar diso logrónse resultados importantes e houbo probas de grande atractivo especialmente os 10000 metros, donde Alejandro Fernández realizou unha gran exhibición do seu estado de forma acadando un importante rexistro.

Na proba feminina do Campionato Galego de 10000, escasa participación con tan só 5 atletas, entre elas Soledad Castro que o ano pasado nesta mesma pista había logrado o subcampionato galego por detrás de Erea Rodríguez. No momento de darse a saída a chuvia deu unha tregua ás participantes non así o vento que soprou con intensidade durante toda a mañá. Dende as dúas primeiras voltas, Soledad Castro e a atleta júnior Raja Rizki distanciáronse das súas rivais, sendo no quilómetro dous cando Soledad decide aumentar o ritmo para marchar soa. Por detrás Raja Rizki foi cedendo metros a medida que a primeira atleta ía marcando ritmos por debaixo de 3.50. En terceiro e cuarto posto Patricia González e Sandra Sobreira, atleta júnior do Club Atletismo Porriño, que dende o quilómetro dous ata aproximadamente o quilómetro 8 realizaron a carreira xuntas. A bastante distancia lles seguía a atleta Eva Teijeiro. Soledad Castro pasaba o ecuador da proba en 19 minutos dobrando a todas as participantes salvo a Raja Rizki. Por detrás non é ata o quilómetro 8 cando Sandra Sobreira logra descolgar a Patricia González realizando ambas as cinco últimas voltas en solitario. Finalmente as posicións non variarían, Soledad de novo dobra a Raja Rizki cando lle faltaba pouco máis dun quilómetro para finalizar a proba. O podio final sería primeira posición para Soledad Castro con 37.50.8, marca similar á conseguida o ano pasado, seguida de Raja Rizki que sería a primeira atleta júnior con 42.18.9 e terceira a súa compañeira de equipo Sandra Sobreira. Cun mínimo atraso de cinco minutos por problemas técnicos deuse a saída á proba masculina na que xa no quentamento entre os favoritos se palpaba un ambiente de compañeirismo que se vería reflectido na carreira. Pedro Nimo, inmerso na preparación do Maratón que disputará o 15 de abril en París, quixo realizar un adestramento de calidade e ao mesmo tempo axudar aos seus compañeiros Alejandro

Fernandez del Ourense Academia Postal e Carlos Villamor da Sociedad Gimnastica de Pontevedra. Coa ausencia de Hassan Lekhili deuse a saída a unha proba con dieciseis participantes. Dende o primeiro quilómetro o compostelano Pedro Nimo marcou, a pesar do vento e a humidade, un ritmo de 2.57-2.58, seguido de Carlos Villamor e Alejandro Fernández, por detrás dous atletas Alvaro de La Fuente e Ivan Docampo e a certa distancia un grupo de tres: Fernando Pérez, Jose Manuel Fernández e Manuel Martinez. Ao paso polo 5000, por debaixo de 15 minutos, os postos de cabeza non varían, Nimo continua marcando os ritmos seguido de Carlos Villamor e Alejandro Fernández, cincocentos metros despois o atleta do Ourense Academia Postal pasa a Villamor. A sorpresa salta aproximadamente a falta de nove voltas cando Carlos Villamor se retira da proba, Nimo tras cumprir o seu papel fai os mesmo no quilómetro 7 co que Alejandro Fernández se queda só na cabeza, por detrás también prodúcense algúns abandonos. Finalmente a vitoria sería para o atleta internacional Alejandro Fernández que cunha marca de 29.48.8 demostra que volve estar entre os mellores fondistas galegos como xa o fixo no Campionato Galego de Cross e en Gijón no Campionato de España de campo a través. En segundo lugar entraría Alvaro de la Fuente con 31.46.3 e o terceiro posto da proba decidiuse no ultimo metro sendo Manuel Martinez o seguinte atleta en cruzar a meta xunto con Alejandro Cid. A vitoria na categoría júnior sería para Alejandro Alvarez del Comesaña Sporting Club e o Campionato Promesa levaríase o xa citado Manuel Martinez de la Sociedad Gimnastica de Pontevedra.

En canto ao control de marcas destacamos a ampla participación dos atletas da Asociación Atletica do Barbanza xunto cos dos equipos locais, Club Atletismo Elite Noia e Club Atletismo Noia así como os do Club Atlético Silva. A proba con maior numero de atletas foi a lonxitude feminina con 30 atletas, resultando vencedora Carlota Novoa, infantil de primeiro ano que logrou un salto de 4.07. Bo resultado tambien na xabalina masculina para Martin Liste que estrea categoría lanzando 52.40.

Por segundo ano consecutivo Noia albergou o Campionato Galego de 10000 no que destacamos un novo titulo para Soledad Castro e a definitiva recuperación de Alejandro Fernández para o atletismo galego e nacional. [Resultados](#)

4/04/2012 Doblete do Ourense no Campionato Galego de Clubs



En xornada de mañá e tarde celebráronse as probas cunha climatoloxía cambiante, sen demasiado vento pero con chuvascos ocasionais. Os mellores atletas galegos encontrábanse no Barco para disputar o Campionato Galego ou nalgúns casos competindo fora de concurso.

Os protagonistas do Campionato serían os atletas do Ourense Academia Postal ao lograr os dous títulos, en categoría masculina e en feminina, neste caso vencendo ao Ria Ferrol a priori favorito Nas probas de velocidade víronse carreiras interesantes, nos 100 m.l da serie A corrian David Alejandro Castro que tiña acreditada unha mellor marca de 10.69 e Rodrigo Avellaneda, finalmente venceu o primeiro con 11.01 seguido de Rodrigo Avellaneda con 11.13, que corría esta proba fóra de concurso. Nos 200 m.l o duelo esperado era entre o mesmo atleta, Rodrigo Avellaneda pero nesta ocasión contra o atleta da Sociedade Gimnástica de Pontevedra Jean Marie Okutu, vencería Rodrigo cunha marca de 22.16. Nos 400 m.l houbo unha boa carreira na que Eduardo Suarez correría en 49.92 sendo segundo cun bo rexistro Enrique Prego con 50.04. Nas probas das mulleres tamén se viron marcas destacadas nas probas de 100, 200 e 400 m.l. Patricia Carballo converteuse en protagonista ao vencer os 100 m.l con 12.57 e correr fóra de concurso os 200 m.l nos que con 25.71 lograba un novo record galego xuvenil, record do

ano 1978 que estaba en posesión de Maria José Martínez Patiño. Non obstante non foi a máis rápida neste Campionato xa que Lidia Casal do Ria Ferrol venceu con 25.50. Interesantes as marcas dos 400 m.l femininos en especial a da atleta do Atletismo Lucus Paula Ferreiros que fixo 57.33 seguida de Esperanza Caldas con 58.63 e Yuliana Velásquez tamén por debaixo dos 59 segundos, fixo 58.95. Nos 800 m.l masculinos axustada vitoria de Ismael Costas que o ano pasado corría en 1.50 e que nesta ocasión se impoñía nunha carreira táctica a Manuel Rodríguez e Manuel Nuño. Nos 1500 a vitoria foi sen discusión para o atleta Abdelkabar Zaroul máis disputada estivo a segunda praza entre o atleta júnior Carlos Porto, Eduardo González e Roberto Geralavicius. Nos 3000 m.l dous homes importantes do noso atletismo, o polivalente Hassan Lekhili e Gustavo Nieves, vencendo o atleta marroquí cun tempo de 8.33.48. Nos obstáculos a vitoria a favor de Álvaro de La Fuente decidiuse nos últimos metros xa que Gilberto Álvarez e Nicolás Arrojo pelexaron con él pola vitoria final. En mulleres as dúas atletas da categoría promesa do Ourense Academia Postal Iría Castro e Leticia Fernández lograron vitorias destacadas nas probas de 800 m.l e 1500 m.l respectivamente. Nos 3000 m.l sería Esther Navarrete quen lle daría a vitoria ao seu Club o Atletismo Feminino Celta. Nos 3000 obstáculos vencería unha atleta á que estamos afeitos a ver en probas de ruta, Raquel Suárez con 11.10.67.

Na proba curta de valos en homes gañaba o atleta da Sociedade Ximnástica de Pontevedra Julián Ortiz con 14.81 e en mulleres Antia Martínez con 15.71, nesta mesma proba pero fóra de concurso a atleta cadete do Ria Ferrol Claudia Rojo lograría unha marca de 15.72. Nos 400 m.v destacamos aos dous primeiros atletas da proba masculina, Samuel Paz con 52.39 e Ignacio Sarmiento con 53.14, en mulleres Alba Fernández impoñeríase con claridade cun rexistro de 1.07.57. Esperada era a proba dos 5 quilómetros marcha mulleres xa que na pista se atoparían atletas importantes como a novísima Mar Chillón ou Rocío Carbia, a vitoria sería para Rocío cun tempo de 25.09.55, seguida de Sandra Yerga do Ria Ferrol con 25.12.40 e terceiro Mar Chillón con 25.12.58. En homes o atleta do ADAOR, Noe Redondo non tivo rivais gañando con 23.34.44 e en segundo lugar entraría Anxo Menduiña.

O atleta do Ourense Academia Postal Alfonso Palomares lograba dúas vitorias, en lonxitude con 6.88 e en triplo salto con 14.71, nesta proba realizando un único salto. En mulleres a proba de lonxitude foi máis disputada xa que entre as participantes se encontraba Iría Forjan e Leticia Gil, as dúas mellores saltadoras na tempada de inverno, a vitoria cun salto de 5.48 foi para Leticia, sendo segunda cun bo rexistro Alicia Merino con 5.20, Iría Forjan foi cuarta. En triplo salto vitoria de Marta Lolo por diante da atleta cadete Gracia Rei, Marta logrou un mellor salto de 11.74. Beatriz Viteri impoñeríase na pértega feminina con 3.25. En altura masculina dous homes franqueando o listón en 1.90 Iván Valle e José Espina.

Nos lanzamentos masculinos o protagonista indiscutible foi Víctor Gallego que comeza a tempada de aire libre como finalizou a de pista cuberta, cun novo record galego, nesta ocasión lanzou 16.63, para a continuación impoñerse tamén na proba de disco con 51.77 nun único lanzamento. En xabalina o duelo Uriz-Dacal decantouse polo lado do atleta do Ourense Academia Postal que lograba lanzar 66.79 mentres que Gustavo Dacal lograba 65.66. En martelo vencería Nuno Martins do Real Club Celta con 59.54. En mulleres Lidia Parada non deu opción aos seus rivais gañando a proba de xabalina con 46.13, o peso gañábo Elena Estévez con 11.02, o disco Lidia Fernández con 37.42 e o martelo Sara Arosa con 46.42.

Por último celebraríanse as probas de relevos nos que os gañadores foron nos 4 x 100 a Sociedade Gimnástica de Pontevedra en rapaces e o Atletismo Lucus en mulleres mentres que no relevo longo, 4 x400 venceron os dous equipos do Ourense Academia Postal. En resumo, o Ourense Academia Postal en homes revalida o título logrado o ano pasado e en mulleres desbanca o Ria Ferrol. En breve estes equipos iniciarán as súas fases da Liga Nacional



Por primeira vez na historia a Pista de Calabagueiros no Barco (Ourense) acollía o Campionato Galego de Clubs. En total 15 equipos, 7 na proba masculina e 8 na feminina. A priori un Campionato igualado no que os equipos do Ourense masculino e o Ria Ferrol Femenino competían para revalidar os títulos logrados o ano pasado nas pistas Josefina Salgado de Ourense. Recordamos que actualmente os equipos masculinos da Sociedade Ximnástica de Pontevedra e o Ourense Academia Postal forman parte, xunto co equipo feminino do Ria Ferrol, da División de Honra do

Atletismo Nacional. Pola súa banda en primeira división compiten os equipos femininos do Ourense Academia Postal, Atletismo Feminino Celta, Atletismo Lucus e os equipos masculinos do ADAOR e o Real Club Celta de Vigo. (Ir a noticia completa) [Resultados](#) [FOTOS](#)

07/05/2012

Disputado o Cto. Galego de combinadas de veteranás e Criterium Galego

En Pontevedra tivo lugar este fin de semana o Cto. Galego de veteranás de pentatlon e o Criterium Galego de probas combinadas. Máis de 50 atletas déronse cita na competición. O evento contou ca presenza de destacados atletas desta modalidade maila que houbo algunha baixa importante por mor da coincidencia co Cto. de España Universitario. Neste evento decidíase algúns dos integrantes para formar parte da selección galega de probas combinadas, sendo finalmente os elixidos: David Gómez, Santi Ferrer e Pablo Fernández en homes e Alicia Merino, Sonia Beceiro e Sandra Carballo en mulleres,

10/05/2012

Campionato Galego Xuvenil en Cangas e Provinciais Escolares en Vigo, Ourense e Rivera



Celébrase o domingo en Cangas o Campionato Galego xuvenil e Campionato Galego de 5 e 10 km marcha. Entre os atletas xuvenís inscritos destacamos a Mauro Triana mellor marca galega da categoría en 200 m.l con 22.44, nos 400 m.l disputada será a vitoria entre os 3 primeiros a priori favoritos: Mario Becerra, Juan José Del Rio e David Maquieira os tres por debaixo dos 52 segundos este ano. Nos 800 m.l, proba con numerosa participación, o favorito á vitoria é Miguel Otero único atleta que a dia de hoxe logrou baixar dos dous minutos. Nos 110 metros valos o favorito é Miguel Perez que posúe unha marca de 14.71. En saltos este mesmo atleta, Miguel Perez, Anxo Blanco e Pablo Modia en altura, triplo e lonxitude parecen a priori os favoritos á medalla de ouro. En canto aos lanzamentos competirán homes importantes como Pablo Castro en peso e Martin Liste. En canto ás mulleres como é habitual Patricia Carballo é a favorita nas probas de velocidade, 100 e 200, nos 400 m.l espérase unha carreira

disputada entre Aida Amoedo, actual mellor marca, Eugenia Gil e Belen González. Nos 3000 m.l nunha proba con pouca participación teremos a oportunidade de ver a Carmela Cardama e Sandra Rodriguez pelexar polo triunfo. En canto aos saltos espéranse 2 probas de nivel con Ana Peleteiro e Marta Lolo inscritas en ambas as dúas probas. [Atletas inscritos](#) - [Circular Campionato](#)

Campionatos Provinciais



Riveira

Tres campionatos provinciais escolares se celebrarn este fin de semana de onde sairán os atletas que se clasifican para o Galego. Vigo acolle o provincial Infantil, quedando para proximas datas a categoría Benxamin e Alevín e Ourense e Riveira celebran os seus provinciais con el programa completo de Benxamin, Alevín e Infantil
Horarios: [Vigo](#) - [Ourense](#) - [Riveira](#) Atletas inscritos: [Vigo](#) - [Ourense](#) -

13/05/2012

Cto. Galego Xuvenil. Excelente Ana Peleteiro! Mellor marca Española Xuvenil con 13.50 metros!



En Cangas no transcurso do Campionato Galego Xuvenil Ana Peleteiro logrou cunha marca de 13.50 en triplo salto un novo record galego, e mellor marca española xuvenil. Impresionante o concurso da atleta adestrada por Abelardo Moure, que realizou cinco saltos por enriba dos 13 metros nunha das súas primeiras probas na tempada de aire libre. A atleta da Agrupación Deportiva da Barbanza eclipsou coa súa actuación o resto de atletas que a pesar diso lograron rexistros destacados nalgunhas probas.

En velocidade dous atletas do Club Coruña Comarca foron os máis rápidos en 100 m.l y 200 m.l, Patricia Carballo non encontrou oposición para vencer cun bo rexistro de 12.37 no hectometro e con 25.51 nos 200 m.l, novo record galego xuvenil que ela mesma posuía. Na carreira masculina dos 100 m.l, as semifinais xa presaxiaban unha boa e disputada final, esta non defraudou e a vitoria foi para Mauro Triana con marca persoal 11.02 que o coloca entre os mellores velocistas galegos e a solo dos centesimas do record galego. Este mesmo atleta imporiase sen dificultade nos 200 m.l con 22.99. Nos 400 valos a vitoria foi para Javier Otero del Club Marineda Atlético que mellorou a marca que posuía e vencia cun tempo de 59.17. Nos 800 m.l a proba feminina tivo unha clara vencedora, Laura Rosende que se adaptou con facilidade a esta proba no seu primeiro ano de xuvenil. Na proba masculina, con bastante participación a carreira foi táctica sen ningún atleta decidido a poñer un ritmo forte, o paso polo 400 cubriuse en 1.06 o que fixo que os ataques se iniciasen no último 300, o máis rápido foi José González que se impuxo ao favorito Miguel Otero que foi terceiro. No triplo salto masculino a vitoria foi para Anxo Blanco con 13.24.

Xa na xornada de tarde os 1500 m.l masculinos volveron a ser tácticos pero nesta ocasión Miguel Otero sí mediu a suas forzas para vencer cun rexistro de 4.46.26, na proba feminina a gañadora sería Eva Cid. Nos 400 m.l superioridade de Juan José del Rio que gañaba a proba co 51.87 mentres que en mulleres Aida Amoedo, con marca persoal impoñíase a Eugenia Gil, Aida logrou un rexistro de 59.42.

Na lonxitude Pablo Modia lograba un mellor salto de 6.43 suficiente para vencer na proba. No salto feminino se repetirían as posicións do triplo salto sendo primeira Ana Peleteiro con 5.64 e Marta Lolo segunda con 5.30. Nos valos curtos a vitoria foi para o favorito Miguel Pérez con 14.45 mentres que na proba feminina vencería Aitana Leguicano con 16.28, esta atleta gañaría os 400 valos con 1.07.41. En canto aos lanzamentos os protagónistas foron: Ana Izquierdo que gañaría a medalla de ouro en peso (12.75) e en disco (36.63), Martín Liste vencedor en disco e xavelina e Pablo Castro que vencía no peso cuns excelentes 15.78 e era segundo en disco. Sergio Paredes con 59.63 impoñeríase con claridade na proba de martelo. Nas probas de fondo vitoria nos 3000 m.l, sen oposición de Carmela Cardama con 10.23.82 e Nerea Ruanova nos 5000 m.l, na proba masculina dos 3000 ml impoñeríase Ayoub Nagihi con 9.24.30 e nos 5000 m.l Marco Antonio Pascual con 18.13.44 nun sprint apertado con David Vila e Guzman Gómez.

Nas probas de 5 e 10 kilómetros marcha demostrouse de novo o excelente nivel dos nosos atletas nesta disciplina. Na proba feminina os tres primeiros postos foron para o presente e o futuro da marcha galega: Eva Iglesias (23.25.41), Rocio Carbia(25.01.03) e Mar Chillón (25.06.93). Nos 10 kilómetros o gañador sería Francisco Durán (45.47.31), seguido de José Fernández (46.28.54) y Rodrigo Domínguez. (47.47.21) En resumo unha protagonista, Ana Peleteiro, que con toda a tempada por diante, demostrou cun concurso impecable e unha mellor marca de gran nivel que é o futuro do triplo salto nacional e sitúase coas mellores do mundo da súa categoría. [Resultados](#)

19/05/2012

Campionato Galego Cadete: Francisco Rodríguez nova mellor marca galega en 100 metros



Disputouse o Campionato Galego Cadete nas Pistas da Universidade da Coruña coas vistas postas no Campionato de España de Seleccións Autonómicas que se celebrará en Zaragoza o 2 e 3 de xuño. Na xornada de mañá a pesar da chuvia puidéronse ver as mellores marcas xa que pola tarde o vento impediu que os rexistros foran mellores. Non obstante Francisco Rodríguez do Club Riazor Coruña demostrou que pode converterse no futuro da velocidade en Galicia, onte en semifinais batía o record galego de 100 m.l deixándoo en 11.22, pola tarde gañaría a final por diante de Dario Costas, que tamén mellorou a marca persoal. Nos 100 valos, este mesmo atleta Francisco Rodríguez, que en inverno xa corra os 60 m.l en 7.36 en Oviedo, vencía con 14.92 (+2.1). Nos 300 m.l o vento na contrameta á hora da final impediu que Alfonso Pérez e Hector Rivas que en semifinais corran rápido, mellorasen as súas marcas, a vitoria foi para o primeiro con 38.12. Disputadísima foi a última proba da xornada, os 600 m.l no que o favorito Pablo Loureiro do Ria Ferrol gañaría cun bo rexistro de 1.28.81 por diante de Alfonso Pérez, vencedor dos 300 m.l, que fixo 1.28.89. Nas probas de fondo, os 1500 metros obstáculos foron dominados dende o inicio por Iván Manso, do Club Franciscanos de Lugo, nos 3000 m.l nunha carreira lenta no seu inicio na que ningún atleta se decidía a tirar o duelo entre os favoritos Tariku Novales e

Miguel González decantouse a favor deste que foi marcando o ritmo no ultimo quilómetro despegando a Tariku uns metros ao toque de campá o que lle valería para vencer na proba. Nos 1000 m.l vimos unha proba con numerosa participación e cun ritmo forte dende o inicio, o grupo de cabeza pasou o 500 en 1.19 o que fixo que practicamente todos os atletas lograsen as súas mellores marcas da tempada, a vitoria foi para Adrián Lago con 2.41.43 seguido de Adrián Ben e Sergio González. Na marcha un único atleta rematou a proba, o favorito á medalla de ouro, Daniel Chamosa do Club Atletismo Cuntis. Excelente nivel dos lanzamentos na categoría masculina, especialmente en peso, disco e martelo, que coas marcas obtidas neste campionato os nosos lanzadores se colocan, nos primeiros postos do ranking nacional. Francisco Michinel con 14.00 metros gañaba a proba do lanzamento de peso, Andrés García con 47.53 o disco e Víctor Pérez con 48.61 o martelo, a proba de xavelina gañouse cun mellor lanzamento de Antonio Fraga con 40.81. En altura Dario Costas, segundo nos 100 m.l, vencía con 1.75, a lonxitude Antón López con 5.54, o triplo salto José Manuel Fernández con 11.70 e a pértega Sergio García con 2.82. En canto ás mulleres, Claudia Rojo, Laura Chapela e Eva Doporto lograban vitorias en dúas probas. Nos 100 m.l Laura Chapela nas semifinais lograba a súa mellor marca persoal con 12.66 na final lograría correr en 12.55 pero este rexistro sería con vento ilegal de +3.00. Na final dos 300 m.l esta mesma atleta impoñeríase á favorita, Noa Rouco, nunha proba na que de novo o vento contrario na contrameta impediu mellores rexistros. A atleta do Ria Ferrol, Claudia Rojo que a principios de maio lograba nestas mesmas pistas correr en 46.05 gañaría as dúas probas de valos con claridade, os 300 metros valos con 47.25 e os valos curtos con 15.45. Nas probas de 600, 1000 m.l e 3000 m.l non houbo sorpresas e as favoritas venceron nas súas probas. Na carreira de 600 m.l como nos ten afeitos, valente dende os primeiros metros Ángela González gañaba con 1.39.45 sendo segunda Inés Vázquez. Nos 1000 m.l dous atletas distanciáronse nos primeiros 300 metros dos seus rivais, Uxia Pérez e Laura Santos, gañando a primeira que este ano con 2.58.26 logrado en Vigo no mes de abril situouse entre as mellores da proba a nivel nacional. Carmen Martínez gañaba os 3000 m.l con 10.56.83 que é a súa mellor marca persoal. Nos 1500 metros obstáculos, sete atletas tomaban a saída, entre elas Ángela Fernández que era claramente superior xa que coa mínima para o Campionato de España lograda en Pontevedra o 5 de maio presentabase neste campionato co obxectivo de vencer na proba, non defraudou e cruzaba a meta en 5.40.30. Expectación nos saltos para comprobar o estado de forma de Iría Forján e a súa compañeira Graciaa Rey, o vento contrario impediu que se visen bos rexistros, Iría gañaba cun único salto válido a lonxitude con 5.01 e Graciaa o triple Salto con 10.64. En salto de altura Saleta Fernández igualaba a súa marca lograda en Ourense na Liga de Clubs saltando 1.60 sendo segunda con 1.58 Alexia Vidal. Laura Meira do Club San Narciso gañaba a proba da pértega con 2.12. Nos lanzamentos a protagonista foi Eva Doporto que con 29.87 e 44.86 gañaba o disco e o martelo, en peso vencería a atleta do Narón Maria Rodríguez e a xavelina Mireia Hidalgo. Na marcha a gañadora sería Carmen Fuentes con 15.38.30 e segunda Maria Abeledo con 15.54.35. En resumo un bo Campionato Galego no que o vento na xornada de tarde impediu mellores rexistros pero no que se puideron ver marcas importantes e quedou demostrado que Galicia pode presentar unha boa selección para disputar o Campionato de España. [Resultados](#)

29/05/2012

Campionato Galego Infantil



Disputouse o pasado vinteseis de maio o Campionato Galego Escolar da categoría infantil, centos de nenos e nenas desprazaonse ata as pistas de centro galego de tecnificación deportiva en Pontevedra. A protagonista da xornada foi a atleta de atletismo cuntis, Antia Chamosa, que na carreira conxunta de 3 km marcha, quedou a menos de un segundo de bater o record galego que ela mesma posuía, conseguindo a primeira posición da xeral, detrás dela entraron os seus compañeiros de club Brais Prieto e Noa Ramirez.

Nos cento cincuenta metros lisos homes, Anteneh Agullo do Coruña Comarca, a priori favorito veuse sorprendido na final polo atleta do Manuel Suarez Marquier Ivan Carnero que gañou cun resistro de 19.71.

Pero Antenen finalmente conseguiu o medalla de ouro na proba de cincocentos metros liso, cunha marca de 1.18.74.

A atleta dp Atletismo Porriño Iria Rodríguez tamen subiria dúas veces o podium o acadar a medalla de ouro nos cincocentos metros, con 1.18.12 e a medalla de prata nos centocincuenta, a gañadora de esta proba foi Miriam Otero.

Esta atleta tamen conseguiu o subcampeonato nos douscentos metros valos, so sendo superada por Laura Gonzalez do Ourense atletismo Academia postal. Nos douscentos metros valos homes o gañador foi Adrian Vazquez, prata para Abraham Rodríguez e bronce Anxo Jose Martinez.

No tocante os lanzamentos, disco de 800gramos; peso de 3kg; xavelina de 500 e martelo tamen de 3 kg, boa participación en todos eles tanto en homes como en mulleres. Interesante duelo no salto de altura entre Pablo Rial do Salustiano Rey Eiras e Juan Bembibre do Carlos Casares, finalmete o campionato foi para o primeiro cun mellor salto de 1.43. En triplo salto mulleres, o campionato xa se decidiu no primeiro salto, no que tanto Carlota Novoa, ouro con 9.79 como Andrea de Paz, prata con 9.62 o conseguiron no seu primeiro intento.

Mais facil o tivo a atleta do Ourense Academia postal, Elena Freiria, que cun excelente salto de 4.83 metros vencía con claridade na lonxitude.

En resumo un boa participación con algunha marca destacada neste Campionato [Resultados](#)

02/06/2012

Campionato Galego Benxamin-Alevín



Resultados

Ultima Hora: Grande ambiente nas pistas da Malata de Ferrol para presenciar o Campionato Galego Benjamin e Alevín en pista. En xeral lográronse unhas boas marcas polos "peques", pero soamente unha mellor marca galega foi superada na categoría benxamin mulleres a cargote Lucía Portela Otero del Tui, que realizou un rexistro de 1.31.12 en 500 metros superando a anterior de Iria Rodríguez Huertas de 1.32.2 do ano 2008.

10/06/2012 . Cto. Galego junior e promesa. Belén Toimil nova mellor marca galega no lanzamento de peso

Destacamos a vitoria de Samuel Paz que nesta ocasión se decantou polos 400 metros lisos con 48.79 o que fai que actualmente teñamos dous atletas promesas, Samuel e Enrique Prego por debaixo dos 49 segundos. Destacable é tamén a tempada que está a realizar o atleta do Club Riazor Coruña Carlos Moro, onte vencía nas probas de 200 metros lisos en categoría júnior con marca persoal 22.52 e os 110 valos con 15.40. Rodrigo Avellaneda vencía con claridade nas dúas probas de velocidade con 11.05 e 22.00, o seu compañeiro de equipo Alejandro Rios gañaba a proba júnior dos 100 m.l con 11.66. Nos 800 metros lisos dez atletas tomaron a saída vencendo na proba Fran Díaz con 1.56.29 sendo Sergio Rodríguez o primeiro atleta júnior en cruzar a liña de meta con 1.57.70, fora de concurso participou o atleta xuvenil Miguel Otero que fixo 1.57.52. Dous atletas do Club Atletismo Narón vencerían nas probas de 1500 m.l e 3000 metros obstáculos, Santiago García e Sergio Piñón. Na proba de salto de altura mellor marca da tempada para David Barrera con 1.88 e para Santiago Ferrer con 1.83. En triplo salto fóra de concurso participou Alfonso Palomares que estivo preto da súa mellor marca, saltou nesta ocasión 15.60 vencendo na proba júnior Kevin López, que xa había gañado a lonxitude, e Alberto Elena na categoría promesa. Nos lanzamentos o protagonista foi o atleta do San Narciso, Adrian Estevez que vencía en lanzamento de disco e lanzamento de peso. Borja Barbeito gañaba a xavelina con 62.29. Por último polo que se refire os homes destacamos a proba de 5000 metros lisos en que Alvaro Gamundi e Manuel Martínez foron os campións galegos pero o ritmo da carreira puxeron outros atletas que competían fora de concurso, gañou Alejandro Fernández con 14.07.84, seguido de Manuel Hurtado con 14.21.32 e Carlos Villamor con 14.31.61, bo test de 5000 para estes atletas

Nas probas femininas ademais de Belén Toimil destacamos a Paula Ferreiros do Lucus que gañaba os 200 m.l con 26.07 e en salto de altura quedou a tan só dous centímetros da súa mellor marca, nesta ocasión saltou 1.73. Nos 800 m.l o ritmo marcouno Iria Castro sendo a vencedora Leticia Fernández con 2.15.38. Nos 1500 m.l gañaba Esther Navarrete con 4.40.74 e Jenny Fernández foi a primeira atleta júnior. Antía Martínez faría a mellor marca das atletas júniors en 100 m.l con 13.45 e posteriormente gañaba os 100 valos con 15.47. Nos 400 metros lisos fóra de concurso houbo dúas marcas interesantes, Esperanza Caldas lograba o seu mellor rexistro da tempada con 57.69 e Laura García corria en 58.58. Tamén fóra de concurso Sandra Carballo melloraba a súa marca de salto con pértiga deixándoa en 3.40. En lanzamento de xavelina Lidia Parada vencía a proba con 45.53 o que a converteu en Campiona Galegoa da categoría júnior.

En resumo o máis destacado deste Campionato é a progresión de Belén Toimil que é o futuro do lanzamento de peso a nivel nacional, con posibilidade de acadar o mundial junior e que pouco a pouco

vaise achegando ao record galego de Angeles Barreiro feito en 1992



.Belén Toimil converteuse na protagonista do Campionato Galego júnior e promesa que se celebrou en Ourense. Escasa participación principalmente na categoría promesa, non obstante a opción de competir fora de concurso a algúns dos nosos mellores atletas permitiulle ver probas interesantes. En lanzamento de peso Belén Toimil lograba un novo record galego júnior cuns sensacionais 15.33 que a sitúan á fronte do ranking nacional e reflicte a súa progresión nos últimos anos. Belén tamén vencía na proba de disco cun mellor lanzamento de 45.13. ([Resultados](#))

16/06/2012

Campeonato Gallego por equipos Benxamin, Alevín e Infantil



Sensacional el rendimiento de las categorías inferiores del Club Villa de Yugos que en el Campeonato Gallego por equipos logró subir al podio a los 6 equipos de las categorías benjamín, alevín e infantil. El Campeonato se desarrolló en jornada de mañana en las Pistas de Atletismo de Riveira. Amplia participación de los equipos femeninos que en el caso de la categoría infantil fueron once los Clubes que presentaron equipo. El programa constaba en el caso de los benjamines de 7 pruebas: 50 m.l, 500 m.l, 1000 m.l, peso, longitud, 1 km marcha y el relevo 4 x 50. En la categoría alevín las pruebas fueron 60 m.l, 500 m.l, 1000 m.l, peso, longitud, altura, 2 km marcha y el relevo 4 x 60.

Por último en la categoría infantil los equipos tenían que defender diez pruebas: 80 m.l, 80 m.v, 500 m.l, 1000 m.l, longitud, altura, peso, jabalina, 3 km marcha y el relevo 4 x 80. Los vencedores finales fueron, en categoría benjamín femenino y masculino el Club Villa de Yugos, en categoría alevín femenino el Atletismo Barbanza, en alevín masculino el Club Villa de Yugos, en infantil mujeres el Franciscanos de Lugo y en hombres el Atletismo Noia. En cuanto a los resultados destacar el duelo entre Nerea Perelló y Noa Ramírez en salto de altura, logrando dos marcas importantes como son los 1.40 de Nerea y los 1.36 de Noa. En longitud infantil buen salto de Carlota Novoa que venció con 4.49. En la prueba de marcha Antía Chamosa no encontró oposición en sus rivales y venció con claridad en los 3 km marcha con una marca de 15.36.74. Por último destacamos la clara victoria de Adrián Vázquez en los 1000 m.l con 2.53.27. En resumidas cuentas buena participación en este campeonato gallego en el que destacó el buen ambiente entre los clubes participantes y el apoyo del público a los más pequeños, premiando su esfuerzo. ([Resultados](#))

11/06/2012

Campeonato Gallego de Veteranos



Nunha xornada moi ventosa os veteranos e veteranas do atletismo galego disputaron nas Pistas Gregorio Pérez Rivera o Campionato Gallego. Destacar a numerosa participación nalgunhas probas como os 400m ou os 1500 homes. A xornada comezou con o martelo destacando o concurso de José Manuel Almudi do Burgos (M70) con un mellor lanzamento de 36.44. Salientar o salto de 6.50 en lonxitude de Roberto Faya (M35) do ADAOR moi próximo do récord galego en poder de Basilio Bernárdez con 6.57. Juan Manuel Bello (M40) do Celta de Vigo bateu o seu propio récord na proba de pértiga superando o listón en 3.96. Na pértiga Xulio Ventín do ADAOR bateu tamén o récord M50 en posesión de Santi Ferrer con un salto de 3.00m. Outro dos récords

batidos na xornada do domingo foi o dos 400m valados na categoría M45. José Antonio Bazán do Marinada Atlético bateu o seu propio record parando o crono en 1.10.16. O participante de mais idade foi Enrique Rio do Egozarros (M80) nas probas de 100, 200 e 400 e quen xa posee varios records da súa categoría. Entre as mulleres salientar a participación de Chus Sanguos (M55) e Loli Pérez (M60) nos 400m con 1.10.37 (mellor marca nacional da categoría) e 1.19.23, respectivamente. Outra das protagonistas foi M^a Rosario Sureda (M55) do ADAOR o igualar o seu récord en altura con 1.41. Emilia Mesa (M55) do Ourense Atletismo Academia Postal bateu o seu propio record levando a xabalina a 31.66m. Outra das mulleres destacadas foi a sempre loitadora Soledad Castro do Comesaña nos 5000m. A muller mais veterana foi Francisca Romasanta do Egozarros nas probas de 100 e 200m. En resumo, unha boa xornada na que podemos disfrutar do gran ambiente que se respira nas competicións dos mais veteranos e veteranas do atletismo galego. [Resultados](#)

Foto: Antón Gómez

02/07/2012

Campeonato Gallego Absoluto

Celebrou-se unha nova edición dos Campionatos Galegos Absolutos no Estadio de Balaídos. As fortes rachas de vento invalidaron algúns dos rexistros nas probas de velocidade e saltos. Nas probas de velocidade os protagonistas foron os atletas do Coruña Comarca con Patricia Carballo e Rodrigo Avellaneda vencendo nas probas de 100m e 200m. Na xornada de mañan podemos ver as semifinais dos 100m de mulleres con Patricia Carballo correndo en 12.11 e batindo o record galego xuvenil. Minutos despois na segunda semifinal a atleta do Barbanza Ana Peleteiro paraba o crono en 12.09 o que supón o novo record nesa categoría. Xa na final con Ana Peleteiro eliminada na saída o duelo foi entre Patricia Carballo cuns excelentes 11.99 (+2.4) e Lidia Casal. O vento invalidou tamén o rexistro de Patricia Carballo nos 200m (24.48). Nos homes a rivalidade foi menor vencendo nos 100 e 200m Rodrigo Avellaneda con 10.84 e 21.65 (+2.7), respectivamente. Nos 400m Enrique Prego do Riazor foi claro vencedor con 49.61 mentras que nas mulleres o duelo entre as atletas do RIA Ferrol Esperanza Caldas e Candela Díaz deixou bos rexistros e mellores marcas persoais para as dúas (56.76 e 56.83). Nas probas de mediofondo os homes do Celta de Vigo foron os claros dominadores, vencendo nos 800m Ismael Costas (1.53.13) e nos 1500 Carlos Porto (4.02.70). Xa nas mulleres as protagonistas nas dúas probas foron Solange Pereira e Leticia Fernández con 2.13.97 e 4.23.73 para a atleta do Bikila e 2.16.25 e 4.28.43 para a atleta do Ourense Academia Postal. Nos 5000m con unha boa participación na proba masculina o claro vencedor foi o atleta da Gimnástica Iván Docampo con 14.55.95 e as

atletas do Comesaña na proba feminina con Yolanda Gutierrez como campeona galega con 17.44.89. Pouca rivalidade tamén nas probas de obstáculos con Juan Antonio Pousa do Celta de Vigo (9.06.72) e Raquel Suárez do Ria Ferrol (11.10.65) como destacados protagonistas.

Nas probas de valados, unha vez mais Virgina Villar foi a vencedora nos 100mv con un bon rexistro de 13.99 mentras que en homes o vencedor foi Javier Fidalgo. Nos 400mv Samuel Paz venceu con un bon rexistro de 52.89 mentras que nas mulleres do Ourense Academia Postal a victoria decantouse pola xoven Aitana Leguizano mellorando a súa marca de 1.05.56 seguida de Alba Fernández con 1.05.94. Na marcha os protagonistas foron tamén os atletas do Ourense Academia Postal con Lorena Luaces moi cerca da súa mellor marca 22.26.65 e Francisco Durán con 45.04.13.

Nos saltos o gran protagonista foi Jean Marie Okutu que despois de igualar o seu record con 7.94 saltou no 5º intento até 8.00, salto invalidado polo vento (+3.7). Tamén o vento non permitiu que Alfonso Palomanes, en un gran estado de forma, mellorara a súa marca vencendo con 15.88 (+2.6). Nas mulleres Marta Lolo foi a vencedora na lonxitude con 5.32 e no triple con mellor marca persoal con 12.22. Na altura os protagonistas foron os atletas lucenses con Miguel Pérez vencendo na proba masculina con un mellor salto de 1.93 e Paula Ferreirós que despois de superar o 1.77 intentou o 1.80 o que sería record galego. Na pértega bon concurso de Santiago Ferrer que despois de superar tódalas alturas a primeira non pudo con 4.63, vencendo así con 4.40m. Nas mulleres a tamén atleta da Gimnástica Sandra Carballo foi a gañadora con un mellor salto de 3.30.

Nos lanzamentos poucas sorpresas. Victor Gallego foi o vencedor en peso (15.19) e no disco (53.48) mentras que Isaac Vicente e José Manuel Vila gañaron as súas probas de martelo e xavalina con uns mellores lanzamentos de 66.73 e 71.06, respectivamente. Nas mulleres Belén Toimil foi a vencedora no disco (49.52) non participando no peso o que foi aproveitado por Elena Estevez para proclamarse vencedora con un mellor lanzamento de 11.80. Sara Arosa con 50.07 e a veterana Angeles Filgueiras foron as campioas galegas no martelo e na xavalina.

A xornada rematou cas probas de relevos con o Coruña Comarca no relevo corto e o ADAS no largo como campeones galegos. Nas mulleres as victorias foron para o Ourense Academia Postal e o Celta. [RESULTADOS](#)

07/07/2012

David Gomez camiño dos Xogos Olímpicos



David persegue no Campionato Galego de Probas combinadas que se está a celebrar nas Pistas de Balaidos a mínima de participación nos Xogos Olímpicos de Londres, serían os terceiros xogos olímpicos para o atleta de O Rosal que competiu en Atenas e Pekin. Os continuos problemas físicos non impediron que o atleta do Real Club Celta tras a celebración da metade das probas manteña o sono intacto xa que leva 4024 puntos. Os seus rexistros no día de hoxe foron 11.08 nos 100 m.l, 7.34 na lonxitude, 13.43 en peso, 49.98 en 400 e un sensacional concurso de salto de altura con 1.97. A mínima Olímpica, a máis esixente dos últimos anos, son 7950 puntos, por calidade, apoio do público e esforzo non vai ser. Mañá o decatleta galego ten unha nova cita no tartán de Balaidos para rematar de completar unha competición

que iniciou con bos e esperanzadores rexistros. [Resultados 1ª Xornada](#) *Foto: Flor Currás*

08/07/2012

David Gómez mejor marca española del año de decatlón, 7872 puntos, a 78 puntos de la mínima olímpica B.



Ultima Hora: David Gómez, realizó la mejor marca española del año en el Gallego de Combinadas celebrado en Vigo, David se quedó a 78 puntos de la mínima olímpica B para acudir a los JJOO de Londres. El atleta internacional del Real Club Celta de Atletismo, realizó una gran competición ganando el campeonato gallego con una puntuación final de 7872 puntos, con unos parciales de 100 m.l. 11.08 +1.0 long. 7.34 +0.5 peso 13.43 altura 1.97 400 49.98 110 vallas 14.50 +1.4 disco 38.25 pértiga 4.62 jabalina 60.50 1500 4:26.66 [Resultados](#)

06/09/2012

Campionato Galego de Clubes Xunior e Cadete

O vindeiro día 8 dispútase en O Barco de Valdeorras (Ourense) o Campionato Galego de Clubes en categorías Cadete e Xunior.. Tomarán parte na competición xunior os seguintes equipos: Real Clube Celta de Atletismo; ADAS Pronior e Lucus Caixa Rural en homes e Atletismo Femenino Celta; Vila de Cangas; e Lucus Caixa Rural en mulleres. En cadetes competirán: Agrup. Viguesa de Atletismo; Narón: Ria Ferrol; Lucus Caixa e ADAS Pronior en homes e Morrazo; Vila de Cangas; Riazor Coruña e Lucus Caixa Rural. en mulleres Para os equipos femininos servirá ademais de preparación para as fases previas do Campionato de España de Clubes tanto cadete coma xunior para os que lograron a súa clasificación previa por estadio e disputarás nos vindeiros fins de semana, o Cadete Femenino será o 22 de setembro en Asturias e o Xunior Femenino o 29 en Valladolid Regulamento [Xunior - Cadete](#) Inscritos: [Xunior - Cadete](#)

09/09/2012

Victorias do ADAS e LUCUS en categoria Junior e San Narciso e Vila de Cangas en cadetes



Nunha xornada moi calurosa as pistas de O Barco

acolleron unha nova edición do Campionato Galego de Clubes Junior e Cadete. Na categoría Junior proclamáronse campión o ADAS con 48 puntos por diante do Real Club Celta de Vigo e o LUCUS en homes sendo o LUCUS con 44 puntos o novo campión nas mulleres por diante do Celta Femenino e o Atletismo Vila de Cangas.

Nos 100m as victorias foron para os atletas do LUCUS. Nos homes victoria moi apretada para David

Méndez con 11.91 polos 11.92 do atleta do AVA Pedro Arias. Nas mulleres Patricia Carballo gañou con maior claridade con 12.92. Nos 200m Carlos Moro participante co ADAS e Miriam López do LUCUS foron os vencedores con 22.73 e 29.94, respectivamente. Nos 400m venceu o atleta céltico David Abalde con un bo rexistro de 51.89 mentras que en mulleres a victoria foi para a atleta do LUCUS Paula Ferreirós con 1.01.82. Paula sería a gañadora tamén da proba dos 800m con 2.26.99. Nos homes a victoria para a dobre volta á pista foi para o atleta do ADAS José M^a Díaz con 2.02.13. Xa nos 1500m as victorias foron para José González do ADAS e Jenny Fernández do Atletismo Femenino Celta con 4.43.10 e 5.17.15. Os célticos dominaron os 3000 con primeiros postos para Angel José Fernández (9.43.57) e Rocío Rodríguez (12.20.17).

Doblete tamén para os atletas do LUCUS nos valados con victoria de Miguel Pérez nos 110 (14.57) e de Alicia Merino (17.83) nos 100m. Nos 400m os vencedores foron Javier Rivero (1.01.69) do ADAS e M^a Jesús Novo (1.16.41). A proba dos obstáculos foi dominada por Agustín González do ADAS (6.89.34) e Sandra Rodríguez do Atletismo Celta Femenino (8.31.33). Victorias tamén para Mar Chillón do Vila de Cangas (27.52.84) e Pablo Maciñeiras do ADAS (27.13.33) nos 5km marcha.

A lonxitude foi tamén para os atletas do LUCUS sendo os gañadores Alicia Merino con 4.86 e Pablo Modia con 6.67. No triple a victoria foi para Daniel Rouco do ADAS (12.66) e Milagros Aldana do Celta (10.65). Sara Pino do LUCUS con 1.57 e David Barreira do ADAS con 1.75 foron os vencedores na altura. Na pértiga dobrete tamén para os célticos con Miguel Cajaraville (3.10) e Mariña Alcalde (2.20) como primeiros.

Nos lanzamentos, os vencedores foron Jesús Carballo (11.00) do ADAS e Raquel Vila (10.56) do Vila de Cangas en peso, os atletas do Celta Adrián Estevez (41.07) e Ana Izquierdo (36.93) no disco, Antonio

Molina (52,52) do ADAS e Alejandra Campos (26,47) do LUCUS en xavalina e Luis González (50.15) e María Sio (31.45) en martelo, ámbolos dous do Celta. As atletas do LUCUS gañaron os relevos 4x100 e 4x400 sendo os atletas do Celta os gañadores no 4x100 e os atletas do ADAS no 4x400 os vencedores masculinos. Na categoría cadete victorias para os atletas do San Narciso e das atletas do Vila de Cangas. Subiron tamén ó pódium masculino o ADAS e o RIA Ferrol e o LUCUS e Riazor Coruña nas mulleres. Francisco Rodríguez do ADAS con 11.75 e Ainhoa Don do Riazor con 13.88 foron os vencedores nos 100m.





As victorias nos 300m foron para o atleta do San Narciso Alfonso Pérez con 37.59 e Inés Vázquez do LUCUS con 45.09. Alfonso Pérez foi tamén o vencedor dos 600m (1.38.62) mentras que nas mulleres a victoria foi para Noa Rouco do Vila de Cangas (1.50.44). Nerea Martínez do LUCUS (3.26.80) e Sergio González do RIA Ferrol (2.58.21) foron os gañadores nos 1000m. Os atletas do LUCUS dominaron tamén os 3000m con victorias de Adrián Ben (9.58.14) e Lara Corral

(12.37.84).

O atleta da Asociación Viguesa Pedro Juncal foi o vencedor nos 100m mentras que a victoria nas mulleres foi para a atleta do LUCUS Mara Vila (17.30). Andrés García do San Narciso (45.04) e Carla Gallo do LUCUS (49.60) foron os vencedores nos 400m.v. Nos 1500m. obstáculos os gañadores foron Noel Soto do RIA (5.08.00) e Lucía Piedras (6.29.02) do Vila de Cangas. Na marcha a atleta do Vila de Cangas Esmeralda Corredoira foi a vencedora nos 3km mentres que nos 5km o gañador foi Duarte Traseira do LUCUS.

Na lonxitude as victorias foron para Alexia Vidal do Vila de Cangas con un mellor salto de 4.85 e Fernando Rabade do AVA con 5.76. Tamén o atleta do AVA Xosé Manuel Fernández foi o gañador no triple con 11.75. Nas mulleres venceu Ainhoa Portos do Riazor con 11.01. Victoria para Saleta Fernández do LUCUS e Sergio García do San Narciso na altura, os dous con a mesma marca de 1.66. Nos lanzamentos Raúl Vázquez do ADAS (12.32) e Patricia Torres do Vila de Cangas foron os gañadores no peso. No disco venceron Andrés García do San Narciso (36.68) e Carla Bernárdez do Vila de Cangas (27.14). Na xavalina os millores foron Rokhaya Diop do Riazor con un mellor lanzamento de 26.24 e Raúl Vázquez do ADAS con 39.30. Johana Villar do Vila de Cangas con 31.27 e Gonzalo Brotóns do San Narciso con 47.11 foron os vencedores no martelo. Victoria do RIA Ferrol no relevo 4x100 e o AVA no 4x300 masculino. Nas mulleres a victoria do relevo 4x300 foi para as atletas do LUCUS

Resultados [Xunior](#) - [Cadete](#)


Fotos: *Flor Currás*

CAMPIONATOS GALEGOS DE RUTA

2011/12

05/02/2012

Francisco Duran e Lorena Luaces, campiones Galegos absoluto de marcha en ruta



categorías foron os

Nun día moi frío, con chuvia e sobre o circuíto que se vai celebrar o Campionato de España de Marcha en ruta o vindeiro mes de marzo, Os atletas do Ourense Academia Postal, Francisco Durán e Lorena Luaces revalidaron os seus títulos de campións galegos absoluto de marcha en ruta cuns rexistro de 45.23 e 48.36 sobre 10 Km., O podio masculino estivo composto por Francisco Durán, Jose Fernandez e Armando Pereira, sendo o podio feminino o composto por Lorena Luaces, Eva Maria Iglesias e Rocio Carbia. Os vencendeores na categoría Promesa foron: Daniel Abeledo del Narón e Rebeca Obenza del Vila de Cangas. No resto das seguintes:

Júnior: Francisco Duran e Rocio Carbia del Ourense Academia Postal

Xuvenís: Marcos Cintron do ADAS e Marisol Diz del Bidezabal

Cadetes: Daniel Chamosa del Cuntis e Maria Abeledo del Narón

Infantís: Brais Prieto e Antia Chamosa del Cuntis CON 15.31 (MMG)

Crías: Roberto Veiro del Cuntis con 15.40 (MMG) e Valeria Fernández del Vila de Cangas

Benxamines: David Tosar del Cuntis e Ana Piñeiro del Vila de Cangas con 12.57 (MMG)

Veteranos 40: Piar Iglesias Grandio do SFL cun marca 54.05 (nova mellor marca galega da categoría)

Veteranos M45: Pere Tobaruela del Kraff con 50.25 (nova mellor marca galega da categoría. [Resultados](#))

Fotos: Flor Currás

25/03/2012

Fran Duran e Mar Chillon vencedores do X Criterium de Marcha Villa de Cuntis -III xornada circuíto Josefina Romeiro

Éxito do Criterium de Marche celebrado en Cuntis, e os moitos afeccionado allí presentes puideron comprobar a boa "saúde" que ten a marcha galega na actualidade, como quedou demostraro nos recentes campionatos nacionais celebrado en Pontevedra, onde os integrantes das nosas Seleccións conseguiron uns fantásticos resultados. Logrando tres podio dos catro posibles (tres oros e un bronce por autonomías e os subcamp. individuais de Carmen Escariz ,Dani Chamosa ademais dos bronces de Mar Chillon e Rocio Carbia) Na xornada de hoxe dous novas mellores marcas foron conseguidas na distancia de 10 Km. a cargo de Daniel Chamosa Dacasa del Cuntis cun excelente crono de 49.13 (anterior 49.48) e a súa compañeira de club Carmen Fuentes Castro, cruza a meta en 57.52, ambos os dous de categoría cadete.

Os vencedores absolutos foron Francisco Duran del Ourense con 46.47 e Mar Chillón con 56.05. Ao finalizar a competición fíxose entrega das distincións coa presenza de Dona Begoña Estevez, en representación da Diputación de Pontevedra, o Alcalde de Cuntis Don Toño Pena e o director da Escola Galega de Marcha Don Santiago Pérez. E a sorpresa da xornada correu a argos dos atletas da Escola de Caldas e Cuntis ao homenaxear o seu adestrador, o cuntesino José A. Pardal Baños [Resultados](#)

15/04/2012 . Asfaw Tewodros imponse na I Maratón A Coruña 42 e Jorge Crespo e Silvia Rodríguez Campions galegos

Os dorsais fóronse recollendo de forma graduada o venres e o sábado, para iso contábase con voluntarios dos diferentes clubs da cidade: Club Rialto, Club Marineda Atlético, Club Coruña Comarca e Club Riazor. Estes mesmos voluntarios xunto cos do Concello formaban un total de aproximadamente 200 persoas que se encargaron dos avituallamentos, entrega de material, vixilancia en zonas de paso, asistencia ao corredor, a coordinación na saída e a recepción dos atletas unha vez finalizada a proba.

Dende as 7 da mañá do domingo, todo o dispositivo estaba preparado para ir recibindo os atletas, entre eles deportistas populares e atletas federados de distintas nacionalidades que quixeron apoiar a I Edición do Maratón Coruña 42. Mentres os atletas que correrían o maratón se ían achegando aos caixóns de saída, os que participarían posteriormente na carreira de 10 quilómetros iniciaban os seus quentamentos. Na mente de todos dúas cousas: a meta e o tempo.

Ninguén desexaba que se convertese en protagonista pero dende o pistoletazo de saída todos eran conscientes de que á dureza propia da distancia se ía engadir o vento, a chuvia e o frío. De xeito puntual deuse a saída cun atleta na cabeza dende o primeiro metro ata o último, o etíope Tewodros Zewdu, atleta de 32 anos que no 2011 en Langreo acreditaba unha marca de 2.15.34 e que adoita prodigarse en carreiras de medio maratón na xeografía nacional. Os dous primeiros quilómetros lévanos cara á zona do Orzán onde o vento empeza a soprar, non obstante o atleta do equipo Bikila marca un ritmo dende o inicio de 3.20. Superada a costa da Casa dos Peixes xiran para iniciar o descenso. O quilómetro 5, na rotonda do Colexio Las Esclavas, pásao a 16.20 en solitario, por detrás o dúo perseguidor formado por dous atletas galegos de calidade, Elías Domínguez e José Antonio Ramallo, a continuación a uns cen metros os atletas Manuel Oliver Pérez, Jorge Crespo e José Manuel Casado. A primeira circunstancia da carreira dáse un quilómetro máis tarde cando os atletas que ían en segundo e terceiro lugar, Elías Domínguez e José Antonio Ramallo, quedan fóra da carreira ao non seguir o circuíto marcado. Por diante Tewodros Zewdu continúa coa súa carreira en solitario loitando contra o vento e recibindo o ánimo do público e os atletas que se cruza no seu camiño. En mulleres dende o inicio da proba tamén unha única protagonista, María Cabadas que acompañada doutros atletas masculinos vai tomando distancia sobre os seus rivais. Esta atleta ferrolana foi protagonista nalgunhas das carreiras populares celebradas este inverno como a Carreira Popular de San Xiao en Ferrol ou o Cross de Cabanas.

Os 10 quilómetros pásao o atleta etíope por debaixo dos 32 minutos pero a continuación viría probablemente o peor momento da carreira para todos os participantes, incluídos os da Carreira de 10 quilómetros que xa saíran, unha granizada que durou uns minutos e que non fixo desistir os atletas no seu empeño de rematar a proba.



A I Edición del Maratón Coruña 42 comezou a fraguarse hai moitos meses, probablemente anos na mente dos organizadores. A Coruña contaba xa no seu calendario coa Carreira de Coruña 10 e a Media Maratón non obstante a proba raíña en ruta era un proxecto ilusionante e esperado por todos. O sono da cidade da Coruña e do atletismo galego tivo a súa realidade na mañá do domingo. Nas semanas previas ao evento, os organizadores, o Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo perfilaban todos os detalles que supoñían a nivel de organización unha coordinación total entre todos os implicados

O Campionato Galego da distancia foi para os atletas Jorge Crespo del Atletismo Sar e Silvia Rodriguez del Esprintes de Ourense cunha rexistros de 2.34.50 e 3.26.01

Resultados Maraton: [Clasificación Xeral](#) - [Clasificación por Categorías](#) [Clasificación por sexos](#)
Campionato Galego 10 KM. [FOTOS](#)

06/05/2012

Dario Soto e Leticia Fernandez champions galegos de milla en ruta



Ultima Hora: Na mañá de hoxe dis 6 en Padrón, se proclamaron campións galego da milla en ruta Dario Soto Méndez do Celta de Atletismo, que cubriu a distancia en 4.40 e Leticia Fernández Barbosa del Ourense Academia Postal cun rexistro de 5.11 es el nuevo Récord Gallego Absoluto y Promesa, batiendo o que ela mesma poseía logrando no O Barco (Absoluto y Junior de 5,19) de 09/09/11. [Resultados](#)

15/07/2012

Cto, Gallego de 5 Km. en ruta: Francisco J. Gómez Noya y M^a Jesús Gestido vencedores

En el circuito urbano de Vilagarcía se celebró la I Carrera Popular Diputación de Pontevedra conjuntamente con el Campeonato Gallego de 5 Km. El vencedor de la prueba absoluto fue Cristiano Grajales con un tiempo de 14.17, siendo



segundo y campeón gallego de la distancia el triatleta Francisco J. Gómez Noya, estando acompañado en el podium por Ivan Docampo Gonzalez y Rafael Fuentes Lubians todos ellos de la Sociedad Gimnastica de Pontevedra.

En categoría femenia la vencedora fue Barbara Riveros, quein paró el crono en 16.37, siendo tercera en la general Maria Jesus Gestido Rodriguez del Fuerteventura , proclamándose campeona gallega con un corno de 17.16, logrando la segunda posición del campeonato Yolanda Gutierrez Robles ,la tercera posición fue para la juvenil Carmela Cardama Baez, ambas del Comesaña. [Resultados](#)

02/09/2012

Rafael Fuentes e Yolanda Gutierrez: Campions Galegos de Media Maraton



Nun circuito interurbano polos concellos de Petín, A Rúa e Villamartín de Valdeorras celebrouse o Campionato Galego de Media Maratón. As altas temperaturas e a dureza do recorrido fixo que desde os primeiros kilómetros da carreira definiráanse xa as posicións finais.

O Campión galego de este ano foi o atleta da Ginnástica de Pontevedra Rafael Fuentes con un rexistro de 1.15.53 seguido de Manuel Oliver do Coruña Comarca e Miguel Fernández do Real Club Celta. Este ultimo foi o campeón galego en veteranos M50. Nas mulleres a campeona galega foi Yolanda Gutierrez do Comesaña con 1.20.53 e quarta na xeneral seguida de Sonia Teijeiro do Club Veteráns Pabellón de Ourense e Teresa Corral do Coruña Comarca. Estas duas atletas foron as campeonas galegas tamén na súa categoría.

Na categoría junior o campión galego foi Francisco Nuñez do Ourense Academia Postal. Nos veteranos na categoría de 35 o campión galego foi o atleta do Coruña Comarca Javier Tourís mentras que na de 45 foi o atleta de A Silva Pedro Alén. Na categoría de 50 a campeona galega foi a atleta do ADAS Aurora García. Nas categorías de M55, M60 e M70 os novos campións galegos foron Félix Sotelo do Veteráns Pabellón de Ourense, José Matias Regueira do Barbanza e Manuel García do ADAS, respectivamente. [Resultados](#)

12/09/2012

Campionato Galego de 10 Km. en ruta



CONCELLO DE RIVEIRA

O Concello de Riveira a través da súa Concellería de Deportes organiza o domingo 16 de setembro de 2012 a partir das 10:30 horas, a XV edición da Carreira Popular de Santa Uxía que será a súa vez Campionato Galego Absoluto e das categorías Junior, Promesa e veteranos de 10 km en Ruta 2012. A proba absoluta disputarase sobre unha distancia de 10 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA). As probas levaranse a cabo na localidade de Riveira e estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)

Galego:

Un total de 115 atletas serán os que tomaran parte no Galego de 10 Km. e entre os participantes estarán en linea a de saída estarán Alejandro Fernandez Rivera, Manuel Hurtado Sanjurjo, así como Yolanda Gutierrez Robles e Esther Navarrete Santana, a priori os favoritos para conseguir o Campionato Absoluto **Atletas inscritos**

17/09/2012

Alejandro Fernandez e Esther Navarrete campions galegos de 10km en ruta



O Concello de Riveira acolleu o último campionato galego da tempada 2011-2012. Os atletas percorreron dúas voltas a un circuito urbano polas ruas e malecón de Riveira, nun circuito homologado pola RFEA. Dende o pistolazo de saída o



atleta do Ourense Academia Postal Alex Fernández impuxo o seu ritmo, seguido de preto por Manuel Hurtado e Ruben Caamaño. O paso pola metade da carreira a vantaxe era xa de 25 segundos. Por detrás, Iván Docampo e Ruben Diz loitaban por incorporarse ós primeiros postos. Nas mulleres e ante a retirada de Yolanda Gutierrez por problemas físicos, Esther Navarrete do Celta marcaba xa a su diferenza con un paso de 17.47 nos primeiros 5000m con a segunda clasificada a veterana do Comesaña Soledad Castro a un minuto. Na terceira posición outra veterana a atleta do Ourense Academia Postal Isabel Sáez. Sen grandes sorpresas, Alex Fernández na súa preparación para o campionato de España de Media Maratón proclamouse campión galego dos 10km en ruta con un tempo de 30:06. Manuel Hurtado entraría segundo na liña de meta con 31.21 e terceiro sería Rubén Caamaño con 32.24. Nas mulleres as mesmas posicións tamén que no paso pola metade de carreira con Esther Navarrete como campiona galega con 36.10 por diante de Soledad Castro con 38.02 e Isabel Sáez con 39.53. Na categoría junior os campions galegos foron Alejandro Alvarez do Comesaña e Sandra Sobreira de

Porriño mentras que en promesas o millor e novo campión galego foi o atleta da Gimnástica de Pontevedra Manuel Martínez Ageitos. Nas féminas, Esther Navarrete foi tamén a mellor na súa categoría.



Nos veteráns, Manuel Vieites do Ourense Academia Postal é o campión galego da tempada na categoría M35, José Manuel Fernández do mesmo clube en categoría M40. Na categoría M45 o marinense Carlos de la Torre volveu a demostrar a súa calidade. Ramiro Méndez da Gándara, José Matías Regueira do Barbanza e Antonio Hernández do Egozarros foron os vencedores nas categorías de M55, M60 e M65. Nas mulleres ademais da segunda e terceira clasificada absoluta, Isabel Sáez foi a vencedora na categoría M40 e Soledad Castro en M45. Completouse o campionato con Pilar Marquiz do Riazor Coruña como campiona galega en

M55. [Resultados Campionato Galego](#)

17/09/2012

Victor Riobo e Solange Pereira champions de España de Milla en Ruta



Celebrou-se na Barco de Valdeorras a IV edición do Campionato de España de Milla en ruta Absoluto e Veterán con claro protagonismo galego. Os novos campións de España na categoría absoluta foron Victor Riobo do Puerto de Alicante e Solange Pereira do Bikila. Nos veteráns proclamáronse campións de España tamén José M. Fernández do Verxel Nutrición en M50, Domingo Alvarez do Burga de Ourense en M55 e Antón Cabana do Egozarros en M70 con novo record do campeonato. Nas mulleres veteráns venceron Cristina Estevez da Gimnástica de Pontevedra en M35, Esther Pedrosa do Universidade de Santiago en M50, M^a del Carmen Novo do Fluvial en M55 batendo o record do campeonato e Francisca Romasanta do Egozarros en M60. [Resultados](#)

CAMPIONATOS GALEGOS DE MONTAÑA

2011/12

10/06/2012

Ivan Docampo e Purificacion Bermudez campions galegos de Montaña

Ultima Hora: Ivan Docampo de la Soc. Gimnastica de Pontevedra e Purificacion Bermudez del Noteibra teñen proclamdo campións galegos de Montaña, na localidade ourensana de Esgos. Conxuntamente co Campeonato celebrouse a VI Suba A Rochas de Eirado [Resultados](#)

CAMPIONATOS GALEGOS DE CAMPO A TRAVÉS

2011/12

16/01/2012

Celebrados cun gran éxito e participación os primeiros campionatos de campo a través



A tempada de campionatos galegos de campo a través iniciouse onte no Circuito de Monterrei en Ourense. O Cto. Galego de cross corto, o Memorial Alejandro Lorenzo e o Cto. Galego cadete-xuvenil de cross congregaron a perto de 1000 atletas practicantes desta modalidade.

Maila que a choiva e o frío fixo acto de presenza, especialmente nas primeiras carreiras, os distintos campionatos gozaron dun bo ambiente e unha gran expectación. A primeira carreira benxamín foi gobernada por Belén García e Jonás Redondo, ambos dous do Club ADAS. Por equipos, victoria para o Franciscanos (mulleres) e Atletismo Vila de Cangas (homes). Na carreira alevín masculina impúxose Leonardo Giovani (Sociedade Atlética Val Miñor) e Lucía López do Franciscanos de Lugo. Na clasificación por equipos dobrete da Agrupación Deportiva Barbanza que subiu ao máis alto do podium en ambos sexos. No trocante á carreira infantil, victoria para Iria Rodríguez (At. Porriño) e Lorenzo Fernández (Sociedade Atlética Val Miñor), sendo o primer posto por clubes para a Agrupación Deportiva Barbanza (mulleres) e Sociedade Atlética Val Miñor (homes).

A media mañá disputábase o Cto. Galego cadete e xuvenil, sendo esta competición válida para formar parte da selección galega que participará nos vindeiros campionatos de España de campo a través a disputar na Coruña. En categoría cadete o ouro foi a parar para Uxía Pérez do Club Atletismo Tui, quen fixo unha gran demostración do bo estado de forma. Na clasificación masculina ouro para Miguel González do Franciscanos de Lugo. Na categoría xuvenil, o título de Campiona Galega foi para Carmela Cardama do Comesaña Sporting Club, que se distanciou da subcampiona galega notablemente. Na clasificación masculina medalla de ouro para José González do ADAS. Por equipos, a clasificación foi a seguinte, en mulleres, 1ª San Fernando Lucus (cadetes) e 1ª Sociedade Atlética Val Miñor (xuvéniles). Mentres que en homes, 1º Franciscanos de Lugo (cadete) e Agrupación Atlética do Sil (xuvéniles).

Por último, e para a rematar a o campionato, os mellores atletas absolutos de campo a través, daríanse cita nunha carreira moi rápida na que había que acadar a mellor puntuación para os distintos equipos. Victoria para o Comesaña Sporting Club (mulleres), equipo que logrou acadar unha fantástica puntuación moi distanciada do segundo clasificado, e no trocante a clasificación masculina o galardón foi para a Agrupación Deportiva do Sil, seguida a tan só 2 puntos da Sociedade Gimnástica de Pontevedra. A victoria individual neste campionato foi para Sandra Mosquera Losada (CSC) e Khalid Merroune (ADAS). ([Resultados](#))

22/01/2012

Excelente participación no Campionato Galego de veteranás disputado hoxe na Pobra do Caramiñal



A Pobra amaneceu no día de hoxe cun día soleado e centos de atletas veteranás cunha gran motivación para afrontar o Campionato Galego da súa categoría na modalidade de campo a través. O campionato contou cunha excelente organización que coidou en todo momento todos os detalles para o éxito da competición.



Os vencedores e Campións Galegos da tempada 2011/12 nas distintas categorías foron os seguintes: Patricia García e Rafael Fuentes (35), M^a de las Mercedes e Alejandro Gómez (40), Soledad Castro e Manuel Vigo (45), Luisa Lalín e Santiago Estevez (50), Carmen Rodríguez e Javier Toro (55), Olga Romero e Jose Luis Otero Cepeda (60), Antonio Hernandez (65), Antonio Cabana (70) e Enrique Río (75). Na clasificación por equipos (35-40) victoria para o Comesaña Sporting Club na categoría feminina e Ourense Atletismo Academia Postal na masculina. (ir a noticia ampliada) [Resultados](#)

29/01/2012

Última hora: Manuel Penas e Solange Pereira novos Campiones Galegos Absolutos



Fantástica xornada de campo a través no Circuito do Monte do Gozo. O bo tempo acompañou neste campionato galego que tiña lugar esta mañana en Santiago de Compostela. Maila baixa temperatura e a dureza do circuito os atletas galegos deleitaron ao público asistente cun excelente nivel e participación dos mellores especialistas en campo a través. O concelleiro de deportes D. Adrián Varela confirmou que as intencións do concello é apoiar a este deporte e sen dúbida algunha promover o uso deste circuito de campo a través.

A carreira absoluta masculina e feminina acapararon un gran protagonismo. No trocante á masculina, formouse un grupo de atletas que impuxeron un forte ritmo, neste selecto grupo estaba presente Pedro Nimo, Manuel Penas e Hassan Leikili, nos últimos metros foi Manuel Penas quen comezou a impor todavía mais un alto ritmo de carreira, entrando na meta en primer lugar, seguido de Pedro Nimo, quen fixo unha excelente carreira, e Hassan Leikilin outro dos grandes atletas de cross e ruta. Cabe destacar a volta á competición de Alejandro Fernández, ex atleta internacional que trala súa incorporación de novo ao atletismo acaparou un fantástico 4º posto que lle asegura a súa integración no equipo galego no vindeiro Campionato de España de Campo a Través a disputar en Gijón.

A carreira absoluta feminina tamén foi merecedora de grandes eloxios, Solange Pèreira a recente

Campiona Galega de 1500 tamén quixo amosar o seu dominio no cross, impoñéndose cunha gran seguridade e forza ante rivais moi importantes. E a verdade é que esta atleta recentemente federada por Galicia non deixa de demostrarnos o seu virtuosismo neste deporte. Solange estivo acompañada no podium por Estefanía Domínguez (2º) e Erea Rodríguez Ponte.

Na categoría junior victoria para Carlos Porto do Real Club Celta de Atletismo e Jenny Fernández da Sociedade Atlética Val Miñor, quenes amosaron un excelente nivel de forma. No trocante á categoría promesa, magnífica victoria de Sandra Mosquera que estivo escoltada no podium pola viguesa Esther Navarrete. En homes triunfo para Uxío Abuín do Club Atletismo Sar, e subcampionato para Manuel Martínez Ageitos da Sociedade Gimnástica de Pontevedra.

Por clubes o Academia Postal en homes eo Comesaña Sporting Club en mulleres foron os vencedores [Resultados](#)

25/02/2012

Campionato Galego Escolar de Campo a Través



No circuíto da Azucareira da localidade de Portas celebrouse o Campionato Galego Escolar de Campo a Traves. Neste campionato fíxose uso dos chip da FGA que os probou nesta competición para próximas probas e ofertalo para todas as competicións que os requiran. O campionato celebrouse sen incidencias sendo os vencedores individuais e equipos os seguintes:

Cadete: Tariku Novales (Noia) e Uxia Pérez (Tui)

Equipos: Franciscanos de Lugo e Atletismo Cuntis

Infantís: Nahon Alvarez (Pintor A. Fernandez) e Claudia Blanco (Elite Noia)

Equipos: Val Miñor e Franciscanos de Lugo

Alevín: Pablo de la Iglesia (Maristas Lugo) e Lucia López (Franciscanos)

Equipos: Maristas de Lugo e Comesaña Sporting Club

[Resultados](#) [FOTOS](#)

ACTUACIÓNS DAS SELECCIÓNS GALEGAS

2011/12

09/02/2012

A Secretaría Xeral para o Deporte xa ten páxina web do Campionato de España Escolar a celebrar na Coruña



A Secretaría Xeral para o Deporte ven de facer pública a web do Campionato de España Escolar de campo a través que terá lugar na Coruña os vindeiros días 10 e 11 de marzo. O Campionato será no Circuito da Torre de Hércules e contará coa participación das seleccións autonómicas cadetes e xuvenís das distintas Comunidades Autónomas.

Esta web irá incrementando en contido conforme se aproxime o día do evento. Visita a web en <http://www.crossgalicia.com/>

27/02/2012

Novo plan de viaxe das Seleccións Galegas de Campo a través e publicadas as Seleccións Galegas Escolares

Esta tarde publicouse un reaxuste do Plan de Viaxe das seleccións galegas que participarán no Campionato de España de campo a través por federacións. Asemade suplíronse algunhas baixas en algún equipo. É moi importante que tódolos atletas leven DNI e licencia federativa, roupa da selección e que se presencien na parada do autobús con a lo menos 5 minutos de antelación. (Circular Seleccións Absolutas Gijón 2012)

Por outra banda publicouse as seleccións galegas no Campionato de España de campo a través escolar (categoría cadete e xuvenil) que terá lugar na Coruña o vindeiro día 11 de marzo.

29/02/2012

Campionato de España de Campo a Través

Presentouse este mércores no Salón de Recepcións do Concello de Gijón, o XCIV Campionato de España de campo a través que se disputará o próximo domingo no Parque Fluvial de Viesques desta cidade asturiana.

A selección esta composta polos seguintes atletas:

Sénior:

Manuel Penas, Hasaam Lekili, Pedro Nimo, Alejandro Fernandez, Iván Docampo, Carlos Villamor, Juan Pena, Alvaro da Fuente, Daniel Bargiela, Solange Pereira, Erea Rodriguez, Raquel Suarez, Maria Jesus Gestido, Yolanda Gutierrez.



Promesa:

Santiago García, Abdelaziz Fahiti, Manuel Martínez, Martín Tain, Samuel Rodríguez, Francisco Iglesias, Esther Navarrete, Leticia Fernández, Silvia Veira, Iris Souto e Flavia Coniglio.

Júnior:

Sergio Piñón, David Santos, Hugo Loureiro, Sergio Rodríguez, Gonzalo Basconcelo, Dario Soto, Jenny Fernández, Camila Alonso, Victoria Rodríguez, Sandra Sobreira, Raja Rizki e Rocio Rodríguez.

Como adestradores de desprazan Alfonso Ortega, Hipolito Sousa, Carlos Landín e Santiago Saco, Todos eles acompañados por membros da FGA o vicepresidente, Eleuterio García, o secretario Xeneral Victor Arufe e a directora técnica Dolores González.

A expedición galega desprazarase en autobús o próximo sábado día 3, facendo o regreso o domingo día 4 unha vez finalizada a competición. Mais información

29/02/2012

Campionato de España de Selecciones Autonomicas de Marcha en Ruta



Todo listo en Pontevedra para a celebración da 81ª edición do Campionato de España de Marcha en Ruta. A proba, que conta co atractivo engadido de que serve para acreditar a mínima para acudir aos Xogos Olímpicos de Londres, foi presentada hoxe polo concelleiro de Deportes, Agustín Fernández, e o presidente da Federación Galega de Atletismo, Isidoro Hornillos. O campionato contará cos mellores marchadores españois, pero tamén con atletas de elite procedentes de 10 países. Moi relevantes resultan as presenzas confirmadas das seleccións nacionais de Portugal e Guatemala, pero tamén están inscritos deportistas do máximo nivel procedentes de Estados Unidos, Inglaterra, Arxentina ou Ecuador, entre outros.

A competición contará coa presenza das mellores marchadores nacionais en todas as distancias, como son os olímpicos Jesús García Bragado nos 50 Km. É esta proba competirá o galego José Fernández Nieves e Manuel Angueira que farán o seu debut na distancia. Disputarase o campionato de España veteranos sobre unha distancia de 20 Km. que contará coa presenza de Pedro Abeledo, Pere Tobaruela e Manuel Treus serán os representantes galegos. Sobre a distancia de 20 Km. a representación galega en mulleres, estarán entre as favoritas para facerse co título as galegas Lorena Luaces e Eva María Iglesias. Por equipos Galicia presentará na categoría cadete a: Daniel Chamosa, Duarte Traseiras, Jorge Prieto, Cristian Dumbradas, Carmen Fuentes, Carmen Escariz, María Abeledo, Elena Fraguas e Celia Somoza. Para a categoría Júnior-Xuvenil os integrantes da nosa selección son: Francisco Durán, Armando

Pereira, Fabio Pereira, Angel Mendiña, Pablo Maciñeiras, Rocio Carbia, Miriam Costas, Mar Chillón, Maria Naveiras e Marisol Díz. Galicia tratará de repetir o éxito alcanzado o pasado ano en Benicasim onde se proclamou campión en cadete mulleres e bronce en homes. Sendo prata na categoría xuvenil-júnior homes.
Atletas inscritos - Circular FGA Circuito

04/03/2012

Fantastico: Galicia acada tres dos catro Títulos de Seleccions e catro medallas individuais no Campionato de España re Marcha



Ultima Hora: En Pontevedra disputouse este domingo o Campionato de España de marcha en ruta, onde os marchadores tiveron unha magnífica actuación. A Selección galega conseguiu os oros en xuvenil-júnior feminino e en cadetes en ambos os dous sexos e bronce xuvenil-júnior en masculino.

A nivel individual Lorena Luaces entrou en cuarta posición, logrando mínima olímpica, (nova mellor marca galega 1.31.50), segunda posición e prata para os cadetes Daniel Chamosa e Carmen Escariz del Cuntis e bronces para Mar Chillón do Vila de Cangas en xuvenil, que lle dá opción de ser convocada para ó mundial e Rocio Carbia na xuvenil.

categoría xuvenil.

Dende a FGA queremos expresar a nosa felicitación a todos os integrantes da Selección pola súa extraordinaria actuación.

06/03/2012 . Fantastico: Galicia acada tres dos catro Títulos de Seleccions e catro medallas individuais no Campionato de España de Marcha

A cidade de Pontevedra acolleu na mañá do domingo catro de marzo o Campionato de España de Marcha en ruta e o Campionato de España de Federacións Autonómicas júniors e cadete. Nun circuíto de dous quilómetros con saída e meta na Avenida de Bos Aires os atletas das diferentes categorías enfrontáronse a un percorrido que transcorría á beira do Río Lerez pasando pola emblemática Ponte dos Tirantes. Eran numerosos os titulares que destacaban que a selección olímpica para Londres 2012 empezaba a gañarse en Pontevedra e proba diso é a excepcional calidade dos atletas reunidos dende as 9.00 da mañá nas proximidades do Centro de Tecnificación Deportiva.

Ademais da disputa dos títulos de Campións de España, enfrontáronse numerosos atletas portugueses co mesmo obxectivo, lograr o seu título Nacional. Pola súa banda as diferentes seleccións autonómicas das categorías xuvenil/júnior e cadete chegaron a Pontevedra cos seus mellores marchadores para pelexar polo título.

A proba raíña en categoría masculina, os 50 km marcha, empezou ás 9.00 da mañá cunha lixeira chuvia e coa ausencia de Mikel Odriozola que se proclamaba o ano pasado en Benicassim Campeón de España. Dende o inicio o madrileño Jesús Angel García Bragado demostrou que aos seus 42 anos e con cinco participacions en Xogos Olímpicos viña disposto a lograr o título e o billete para Londres. Fórmase un grupo inicial no que ademais do mencionado Bragado, ían os guatemaltecos Erick Barrondo, Eduardo Paa e Jaime Quiyuch, os portugueses Joao Vieira, Sergio Vieira e Antonio Pereira, Juan Manuel Molina, Miguel Angel Prieto e o irlandés Jeffrey Cassin. No quilómetro 5 vanse descolgando atletas deste grupo cabeceiro entre eles o veterano Miguel Angel Prieto, noutra época fichado no Real Club Deportivo da

Coruña.

Ao paso polo quilómetro 10 o primeiro grupo estaba formado por Bragado e os tres atletas de Guatemala, por detrás dous españois Juanma Molina e Benxamín Sánchez acompañados de dous dos atletas portugueses Antonio Pereira e un Joao Pereira nun excelente estado de forma. Por detrás homes importantes como o mencionado Miguel Angel Prieto, Francisco Arcilla ou Luis Corchete. A falta de 15 voltas para o final da proba, dáse un dos tiróns importantes nesta, as consecuencias deste serían que Erick Barrondo e Jaime Quiyuch logran uns metros de distancia sobre Bragado co que enlaza Joao Vieira, o seu compatriota Antonio Pereira e o terceiro dos atletas de Guatemala Eduardo Paau.

Cando se aproximaban ás dúas horas de carreira, Bragado e Joao Vieira soben o ritmo coa intención de recortar distancia aos dous primeiros. Non obstante na cabeza da proba tamén se producirían cambios, sendo o atleta Erick Barrondo o que comezaría unha pelexa en solitario co obxectivo de lograr a mínima olímpica. A falta de 7 quilómetros para rematar a proba os primeiros postos eran: Erick Barrondo, Joao Vieira, Bragado, Jaime Quiyuch, Benxamín Sánchez, Luis Corchete, Molina e Prieto. O resultado final da proba supoñería a vitoria, do ganador o ano pasado nos 20 quilómetros marcha dos Xogos Panamericanos Erick Barrondo que lograba o seu obxectivo con 3.44.59, seguido de Joao Vieira que lograba o título portugués e bater o record do seu país con 3.45.17 impondo un ritmo impresionante nos últimos quilómetros e en terceiro lugar Jesús Angel García Bragado que non lograba a mínima pero se alzase cun novo Título de Campión de España cunha marca de 3.51.29. No podio español acompañarían en segundo lugar Benjamín Sánchez e Luis Manuel Corchete.

Nos 20 km categorías sénior e promesas feminina Beatriz Pascual vencedora o ano pasado cun rexistro de 1.30.46 situábase na liña de saída xunto o resto de favoritas, entre elas María Vasco e María Jose Poves, coa ausencia destacada de Julia Tacks.

Entre as galegas nomes importantes como Lorena Luaces e Eva María Iglesias. No momento de darse a saída, ás 11.15, o lixeiro vento parecía calmado e a temperatura era boa para o desenvolvemento da proba. Ao igual que sucedeu na carreira masculina dous atletas de Guatemala, Mirna Ortiz e Jamy Amarilis decidiron tomar unha lixeira vantaxe sobre o resto de participantes, por detrás xunto a Poves e Vasco aguanta o ritmo a atleta do Ourense Academia Postal Lorena Luaces. Non obstante non tardaron, María José Poves e María Vasco en darlles o relevo na cabeza da proba e marchar as dúas en solitario.

No quilómetro seis o dúo de cabeza é seguido a certa distancia da atleta Mirna Ortiz e por detrás as españolas Beatriz Pascual e Lorena Luaces.

Na proba promesa tres atletas destacáronse das demais, María Larios, Sandra Yerga e Sara Alonso nos primeiros quilómetros. A primeira en descolgarse deste trío sería a atleta do Ria Ferrol Sandra Yerga, que vai cedendo metros á medida que a atleta do Covas de Nerja Sara Alonso vai subindo o ritmo.

Na proba sénior continúan dous atletas, María Vasco e María José Poves a un ritmo que garante unha excepcional marca en liña de meta. Sería a falta de dous quilómetros cando a atleta María José Poves dá o cambio definitivo para descolgar a medallista olímpica en Sydney 2000, a catalá María Vasco. O rexistro de ambas as dúas sensacional, 1.28.15 para a primeira e 1.28.54 para a segunda, a terceiro atleta en cruzar a meta sería Beatriz Pascual con 1.30.29. A atleta galega Lorena Luaces fixo uns dous últimos quilómetros sensacionais logrando superar a atleta de Guatemala, Mirna Ortiz e deixando un novo record galego con 1.31.50 así como alcanzando a mínima olímpica.

Por detrás dela outras dúas atletas de Guatemala e a continuación entrarían Raquel González e Eva Iglesias, esta cun rexistro 1.39.32. Na proba promesa primeiro posto para Sara Alonso seguida da atleta do

A.D Maratón María Larios e terceira Sandra Yerga.

Nos 20 quilómetros das categorías promesa e veteranos homes houbo dous atletas destacados, por un lado o atleta Luis Alberto Amezcua do equipo Xuventude Guadix que practicamente fixo toda a carreira en solitario seguido a uns metros nos primeiros quilómetros do atleta veterano Juan Antonio Porras que realizou unha moi boa carreira. Luis Alberto Amezcua no seu debut na distancia lograría o título e unha marca de 1.26. En segundo lugar entraría Mario Sillero. Nos 10 quilómetros xuvenil e júnior homes destacada actuación da selección galega integrada por Francisco Durán, Armando e Fabio Pereira, Angel Menduiña e Pablo Maciñeiras. Estes atletas lograron a medalla de bronce nunha proba comandada dende os primeiros quilómetros polos atletas extremeños Alvaro Martin e Ivan Pajuelo. Por detrás un grupo de catro atletas entre os que se encontraba o galego Francisco Durán xunto con Armando Pereira e Fabio Pereira. Os dous primeiros postos serían para os atletas de Extremadura seguidos de Marc Tur, cuarto o andaluz Juan Antonio Raia, quinto David Reyes que o ano pasado fora subcampión de España e sexto Francisco Durán.

Ás doce do mediodía daríase a saída á proba xuvenil/júnior e veteranas feminina sobre unha distancia de 10 quilómetros. A selección galega logrou a medalla de ouro nunha excepcional actuación dos seus atletas en especial Mar Chichon que foi bronce na categoría xuvenil. O igual que rocío Carbia na categoría juniros, O resto de integrantes da selección, Miriam Costas, María Navieras e Marisol Diz. A vencedora da proba foi a murciana Amanda Cano. En categoría de veteranas a vencedora foi a atleta do Tenerife- Caixa Canarias Teresa Linares. As últimas probas en desenvolverse foron os 5 quilómetros en categoría cadete feminina e masculina. Os nosos atletas galegos impuxéronse en ambas dúas categorías logrando Daniel Chamosa e Carmen Escariz a medalla de prata. Na proba masculina houbo un claro vencedor, Manuel Bermudez cuxo ritmo nos primeiros quilómetros só foi seguido por Daniel Chamosa, por detrás deles un grupo de atletas galegos e andaluces formado por cinco atletas. A falta de 2 quilómetros o primeiro e segundo posto estaban decididos mentres que Juan Francisco Martin e Enrique Santisteban pelexaban polo terceiro posto que finalmente lograría o primeiro. O galego Jorge Prieto entraría en quinta posición.

Na proba feminina puidemos ver como dous atletas pelexaron pola vitoria ata o último metro resultando vencedora Alexia Hartmann por diante da galega, que levou o peso da carreira, Carmen Escariz. No primeiro quilómetro fórmase un grupo de catro atletas seguidas pola atleta galega Maria Abeledo que lograría finalmente alcanzar a cuarta posición. O resto de integrantes da selección eran Carmen Fuentes, Elena Fraguas e Celia Somoza.



Sensacional xornada de marcha a celebrada en Pontevedra, atletas de diferentes nacionalidades buscando o billete olímpico para os Xogos de Londres e quedou reflectido neste Campionato que a marcha galega ten un presente excepcional na figura de atletas como Lorena Luaces ou Eva Iglesias e un futuro prometedor coas diferentes seleccións situándose entre as mellores de España. A cidade de Pontevedra acolleu na mañá do domingo catro de marzo o Campionato de España de Marcha en ruta e o Campionato de España de Federacions Autonómicas juniros e cadete. Nun circuíto de dous quilómetros con saída e meta na Avenida de Bos Aires os atletas das diferentes categorías enfrontáronse a un percorrido que transcorría á beira do Rio Lerez pasando pola emblemática Ponte dos Tirantes.

Eran numerosos os titulares que destacaban que a selección olímpica para Londres 2012 empezaba a gañarse en Pontevedra e proba diso é a excepcional calidade dos atletas reunidos dende as 9.00 da mañá nas proximidades do Centro de Tecnificación Deportiva. Ademais da disputa dos títulos de Campións de España, enfrontáronse numerosos atletas portugueses co mesmo obxectivo, lograr o seu título Nacional. Pola súa banda as diferentes seleccións autonómicas

das categorías xuvenil/júnior e cadete chegaron a Pontevedra cos seus mellores marchadores para pelexar polo título. [FOTOS](#)

05/03/2012

O Secretario Xeral para o Deporte recibirá este mércores as seleccións galegas de marcha polo gran éxito acadado o pasado domingo



O Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, D. José Ramón Leta Lasa recibirá este mércores día 7 ás 16:30 horas no Salón de Actos da Secretaría Xeral para o Deporte en Santiago de Compostela aos integrantes das seleccións galegas de marcha cadete e xuvenil que obtiveron un resultado histórico no medalleiro nacional por comunidades.



04/03/2012

Impresionante actuación de Pedro Nimo no Nacional de Campo a Través! Maila as baixas de última hora a selección galega non defraudou



En Gijón disputouse esta mañá o Campionato de España de campo a través. Maila que o día amaneceu con nubes e sol, pouco durou esta boa climatoloxía e en cuestión de trinta minutos levantouse un forte vento e comezou a chover de forma continuada. Os atletas veteranos procedentes de numerosos clubs galegos que participaron no nacional foron os maiores beneficiarios do bo tempo e dun excelente circuito de campo a través. Estes atletas acadaron numerosas medallas. Pouco a pouco o campo verde íase transformando en barro, ata chegar as carreiras de promesas e seniors, momento no cal a choiva empeorou todo o circuito e podíase de falar de campo a través en maiúsculas.

Erea Rodríguez non puido participar na categoría senior feminina ao atoparse cun forte estado febril.

Solange Pereira sería a primeira galega en atravesar a liña de meta e outorgar así a Galicia 12 puntos correspondentes ao seu excelente posto acadado na carreira senior feminina, seguida de Yolanda Gutierrez (39), María Jesús Gestido (50) e un excelente papel de Raquel Pedrosa que cerraba o equipo galego no 53º lugar. Finalmente Galicia quedaría en 11ª posición por comunidades. Na carreira senior masculina, brillante actuación dos galegos, especialmente Pedro Nimo, gran protagonista deste campionato. O compostelano correu en todo momento cun excelente nivel técnico e motivación, este

dous ingredientes foron suficientes para que rematase na 6ª praza, a tan só un segundo do 5º clasificado Ricardo Serrano e a 4 segundos do 4º clasificado Abdeladi El Mouaziz.. Tamén bo papel de Hassan Leikili, que maila que a choiva non foi do seu gusto, asumiu a gran responsabilidade de representar a Galicia e rematou a proba nun excelente posto (27), o equipo galego estivo tamén representado por Alejandro Fernández (41º), que trala súa volta á competición amosou que sigue sendo un excelente atleta de fondo, Carlos Villamor (63), Juan Pena (71), Daniel Bargiela (86) e Alvaro de la Fuente (87), finalmente Galicia sería 6ª con 294 puntos. Como nota negativa desta carreira foi a retirada de Lolo Penas, que tras uns días nun estado non favorable para o rendemento deportivo, quisó aínda así, estar ca selección e intentar facelo o mellor posible, por iso dende a FGA agradecemos esta esforzo e dende aquí desexamos a pronta recuperación deste importante atleta galego.

Nas carreiras promesas, masculina e feminina, salientar a actuación de Esther Navarrete, décima clasificada e primeira atleta galega da selección e Samuel Rodríguez, clasificado no posto 50º sendo o primer atleta galego desta selección masculina. Este posto e o do resto dos integrantes do equipo promesa masculino desprazaron a Galicia a un discreto 13º posto. Sen embargo o equipo feminino acaprou o 6ª lugar, grazas á contribución do resto das integrantes da selección.

No trocante as carreiras juniors, Galicia rematou en 8º posición en categoría feminino, cunha fantástica actuación da atleta do Val Miñor, Jenny Fernández, e en masculino salientar a actuación do internacional Gonzalo Basconcelo, que finalizou a carreira en 12º posición, excelente posto para este xoven atleta, sendo Galicia 9ª por comunidades.

En xeral, disfrutouse dun bo ambiente deportivo e dunha importante disciplina e normas de convivencias entre os atletas galegos seleccionados, que amosaron en todo momento un comportamento deportivo e extradeportivo digno de admirar.

Os veteranos galegos acadan 7 medallas en Asturias

Dada a proximidade do evento ca nosa comunidade, foron moitos os atletas veteranos galegos que se animaron a participar no Campionato de España de veteranos de campo a través, disputándose estas probas antes do horario das carreiras junior, promesa e seniors. En total os nosos experimentados atletas acadaron un botín de 7 medallas. Esther Pedrosa impúxose con autoridade na categoría W-50 acadando o ouro, Fernando Porto e Xosé Luis Otero Cepeda, serían tamén gañadores das súas respectivas categorías, M-55 e M-60, as pratas foron parar nas mans de Antonio Cabana (M-70) e Manuel Rosales (M-75) e María C. Novo obtivo a medalla de bronce na categoría W-55, este mesmo metal foi acadado por Francisca Romasanta en W-60. En total, 3 ouros, 2 pratas e 2 bronces para os galegos. Noraboa para estes campións!

09/03/2012

Campionato de España de campo a través en idade escolar e universitaria na Coruña

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, resaltou que a celebración do Campionato de España de campo a través en idade escolar e universitaria na cidade da Coruña constitúe “unha das principais actividades” no calendario deportivo galego deste ano, así como unha “recompensa” ao programa da Xunta de Galicia de deporte en idade escolar.

012 Campeonato de España de CAMPO A TRAVÉS en Edad Escolar y Universitario A Coruña, 10-11 de Marzo

Durante a presentación do Campionato de España de campo a través en idade escolar e universitaria, que terá lugar entre os días 10 e 11 de marzo na cidade herculina, Lete Lasa remarcou que a modalidade protagonista desta cita, o campo a través, “é tamén a modalidade estrela do noso programa de deporte en idade escolar”, o programa Xogade, que, cunha participación global e aínda non cerrada de 45.000 escolares, acada nesta modalidade os 16.000 nenos e nenas participantes.

O escenario das probas será a ampla zona de terra e herba que rodea a Torre de Hércules. Os deportistas e técnicos contarán, ademais, coas instalacións colindantes da Cidade Deportiva A Torre, onde se situarán as zoas de quencemento, os vestiarios e a sala de acreditacións. As seleccións participantes achegaranse á Coruña o sábado, 10 de marzo, para as acreditacións e o recoñecemento do circuíto e ao longo da mañá do domingo, día 11, disputaranse as catro carreiras correspondentes ao Campionato de España escolar, xunto coas dúas carreiras do Campionato de España universitario. [Mais información](#)

Cross Popular menores A Torre

Ademais, a Secretaría Xeral Para o Deporte, coa colaboración do Concello da Coruña, a Deputación Provincial e a Federación Galega de Atletismo, organiza unha Carreira Popular Escolar para categorías inferiores (benxamín, alevín e infantil) como acto de promoción deste deporte. Esta carreira terá lugar nas proximidades do circuíto este sábado, ás 16,30 horas [Resultados](#)

11/03/2012 . Galicia campiona de España de Campo a Través por autonomías, cadete masculina! Carmela Cardama bronce en categoría xuvenil feminina! e Solange Pereira Campiona de España Universitaria

O circuíto de La Torre de Hércules acolleu unha vez máis un Campionato de España de Campo a Través, nin o vento que soprou ao longo da xornada nin a dureza do circuíto con continuos desniveis nos impediron gozar dun Campionato de gran nivel, con actuacións destacadas dalgúns dos membros da expedición galega. O circuíto que no ano 2010 proclamou a Rosa Morató e Alemayehu Bezabeh campións de España, albergaba nesta ocasión o Campionato de España de Campo a Través en idade escolar e universitario. A Coruña tomaba así o relevo como sede da organización deste Campionato, con carreiras para as categorías cadete, xuvenil, universitarios e deportistas con discapacidade intelectual, ao celebrado o ano pasado no Centro de Deportes La Morgal en Llanera (Asturias).

A primeira proba en celebrarse foi a carreira cadete feminina na que as atletas terían que percorrer unha distancia de 4 km. Dende os primeiros metros dúas participantes tomaron distancia co grupo perseguidor, a catalá Najwa Chouati e a súa compañeira de selección Judit Pérez, por detrás un conxunto de atletas entre as que se encontraba a galega Uxia Pérez acompañada de atletas destacadas como Celia Antón ,vencedora o ano pasado, a andaluza María del Mar Casillas ou Alexia Hartman marchadora ibicenca que se proclamou en Pontevedra Campiona de España Cadete en 5 km marcha. No terceiro km era Celia Antón quen marcaba o ritmo seguido exclusivamente por Najwa Chouati, por detrás en solitario Maria del Mar Casillas reservaba forzas para poder pelexar por subir ao podio xa que por detrás se lle aproximaban varias atletas entre elas Uxia que continuaba realizando unha excepcional carreira. Finalmente Celia Antón revalidaría o seu título sendo Uxia cuarta a tan só 5 segundos do bronce, a seguinte atleta galega en cruzar a meta sería Carmen Martínez no posto décimocuarto. O título por equipos sería para a

selección de Castela León logrando as galegas a sexta posición. A deportista galega Sonia García competiu na proba de Discapacitados Intelectuais.

Expectación na proba cadete masculina xa que Galicia presentaba un equipo de calidade entre eles tres atletas que en Mariña d'Or lograron este ano o bronce no Campionato de España de Clubs, co Colexio Franciscanos de Lugo, Miguel González ouro nesa proba, Ivo Maseda e Ivan Manso. No primeiro km os atletas galegos comandaban ésta ocupando os tres primeiros postos Tariku Novales, Adrian Ben e Miguel González, as seleccións de Andalucía e de Asturias tamén colocaban varios dos seus atletas no grupo de cabeza. No ecuador da proba os asturianos Gerardo Casas e Youssef Benkert tiraban do grupo xunto con Tariku Novales, non obstante continuaban sendo un grupo de aproximadamente 15 atletas. Na última volta tras xirar nos Menhires o grupo ía perdendo membros mentres os galegos continuaban pelexando por mellorar os seus postos. Finalmente o vencedor da carreira foi Benamar Djellal sendo o primeiro galego Miguel González que entraría sexto. O esforzo de todos os integrantes da selección galega obtivo o seu premio quedando Campións de España da categoría Cadete con actuacións destacadas ademais do xa citado Miguel González, de Adrian Ben, Tariku Novales ou Brais Gomez que entraron entre os 20 primeiros clasificados. Nesta mesma proba participaron na categoría de Discapacitados Alvaro Otero, Francisco Perez e Hugo Rodríguez. Ás 12.10 estaba programada a saída para a proba xuvenil feminina que terían que percorrer 4500 metros. Sen dúbida ningunha foi nesta proba onde Galicia tivo un papel destacado na figura da atleta Carmela Cardama medallista en Valencia no Campionato de España Xuvenil na proba de 3000 m.l. Nunha proba na que houbo unha gran participación de atletas foi o número 76, Diana Do Ser, que formaba parte da selección de Castela e León quen no km dous se distanciaria das suas rivais para xa non abandonar esa primeira posición en toda a proba. Decidido xa ese primeiro posto a emoción estaba no seguinte grupo formado por sete atletas entre elas Carmela Cardama acompañada de Dunia Mahassin, bronce o ano pasado, e dúas atletas madrileñas, Yael Martinez e Paula Gil. A atleta galega soubo dosificar en todo momento e foi recortando metros ás atletas que ían por diante, finalmente Carmela lograría un importante terceiro posto pelexando ata o último metro, que lle abre as portas do Mundial. Por detrás a seguinte galega sería Sandra Rodríguez e a nosa marchadora, medallista nacional Mar Chillón.

Os homes da proba xuvenil masculina enfrontábanse a unha distancia de 6000 metros nun circuíto esixente, un grupo compacto de aproximadamente 40 atletas percorren xuntos os dous primeiros quilómetros. Un ambicioso Miguel Otero marca o ritmo en momentos da proba, ao seu lado atento aos cambios de ritmo un dos favoritos Raul Celada e o seu compañeiro de selección Daniel Martínez. No grupo de cabeza tamén se encontra o galego Tomás Ocaña. Non obstante o ritmo ía en ascenso e os nosos atletas foron cedendo. Finalmente o vencedor da proba sería Hamid Ben. Por seleccións gañaría Castela e León sendo os galegos novenos co posto 32 de Miguel Otero como o mellor en liña de meta.

Nas dúas probas do Campionato de España Universitario houbo unha boa participación con atletas importantes do fondo nacional. En categoría feminina houbo unha clara protagonista, Solange Pereira que tras lograr este inverno dúas medallas en Campionatos de España de pista cuberta, o título de Campiona Galega de Cross no Circuíto do Monte do Gozo en Santiago engadiu un novo título á súa incontestable tempada. O ano pasado Solange neste mesmo campionato só veríase sorprendida por Irene Alfonso, non obstante nesta ocasión xa no segundo quilómetro distanciábase xunto con Estefanía Tobal do resto das participantes. A compañía da atleta da Universidade de Salamanca era perigosa xa que Estefanía neste mesmo circuíto se proclamara Campiona de España Júnior no ano 2010. Aproximadamente no km 3 Solange decide cambiar de ritmo descolgando a sua rival, por detrás a atleta galega Esther Navarrete ía remontando posicións. En liña de meta a vencedora final sería Solange cun tempo de 20.58, seguida de Estefanía Tobal e Nuria Lugueros. A Universidade de Salamanca proclamaríase Campiona de España. Entre as galegas destacamos tamén a participación ademais de Esther Navarrete, que entrou no posto décimo sétimo, a de Iria Castro. Na proba masculina de novo un galego pelexando entre os primeiros postos no Circuíto de La Torre de



Hércules, Manuel Hurtado, atleta con resultados importantes en pruebas



de asfalto. No transcurso dos 12 quilómetros houbo un atleta destacado, o leonés Roberto Alaiz, bronce no Campionato de España de Campo a Través por clubs. Non obstante durante os primeiros dous km era un grupo de 20 atletas os que se distanciaban dos demais, transcorren os minutos e van perdendo unidades, as diferenzas entre uns e outros empezan a ser importantes. Roberto Alaiz sobe o ritmo para levarse consigo soamente a Daniel Pérez da Universidade de Málaga, segundo o ano pasado. Por detrás deles Manuel Hurtado e un dos irmáns Lozano, Alberto, manteñen unha dura pugna por non ceder metros. A falta de 500, cando enfilan a costa abaixo cara á meta Roberto Alaiz xa conseguiu descolgar a Daniel Pérez que sería segundo e terceiro remontando, sería Guillermo Durán. Excelente carreira de Manuel Hurtado quinto nesta proba de campo a través, e tamén boa actuación dos atletas galegos da categoría promesa Fran Díaz e Santiago García. O Circuito de La Torre de Hércules de novo volveu estar á altura dun acontecemento deportivo importante no calendario atlético nacional e Galicia demostra con resultados destacados como o bronce de Carmela Cardama e o ouro da Selección Galega cadete masculina que seguimos sendo unha Comunidade importante a nivel nacional en Campo a Través.

O circuito de La Torre de Hércules acolleu unha vez máis un Campionato de España de Campo a Través, nin o vento que soprou ao longo da xornada nin a dureza do circuito con continuos desniveis nos impediron gozar dun Campionato de gran nivel, con actuacións destacadas dalgúns dos membros da expedición galega. O circuito que no ano 2010 proclamou a Rosa Morató e Alemayehu Bezabeh campións de España, albergaba nesta ocasión o Campionato de España de Campo a Través en idade escolar e universitario. A Coruña tomaba así o relevo como sede da organización deste Campionato, con carreiras para as categorías cadete, xuvenil, universitarios e deportistas con discapacidade intelectual, ao celebrado o ano pasado no Centro de Deportes La Morgal en Llanera (Asturias). [Resultados](#) [FOTOS](#)

30/04/2012

Publicada a Selección Galega que participará nos Xogos do Cantábrico 2012



A FGA publicou no día de hoxe o listado de atletas seleccionados para participar nos Xogos do Cantábrico representando á Comunidade Autónoma de Galicia. Neste ano convocouse soamente a atletas das categorías junior e promesa, co fin de estimular a súa participación en campionatos de rango superior ao autonómico. Tódolos atletas deben confirmar a súa participación antes do xoves día 3. Neste encontro participarán as seleccións de Galicia, País Vasco, Asturias e Cantabria. ([Máis información](#))

14/05/2012

Galicia acada un meritorio 3º posto nos Xogos do Cantábrico

A selección galega desprazouse o venres 11 de maio a Getxo (Bizcaia) a participar nos IV Xogos do Cantábrico cunha selección integrada na súa maioría por atletas juniors e promesas, en moitos casos debutantes. Galicia se enfrentaría a seleccións fortes como son as seleccións do País Vasco, Asturias e Cantabria. Unha boa oportunidade para os atletas máis novos para competir en probas de nivel. A xornada comezou da mellor forma posible coa victoria de Pablo Denis en martelo con 61.31. Na mesma proba Carlos Revuelta foi cuarto con 51.94. As seguintes probas en disputarse foron a pértiga feminina, a lonxitude masculina e os 400m.v. Paula Martin e Inés Martínez foron 3ª e 4ª con 2,80 e 2.70, respectivamente. Xa na lonxitude, Iván Rodríguez con un mellor salto de 6.70 e David Ferrer acadaron a 6ª e 8ª posición. A segunda victoria da expedición chegaría de mans de Carlos Moro nos 400 valados con un tempo de 54.1. que se aproxima a marca acadada o ano pasado en Xativa, Pablo Lourido foi 7º con 57.2 que supón mellor marca da tempada. Na mesma proba Alba Fernández foi 2ª con un bon rexistro de 1.03.6 que é a su mellor marca e Olalla Cortizas 7ª con 1.06.5 que tamen supón mellor marca para ela.

No martelo feminino, boa actuación de Noelia Ferradanes acadando a terceira posición con un mellor lanzamento de 45.90. Laura Graña con 40.69 foi 7ª. En dúas carreiras tácticas, Leticia Fernández foi 2ª melloraron a súa marca personal deixandoa en 2.10.9. e a piques de lograr a victoria, con esta marca Leticia situase nos primeiros postos do ranking nacional promesa, Fran Diaz con 1.54.4, Carlos Porto con 1.55.8 e Yuliana Velasquez con 2.19.1 completaron unha boa actuación, sendo Fran Díaz 5º e Carlos e Yuliana 7º. No peso Aaron Soto e Santi Ferrer maila ser 7º e 8º melloraron as súas marcas de tempada (12.34 e 11.57)

Carlos Moro completou unha moi boa actuación coa selección sendo terceiro nos 200 m.l con 22.4 o igual que Paula Ferreirós que fixo 25.8, nesta mesma distancia, Olalla Cortizas e Iván Rodríguez, os dous dobrando probas acadaron a 8ª posición. Na lonxitude feminina, as nosas representantes foron 4ª

e 7ª, con un mellor salto de 5.24 para Alicia Merino e de 5.07 de Paula Martin. Tamén en dúas probas tácticas, as probas de 5000 metros permitiron ver a calidade de Solange Pereira, sendo 2ª con 16.46.1 e a unha competitiva Esther Navarrete entrar na 4ª posición con 17.26.4. Nos homes Santiago Garcia foi 6º con 15.19.0 e Manu Martínez 8º con 16.02.0. Completaron a actuación galega, Sara Arosa e Laura Graña, 6ª e 8ª, en disco con un mellor lanzamento de 29.38 e 25.89 respectivamente. Uns relevos moi disputados confirmaron a boa actuación da xoven selección que maila ocupar a 4ª posición nos relevos 4x400 loitaron até o último metro.

Galicia lograba o terceiro posto na clasificación conxunta cunha selección nova que logrou marcas importantes de cara aos Campionatos Galegos e de España que se celebrarán no mes de xuño e xullo. ([Resultados](#))

16/05/2012

Publicada a Selección Galega Xuvenil para o Cto. de España do CSD

No día de hoxe publicouse na Circular 33-2012 a Selección Galega categoría xuvenil que representará a Galicia no vindeiro Campionato de España Escolar CSD. Pregamos que todos os atletas confirmen a súa disposición á maior brevidade, e de ser posible antes deste venres. ([Circular 33-2012](#))

Selección Galega de Probas Combinadas

Tamén publicouse no día de hoxe a Selección Galega que participará no Campionato de España de Probas Combinadas, ca novidade de este dos cambios producidos na normativa do campionato, acudindo así dous equipos da selección galega, unha selección masculina e outra feminina. Salientar a presenza de David Gómez que intentará acadar a mínima para os Xogos Olímpicos. ([Circular 34-2012](#))

27/05/2012

Campionato de España CSD Xuvenil por Autonomías. Galicia 8ª en chicas e 6ª en chicos

A falta da publicación definitiva dos resultados deste campionato, ata o momento Galicia sumou as seguintes medallas: Ana Peleteiro 1ª no triple, Pablo Castro bronce no lanzamento de peso, Carmela Cardama 3º nos 3000 m.l., Nera Ruanova 3ª en 5000 m.l., Mar Chillón 2º na proba de marcha, Mauro Triana 2º en 200 m.l., Miguel Perez 3º en 110 metros valadose Sergio Paredes 3º en lanzamento martillo. Noraboa para todos eles!

Por comunidades, a falta dos resultados provisionais, Galicia rematou 8ª na clasificación feminina e 6ª na clasificación masculina.

27/05/2012

CAMPIONATO DE ESPAÑA POR SELECCIONES AUTONÓMICAS



Ana Peleteiro unha vez máis era a atleta máis destacada na selección galega xuvenil que disputou o Campionato de España en Zaragoza os días 26 e 27 de maio. A triplista do Club Atletismo Barbanza, lograba a única vitoria da representación galega cun salto de 13.51, que sería novo record de España pero que o vento favorable de +2.5 invalidou. Non obstante contundente vitoria de Ana Peleteiro nunha marca similar á lograda en Cangas no transcurso do Campionato Galego xuvenil o 13 de maio. Nos 200 m.l carreira a carreira o atleta Mauro Triana aproxímase ao record galego da categoría, nesta ocasión logrou a medalla de prata cunha marca de 22.20

Outro dos atletas destacados en Zaragoza foi o lucense Miguel Otero que corria as semifinais dos 110 metros valos en 14.13 entrando segundo na súa serie, posteriormente na final sería terceiro con marca persoal 14.11. Nas probas de lanzamentos bos resultados para os atletas galegos, Sergio Paredes foi terceiro no martelo logrando no último lanzamento unha marca de 58.92, mellor marca persoal para Pablo Castro que realizou un concurso excelente lanzando en tres dos seus lanzamentos 15.80-15.83 e 15.90. No lanzamento de disco Martin Liste e Ana Izquierdo foron cuartos con 45.35 e 34.73 respectivamente. Marta Lolo na proba de salto de lonxitude logrou con 5.25 o cuarto posto

Na proba dos cinco quilómetros marcha de novo Mar Chillón logrou un resultado importante sendo segunda moi preto da súa mellor marca, entrou en meta cun tempo de 25.00.13. Nas dúas probas de fondo, os 3000 m.l e os 5000 m.l medallas de bronce para Carmela Cardama con 10.27.47 e Nerea Ruanova con 19.25.99 A atleta Patricia Carballo por problemas físicos, finalmente non puido competir na proba de 200 m.l a pesar do excepcional estado de forma que habia demostrado ata o momento, no seu lugar competiu Eugenia Gil que realizaría marca persoal con 26.88 na súa final. Outros atletas que renderon a un bo nivel logrando as súas mellores marcas da tempada foron Anxo Blanco en triplo salto con 13.74, Adolfo Sainz en altura con 1.83, Pedro Arias en 100 m.l con 11.48, Raquel Villa en peso con 12.65 e José González en 800 m.l con 1.58.72 No computo final as dúas seleccións galegas serían, a masculina sexta e a selección feminina oitava. O próximo fin de semana serán os atletas da categoría cadete os que neste mesmo escenario disputarán o Campionato de España por Seleccións Autónomas. [Resultados](#)

28/05/2012

GALICIA 4ª NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE COMBINADAS

O Estadio Antonio Domínguez de Arona (Tenerife) foi o escenario elixido pola RFEA para celebrar o Campionato de España de combinadas, de forma conxunta coa 2ª Reunión Internacional de probas combinadas. Galicia baixo a batuta de Julio Ventín, presentaba unha selección formada por David Gómez, Santiago Ferrer, Pablo Fernández, Sandra Carballo, Alicia Merino e Sonia Becerro. Unha

selección nova e un David Gómez perseguindo a mínima para o Europeo de Helsinki de finais de xuño que lle permita acceder aos que serían os seus terceiros Xogos Olímpicos. A competición desenvolveuse en dúas xornadas vespertinas que se iniciaban ás 15.00 da tarde.

Tras o desenvolvemento das cinco primeiras probas no decathlon absoluto David Gomez ía en segundo lugar superado exclusivamente polo atleta canario Jonay Jordan. O sábado vimos probas interesantes en especial a lonxitude na que David logrou a súa mellor marca da tempada 7.10, Santiago Ferrer 6.39 e na proba junior Pablo Fernández 6.16. No salto de altura David logrou saltar 1.88 e Santiago 1.79 non obstante Pablo non realizaba un bo concurso quedándose en 1.55 cando traía unha marca acreditada de 1.67. Outra das probas destacadas foron os 400 m.l nos que David Gómez sempre conseguiu resultados importantes, nesta ocasión logrou a vitoria con 50.48, Santiago Ferrer fixo a súa mellor marca da tempada 52.76 ao igual que Pablo Fernández 53.22. En canto o heptatlón mellor marca persoal de Sandra Carballo nos 100 valos con 15.66, na altura esta atleta e a júnior Alicia Merino lograron franquear o listo en 1.47 mentres Sonia Beceiro o facía en 1.41. Na lonxitude Alicia Merino quedou lonxe da súa marca persoal que é 5.24, logrando un mellor salto de 4.75. Nos 200 m.l o mellor rexistro das nosas atletas foi para Sandra Carballo con 27.06 mentres que no peso foi Sonia Becerro quen logrou o mellor lanzamento con 9.84

Ao comezo da xornada do domingo chegou a noticia preocupante para a expedición galega coa retirada de David Gómez, por diversas molestias optou por renunciar a seguir na competición e ser prudente de cara ás competicións que terá que afrontar en breve.

O resto de integrantes da selección continuaron intentando mellorar as súas marcas persoais nas probas que faltaban por disputarse. Valente Sandra Carballo nos 800 m.l detrás da primeira clasificada o que lle permitiu entrar segunda na serie cun tempo de 2.36.98. Bo concurso de pertega de Santi Ferrer que logrou unha marca de 4.40, o seu millor salto de esta tempada está en 4.50 logrados en Zaragoza fai unha semana.

As Comunidades de Andalucía, Valencia e Cataluña subiron ó podium sendo Galicia 4ª na clasificación conxunta homes e mulleres.

03/06/2012

Excelente actuación da selección galega cadete: 13 medallas para Galicia! e un 4º e 5º posto por comunidades!



De novo a selección galega viaxou a Zaragoza a disputar o Campionato de España por seleccións, nesta ocasión tocáballes os rapaces da categoría cadete. Boa actuación en liñas xerais dos nosos atletas máis novos, logrando os homes o cuarto posto e as mulleres un quinto posto. A nivel individual destacada a participación de Iría Forján que logrou unha nova medalla de ouro nun Campionato de España, nesta ocasión valéronlle dous saltos para levarse a vitoria, o mellor deles en 5.55 preto da súa mellor marca da tempada. Outra atleta que rende a un nivel altísimo nas grandes competicións é Angela González, nesta ocasión na proba de 600 m.l entrou en meta en segundo lugar con marca persoal 1.38.83. Nos 300 valos marca

persoal para os nosos representantes, Claudia Rojo medalla de prata con 45.64, mentres que Damian Picouto rebaixaba o seu rexistro deixándoo 42.68. Os marchadores galegos continúan obtendo bos resultados a nacional, proba diso foron Daniel Chamosa e Carmen Escariz que segundo e terceira respectivamente. Daniel, actual record galego de 5 km marcha en fixo unha marca de 23.34.68 mentres que Carmen fixo marca persoal nos 3 km con 14.47.63. Así



en
nivel
foron
ruta

mesmo lograron subir ao podio en terceiro lugar, Gracia Rey en triplo salto volviendo a superar os 11 metros, 11.02 con vento en contra de -2.5, Eva Doporto en martelo con 42.68, Saleta Fernández en salto de altura con 1.58, Adrián Lago en 1000 m.l con 2.42.51, Francisco Rodríguez que este ano xa correu os 100 m.l en 11.22 fixo nesta ocasión 11.48 na final que lle valeu a medalla de bronce, e por último sensacional a carreira e a progresión de Carmen Martínez que lograba o terceiro posto nos 3000 m.l con mellor marca persoal 10.33.82 que é mínima para o Campionato de España. Outros atletas que renderon a un bo nivel foro Miguel González nos 3000 m.l nos que foi cuarto nunha carreira táctica, Ivan Manso nos 3000 obstáculos, Victor Pérez en martelo e Andrés García en disco. Marca persoal para Pablo Loureiro nos 600 m.l con 1.28.32, nos 100 m.l Laura Chapela vencia na súa semifinal con 12.76 sendo descalificada na final. Destacamos tamén a boa actuación dos relevistas de 4 x 100 masculino que con 46.50 foron segundos. Nun mes, moitos destes atletas volverán competir en Castellón na cita máis importante do ano, o Campionato de España que se celebra os días 30 de xuño e 1 de xullo [Resultados](#)

06/06/2012

Publicada a Selección Galega Absoluta que participará no Cto. de España de Federacions en Barcelona



No día de onte publicouse a Circular 43-2012 correspondente á Selección Galega Absoluta que participará no Campionato de España Absoluto de Federacions. O evento terá lugar en Barcelona o día 16 de xuño, este ano presenta como novidade un cambio no regulamento, sendo a puntuación final conxunta (homes e mulleres) e participando todas as comunidades autónomas no mesmo campionato, desaparecendo así o Cto. de Federacions de 2ª categoría. O equipo galego ten algunhas baixas importantes, pero tamén leva un equipo moi competitivo ca presenza de destacados atletas galegos. A Federación Galega de Atletismo realizou un esforzo económico importante e levará a todos os membros da selección en avión ata Barcelona, co fin de establecer unha viaxe máis cómoda para os nosos atletas. ([Circular 43-2012](#))

18/06/2012

Excelente actuación das seleccións galegas absolutas! Galicia amosou ó resto das comunidades o alto nivel dos seus atletas

No estadio olímpico de Montjuïc sonou por megafonía ao longo do día de onte a palabra Galicia, conformen se celebraban as probas, o locutor ía informando aos espectadores das clasificacións, continuamente Galicia figuraba na segunda posición, foi rematando ás últimas probas cando a selección galega se vería desprazada a falta de 4 probas á terceira posición e finalmente e por moi pouca puntuación remataría nunha fantástica 4ª praza por diante de importantes comunidades autónomas, a non puntuación na proba de pértiga foi un gran enemigo da selección galega, pois de puntuar nesa proba cun salto de 3,80 ou 4 metros Galicia subiría ao podium.

En xeral houbo moi bos postos e incluso victorias. Nesta ocasión as victorias correron a cargo dos lanzadores Isaac Vicente con un mellor lanzamento no martelo de 67.63 e de José Vila con 68.50 na xabalina. Ana Peleteiro con un millor salto de 13.24 (+2.1) no triple, Lidia Parada con un magnífico concurso e un millor lanzamento na xabalina de 48.88, Sara Arosa con 50.58 no lanzamento de martelo xunto ca sempre aposta segura nos 100m valados de Virginia Vilar (14.42) foron todas elas segundas. A mesma posición foi acadada por Frank Casañas no lanzamento de disco con un mellor lanzamento de 63.41. Boa actuación dos saltadores Jean Marie Okutu con 7.72 na lonxitude e Alfonso Palomanes no triple con un concurso moi regular e un mellor salto de 16.06 (+2.8) que xunto con Solange Pereira nos 3000m (9.23.51) e Belén Toimil no peso (14.58) foron terceiros nas súas probas. Esta última foi tamén a representante no lanzamento de disco acadando un 5º posto con 43.29. Boa actuación tamén de David Gómez nos 110mv con un rexistro de 14.82, Samuel Paz nos 400mv con 52.64, Carlos Villamor nos 5000 (14.51.05) e un cada vez máis recuperado Víctor Riobo nos 1500m (3.52.08) que cos seus cuartos postos contribuíron a sumar puntos para a clasificación final. A mesma puntuación foi acadada por Leticia Fernández nos 1500m (4.32.98), Paula Ferreiros na altura (1.71), Lorena Luaces nos 5000m marcha (22.44.20) e o relevo 4x100 feminino. Manuel Hurtado nos 3000

(8.24.10), Ismael Costas con millor marca da tempada nos 800 (1.51.64), Gilberto Alvarez nos 3000m obstáculos (9.14.65), os velocistas Mauro Triana nos 100m (11.35), Rodrigo Avellaneda (21.87) e Enrique Prego nos 400m baixando outra vez dos 49" (48.94), Jose Fernández Nieves nos 5000m marcha (22.34.43), Victor Gallego no peso (16.52) e o xuvenil Miguel Pérez con un bo concurso na altura (1.95) completaron a actuación masculina. A nota negativa foron os nulos no salto de pértiga de Luis Moro.

A actuación feminina completouse con Patricia Carballo nos 100m (12.54), Lidia Casal baixando outra vez de 25" nos 200m (24.99), Esperanza Caldas moi cerca do seu mellor rexistro nos 400m (57.80), Begoña Garrido nos 800m (2.12.72), Raquel Suarez nos 3000m obstáculos (10.53.16), Esther Navarrete nos 5000m (16.56.43), Alba Fernández nos 400mv(1.04.65), Sandra Carballo na pértiga (3.20) e Leticia Gil na lonxitude con un millor salto de 5.32.

En resumo, boa actuación da selección galega cuarta na clasificación conxunta detrás das selección anfitrióna, a Comunidade Valenciana e Madrid. [Resultados](#)

CAMPIONATOS DE ESPAÑA INDIVIDUAIS E POR CLUBES 2011/12

11/02/2012

Campionato de España Promesa: Leticia Fernandez, prata en 1500; Rodrigo Avellaneda, Santiago Ferrer e Leticia Gil bronces .- Leti nova mellor marca galega absoluta de lonxitude 5,91



Os días 11 e 12 de febreiro se celebrou a edición número XXVII do campionato de España Promesa de pista cuberta, o lugar foi o centro de tecnificación de Antequera. Galicia estivo representada por un total de 11 atletas, catro homes e sete mulleres. Na xornada do sábado; A actuación máis destacada correu a cargo do atleta do Coruña Comarca Rodrigo Avellaneda que venceu na súa serie con 22.34 en 200 metros e logrou meterse na final. Polo respecto ao resto dos galegos que competiron, Sandra Mosquera e Esther Navarrete tomaron parte na final 3000, logrando a cuarta e sétima posición cuns rexistros de 9.51.29 e 10.10.20.

Tamén interviron Iria Rodríguez en 800 ,Francisco Díaz en 1500 e Teresa Rodríguez en 60 metros, non logrando entrar nas finais ao facer uns rexistros de 2.27.36; 4.03.61 e 9,43 respectivamente. En combinadas a atleta do San Fernando Lucus, Luicia Seijas, tivo que retirarse debido a unha lesión, disputando soamente a proba de metros.

Pero era a xornada do domingo, a que deparaba as alegrías e bos resultados para o atletismo galego. O promesa Roi Avellaneda do Coruña Comarca, conseguiría a medalla de bronce nos 200 metros lisos cun tempo de 22,29, a pesar de que, segun palabras do seu adestrador, Carlos Tuñas, facía moito frío e a pista é moi lenta.

En categoría masculina tamén subiría ao podio, Santi Ferrer da Gimnástica de Pontevedra, ao quedar terceiro en Heptathlon con 4775 puntos, nesta disciplina tamén estaba David Ferrer del Adas que conseguiu a oitava posición.

En mulleres, o atletismo galego tamén lévase dúas medallas, unha de prata, a de Leticia Fernandez de Ourense Academia Postal cun tempo de 4.41.48.

E Leticia Gil del Adas que non só logrou o bronce en salto de lonxitude, se non que logrou a mellor

marca galega absoluta, cun salto de 5, 91 metros, arrebatandosela a Ana Peleteiro que o había batido dous semanas antes.

Excelente actuación destes xovenes promesa do noso atletismo.. [Resultados](#)

13/02/2012

Campionato de España Veteranos de Cross por Clubs: Sexta posición para o Val Miñor



Na localidade alicantina de Elda, celebrouse o Campionato de España de Campo a través de veteranos por Clubs.


O único club galego que presentou equipo foi a Sociedade Atletica Val Miñor na categoría w35-40, logrando unha meritoria sexta posición. O equipo estivo composto por Lola Martinez (15), Ana Vilar (17), Rosa Guede (26), Carmen Costas (29) e Patricia Masso (31) [Resultados](#)

26/02/2012

Campionato España Absoluto en pista cuberta: Virginia Villar, Solange Pereira, David Gómez, Begoña Garrido: Platas e Belen Toimil, Bronce

Comezou en Sabadell el Campeonato de España absoluto de pista cuberta, e nesta primeira xornada entraron en competición David Gómez do RCC e Santiago Ferrer do SGP nas combinadas de Heptathlon. Tras a disputa das probas de 60, longitudine, peso e altura, David marcha en segunda posición cuns parciais de 7'46" 6,85 13,93 e 1,88 cunha puntuación de 2.924 puntos. Os parciais de Santi foron 7'56" 6,22 10,94 e 1,79 con 2.490 puntos, para a undécima posición.

II Xornada Sábado Tarde



Bo comezo na xornada de tarde coa vitoria de Virginia Villar na súa serie con 8'63" sendo a segunda mellor marca das participantes, o que vén a demostrar o bo estado de forma de Viki e a pon no camiño de medalla. Tamén se meteu na final Rodrigo Avellaneda nos 200 ao realizar na súa semifinal un bo crono de 22'21", acercándose á súa mellor marca de 22'12" realizada no mesmo escenario no nacional júnior do 2010. Nos 1.500 de mulleres cúmprense prognósticos e as nosas dous representantes, Solange Andreia Pereira e Leticia Fernández métense na final. Solange vence con autoridade na súa serie cun rexistro de 4'34"85 e Leti tivo que forzar e conseguir un rexistro de 4.32.01 (MMP) para acceder á final por tempos. Presenza de Begoña Garrido en 800 metros con 2'11"67, gañando a súa serie e con opcións de podio na final de mañá. Pechouse a xornada do sábado coa primeira medalla para os galegos a cargo de Virginia Villar

que logrou subirse ao podio, logrando amedalla de prata nos 60 valos cun rexistro de 8'69" superando o bronce do ano pasado en Valencia Viki que foi premiada pola FGA como mellor atleta galega da tempadapitada, esta realizando una grande tempada en pista cuberta

III Xornada Domingo



A terceira xornada deparou moitas satisfaccións ao atletismo galego. Os bos resultados comezaron na final dos 200 m, na que Rodrigo Avellaneda (COCO), correu nun tempo de 22'11" o que supón nova mellor marca galega Sub-23, marca que él mesmo poseía desde 2.010 en 22'12"..A primeira medalla do domingo chegou con Solange Andreia Pereira (Bikila) en 1.500 m, que obtivo a prata cunha marca de 4'30"24. Meritorio sexto posto para Leticia Fernández Barbosa (OAAP), con 4'35"38. A continuación disputouse o 800 m. feminino, coa participación de Begoña Garrido (ADM), que tamén se proclamou subcampioa, facendo un tempo de 2'09"89 e mellorando o bronce do ano pasado en 400 m. O heptathlon pechouse coa grande actuación de David

Gómez (RCCV). Superando as súas propias previsións, levouse a prata engadindo á xornada de onte 4.60 m en pértiga e un impresionante 1.000 m. E é que a calidade do céltico non está só nas súas calidades físicas senón tamén na súa mentalidade de gañador. Con 5.410 puntos quedouse a tansó 110 do Ouro. Santi Ferrer, en postos de finalista, foi un sétimo con 4.769 puntos, segundo en pértiga con 4.50 m por detrás de Gómez e 3º en 1000 m, outra das probas nas que destaca habitualmente. E a última hora chegou o bronce de Belén Toimil (Playas de Castellón), quen no seu sexto intento lanzou os 4 kg a 15,14 m, rexistrando mellor marca galega Sub -23, sendo aínda Xúnior, e quedando a escasos cm. do absoluto 15.31 m. de Ángeles Barreiro. A outra cara da moeda no campionato foi a dos saltadores. Con cinco galegos entre os participantes, ningún deles tivo unha actuación satisfactoria. A mala sorte cebouse con Alfonso Palomanes, que tivo que retirarse tras dous intentos con fortes dores, deixando a súa marca en 14.93 m. Tampouco Leticia Gil tivo o seu día, e o seu mellor salto foi de 5,52 m. Todos eles contan con méritos e proxección dabondo para seguir estando entre os mellores do panorama nacional, sen que os resultados dunha xornada sexan significativos. O balance final supera aos tres bronces do ano pasado e deixa a satisfacción dunha participación de calidade, que inclúe distintas disciplinas atléticas. Dende a FGA queremos felicitar a todos os nosos atletas polo gran campionato realizado. [Resultados](#)

03/03/2012

Marta Lolo e Carmela Cardama, ouro e bronce no Nacional Xuvenil de pista cuberta



A atleta de Coruña Comarca, Marta Lolo Bello proclamábase campiona de España Xuvenil do Triplo Salto en Pista Cuberta, nos Ctos. celebrados en Valencia na tarde de hoxe, a súa serie foi: Nulo - 11,74 - 11,82 - 11,72 - 11,85 e 11,73 m. repetindo a marca lograda para alzarse co Cto. Galego da categoría o pasado domingo en A Coruña, a tan só un centímetro da súa mellor marca en P.C., recordemos que ao aire libre a marca que pousei da pasada tempada son 12,00 m. lograda tamén nun campionato galego, o Xuvenil do Barco, é un sintoma moi positivo que alcance mellores resultados nos campionatos.

O mesmo podemos escribir da atleta do Comesaña Sporting Club, referente a alcanzar os seus mellores resultados nos momentos máis axeitados, pois mellorou novamente a súa marca persoal dos 3.000 m. amplamente ao, lograr a terceira praza nestes campionatos con 10.13.24, superada por dúas atletas que debido a ser menores de 18 e ter licenza por clubs españois, non considéranse estranxeiras a pesar non ter nacionalidade española. Moi boa rebaixa da súa marca a desta "finlandesa", de 10.29.11 que tiña, a 10.13.24 Outra atleta do Coruña Comarca, na cal se tiñan esperanzas de lograr un bo resultado era Patricia Carballo, a cal foi descualificada por saída nula na 3ª serie semifinal dos 200 m.l. ás cales accedera ao clasificarse segunda na 5ª en 1ª rolda con 26.20, logo nos 60 m. clasificouse para "semis" por tempos, ao ser 4ª na súa serie con 8.07 Na mesma proba, de 200, pero sexo masculino, o seu compañeiro de clube Marcos Triana López realizou rolda 2º-22.75 Semif. 3º-22.81, clasificándose por tempos para a final mañá domingo.



os
atleta
lisos
anos
de
serie
de
en 1ª
de

Aida Amoedo do Atle. Vila de Cangas, foi 4ª na quinta serie semifinal de 400 m. en 1.00.95, o cal lle supón mellor marca persoal na distancia. na mesma proba Eugenia Gil do Marineda non puido meterse na final, a pesar de facer a súa marca persoal de 1.00.04 Do Vila de Cangas, en Peso masculino, Pablo Castro alcanzou un 5º posto nun lanzamento de 15,88 m. que lle supón mellor marca persoal co artefacto de 5 Kg. recordemos que ten 16,80 m. co de 4 Kg como Cadete. Pablo Modia, do San Fernando Lucus-Caixa Rural quedou 4º en Salto de Lonxitude, cun mellor salto, o último, de 6,55 m. Séptimo quedou Anxo Blanco (COCO) con 6,40m. e 13º Raico Leguiçano do OAAP con 5,84 m. Miguel Otero, do mesmo club, que ía realizando unha espléndida carreira para facer marca persoal pero tivo a mala sorte de cair na derradeira volta e tan só puido ser 7º na 2ª serie semifinal de 800 m. en 2.10.21, foi mérito chegar a meta. Despois de realizar as catro primeiras probas de Héptalon, o atleta o ADAS, Adolfo Saínez-Maza Villar encóntrase en 5ª posición, sobre a base dos seguintes parciais: 7.49, (60 m.) 6,28 m. (Long.) 12,10 m. (Peso) 1,68 m. (Alt.) que suman 2.504 puntos, os tres primeiros finalizar esta xornada superan os 2.700 puntos. Isto é o que nos deparou este sábado en Valencia

Xornada Domingo

O mais destacable desta xornada correu a cargo do atleta do ADAS Adolfo Sainz-Maza, en combinadas, finalizando en novena posición cun total de 4325 puntos, que supera a mellor marca galega da categoría que estaba en posesión de David Gómez dende o ano 1998 con 4125 puntos. Adolfo realizou uns parciais de 7.49 (60), 6,28 (long.)12,10 (peso),168 (alt.) 8.51 (60v),3,10 (pert.) y 3.08.63 (1000).

Marta Lolo competiu en lonxitude, logrando a oitava posición cun mellor salto de 5,36 Os seus compañeiros de Coruña Comarca, Patricia Carballo non puido meterse na final de 60 ao facer uns discretos 8.11 en semifinais, Mauro Triana logrou a septima posición na final 200 cun rexistro de 23.21 e Anxo Blanco con 13,09 metros en triplo ocupou a 11º posición. Ana Izquierdo del Femenino Celta e Raquel Villa Carracelas del Vila de Cangas, competiron en peso, quedando 5ª e 11ª cunhas marca de 12,71 e 11,75 metros. Miguel Pérez del Lucus, competiu en 60 valos, facendo 8.47 en semifinais e a 14 posición en altura con 1.80 metros [Resultados](#)

08/03/2012

II Campionato de España de inverno de Lanzamentos longos.



Os mellores especialistas de lanzamentos longos participarán este sábado no II Campionato de España de inverno, no que ademais das medallas buscarán unha praza coa selección española para a Copa europea de lanzamentos que se disputa en Bar (Montenegro) os días 17 e 18. Entre os inscritos, varios representantes do atletismo galego, con opcións a podio. As probas nas que achegamos maior cantidade e calidade son, como é habitual, o martelo e a xavelina masculinos.

Os discípulos de José Manuel Hermida acoden novamente a esta convocatoria. Isaac Vicente buscará superar os case 68 m da pasada edición, e que foron o preludio dunha tempada que culminou superando a barreira dos 70 m e proclamándose campión de España. O seu compañeiro de filas, Pablo Denís, en bo estado de forma, figura coa terceira mellor marca dos inscritos. Outro vigués, aínda que con ficha por Castela-León, Cristóbal Almudí, tomará parte neste concurso. En martelo estará a única representante feminina galega. A céltico Sara Arosa estréase nesta competición, buscando mellorar a súa marca. Comparte proba coas dúas atletas que están chamadas a protagonizar o duelo máis interesante, Berta Castells e Laura Redondo. A metade dos lanzadores de xavelina chegarán dende Galicia. Forman parte da elite nacional e pelexarán por marcas e postos. Gustavo Dacal, José Manuel Vila, os discípulos de Raimundo Fernández, Manuel Uriz e Borja Barbeito, dúbida por lesión, aos que hai que sumar ao mexicano Jose Lagunes e o canario Jesus Crossa que comparten adestramento con Gustavo Dacal en Pontevedra, baixo a dirección técnica de Javier López Viñas. En lanzamento de disco un único representante, Víctor Gallego, inscrito coa segunda mellor marca e con opcións de medalla. O atleta da Ximnástica de Pontevedra retoma a súa especialidade tras bater o récord galego de peso baixo teito. [Mais información](#)

12/03/2012

Tres pratas no nacional de lanzamentos.



Cienfuegos,

O pontevedrés Víctor Gallego conseguiu a súa primeira medalla nun absoluto, ao lanzar o disco a 53.23 metros, nun concurso no que todos os seus intentos superaron os 50m, proclamándose subcampión de inverno.

A terceira prata chegou para o atleta promesa Borja Barbeito cun mellor lanzamento de xavelina de 68.04m, demostrando que este ano vai estar entre os mellores. Compartiu podio con dous habituais das pistas galegas, Jesús Crossa e Jose Lagunes. Manuel Uriz foi 5º, con 65.23m e José Manuel Vila, 7º, 64.21m.

Non tivo sorte Gustavo Dacal, xa que condicionado polas súas dous primeiros intentos nulos, realizou un único válido de 60.82m que non bastou para pasar á mellora. En martelo, Pablo Denis acabou sexto, 62.17m e Cristobal Almudí 8º, 60.21m ; Sara Arosa foi décima con 45.53m. [Resultados](#)

12/03/2012

Campionato de España Júnior: Ouro para Belen Toimil en peso e bronce para Paula Ferreiros en Altura



Dúas medallas foron as logradas pola representación galega que disputou o Campionato de España Júnior celebrado o pasado fin de semana en San Sebastián. Belén Toimil fixo bos todos os pronosticos e alzouse co título na proba de peso. Belén gañou o concurso no último lanzamento, no que conseguiu 14,72 metros.



A galega esta nun gran momento de forma e ten o seu punto culminante no nacional absoluto onde logrou unha marca de 15,14 metros, que actualmente a mellor marca galega júnior e sub.23. Tamén subiu ao podio a lucense do Lucus Paula Ferreiros na proba de altura, que fixo un gran concurso ata o 1,68, altura que superou a primeira. Non puido con 1,71 e rematou quedándose coa medalla de bronce.

Polo que respecta aos demais galegos a súa actuación foi: Carlos Porto, Sergio Piñón e Sergio Rodríguez tomaron parte nas semifinais de 1500; Carlos Moro non puido meterse na final de 60 valos, facendo un mellor rexistro de 8.42 e 23.12 en 200; Luis Gonzalez Diz, en peso con 14,43 metros e cuarta posición na final, sendo Antonio Molina 13º con 12,88 ; Ana Solla, logrou a 11ª praza en altura con 1,54 e Iván Rodríguez en lonxitude logrou un rexistro de 6,99 que o levou á quinta praza en lonxitude.

En combinadas interveu Alicia Merino en combinadas, logrando a novena praza cunha puntuación final de 2954 puntos

13/03/2012

Éxito dos veteranos no Campionato de España en pista cuberta



Unha vez máis os nosos veteranos realizaron un gran campionato de España en pista cuberta, celebrado o pasado fin de semana en Zaragoza. Un total de 31 medallas foron as conseguidas (11 oros, 8 platas e 12 bronces)

Os oros foron conseguidos por: Javier Toro Montero(2), Juan M. Belo Garcia, Emilia Mesa Soriano (3), Maria Jesus Sanguos Espiña (2), Marta



Sureda Gonzalez, Rosario Sureda Gonzalez, Esther Pedrosa (record de España) e José Dominguez Caballero. Platas para: José M. Bao Martinez; Luis Campos Sanchez, Enrique Rio Nieto, José Luis Bello Losada, Ana Maria Santos Solla, Lucia Doval Sanchez e Rosario Sureda Gonzalez, Bronces: Fernando Gonzalez Castro, Enrique Rio Nieto (2), Juan Manuel Bello Losada (2), Elisabeth Oya Steinbruggen, (2) Piar Regueiro Golán, Lucia Doval Sanchez, Carmen Ferreiro Díaz. e Basilio Bernardiz Rodríguez

Destacar a nova mellor marca nacional a cargo de Maria Jesús Sanguos na porba de 200 con un rexistroye 30.18 na categoria w55, e tamén nova mellor marca nacional a cargo de Esther Pedrosa nos 3.000 m.l. Dende a FGA queremos felicitar a todos noso veteranos polo seu entusiasmo e bo facer.

17/03/2012 . Galicia acada 8 medallas no Campeonato España Cadete: 1 ouro, 3 platas e 4 bronces

Na primeira xornada do Campionato de España Cadete que se está a celebrar en Oviedo os atletas galegos competiron a un excelente nivel, destacando a medalla de ouro de Iria Forján en salto de lonxitude cun salto de 5.52, a atleta adestrada por Abelardo Moure o ano pasado nesta mesma pista lograba a medalla de prata. Esta tarde necesitou un só salto válido para impoñerse na final. Na proba de 3000 m.l masculino coa participación de catro atletas galegos o mellor resultado foi para Tariku Novales que se impuxo coa súa mellor marca persoal (9.15.79) na primeira das series, e ao lograr o terceiro mellor tempo de todos os participantes lle valería para alzarse coa medalla de bronce. O resto de atletas galegos Ivo Maseda, Ivan Manso e Yeray Gómez tamén renderon a un nivel alto logrando os dous primeiros a súa mellor marca da tempada. Francisco Michinel, presentábase neste Campionato cunha mellor marca de 13.07 non obstante dende o primeiro lanzamento demostrou que estaba en condicións de mellorar a súa marca persoal, finalmente foi quinto con 13.88, nesta mesma proba Andres García foi noveno con 12.79. Na proba de 600 m.l seis atletas galegos disputaron unhas duras semifinais, especialmente na proba

feminina na que só a primeira de cada serie e dous tempos se clasificaban, Angela González con un bo tempo de 1.39.26, logrou un posto na final ao igual que Pablo Loureiro con 1.29.21. Nos 1000 m.l Laura Santos entrou terceira na súa semifinal con mellor marca da tempada 3.06.25 que lle permite acceder á final, Adrian Ben e Carla Gallo quedáronse en semifinais sendo quintos nas súas respectivas carreiras. Laura Chapela con 8,28 pasa á semifinal dos 60 m.l. ao igual que o atleta do Riazor Coruña Francisco Rodríguez que gañou a súa eliminatoria con 7.38 e Dario Costas do Club Atletismo Morrazo con 7.48.

A terceira protagonista da xornada tras Iria Forjan e Tariku Novales é Claudia Rojo que na proba de pentatlón logrou a medalla de bronce sendo os seus rexistros 9.34 (60 vallas)-1.45 (altura) -9.40 (peso)-5.05 (lonxitude) e 1.43.61 (600 m.l).

A segunda xornada do Campionato de España Cadete de pista cuberta non defraudou en canto aos resultados dos atletas galegos, Gracia Rey, Uxia Pérez, Angela González, Saleta Fernández e Francisco Rodríguez lograron subir ao podio.

A primeira hora da mañá comezaba o concurso de triplo feminino coa participación de Gracia Rey. No ano 2010 nesta mesma pista de Oviedo era a súa compañeira de adestramentos Ana Peleteiro quen batía o record galego da categoría deixándoo en 11.46. Hoxe Gracia logrou a medalla de prata a tan só 3 centímetros dese record, a atleta da Agrupación Deportiva Barbanza saltou 11.43. A continuación vendría a altura feminina onde Saleta Fernández competía con opción de medalla, non defraudou, logrando o bronce con 1.57 a tres centímetros da prata e o ouro. Na altura masculina competiu Dario Costas que foi oitavo con 1.65 e lograba tamén o pase á final dos 60 m.l.

Nos 600 m.l tiñamos a dous atletas clasificados, por un lado Pablo Loureiro e por outro Angela González. A atleta do Comesaña soamente se viu superada por Miriam Costa do Club Atletismo Alcorcón que venceu con 1.38.88, Angela lograría a medalla de prata cunha excelente marca 1.39.12. En categoría masculina a clasificación para a final foi complicada e non o foi menos a final, con tres atletas pelexando ata o último metro polas medallas de prata e de bronce. Finalmente Pablo cunha marca de 1.32.69 sería cuarto a corenta centésimas da medalla.



Nas probas de fondo de novo bos resultados especialmente nos 3000 m.l onde Uxia Perez con 10.23.15 lograba a prata entrando segunda na última das series. Na primeira carreira que se gañou con 10.35.82 competiu a atleta do Club Elite Noia Carmen Martinez que logrou o posto oitavo nesa carreira. Uxia estableceu así a súa mellor marca da tempada e só foi superada por Judit Perez que fixo 10.10.53.

Nos 60 metros lisos masculinos dous atletas galegos lograron avanzar ata a final. O mellor resultado foi para Francisco Rodríguez que conseguiu a medalla de bronce con 7.36, Dario Costas foi oitavo. O atleta do Club Riazor Coruña realizou ao longo do Campionato tres carreiras moi regulares, correndo a eliminatoria en 7.38, a semifinal en 7.40 e a final en 7.36. Pola súa banda Dario logrou a mellor marca nas eliminatorias na que gañou a súa serie con 7.46.

Por último Laura Santos correu a final de 1000 m.l tras clasificarse o sábado logrando a súa mellor marca 3.06, na final só puido ser oitava cun tempo de 3.11.31 nunha proba rápida gañada por Celia Antón con 2.59.15.

En resumo 8 medallas para os atletas galegos neste Campionato de España Cadete, moi bos resultados nas probas de fondo cos nosos atletas nos primeiros postos, medallas nos concursos de lonxitude, triplo e altura, dous atletas na final do 60 m.l masculino e Claudia Rojo entre as mellores atletas nacionais en pentatlón.



Galicia
acada 8
medalla
s no
Campeo
nato
España
Cadete:
1 ouro
para Iria
Forjan

en lonxitude, 3 pratas para **Gracia Rey** en triple, **Uxía Pérez** nos 3.000 m.l. e **Ángela González** no 600 m.l. e 4 bronces para **Francisco Rodríguez** nos 60 m.l., **Tariku Novales** nos 3000 ml., **Saleta Fernández** en altura e **Claudia Rojo** no pentatlón. . [Resultados](#)

18/03/2012

Gustavo Nieves: Campión de España de Inverno de Federacións Autonómicas do CPE

Na mañá de hoxe domingo, ás 10.00am, disputouse o Campionato de España de Inverno de Federacións Autonómicas do CPE (Comité Paralímpico Español) e da FEDC, en San Javier - Murcia. Sendo o atleta da SGP, Gustavo Nieves, o campión da proba de 5.000ml, correndo en solitario dende o principio, parando o crono en 14.47"11, deste xeito asegúrase estar presente nos Xogos Paralímpicos de Londres.

A próxima cita importante de Gustavo, será o campionato de Europa IBSA, a celebrar en Belgrado, do 20 ao 28 de Abril. De esta maneira comeza o atleta entrenado por Pablo Díaz, a súas competicións preparatorias para á cita Olímpica Londinense. Estará presente nos 5.000ml e si consegue a marca mínima tamén podería estar nos 1.500ml.

24/03/2012

Manuel Penas: Campión de España de 10.000 metros



Ultima hora: Manuel Ángel Penas (Otsu-Colibri Guadalajara) con 28:17.69 e a alacantina Gema Barrachina (Valencia Terra i Marzo) con 32:08.54, proclamáronse campións de España de 10.000 metros na proba disputada este sábado en Lisboa conxuntamente co Trofeo Ibérico

Lolo conseguiu o maior éxito da súa xa dilatada carreira deportiva. Foi en Lisboa, no Campionato Ibérico de 10.000 metros, onde se disputaba tamén o nacional da especialidade e onde estaba Jesús España como principal favorito. Pero o coruñés tivo un excelente último quilómetro que o levou a dar caza ao favorito e a superalo cun cambio de ritmo infernal a falta de 450 metros. Lolo marcou un tempo de 28 minutos e 17 segundos, marca que lle serve como mínima para o Campionato de Europa de Helsinki do próximo mes de xuño, que

á súa vez podería abrírlle as portas dos Xogos de Londres.

Tambien tomo parte do nacional de 10000 a galega Erea Rodriguez Puente relizando un rexistro de 36.25.24. . [Prensa](#)

01/04/2012

Doblete de Lolo Penas nos nacionais de 10.000 metros



O galego Manuel Ángel Penas (Otsu Colibri Guadalajara) con 29:26 proclamáronse campeón de España de 10 km en ruta na proba celebrada esta tarde no Grao de Castelló, coincidindo coa V edición dos 10 km Costa Azar Gran Premio BP Grao de Castelló. A proba masculina dirimiuse ao sprint onde Penas (gañando o seu segundo título en menos dunha semana) se impuxo ao marroquí El Hassan Oubaddi por un segundo, sendo terceiro Iván Galán, Penas, que confirmou que atravesa un extraordinario momento de forma, cualificou de «cómoda» a súa carreira. «Tiña previsto tirar para evitar calquera complicación e así fíxeno durante toda a carreira, ata que faltando 300 metros decidín pegar un cambio para irme e gañar,».

A de onte foi a penúltima comparecencia do atleta coruñés na estrada esta tempada. O próximo 15 de abril cumprirá co seu compromiso como lebre de Pedro Nimo no maratón de París, pero o luns xa se centrará na pista. Lolo Penas quere chegar no mellor punto de forma posible tanto á Copa de Europa de 10.000 coma ao Europeo de Helsinki. «Agora vou centrarme na pista, quero facer un bo ano ao aire libre», sentenza.

E mellor non lle puido ir a tempada invernal. Dous títulos nacionais e a confianza necesaria para escribir o seu mellor ano como atleta. A plenitude chégalle na madurez

Tamán o atleta da Universidade de Santiago, Xosé Otero Cepeda se proclamo campión na categoría M60 cun rexistro de 35.21 [Resultados](#)

05/05/2012

Éxito dos galegos no nacional Universitario: 7 Medallas (2 ouros, 1 prata, 4 bronces)



Ultima Hora: Celébrase en Salamanca o Campionato de España Universitario e varios atletas galegos toman parte polas distintas universidades da nosa autonomía. Tras a disputa da primeira xornada a expedición galega logra un total de 4 medllas (dous oros, 1 prata e 1 bronce). As medallas de ouro foron conseguidas por Manuel Uriz en xavelina cun rexistro de 68,80 metros, Manuel Hurtado en 10.000 metros con 31.21.81. José Manuel Vila con 68,18 fíxose coa medalla de prata en xavelina, logrando bronce Paula Ferreiros en altura con 1,71



metros

A xornada domingo duas novas medallas de bronce a cargo de de Begoña Garrido en 800 metros e Victor Gallego en disco. [Resultados](#)

08/06/2012

Campionato de España de Marcha 20 Km. - GP de Marcha Cantóns da Coruña



O sábado celébrase Na coruña unha das grandes competicións internacionais do mundo da marcha atlética. Unha gra cita encadrada no circuíto de probas de marcha da IAAF, que este ano adquire aínda máis relevancia ao disputarse conxuntamente o Campionato de España de 20 Km Marcha en categoría masculina. O Gran Premio Internacional de Marcha Cantóns da Coruña, é así mesmo a competición definitiva e última válida para obter o pasaporte olímpico nas dúas probas estelares de 20 Kkm, a de homes e a de mulleres. Ademais, os resultados na proba de 20 Km de homes poden incidir nun sentido ou outro para confeccionar a selección de 50 Km. [Máis información](#) [Inscritos 5Km.](#) [10 Km.](#)

Final do Circuito Galego de Marcha - Memorial Josefina Romero
Aproveitando o GP Cantóns prográmase varias probas para as categorías menores, en onde os nosos "peques" demostrarán o gran labor que fai a Escola Galega de Marcha e volverán a demostrar que Galicia na disciplina de marcha é unha potencia a nivel nacional, como veñen desmostrando en todas as competicións en que

participan.

A distintas probas serviran para proclamar os vencedores do Circuito Galego de Marcha - Memorial Josefina Romero. [Atletas inscritos](#)



23/06/2012

CAMPEONATO DE ESPAÑA JUNIOR: 6 Medallas (3 oro y 3 bronce)



Sensacionales los atletas juniors en el Campeonato de España que se celebró en Avilés. Si la primera jornada nos deparó resultados magníficos con las medallas de Rocio Carbia, el record gallego y mínima mundialista de Lidio Parado, la actuación sensacional había sido de concurso de Ana Peleteiro con un salto de 13.53 nuevo record gallego y record de España, el oro de Belén Toimil en disco con mínima para el mundial y el bronce de Paula Ferreiros en altura con 1.76, la jornada del domingo no lo fue menos. De nuevo Belén Toimil subía al más alto del podio en el lanzamiento de peso con nuevo record gallego de su categoría, Belén logró un lanzamiento de 15.46 que mejora en 13 cm su anterior marca. En los 400 m.l femenino tras ganar su semifinal con 56.59, Paula Ferreiros fue tercera en la final con 57.13 terminando el Campeonato con dos medallas. Buenos resultados de Antia Martínez en las 100 tapias entrando segunda en su semifinal con marca personal 14.91, registro que mejoraría en la final corriendo en 14.85 siendo sexta. Carlos Moro accedía a la final de los 400 metros tapias en la que fue cuarto

peleando por las medallas hasta la última tapia, en la que un pequeño tropiezo le impidió subir al podio, a pesar de eso bueno registro del atleta del Riazor Coruña: 53.63. En los 10 km marcha contábamos con cinco atletas gallegos, Pablo Maciñeiras, Francisco José Durán, Armando Pereira, Fabio Pereira y Angel Mendiña, no obstante los únicos que lograron terminar la prueba fueron Francisco José Duran con 45.01.07 en el puesto séptimo con marca personal y Pablo Maciñeiras con 52.45.39. Otros atletas que compitieron en este nacional junior fueron Sebastián Vieites en salto con pértiga que estuvo próximo a su mejor marca, saltó 4.20, octavo puesto de la saltadora de altura Ana Solla con 1.58 al igual que en peso Antonio Molina con 13.14.

En 10 km marcha además del bronce de Rocio Carbia con 50.30.68 compitió Miriam Costas que fue quinta con 57.41.86, tres metros para Paula Martin en salto con pértiga, 1.89 David Barreira en altura, octavos puestos para Carlos Porto y Jenny Fernández en 1500 m.l al igual que Sergio Piñón en los 3000 metros obstáculos, prueba en la que se retiraría Gonzalo Basconcelos, quinto y sexto puesto respectivamente para Adrián Estevez y Antonio Molina en lanzamiento de disco con 44.76 y 44.59 Resultados destacados de los representantes gallegos, destacando la Ana Peleteiro atleta juvenil, Belen Toimil y Lidio Parada que llegarán al Campeonato del Mundo junior que se celebra en Barcelona del 10 al 15 de julio en un excepcional estado de forma.

La FGA felicita a todos los atletas gallegos por su extraordinario campeonato [Resultados](#)



30/06/2012

Campeonato de España Cadete: Los gallegos logran 5 medallas (4 platas y 1 bronce)



Tras la disputa de la primera jornada del Campeonato de España que se celebra en Castellón, los cadetes de nuestra comunidad, los cadetes han logrado un total de 3 medallas (2 platas y 1 bronce)

Han competido 43 gallegos en primera jornada, medalla con mejor marca personal para Gracia Rey en triple salto 11.68 (Agrupación Deportiva Barbanza), Andrés García en disco plata con 49.83 es del San Narciso, mismo metal para Daniel Chamosa del Cuntis en 5000 metros marcha con 23.10.47 En los 1500 obstáculos cuarto Ivan Manso con 4.36.30. Pasan a la final del 100 Francisco Rodriguez y Laura Chapela, Francisco Rodriguez con 37.24 también pasa a la final de 300 m.l. En 300 vallas pasa Claudia Rojo ganando su semifinal en 46.60. En los 600 m.l competían 3 chicos y 3 chicas pasan a la final Angela González con 1.37.84 y Alfonso Perez con 1.28.52 y Pablo Loureiro con 1.29.94. En los 1000 m.l 6 gallegos en la prueba masculino clasificándose para la final solamente Adrian Lago del Comesaña con 2.39.55, de las 2 mujeres inscritas Laura Santos Dominguez se metio en la final al quedar segunda en su semifinal.

Jornada Domingo:

Dos nuevas medallas de plata para nuestros cadetes a cargo de Claudia Rojo Cazorla en 300 metros con un registro de 45.47 y Uxia Pérez Bugarín en 3000 con 10.21.73.

La FGA felicita a todos los jóvenes que gran tomado parte en el Campeonato por los buenos resultados cosechados. ¡ enhorabuena! [Resultados](#) [Actuación Gallega](#)

01/07/2012

Campeonato de España de Veteranos : 42 Medallas (19 oros, 15 platas y 8 bronce)



Se están celebrando en Aguilas el Campeonato de España de Veteranos al aire libre y finalizadas las dos primeras jornadas, nuestros veteranos han logrado un total de 42 medallas (19 oro, 15 platas y 8 bronce)

Una vez más nuestros veteranos demuestran su buen estado de forma y refrendan que Galicia es una potencia atlética a nivel nacional. Desde la FGA queremos facilitar a todos los medallistas, así como a todos los participantes por su buen hacer y entusiasmo [Resultados](#) [Actuación Gallega](#)

08/07/2012

Campionato de España Juvenil: 8 Medallas (1 ouro, 4 pratas, 3 bronce)

As



Pistas

Municipais El Deleite en Aranjuez foron o escenario do Campionato de España Xuvenil no que os atletas galegos de novo estiveron entre os mellores. Na xornada do sábado obtivéronse 3 medallas, Marta Lolo lograba a prata coa mesma marca que a primeira en triplo salto, Marta que o fin de semana pasado saltara en Vigo 12.22 nesta ocasión realizou un mellor salto de 12.10, Carmela Cardama lograría igualmente a medalla de prata nos 3000 m.l cun tempo de 10.23.36. que é a súa mellor marca da tempada. Na xornada do sábado a terceira medalla correspondiu á atleta do Atletismo Feminino Celta Ana Izquierdo en lanzamento de disco con 37.88. A primeira xornada destes Campionatos presaxiaba uns bos resultados para os nosos atletas, en semifinais dos 200 m.l Patricia Carballo lograría un novo record gañando a súa serie con 25.21, o seu compañeiro de adestramento Mauro Triana pasaba á final con 22.25 e deixando claras as súas opcións de medalla. Nos 400 m.l o atleta do A.D.A.S Juan José del Rio realizaba unha boa carreira que lle permitía con 50.69 acceder á final da volta á pista ao igual que José González, do mesmo Club na proba de 800 m.l con 1.55.78. En lanzamento de peso Pablo Castro que tiña unha mellor marca de 16.29 lanzou 15.88 o que o colocou en cuarta posición na clasificación nun concurso no que o ouro se logrou con 17.41. Destacamos a excepcional tempada da atleta de 400 valos Aitana Leguicano que progresivamente ten ido mellorando as súas marcas ata deixala en 1.05.02 sendo cuarta na final, mesmo posto nos 400 m.l de Aida Amoedao con marca persoal 58.56.

A xornada do domingo empezou con boas noticias para os galegos desprazados a Aranjuez, Mar Chillón culminaba a tempada cun nova medalla nos 5 km, con 24.59.02 logrou o bronce o que demostra o nivel desta moza marchadora xuvenil de primeiro ano. Excepcionais os dous velocistas do Club Coruña Comarca, Patricia Carballo e Mauro Triana que con dous novos records galegos da categoría realizaban un gran Campionato sendo nos 200 m.l primeira e segundo. Patricia demostrara fai unhas semanas o seu bo estado de forma pero naquela ocasión en Vigo o vento anulou as marcas, en Aranjuez centrada na proba de 200 m.l venceu con superioridade cunha marca de 25.09. Pola súa banda o talento de Mauro Triana levoulle a lograr a medalla de prata baixando por primeira vez dos 22 segundos, conseguiu un rexistro de 21.97. Outro atleta que realizou unha moi boa tempada é o atleta do Lucus Miguel Pérez que lograba a medalla de bronce nos 110 valos con novo record galego xuvenil 13.99. Nos 800 m.l a carreira foi agónica ata os últimos metros, entre os clasificados encontrábase José González do A.D.A.S que foi quinto con 1.55.23 nunha carreira na que se gañou con 1.54.91 e o último clasificado fixo 1.55.77. Nos 400 m.l na final Juan José del Rio foi sexto con 50.71, preto da súa mellor marca persoal.

A lanzadora Ana Izquierdo colgábase a súa segunda medalla en lanzamento de peso cuns sensacionais 13.74 que lle permitiron ser segunda. En lanzamento de disco tiñamos a dous representantes Martin Liste que tiña a terceira mellor marca con 48.04 e Pablo Chapela, finalmente foron sexto e décimo con 43.53 e 40.10. Bo rendemento dos atletas xuvenís en Aranjuez especialmente nas probas de velocidade con tres novos records galegos da categoría nos 200 m.l masculino e feminino e nos 110 valos masculino

[Resultados - Actuacion Gallega](#)

22/07/2012

El atletismo gallego obtiene 8 medallas en el Nacional Promesa

Medallistas España Promesa



O estadio Municipal da “Escuela de Gimnasia” de Toledo acolleu o XXVI Campionato de España Promesa, a pesar da calor reinante nas dúas xornadas, por enriba dos 35 graos, a vintena de atletas galegos desprazados renderon a un excelente nivel. Destacar a Samuel Paz do Club Afflelou Narón que lograba a medalla de ouro nos 400 metros valos cunha marca sensacional, 50.94 que é novo record galego promesa e se achega ao record absoluto de Santiago Fraga de 50.42. O discípulo de Alvaro del Valle chegou a este Campionato no seu mellor estado de forma, venceu sen

problema a súa semifinal na carreira do sábado e na final logrou dobregar ao favorito Xavier Carrión, este rexistro colócao no ranking nacional absoluto en cuarto lugar. Na proba de lanzamento de xavelina un sensacional Borja Barbeito lograba o título de Campión de España con 70.23 que é a súa mellor marca persoal, gran tempada do xabalinista de Cerceda que continua a súa progresión nesta tempada e se lle augura un futuro prometedor nesta disciplina. Tamén noutro lanzamento subiría ao podio un atleta galego, nesta ocasión foi Pablo Denis Sanromán que logrou o bronce con 63.50 no martelo que é marca da tempada. A xornada do sábado comezou con bos resultados para os atletas galegos, nos 1500 metros feminino nunha carreira lenta Leticia Fernández soubo pelexar os últimos 500 metros o que lle valeu para lograr a medalla de prata cunha marca de 4.32.90. A atleta do Ourense Academia Postal realizou un Campionato excepcional xa que nos 800 metros lisos con 2.10.24 lograba a medalla de bronce, nesta mesma proba progresión importante de Iria Castro que con 2.13.68 foi quinta. Rodrigo Avellaneda do Club Cimans Coruña acudía á cita toledana co obxectivo de mellorar as súas marcas de 100 m.l e 200 m.l, nun 100 de calidade logrou acceder á final sendo sétimo. Na xornada do domingo correu os 200 m.l a un bo nivel preto da súa mellor marca, foi cuarto con 21.70.

No decathlon os atletas sufriron en exceso debido ás altas temperaturas entre os inscritos tres atletas galegos David Ferrer, Santiago Ferrer e Telmo Beceiro. No seu último ano como promesa Santiago non desaproveitou a oportunidade e lograba un disputado terceiro posto, referendado na última proba, os 1500 metros lisos nos que foi segundo. Os seus compañeiros foron David Ferrer quinto con resultados importantes nalgunhas probas como nos 100 metros lisos nos que venceu con 11.38 e Telmo Becerro que foi sétimo na xeral gañando a proba de peso con 11.70.

Por último a atleta do Atletismo Feminino Celta, Esther Navarrete disputaba os 5000 metros lisos coa mellor marca das participantes, nas semanas previas ao Campeonato Esther disputou varias probas de 1500 metros lisos nos que fixo marca persoal 4.34.34 o que demostraba que se encontraba nun bo momento de forma, neste Campionato a carreira foi lenta o que perxudicou a atleta galega, no obstante foi terceira cun rexistro de 17.45.57 o que supón unha nova medalla nun Campionato de España.

Bos resultados dos nosos atletas promesas destacando a Leticia Fernández con dúas medallas, a Borja Barbeito que e o futuro da xabalina nacional e a un sensacional Samuel Paz nos 400 metros valos. [Resultados Actuacion Galega](#)

26/08/2012

Campionato de España Absoluto: 10 medallas dos representantes galego

A última competición en pista a nivel nacional deparou excelentes resultados para o atletismo galego. O Estadio Larrabide de Pamplona acollía a edición número 92 do Campionato de España absoluto coa presenza dunha trintena de atletas galegos entre eles debutantes ou promesas do noso atletismo como Leticia Fernández, Enrique Prego, Lidia Parada, Paula Ferreiros ou Belén Toimil entre outros. Na xornada do sábado o protagonista indiscutible foi Manuel Penas que lograba alzarse co título de Campión de España nos 5000 metros lisos, recordamos que o arzuano na presente tempada xa lograra os títulos de 10000 metros en pista e en ruta. Nesta ocasión Manuel Penas partía como favorito e demostrouno dende o pistoletazo de saída situándose detrás de Kidane Tadesse, os dous distanciáranse do resto de competidores, por detrás un ambicioso Alejandro Fernández tiraba do grupo. Nunha carreira lenta prexudicada polo vento Lolo Penas cruzou a meta nun tempo de 13.57.92 mentres que a calidade e a valentía do atleta do Ourense Academia Postal Alejandro Fernández, adestrado por Santiago Saco, tiña a súa recompensa coa medalla de prata. Outros tres atletas conseguirían o segundo posto nas súas respectivas disciplinas, Fran Casañas no lanzamento de disco con 63.27 nun duelo axustado co tinerfeño Mario Pestano, Jean Marie Okutu no salto de lonxitude lograba a prata coa mesma marca que o terceiro clasificado 7.64 e en lanzamento de xavelina segundo posto de Jose Manuel Vila con 68.47 lonxe da súa marca da tempada 71.53, nesta mesma proba Borja Barbeito foi quinto con 63.69.

Na proba dos 1500 metros lisos femininos Solange Pereira demostrou que está capacitada para competir coas mellores especialistas españolas da distancia, nunha carreira lenta na que Leticia Fernández tamén lograba aguantar no grupo de cabeza. Ao toque de campá Natalia Rodríguez aumentaba significativamente o ritmo, o cal só eran capaces de aguantar Solange Pereira e Isabel Macías, finalmente Solange sería medalla de bronce nun final disputadísimo e Leticia Fernández que realizou tácticamente unha excepcional carreira foi sexta. A última hora da tarde celebrábase a proba dos 10 km marcha femininos coa participación de case todas as mellores marchadores españolas, iso propiciou que Eva Maria Iglesias lograra a súa mellor marca con 46.30.50 entrando na meta nun valioso quinto posto, por detrás de atletas internacionais como Beatriz Pascual, María José Poves e Julia Takacs.

No Decathlon masculino contabamos con tres atletas, o atleta internacional David Gómez do Real Club Celta de Vigo, Santiago Ferrer da Sociedad Gimnástica de Pontevedra e David Ferrer do ADAS. No recordo o sensacional intento de mínima olímpica de David Gómez en Vigo no mes de xullo apoiado e alentado por todo o atletismo galego, nesta ocasión en xogo o título de Campión de España. David realizou probas a un nivel moi alto como a xavelina con 63.71, a lonxitude con 7.39, uns sensacionais segundos douscentos metros no 400 gañando a serie con 50.65 e 1.93 en salto de altura, nesta proba Santiago Ferrer lograba superar o listón en 1.84, napértega 4.50 e un segundo posto no 1500. David Gómez finalmente lograría o seu quinto título de Campión de España con 7580 puntos. Santiago Ferrer 6327 e David Ferrer 5718.

Na xornada do domingo o vento calmouse un pouco o que permitiu ver mellores rexistros. Na semifinal dos 200 metros lisos feminino Lidia Casal pasou á final sen problema correndo en 24.90, xa na final que se disputaría pola tarde foi cuarta pelexando ata o último metro pola medalla de bronce. Nos 400 metros lisos femininos, a mellora das nosas atletas na presente tempada viuse reflectido nestes campionatos co pase á final de tres atletas galegas, Esperanza Caldas, Paula Ferreiros e



Candela Diaz, na final Esperanza foi cuarta con mellor marca persoal 56.12 ao igual que Candela con 56.82 e Paula Ferreiros 58.11. Outra das protagonistas da tempada non quixo ser menos neste Campionato, Belén Toimil lograba a medalla de bronce en lanzamento de peso con 14.91 e a de disco con 46.94, a atleta de Mugarodos completa así unha sensacional tempada na que ademais destas dúas medallas recordemos que foi finalista no Campionato do Mundo Júnior celebrado en Barcelona e Campiona de España júnior nas dúas disciplinas. Por último destacar o quinto posto de José Alfonso Palomanes con 15.86 en triplo salto moi preto da súa mellor marca.

Bo fin de tempada para os nosos atletas neste Campionato de España Absoluto no que homes importantes do noso atletismo renderon a un excelente nivel como é o caso de Manuel Penas, Jean Marie Okutu e Isaac Vicente, a calidade de dous atletas cun futuro prometedor como Alejandro Fernández e Solange Pereira e sen lugar a dúbidas valorar as dúas medallas conseguidas por Belén Toimil, atleta da categoría júnior que continúa a súa progresión no panorama atlético nacional e internacional [Resultados](#) [ACTUACION GALEGA](#)

21/09/2012

Campionato de España de Medio Maraton



Boa representación galego no Campionato de España de medio maraton que se celebra este sabado na localidade valisoletana de Tordesilla, onde os nosos atletas aspiran a ser protagonistas na carreira. O grupo inscrito fórmano Alejandro Fernández, do que ultimamente pouco máis pódese dicir, salvo que acode á proba nun excepcional estado de forma; Manuel Hurtado, quen tamén demostrou este pasado fin de semana en Riveira unha boa preparación; o marroquí Hassan Lekhili; o veterano vigués Elías Domínguez; e José Manuel Fernández Márquez, En mulleres a atleta do Comesaña, Yolanda Gutierrez, tratase de demostrar o seu bo estado de forma neste final de tempada como vén desmotrando carreira. [Más información](#)

23/09/2012

Campionato de España de Medio Maratón



Tordesillas acolleu o Campionato de España de Medio Maratón. Os atletas que percorreron boa parte do centro histórico da cidade encontraronse con un circuito moi duro que xunto con as altas temperaturas e o forte vento en contra impediron as boas marcas.



A millor actuación galega veu da man da atleta do Comesaña Yolanda Gutierrez que, na súa preparación para a maratón, acabou cuarta con un tempo de 1.21.00. Tralo abandono do atleta do Ourense Academia Postal Alejandro Fernández no kilómetro 15 cando ia en cabeza cos que finalmente serían o campión e subcampeón Jaime Leiva e Chema Martínez, o millor atleta galego na liña de meta foi o seu compañeiro de equipo Manuel Hurtado con un tempo de 1.10.21 na oitava posición.

Destacar tamén a cuarta posición na categoría promesa de Martín Taín da Gimnástica de Pontevedra con 1.21.56.

24/09/2012

Campionato de España de Clubes Cadete - Fase Previa



O pasado sábado 22 dispútase en Gijón a fase previa do Campionato de España de Clubes en categoría cadete feminina. O Lucus Caixa Rural Galega e Atletismo Vila de Cangas tomaron parte neste encontro os dos clubs Galegos enfrendándose a Txidonki AT, Bidezabal Atletismo, Tolosa CF e CA Valladolid Os clubs galegos conseguiron catro primeiros postos, a cargo de Johana Villar en martelo con 36,14; Maria Abeledo en 3000 metros marcha con 16.50.09; Saleta Fernandez en Altura con 1,67 e Maria Rodriguez en peso con 11,16 metros. O Lucus Caixa Rural conseguiu a cuarta plaza con 81 puntos, sendo quintos o Vila de Cangas con 84

do noso deporte.

O pase á final disputáse na os sete mellores clubs por puntuación de marcas por táboa IAAF, ademais do Praia de Castellon como actual Campión de España


[Resultados](#)

30/09/2012

Fase Previa Campionato de España de Clubs Júnios



Valladolid e Salamanca foron as sedes da fase previa do Campionato de España de Clubs júniors onde interviñeron clubs galegos. Salamanca acolleu aos homes, en onde o ADAS Proinor gañou o encontro cunha puntuación de 11487 e o Real Club Celta de Atletismo ocupou a cuarta posición con 8803 puntos. Once foron primeiros postos de ambos os dous clubs a cargo de Pedro Arias (100-11.74); David Abalde (400-51.55); Carlos Porto (800 - 2.00.62); Carlos Moro (110v-15.18); Javier Rivero (400v - 1.00.59); Pablo Maciñeiras (5000 Marzo - 27.32.58); David Barreira (Altura -1,75); Miguel Cajaraville (Pertiga -3,10); Jesus Carballo (Peso -11,36); Antonio Molina (Xavelina -46,04) e Luis Gonzalez (Martelo -48,67)



Seis primeiros postos foron logrados pola mulleres no seu encontro de Valladolid a cargo de Patricia Carballo (200 -26.46); Paula Ferreiros (800 - 2.17.49); Jenny Fernandez (1500 - 5.01.73); Sara Pino (Altura -1,55); Marta Lolo (Triplo -10,97); Ana Izquierdo (Disco -34,56). Por equipos o Lucus Caixa Rural logrou a terceira posición con 10089 puntos e o Atletismo Feminino Celta a quinta con 8421. Resultados [Salamanca](#) - [Valladolid](#)

08/10/2012

Excelente actuación! 4 medallas para os atletas veteranáns no Campionato de España de Pentatlón Lanzamentos



En Chiclana disputouse este fin de semana pasado o Campionato de España de Pentatlón de Lanzamentos. Varios atletas galegos participaron nesta importante proba acadando dous ouro e dúas pratas. A medalla de prata foi para Carlos Ferrer e Carlos Almudi mentres que o ouro foi parar nas mans de Manuel Rodriguez e José Manuel Almudi. Noraboa para todos eles!

ACTUACIÓNS DOS ATLETAS GALEGOS EN CAMPIONATOS DE EUROPA, DO MUNDO E ENCONTROS INTERNACIONAIS

2011/12

11/12/2011

Bo Campionato de Europa de Cross de Solange Pereira e Sandra Mosquera



Ultima Hora: Gran campionato de Europa de Cross, realizado por as atletas galegas Solange Pereira e Sandra Mosquera, ao cruzar a linea de meta nos posto 22 e 25.

Sandra e Solange foron as duas primeiras atletas do equipo nacional, logrando con sus compañeiras a sexta posición para España [Resultados](#)

02/03/2012

Tres atletas galegos seleccionados para participar no Encontro Internacional de Lanzamentos Longos Francia-Alemania-Italia-España

Na localidade francesa Val de Renil, terá lugar este sábado día 3 un Encontro Internacional junio e promesa de Lanzamentos Longos. A RFEA seleccionou a tres dos nosos atletas: Belén Toimil, Borja Barbeito e Lidia Parada. Esta última non poderá participar finalmente, por mor dunha lesión acontecida na pasada semana. Galicia continua sendo unha das comunidades autónomas máis potentes nos lanzamentos. Belén Toimil está a progresar a grandes pasos, Borja Barbeito acapara en cada tempada un maior dominio da xavelina e Lidia Parada, tamén é outra das nosas máis grandes promesas galegas. Noraboa para todos eles!

14/03/2012

Borja Barbeito seleccionado para participar na Copa de Europa e Carmela Cardama ao mundial de campo a través

A RFEA publicou o listado de atletas seleccionados para participar na Copa de Europa de lanzamentos. Neste selecto grupo de atletas, está incluído o lanzador galego Borja Barbeito, quen engadirá ao seu curriculum un novo encontro de carácter internacional. Por outro lado, a xoven fondista Carmela Cardama foi seleccionada pola RFEA para participar no Campionato do Mundo ISF a celebrar en Malta, na última semana deste mes. Noraboa!

18/03/2012

Borja Barbeito acada un bo posto na Copa de Europa de lanzamentos

O lanzador galego que acudiu este fin de semana ca selección española sub23 á Copa de Europa de lanzamentos rematou a competición nun bo posto de 9ª posición. Borja lanzou o artefacto a 68,60 metros finalizando a competición por riba de 7 importantes rivais. ([resultados](#))

28/03/2012

Excelente Carmela Cardama no Mundial Escolar de Cross



A nova atleta do Comesaña Sporting Club, Carmela Cardama tivo unha actuación excelente no mundial escolar de campo a través disputado en La Caletta (Malta) ao ocupar o posto 17 no seu debut internacional.

Dende a FGA queremos fecilitar a esta promesa do noso atletismo enhorabuena;

09/04/2012


Fantástica actuación dos veteráns galegos no Mundial de Pista Cuberta!



Ata Jyväskylä (Finlandia) desprazáronse numerosos atletas galegos para intentar obter un dos prezados metais deste campionato. Das 14 medallas acadadas polos atletas españois, 5 delas teñen propiedade galega. **Soledad Castro** (CSC) proclamouse campiona do Mundo en Media Maratón (F45), contribuíndo a que o equipo español subira ao podium en primeira posición. **Pilar Iglesias** (SFL) tamén proclamouse campiona do Mundo de 10 km marcha (F40) e **María Jesús Sanguos** (CSC) subcampiona do Mundo en 60 mv e record de España (F55). Asemade participaron outros galegos destacando o fantástico 4º posto de **Basilio Bernardez** do RCC que fixo un mellor salto en lonxitude de 6,33 m. e o seu compañeiro de equipo **Antonio Fuertes** tamén 4º na proba da Media Maratón (M50) cun rexistro de 1;17;27 e que contribuiu a que o equipo español de Media Maratón acadase a medalla de ouro. Noraboa para todos eles. [Resultados](#)

17/04/2012

Boa actuación de Solange Pereira no Campionato Mundial Universitario



Boa actuación de Solange Pereira no Campionato de Mundo Universitario de campo a través, que se celebrou na localidade de Lodz (Polonia). Solange logrou entrar en meta no posto 17, sendo a segunda das atletas españolas. O resto do equipo formábano Nuria Lugueros, Lucía Pérez e Teresa Urbina. Por seleccións España logrou o quinto posto”.

11/05/2012

Lorena Luaces: Seleccionada para la Copa del Mundo de Marcha



Representación galega na 25ª Copa do Mundo de Marcha Atlética que se disputa na localidade rusa de Saransk o próximo fin de semana. Na expedición española encóntrase Lorena Luaces, que disputará a proba dos 20 kilómetros. A selección española fómana 12 marchadores e 8 marchadoras. Competirán atletas de 69 países, 116 mulleres e 312 homes. O equipo feminino español está integrado por María Vasco, María José Poves, Beatriz Pascual, Julia Tacks e Lorena Luaces.

13/05/2012

Lorena Luaces: Medalla de prata por equipos no Mundial de Marcha



ULTIMA HORA: Lorena Luaces, atleta do Ourense Academia Postal e membro do equipo español que disputou o Campionato do mundo de Marcha na localidade rusa de Saransk. Lorena participou nos 20 Km. logrando o posto 57 cun rexistro de 1.40.47, lonxe da súa mellora rexistro de 1.32.42 do ano 2010 en Eivissa. A atleta do Ourense incrementa o seu palmarés internacional e logra a medalla de prata por equipos coa Selección Nacional que ocupou a segunda posición.

O equipo español estivo composto por María José Poves (3), Beatriz Pascual (5), Julia Takacs (11) Lorena Luaces (57) e María Vasco que foi descalificada, para un total de 19 puntos e segunda posición. As vencedoras foi a Selección Rusa, ocupándoa terceira posición a selección de China [Resultados](#)

18/05/2012

Lolo Penas , seleccionado para a Copa de Europa de 10.000 metros



O atleta galego Lolo Penas, será o único representante da nosa comunidade, formado parte do equipo español que disputará a Copa de Europa de 10.000 m.l. que se celebra en Bilbao o 3 de xuño, o equipo nacional estará composto por : Ayad Lamdassem, Carles Castillejo, Manuel Penas, David Solís, Daniel Sanz e Chema Martínez, [Web Copa Europa](#)

28/05/2012

Excelentes rexistros de José Manuel Vila e Frank Casañas na Copa de Europa de clubes



José Manuel Vila acada a mellor marca española en lanzamento de xavelina cun rexistro de 71,53. A marca tivo lugar durante a Copa de Europa disputada co Club Playas de Castellón na localidade portuguesa de Monte gordo. Salientar tamén a participación do atleta español federado por Galicia **Frank Casañas** quen representaba tamén a este club e que lanzou o disco a 67,74 metros, primeiro do encontro e quinta mellor marca mundial do ano. Noraboa a ambos atletas!

31/05/2012

Copa de Europa de 10.000

Manuel Penas, actual Campión de España da distancia, formará parte da selección española que o domingo 3 de xuño disputará en Bilbao a Copa de Europa. Coa marca realizada en marzo, 28.17.69 e co obxectivo de pelexar entre os mellores, Lolo Penas disputará este campionato coa vista posta no Europeo de Helsinki que se celebrará a finais de xuño. A selección española integrada polo mencionado Penas, Carles Castillejo, Ayad Lamdassen, David Solis, Chema Martinez e Daniel Sanz terá como principais rivais a selección italiana e a portuguesa. España defende o título continental, puntuarán os 3 primeiros atletas de cada país. [Mais información](#)

02/06/2012



Lolo Penas: 4º en la Copa de Europa de 10000 metros



El equipo español masculino compuesto por Ayad Lamdassem, Carles Castillejo, **Manuel Ángel Penas**, Daniel Sanz, Chema Martínez y David Solis, ha ganado la Copa de Europa de 10.000m por equipos, disputada esta tarde en el Polideportivo Municipal de Zorroza. La actuación individual de los españoles fue: 2º Lamdassem 28:04.22 (mínima olímpica y mejor marca española del año), 3º Castillejo 28:07.50 (mínima para el Europeo), **4º Penas 28:33.99 (mínima para el Europeo)**, 12º Sanz 28:54.77 (mínima para el Europeo), 16º Martínez 29:06.96 y 30º Solis 30:52.01. El ganador de la Serie A fue el turco Polat Kemboi Arikan (27:56.28) y por equipos, tras España quedaron Portugal y Francia. [Resultados](#)

08/06/2012

Meeting Internacional Iberoamericanos



A primeira en competir foi Leticia Fernández Barbosa, 3ª clasificada na serie B, mellorando o seu rexistro persoal en 4.26.96 e rebaixando en 4" a súa plusmarca, deste xeito Leticia sitúase 1ª do Ránking Nacional Promesa de 1.500ml. Posteriormente o turno foi para Solange nunha impresionante carreira de "menos a máis" deixou o seu mellor rexistro sendo tamén MMP en 4.14.07. Sendo desta maneira a 1ª e 2ª do Ranking Galego Absoluto Solange e respectivamente.

Leticia

Nos 5.000ml o arzuano Lolo Penas fixo unha intelixente carreira, sen excederse no ritmo marcado polos atletas africanos e na última volta plantou cara ao Subcampión do Mundo indoor de 3.000ml, Sergio Sánchez, sendo 2º Español en cruzar a liña de meta cuns magníficos 13.31.20. Lolo participará nos vindeiros Europeos de Helsinki na proba dos 10.000ml na que é o actual Campión de España, estará acompañado na capital Finesa por Ayad Lambdassen e Carles Castillejo.

O último en pisalo tartán do estadio Iberoamericano de Huelva foi o Marinense Victor Riobó, que despois da súa operación do tendón de aquiles, reaparece nunha carreira de nivel, na busca da mellor posta a punto de cara a tempada de Aire Libre e o Campionato de España Absoluto o 25 de Agosto. Riobó correu sempre á cola nunha carreira a ritmo endiablado na que gañou Álvaro Rguez. nuns fantásticos 3.34.47 e segundo o sub23 David Bustos en 3.34.77 Victor Riobó fixo bo o seu pronostico segundo os adestramentos e parou o crono en 3.48.04 [Resultados](#)

08/06/2012

Campionato Iberoamericano



Na cidade venezolana de Barquisimeto estase a celebrar os Xogos Iberoamericanos, e conta coa presenza de tres galegos na Selección Nacional. A primeira en tomar parte da competición foi Begoña Garrido nos 400 metros, facendo un bo papel cun rexistro de 54.98 en semifinais, acercándose á súa mellor marca de 54.14. Hoxe tomase parte o atleta da Sociedade Gimnastica de Pontevedra Jean Marie Okutu na proba de lonxitude, que parte cunha mellor desta tempada de 7,83 lograda a semana pasada en Burgos, evidenciando estar en condicións de mellorar a súa mellora marca de sempre de 7,94 metros. Como terceiro membro da expedición a RFEA nomeou como Xefe de equipo ao presidente da FGA Isidoro Hornillos [Resultados](#)

9/06/2012 . Os chineses Li Jiambo e Liu Hong vencedores do GP Cantóns de Marcha

A tarde iniciouse coas probas das categorías inferiores do Memorial Josefina Romero que supoñía así mesmo a final do circuíto galego de marcha na que, os atletas benxamíns facían unha distancia de 1 quilómetro, os alevíns dous quilómetros e infantís e cadetes mulleres tres quilómetros. O traballo desenvolvido en Galicia na disciplina de marcha atlética viuse reflectido no asfalto coruñés con numerosos atletas, especialmente dos clubs Atletismo Cuntis e Atletismo Vila de Cangas. Na proba benxamín os vencedores foron Teo Iglesias e Ana Piñeiro do Club Atletismo Vila de Cangas mentres que en alevíns o fixeron Roberto Vieiro e Valeria Fernández do Atletismo Cuntis. Na proba de tres quilómetros sensacional Maria Abeledo, atleta cadete, que realizou parte da proba acompañada de Bráis Prieto e Roberto Vieiro finalmente o seu rexistro sería de 15.36 sendo Bráis o primeiro atleta infantil. Ás 17.15 dábase a saída á proba dos 10 quilómetros nos que de inicio nos homes formase un grupo de 10 atletas entre os que se encontra José Fernández Nieves que é o que leva o peso da proba ao paso pola contrameta. Entre as rapazas un guiñón diferente dende o primeiro quilómetro, Maria Pérez, atleta xuvenil que acudiu coa selección española júnior á Copa do Mundo de marcha impuxo un ritmo que ningunha atleta foi capaz de seguir, por detrás dela Mar Chillón acompañada de dous atletas do ADAS, Marcos Cintrón e Pablo Maciñeiras. Ao paso polo primeiro quilómetro no grupo masculino comanda a proba o burgalés Rubén Castrillo a continuación varios atletas entre os que se encontran ademais de José Fernández do Club Ourense Academia Postal, Fabio e Armando Pereira. No quilómetro dous o dorsal 430, Ruben Castrillo vaíse só a un ritmo de 4.24 o quilómetro mentres por detrás o ritmo o pon o atleta veterano Leonardo Toro seguido de Pablo Oliva e os atletas galegos. Nas mulleres non hai cambios significativos nos postos de cabeza, en terceiro lugar en solitario marcha Madison Loriou mentres que nun cuarto grupo vai a atleta do Club Atletismo Cuntis, Carmen Fuentes, Elena Diaz, e Macarena Martín. No quilómetro tres da proba masculina empezan a descolgarse atletas, en primeiro lugar continua Rubén Castrillo, en segundo lugar Leonardo Toro e o atleta xuvenil Pablo Oliva actual campión de España, mentres que por detrás José Fernández continua a súa loita por non perder contacto cos atletas de cabeza. En 14.30 pasa o terceiro

quilómetro a atleta do Cuevas de Nerja, Maria Pérez mentres que Mar Chillón o fai en 15.02 acompañada dos dous atletas do ADAS. Achegándonos ao quilómetro 6 vanse recortando as distancias entre o primeiro atleta da carreira masculina e Leonardo Toro e Pablo Oliva. A falta de pouco máis dunha volta para o final Pablo Oliva actual campión de España xuvenil sitúase en segundo lugar pero pronto sería descalificado deixando a segunda praza para Leonardo Toro que finalmente sería superado polo atleta cadete Manuel Bérnude, marca con 23.13, nesta ocasión realizou a proba practicamente en solitario. Nesta mesma distancia destacamos a vitoria de Pilar Iglesias do Lucus en categoría de veteranas con 25.25 e de Antía Chamosa con 26.41 atleta infantil

Nas probas de 20 quilómetros nivel espectacular dos atletas inscritos que disputarían a edición XXVI do Premio Cantóns da Coruña, a décima proba da Challenge Mundial, Campionato de España dos 20 quilómetros na proba masculina e asimesmo os españois, en moitos casos, xogábanse o pasaporte olímpico. Con estes condicionantes a proba non defraudou e o público fíxose participe do esforzo e a calidade dos marchadores apoiándoos ao longo das 20 voltas que darían ao circuíto. As primeiras en tomar a saída foron as mulleres, entre elas as galegas Lorena Luaces e Eva Iglesias que non quixeron perderse esta cita na cidade herculina. Entre os nomes destacados a chinesa Liu Hong subcampiona do Mundo, a catalá Maria Vasco medallista olímpica en Sydney, Beatriz Pascual sexta en Pekin e Maria José Poves terceira na Copa do Mundo e con iso con praza para representar a España en Londres. O primeiro quilómetro pásano agrupadas un bo número de atletas entre as que se encontran as españolas, as chinesas, algunha atleta polaca e Lorena Luaces do Ourense Academia Postal. No quilómetro dous, tres atletas chinesas vanse en solitario mentres o segundo grupo é comandado pola experimentada Maria Vasco. A proba non permitiu ningún descanso e ao paso por meta íanse desenvolvendo acontecementos que obrigaban o espectador a estar pendente das atletas, o segundo grupo no quilómetro tres dá alcance á atleta Ding Huiquin por detrás, Julia Tackas e a alemá Sabine Krantz.

No quilómetro cuarto na cabeza continúan as dúas atletas chinesas mentres Maria Vasco pasa por meta nun tempo de 22.30 a oito segundos da cabeza. No quilómetro sete a galega Lorena Luaces que este ano correu a distancia en 1.31.50 pasa en solitario pola meta. Posteriormente sería descalificada a atleta Ding Huiquin mentres o resto de posicións non varían. Xa no quilómetro 11 se producirían cambios importantes, vaise a favorita Liu Hong mentres Maria Vasco enlaza coa segunda das atletas chinesas, por detrás vai remontando Julia Tackas e Beatriz Pascual. A atleta China Liu Hong, líder do ranking mundial pasa o quilómetro 17 en 1.14.51 mentres a atleta española que mellor está rematando a proba é Beatriz Pascual que logra superar na última volta a Maria Vasco. Finalmente primeira cun tempo de 1.27.32 Liu Hong, segunda con 1.29.53 Beatriz Pascual e terceira Maria Vasco con 1.30.05, Lorena Luaces realizou un tempo de 1.35.39 e finalmente Eva Iglesias retirárase. Na proba masculina de novo dominio inicial dos atletas chineses, na liña de saída nomes importantes a nivel internacional como Zhen Wang cuarto no Mundial do 2011, Jesús Ángel Garcia Bragado, Miguel Ángel López, o polaco Rafael Augustyn, Yu Wei ou Giorgio Rubino. O primeiro quilómetro da proba pásase a un ritmo cómodo para algúns dos atletas que forman o grupo de cabeza tirando en principio o ecuatoriano Rolando Saquipay e o favorito Zhen Wang, este atleta consciente de que teñen que subir o ritmo decide marcharse só pasando a marchar a un ritmo de 3.51 o que lle permite coller metros de distancia. O quilómetro seis pásao o atleta chinés en 23.35 mentres que no segundo grupo van homes importantes como Giorgio Rubino, Yu Wei, Li Jianbo, ou os mexicanos Alvaro





García e Pedro Daniel Gómez. Aproximadamente no quilómetro 13 prodúcese cambios no segundo grupo indose os dous atletas chineses Yu Wei e Li Jiambo mentres quedan por detrás o italiano Giorgio Rubino e o español Miguel Ángel López. Sorpresivamente retirase Zhen Wang que realizara toda a proba na cabeza situándose á fronte o outro atleta chinés Li Jiambo mentres a falta de tres voltas Miguel Ángel López que este ano tiña unha mellor marca de 1.21.52 colócase segundo. Finalmente a vitoria sería para Li Jiambo cun tempo de 1.20.55, segundo da proba e Campión de España con 1.20.59 Miguel Ángel López con marca persoal e terceiro Yu wei con 1.21.04. No Campionato de España serían segundo Luis Corchete e terceiro Francisco Arcilla. Cun tempo de 1.25.50 entraría na meta un dos homes máis aplaudido polo público coruñés: Jesús Angel Garcia Bragado.

O Gran Premio Cantóns da Coruña de marcha atlética viviu a súa edición número 26 e aínda que o vento quixo ser o protagonista, finalmente fórono o público e o gran nivel dos atletas presentes. No circuíto, coñecido xa por todos os participantes se presaxiaba unha tarde intensa e con obxectivos ambiciosos, en xogo non só a vitoria senón a clasificación para os Xogos Olímpicos de Londres e o título de Campión de España en homes así como os títulos da categoría de veteranos [Resultados](#) (ir a noticia ampliada) [FOTOS](#)

10/06/2012 . XV Campionato Iberoamericano Jean Marie Okutu, medalla de prata en lonxitude



O saltador galego Jean Marie Okutu, actual campión de España de lonxitude ao aire libre, logrou a medalla de prata no Campionato Iberoamericano cun mellor salto de 7.87 m e suma a segunda medalla para o equipo español na segunda xornada. Okutu consegue así o seu maior éxito internacional e segue mellorando a súa marca do ano, cada vez máis preto da mínima europea (7.95 m) Na final de 400 Begoña Garrido Barro puido mellorar a súa mellor marca de 54.14 e na final realizou un rexistro de 55.44 ocupando a sétima posición. [Resultados](#)

Foto cortesía de Mauricio Quiroz)

19/06/2012

Campeonato de Europa al aire libre



España presentará un gran equipo en los Campeonatos de Europa de Atletismo que se disputan en el mítico Estadio Olímpico de Helsinki. La capital finlandesa acoge esta gran cita continental desde el 27 de junio al 1 de julio. La Selección Española contará con presencia de tres atletas de nuestra autonomía. Manuel Penas Blanco en 10.000 metros con una mejor marca personal de 28.17.69 del 2009, Frank Casañas en disco con 67,74 del año 2008 y Begoña Garrido Barro que tomará parte como integrante del relevo del 4x400 metros con una marca de 54.98. También formará parte de la expedición, como responsable de mediofondo Mariano Garcia-Verdugo [Más información web](#)

26/06/2012

Campeonato de Europa: Lolo Penas competirá en 5000 y 10.000 metros



Ultima Hora: El atleta gallego Manuel Penas, seleccionado en la prueba de 10.000 m.l., también participará mañana en la final de 5.000 al causar baja por lesión el leonés Sergio Sánchez. Penas se ha desplazado hoy a la capital finlandesa en vez de mañana día 27 que era cuando estaba previsto, al surgir esa posibilidad ya que también estaba inscrito en 5.000 m.l., tal y como indica el reglamento, aunque finalmente solo puedan participar tres atletas como máximo por país. [Web](#)

27/06/2012

Lolo Penas, debut en el Europeo de Helsinki



Ultima Hora La primera final que se disputó en el europeo fue el 5000 metros hombres y conto con la presencia de Lolo Penas que fue el primer español en cruzar la línea de meta en el decimo puesto con un registro de 13.41.40. Francisco Javier Alves, ocupo la 12 plaza con 13.42.46 y Jesus España fue vigesimo con 13.55.98 El vencedor fue el britanico Mohamed Farah con 13.29.91 [Resultados 5000](#)

30/06/2012

Campeonato de Europa: Lolo Penas repite puesto en 10000 metros y Fran Casañas 6º en disco

Ultima Hora: El primer en salir a competir fue el discobolo en un día lluvioso, Frank Casañas, que logro el sexto, puesto con un mejor registro de 63,60 El 10.000 con Penas; tambien bajo la lluvia, ocupó la decima posición al igual que en los 5000 del pasado miércoles, Lolo se descolgó pronto no logrando en ningun momento meterse en el grupo de cabeza rebasando la linea de meta en 29.02.01.

03/07/2012

Campeonato del Mundo Junior: Tres atletas gallegas seleccionadas por la RFEA



Éxito de nuestras junior al ser seleccionadas para tomar parte en el Campeonato del Mundo Junior a celebrar en Barcelona. La gran temporada de las junior gallegas como Belen Toimil, Ana Peleteiro y Lidia Parada, ven premiado su esfuerzo y acuden a un gran campeonato, en que ha buen seguro tendrán una gran actuación.

La FGA felicita a las tres atletas, asi como a sus entrenadores por el gran trabajo realizado ¡enhorabuena! [mas información](#)

10/07/2012

CAMPIONATO DO MUNDO JUNIOR



Última hora: Dous das nosas representantes iniciaron a sua participación no Campionato Mundial Junior. Belén Toimil con un mellor lanzamento de peso 14.52 pasa a final que se celebrará hoxe a tarde. Lisia Parada con 50.33 na xavalina, a sua segunda millor marca persoal, quedou a tan só dous postos de entrar na final. [Resultados](#)

11/07/2012

FANTASTICA ANA PELETEIRO: 13.63 NO PRIMEIRO INTENTO NO CAMPIONATO MUNDIAL JUNIOR



Ultima Hora: Fantástica a atleta do Barbanza Ana Peleteiro asegurándose un posto na final de triple do Campionato Mundial Junior que se está celebrando en Barcelona con un único salto de 13.63 novo récord.

Pola súa parte Belén Toimil finalizou na 12ª posición na final de peso con un mellor lanzamento de 14.29. Belén participará tamén na proba de disco.

12/07/2012

Impresionante actuación de Ana Peleteiro! 14,17 no triple salto! Campiona do mundo!

Última hora: A galega logra unha medalla de ouro para España e acada a mellor marca mundial xuvenil. Ana comezou o concurso con excelente salto de 13,64, neste primer intento xa dominaba a proba fronte importantes rivais como a lituana Dovilė. No segundo intento, Ana continuaba o seu voo hacia a victoria cun salto que rozaba os 14 metros, 13,96 cm! Nese segundo intento soamente lle facía sombra a cubana Liuba con 13,90, e xa como colofón no tercer intento a atleta da Agrupación Atlética Barbanza abriu as alas e voo nada mais nen nada menos que ata os 14,17 metros! Mellor marca xuvenil do mundo e Campiona do mundo. Excelente actuación de Ana e parabéns para o seu adestrador Lardo Moure por afinar tanto a súa preparación para este importante campionato. [\(Resultados\)](#) [Video do concurso de Ana](#) [PRENSA](#)

13/07/2012

Belen Tomil : 45,83 en disco en el Mundial Junior

Ultima Hora: Belen Toimil tomo parte en el Grupo A de la clasificación de disco en el Mundial Junior, logrando una marca de 45,83 metros, lejos de su record gallego de 49,52 logrado el pasado día 1 en Vigo, durante el transcurso del Gallego Absoluto. Gran temporada de Belen que batío en varias ocasiones los record gallegos en pèso y disco de su categoría.

12/07/2012

Frank Casañas incluído no selecto grupo de atletas españois que participarán nos Xogos Olímpicos



Frank Casañas será o único atleta adscrito á federación galega que estará en Londres, así o confirmaba hoxe a Circular 145/2012 da Real Federación Española de Atletismo. Despois do último gran esforzo feito polo vigués David Gómez e por outros atletas galegos que rozaron o billete para os Xogos Olímpicos, a RFEA comunicaba no día de hoxe o listado final de integrantes. Neste grupo gourmet figuran tamén nomes de ilustres atletas galegas como Alessandra Aguilar ou Vanesa Veiga, actualmente federadas e residindo noutras comunidades.

No apartado de técnicos novamente contaremos ca presenza do Director da Escola Galega de Adestradores, **D. Mariano García-Verdugo**, e relativo aos xuíces, a IAAF convidou á Presidenta do Comité Galego de Xuíces, D^a. **Dolores Rojas Suarez**. Noraboa para todos eles e dende a FGA desexámoslle os mellores éxitos para todos eles! ([Selección Española](#))

07/08/2012

Excelente actuación de Javier Gómez Noya. Medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Londres



A FGA felicita ó gran triatleta Javier Gómez Noya polo histórico resultado de proclamarse subcampeón olímpico nos Xogos Olímpicos de Londres. O ferrolano pertencente a Gimnástica de Pontevedra fixo unha gran competición e respondeu así ós pronósticos. As nosas felicitacións tamén para o seu club, adestrador, familiares e Federación Galega de triatlón.

07/08/2012

Diploma Olimpico para Frank Casañas



Ultima Hora: Frank Casañas logra na tarde de hoxe diploma olimpico na proba de disco cun rexistro de 65,56, logrando a séptima posición. Dende a Federación Galega de Atletismo sentímonos moi orgullosos desta gran actuación do noso atleta!

07/08/2012

Actuación de Alexandra Aguilar e Vanesa Veiga no maratón dos Xogos Olímpicos



As galegas Alexandra Aguilar e Vanesa Veiga participaron na maratón dos Xogos olímpicos de Londres. A lucence Alexandra Aguilar con unha boa actuación acabou no posto 26 con unha marca de 2.29.19 mentrás que a gondomareña Vanesa Veiga sufrindo moito na última parte da proba acabou no posto 97 con 2.46.53.

27/08/2012

Excelente éxito dos atletas galegos! 5 medallas no Cto. de Europa de pista aire libre veteranán



Actuación excelente foi a obtida polos los atletas galegos no Cto de Europa ao aire libre celebrado en Alemania, República Checa e Polonia, os galegos obtiveron o maior número de medallas en relación co resto das autonomías, en función do número de participantes. Foron ouro, Soldedad Castro (10.000), Xose Luis (Chepi) Otero (10.000 y 5.000 m.), Chus (record de España) Sanguos (80 m. vallas). Ademais destes, obtiveron diploma de finalistas: Emilia Mesa (4º en lonxitude e peso e 7º en xavelina), Maria José Fraga (5º en 100 m. valados e salto de altura), Elisabeth Oya (6º en 400 m. vallas), José Dominguez (5º en decathlon), Flora Guzman (8º en 100 y 200 m., mellorando un segundo a súa marca). Con gran rendemento, melloraron as súas marcas tamén os atletas: Ana Santos (10º en 80 vallas), mellorando o rexistro da categoría, Angeles Rodriguez (14º en 5.000) mellorando un minuto o seu rexistro anterior e 11º en 1.500 mejorando tamén mellorando a súa marca, Francisco Basteiro (19º en 200).

04/09/2012

Gus Nieves a un paso da medalla nos Xogos Paralímpicos de Londres



O atleta da Sociedad Gimnástica de Pontevedra Gustavo Nieves acariciou o podium na final dos 5000m dos Xogos Paralímpicos que se están a celebrar en Londres. O atleta adestrado por Pablo Díaz foi cuarto con un excelente rexistro de 14.22.99, record europeo, nunha carreira dominada polos atletas africanos. Parabens

PROBAS DE RUTA INCLUÍDAS NO CALENDARIO AUTONÓMICO

2011/12

N

OVEMBRO 2011

06/11/2011. XXXV Carreira de San Martiño. Hassan Lekhili e Solange Pereira vencen na San Martiño.



Na primeira parte da tempada invernal, en canto a Carreiras Populares, temos dous claros protagonistas, en categoría masculina Hassan Lekhili e en categoría feminina Solange Pereira. O domingo 6 de novembro na XXXV Carreira de San Martiño en Ourense volveron demostrar que a día de hoxe son os atletas da nosa comunidade que se atopan nun mellor estado de forma. A carreira absoluta sobre unha distancia de 10u kilometros transcorreu polas rúas ourensás situándose a saída na Ponte do Milenio e a chegada no Pavillón dos Remedios.

O pistoletazo de saída deuse ás 11.00 da mañá, momento no cal máis de 3000 atletas dispoñíanse a iniciar a 35 edición desta carreira ourensá. Hassan corría en casa e desde o primeiro quilómetro recibiu os aplausos do público o que lle animou a pór un ritmo forte desde o principio chegando ao segundo quilómetro cunha lixeira vantaxe sobre os seus perseguidores o lucense Gustavo Platas e Carlos Villamor que viña de conseguir un excelente resultado na Carreira Pedestre de Santiago. Tras eles o atleta cantabro Ivan Hierro xunto con Elias Dominguez, Manuel Hurtado e o atleta marroquí fincado en Porriño Akka Essaadaqui.

Na proba feminina Solange segunda clasificada en Santiago volveu a amosar formando parte xa do Club Bikila, que se atopa nun gran momento de forma, impuxo o seu ritmo desde o comezo e só a atleta do Ria Ferrol Raquel Pedrosa podía pelexar por achegarse. Pasado o quilómetro seis se aventaxaba en máis de 30 segundos da súa perseguidora e esta á súa vez distanciábase da terceira clasificada que era a atleta promesa Leticia Fernández.

En liña de meta o claro vencedor Hassan Lekhili logrou un tempo de 30.19 decidíndose nos últimos metros o podium da carreira sendo segundo Gustavo Platas e terceiro o atleta da Sociedade Ximnástica Carlos Villamor. O primeiro promesa en entrar en meta sería Santiago García e en categoría junior Hugo Loureiro do Ourense Atletismo Academia Postal.

En categoría feminina as posicións non variaron entrando Solange Pereira cun tempo de 35.50 en primeira posición, Raquel Pedrosa segunda e terceira Leticia Fernández que á súa vez era a primeira atleta promesa, en categoría junior subiría ao podium a atleta Rocío Carbia. Na carreira de menores, atletas nados en 1995 e anos posteriores a saída situábase na Ponte do Milenio, o percorrido era de 4500 metros e a chegada do mesmo xeito que a proba absoluta estaba situada no Pavillón dos Remedios. O atleta estradense da categoría xuvenil, Miguel Otero impúxose con claridade cun tempo de 15.12, en categoría cadete Marcos Rosende do Atletismo Cuntis e en categoría infantil Lorenzo González serían os primeiros clasificados. En categoría feminina sensacional carreira da atleta infantil Iria Rodríguez, en cadete Angela Fernández e en xuvenil Sandra Rodríguez subirían ao primeiro caixón do podium.

En novembro do 2012 de novo miles de atletas apoiarán coa súa participación nunha das máis importantes carreiras do panorama atlético galego. [Resultados](#)

Na proba escolar, triunfo tamén para o estradense Miguel Otero, do Cuntis, por diante de Adrián Bouza, e Damián Esmerode. Iria Rodríguez foi a primeira das mozas nesta carreira, seguida de Sandra Rodríguez e Eva Cid. [Resultados](#)

14/11/2011 . XXXII Carreira Popular de Negreira. Exito da Carreira Popular de Negreira



O pasado domingo 13 de novembro celebrouse a trixésimo segunda Carreira Popular de Negreira, organizada por este concello da provincia da Coruña. A ameaza de choiva estivo presente ata instantes antes das primeiras carreiras, aínda que, finalmente, non fixo acto de presenza e púdoose disputar sen ningún contratempo, salvo algúns refachos de vento, sempre molestas para os corredores. Houbo moito público presenciando as carreiras e animando aos corredores, populares e federados, que se deron cita nas rúas de

Negreira.

A primeira proba disputada correspondeu ás categorías máis pequenas: benxamín e alevín, sobre unha distancia de 1000 metros. Foron os máis madrugadores e entusiastas. En categoría masculina vitorias de Leonardo Guazzone na alevín e Hugo Novoa en benxamín, que entrou moi preto a pesar da diferenza de idade. Na clasificación feminina triunfo da alevín Noelia Iglesias, sendo a vencedora na categoría benxamín Marina Fernández. Posteriormente deuse a saída á carreira conxunta entre infantís, cadetes e xuvenís, que percorreron unha distancia de 4500 metros. Victoria contundente de Tariku Novales na clasificación xeral, a pesar de pertencer á categoría cadete. Tamén destacada actuación de Rafael Piñeiro, que entrou en segunda posición, sendo así mesmo cadete. Máis tarde chegaron os primeiros xuvenís, Nicolas Villanueva, vencedor da súa categoría, e Fernando Vales. Pola súa banda, Carmen Martínez foi a vencedora na clasificación xeral, sendo aínda cadete. Después cruzou a meta a primeira xuvenil, Nerea Ruanova. E segundos máis tarde a vencedora na categoría infantil, Lucía Suárez. Pero tamén a organización da carreira estableceu unha clasificación de atletas locais. Estes son os gañadores.



Tras finalizar as carreiras para os máis pequenos, deuse a saída ao resto de categorías, sobre unha distancia homologada de 10.000 metros nun Circuito esixente para os corredores, pero moi vistoso para o público. Máis de 1300 atletas inscritos nesta carreira que é unha das máis importantes e prestixiosas da nosa Comunidade.

A lexion africana, tal e como era previsible, impuxo un forte ritmo xa desde o principio que rompeu a carreira. A loita entre os atletas kenyanos e os marroquís foi moi intensa. Pasados o quilómetro 6, un grupo integrado por Daniel Kiplagat, Hassan Leikili Anouar Dabab e Eliud Kipsirem, tiraban con forza nunha das costas ás que se enfrontaron. Algo máis descolgado, Leonard Kigen. Mais tarde, en solitario Aka Assasaoui. Después pasarían Carlos Costa. E algo máis atrás Juan Pena.

Por ese paso as primeiras mulleres foron a portuguesa Clarisa Cruz, Joan Chelimo e, algo máis atrasada, Nancy Chemutai. Finalmente descolgouse do grupo ou keniano Kiplagat, gañador en

2010 en Ourense, e venceu parando ou reloxos en 30 minutos e 34 segundos, un minuto e tres segundos máis que ou anterior vencedor, tamén keniano. Segundo foi un comabativo Hassan Lekhili, quen non puido referendar ou seu dominio en Santiago e Ourense, entrando a dezaseis segundos do gañador. Moi preto, o keniano Eliud Kipserem. Despois o marroquí Anouar Dabab, o keniano Leonar Kigen, o marroquí Akka Essaadaqui e o portugués Carlos Costa. O primeiro galego foi ou lucense Juan Pena Holguín, que terminou sétimo.

En mulleres, dominio da lusa Clarisa Cruz, décimo terceira na xeneral, seguida de Joan Chelimo e Nancy Chemutai, de Kenya. A primeira galega foi a ferrolá Raquel Suárez. Tamén houbo unha clasificación por equipos, sendo a vitoria para o Atletismo Sar A Poutada por diante do Milladoiro e ou Universitario.

En definitiva gran éxito desta nova edición dá Carreira Popular de Negreira, tanto en participación como en nivel organizativo. [Resultados](#)

27/11/2011

XXXIII MEMORIAL BELARMINO ALONSO.

Hassan Lekhili y Solange Pereira: vencedores do Belarmino Alonso



Nunha propicia mañá para o desenvolvemento deste 33º Memorial Belarmino Alonso de Campo a través, deuse comezo a devandito evento, como estaba programado, coa carreira de xuvenil e júnior homes, todo transcorría de acordo co previsto cando de súpeto vemos como uns atletas circulan en sentido contrario aos outros un fallo en non situar unha cinta nunha zona que a priori parecía claro non sería necesario situala, deu ao traste con devandita carreira, sucédense as reclamaciones pertinentes e o Xuíz Arbitro decreta a repetición da proba para o final do a sesión. Na repetición, algún optou por non participar, sendo o resultado final o seguinte: 1º Helder Costa, posiblemente o mellor atleta xuvenil de fondo portugués do momento, que dominou de principio a fin, (13.12.) 2º outro xuvenil, neste caso de Cuntis, José Miguel Otero Rei. Terceiro e primeiro júnior o noso 252, Alejandro Álvarez en dura loita co atleta do Celta de Atletismo Anxo José Fernández, 13.32. de Alejandro por 13.33. de Anxo José, de 5º e completando podio júnior Joaquín Riveiro, (13.45.) mentres de sexto entraba outro atleta que experimentou unha clara melhoria atlética, Enrique Martínez, completando o podio xuvenil. Corren a continuación as mesmas categorías pero femininas, carreira onde saía a priori co cartel de favorita a júnior Jenny Fernández, que ao final foi superada pola súa compañeira de club, (Val Miñor) pero xuvenil, Sandra Rodríguez, completando o trío valmiñorano, Eva Cid, xuvenil tamén. De cuarta, terceira xuvenil, Carmela Cardama, (Comesaña S. C.) a cal reaparecía logo de superar unha lesión. Para completar o podio júniorlas atletas Raja Rizki, (C.A. Porriño) e Vitoria Rodríguez, (Val Miñor) que entraron en 6 e 8 posición da carreira. Puntualmente dáse a saída á carreira promesa/sénior, onde se xuntan un bo ramillete de candidatos ao triunfo, Carlos Costa, o vencedor do pasado ano, Hassan Lekhili, o segundo dous anos atrás, Manuel Angel Penas, Miguel Ribeiro, Jorge Pinto..... Carlos Costa toma de inicio o mando, pronto tras progresivos aumentos de ritmo na carreira vanse perfilando os catro que parecen máis fortes, Costa, Lekhili, Penas e Ribeiro, deles Lekhili ten claro que quere que o seu nome ao fin figure como vencedor deste MBACT e dá un forte cambio de ritmo ao que soamente é capaz de seguirlle con dificultades Penas. Aquí queda xa a carreira totalmente en fila da un, Miguel Ribeiro desiste.... e o final decídese cunha vitoria incontestable de Hassan Lekhili, (27.46.) 2º Manuel Anxo Penas, (27.59.) 3º Carlos Costa,

(28.07.) 4º Jorge Pinto, (28.14.) 5º Robertas Geralavicius, (28.20.) 6º Manuel Magalhaes, (28.26.) 7º Juan Pena Holguín, (28.41) e 8º Ruí Portela Silva, (28.46.). No posto 12º entraba o primeiro promesa da carreira, André Silva, (29.42.) o primeiro atleta do Comesaña foi Antonio Sobrado no posto 16º en 30.19., mentres o segundo do club Samuel Rodríguez en 19 lugar con 30.30. clasificándose como 2º Promesa, completando ese podio en posto 20 Satiago García do Efflelou Narón en 30.34.. Por equipos o Ou.J. Fornos

A carreira feminina nos dio aos compoñentes do Comesaña, S. C. gran satisfacción ao ver á nosa rubia de oro poñerse á fronte da mesma con total convicción de ir a por a mellor actuación posible súa banda, demostrando que segue evolucionando moi positivamente súa forma atlética, Sandra Mosquera realmente fíxonos vibrar véndolle correr, a esperanza de que os seus problemas físicos estean superados, logo no tramo final da carreira xa foi Solange Andreia Pereira a que deu o definitivo tirón á carreira, facendo ver que ela nestes momentos é superior a Sandra, (19.00. foi o seu tempo en esta viu como a falta de 900 m. adiantáballe Rafaela Almeida, (19.1.) que realizara toda a carreira en 3ª posición, Sandra loito ata o final por esa segunda praza que se lle quedou (19.15.) a tan só dous segundos. A cuarta en discordia foi Uenice Tavares, (19.35) 5 Raquel Suárez, (19.54.) 6 Azara García dos Salmones, (20.10.) 7 e 8 as comesañenses Yolanda Gutiérrez, (20.23.) e Soidade Castro, (20.41.). A segunda promesa en posto 14 era Andrea Montero, (22.16.) e a continuación completaba ese podio Iris Soto, 15ª (23.43.). Vencendo na clasificación por equipos o Comesaña Sporting Club. (ir a noticia completa)

Crónica Joaquín Pérez



era

unha

pola
na

sendo

meta)

[Resultados](#)



27/11/2011

Emotiva celebración do Trofeo do XX Aniversario da Escola Atlética do Ben Cho Sey

O pasado sábado día 26 nas instalacións das pista de Atletismo Josefina Salgado de Ourense, disputouse o Trofeo do XX Aniversario da Escola Atletica do Ben-Cho-Shuy de Pereiro de Aguiar. O bo ambiente foi o denominador da xornada onde moitos atletas participantes estan na actualidade no Club e outros saíron da Escola.



Ao final da competición o presidente Germán González , non podía ocultar o seu satisfacción e como colofón déronse cita nun restaurante próximo ás pistas de Pereiro, onde recibiron distincións aos atletas destacados e membros da Escola Atletica da actualidade. Ao acto acudiron preto dun centenar de atletas, ex-atletas e familiares.



A FGA quere sumar a este entrañable acto, e deséxalles todas clase de éxitos deportivos e peronales a todos os integrantes do Club ¡enhorabuena!
([Video 20 Aniversario](#)) [Resultados Trofeo](#)

D

ECEMBRO 2011

03/12/2011

Éxito del cross de los Menhires organizado por el Marineda Atlético y el Riazor Coruña



Os Clubs Riazor Coruña e Marineda Atlético organizaron o I Cross Parque dos Menhires no circuíto coruñés da Torre de Hércules. A mañá non decepcionou e púidose gozar dun día de campo a través en que os atletas escolares e os populares foron os protagonistas. O clima foi favorable, a pesar dun lixeiro vento e chuvia nalgúns momentos, para o desenvolvemento dunha proba que na súa I edición recibiu apoio do Concello da Coruña, a Federación Galega de Atletismo, Atmosfera Sport, Begano e Gadisa.

En canto á participación, máis de 600 atletas inscritos en diversas categorías e especialmente na proba de juniors, promesa, seniors e veterans masculina. Os clubs da zona quixeron apoiar esta iniciativa coa súa presenza nas categorías inferiores contando con nenos/as dos Clubs Coruña Comarca, Club Atletismo Sada, AD. Fogar Carballo, o Colexio Santa María del Mar, Compañía de María e o Colexio San Francisco Javier, así como os atletas dos dous clubs organizadores. Participación destacada, como é

habitual nestas probas do Club Rialto en ambas categorías na proba absoluta.

A Xornada deu comezo coa proba benxamín, vencendo nos 500 metros femininos a atleta do Riazor Carmen García e en categoría masculina Tomás López do Atletismo Sada. Na proba alevín feminino sería a gañadora Lucia López mentres nos homes sobre unha distancia de pouco máis dun kilómetro gañaría o atleta local Ermias Fernández do Club Coruña Comarca. Na proba infantil as atletas do Club Coruña Comarca tiveron un claro protagonismo vencendo Paula Fonticoba. En torno ás 11:30 disputouse unha interesante proba na que sobre unha distancia de dous kilometros competirían atletas infantís homes xunto coas cadetes e xuvenís mulleres. A clara vencedora sería Carmela Cárdoma do Comesaña Sporting Club gañando a proba xuvenil, seguida da cadete Ainhoa Portos do Riazor e Alberto Tomé do A.D. Fogar de Carballo. Na proba cadete e xuvenil masculino púidose ver un bo grupo de atletas de calidade procedentes de diferentes clubs galegos. En categoría xuvenil vencería Olaf Araujo, seguido de Ero Doce, e na proba cadete o atleta do Atletismo Vedra, Raúl García entraría na meta seguido de Alejandro Pardo e David Bergondo.

A atleta do Celta Feminino, Esther Navarrete, medallista na tempada pasada no Campionato de España Promesa impuxo dende os primeiros metros a súa autoridade na proba, vencendo na súa categoría e na xeral. En segundo lugar entraría Cristina Pérez do Ria Ferrol e terceira Rocio Alvite. Nesta proba destacamos o sexto posto da atleta veterana Carmen Rodríguez. Con puntualidade deu comezo a proba masculina na que aproximadamente 200 atletas situáronse na liña de saída para enfrontarse os 8 kilómetros dun recorrido duro cun terreo en bo estado. Impúxose un bo ritmo dende os primeiros kilómetros nas primeiras posicións, pouco a pouco os favoritos foron destacándose do resto de atletas para finalmente impor a súa calidade o lugués Juan Pena seguido dos atletas promesas Fran Diaz e Santiago García, na categoría júnior vencería o atleta do Celta Alvaro Gamundi. Por detrás numerosos atletas populares enfrontábanse á súa primeira proba de campo a través sufrindo a dureza do mesmo pero recoñecendo a beleza dun percorrido e un entorno inmejorable.

A entrega de trofeos estivo presidida polo Alcalde da Coruña, Carlos Negreira, o concelleiro de Deportes Francisco Mourelo e o Presidente da Federación galega de atletismo Isidoro Hornillos. Así mesmo vivíronse momentos emotivos coa entrega de medallas por parte de dúas persoas entrañables para a xente do atletismo galego e en especial do coruñés como son, o gran atleta José Antonio Varela Calviño e como delegado do Atletismo Coruña e xuíz, Mariano Balsa. [Resultados](#)

11/12/2011

Iria Fernández e Hassan Lekhili: Vencedores da XII Edición de Megaxove 2011



O pasado día 8 realizouse nos arredores do Pazo de Deportes "Paco Paz" e do recinto feiral Expourense, a XII Edición Carreira Popular Megaxove 2011.

Os representantes do Ourense Academia Postal Iria Fernández e Hassan Lekhili dominaron a XII Carreira Popular Expourense-Megaxove, proba que contou cunha inscrición récord de case 750 deportistas, dos que máis de 400 tomaron parte nas distintas carreiras, ademais dos máis novos que disputaron a proba de Cativos ao final da xornada.

Iria Fernández non tivo rival en ningún momento, e impúxose na liña de meta á súa compañeira, tamén atleta

do Ourense, Filomena Cid, sendo terceira Almudena Cordón, esta tempada nas filas do ADÍES Proinor. Tania Prieto (ADÍES) conseguía a vitoria da categoría Júnior, e M^a Dolores Villar facía o propio na categoría de veteranas, onde Esther Bouso lograba a segunda posición. A proba masculina foi dominada a pracer por Hassan Lekhili, que demostrou unha vez máis o por que das súas últimas vitorias nas populares máis destacadas de Galicia, e mesmo no Campo a Través. Hassan foi secundado no podio absoluto polo seu compañeiro de club Alvaro de la Fuente, sendo terceiro o representante do ADÍES Víctor Conde. Na categoría Júnior, vitoria tamén para o Ourense, da man de Mario Pérez, mentres Saturnino González vencía en Veteranos A (con Daniel Valentín en segundo lugar), Domingo Alvarez (Burgas) vencía en Veteranos B, e Jose Fernández Barracel (Val de Rábada) lograba o triunfo en Veteranos C. [Resultados](#) [Fotos](#)

14/12/2011

Éxito do XI Memorial Andrés Abanqueiro



A AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO, co patrocinio de “BOCATERÍA PAPO’S” e DEPORTES ATHLETIC’S e a colaboración do CONCELLO DE VIGO, COCA COLA e CRUZ ROJA , organizou “XI MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO , celebrado o pasado Domingo, 11 de Decembre, baixo o control técnico do Comité de xueces da Federación galega de atletismo, no tradicional escenario do Parque de Castrelos.

Xornada emocionante de cross para as mais pequenos, contou ca participación de clubs de varios puntos da provincia, e do club organizados a Agrupacion Viguesa de atletismo.

Disputáronse 12 carreiras por categorías, dende pitufos ata cadetes, con mais de trescentos nenos, o que é realmente un éxito pese o mal tempo que houbo esa mañá. A primeira carreira en disputarse foi a infantil feminina, ca vitoria de Andrea Pais, seguida de María Perez e Alba Vidal.

A competición continuou cos nenos infantís, o primeiros en cruzar-la liña de meta foron, Lorenzo Gonzalez, Francisco Jose Rodríguez e Denis Mariño, 1,2 e terceiro respectivamente. As vencedoras en categoría cadete feminina, foron por este orden, Iria Perez, Laura Mendez e Noa Rouco, en homes cadetes os postos de honra foron para Yeray Gomez, Adrian Lago e Brais Gomez. A categoría alevín foi a proba con mais participación tanto en nenas como en nenos, con 44 e 56 atletas que chegaron a meta nas respectivas carreiras. En nenas serían, 1,2 e 3 , Berta Valle, Sara Lima e Ruth Carrera, respectivamente, e en nenos, Leonardo Guivanni, Martin Vazquez e Anton Iglesias.

A continuación tocoulle a quenda a categoría benxamin, tamen con importante participación, os trofeos os tres primeiros foron para Lucia Portela, Lola Bouza e Lucia Dopico en nenas e Zakarias Fernandez, Lope quintero e Pedro Verdeal en nenos. Xa avanzada a mañá, puxéronse na liña de saída os nenos e nenas nados nos anos 2005 e 2006, correspondentes a categoría prebenxamin, as gañadoras foron Naira Cougil, Agata Rodríguez e Abril Entenza e en nenos Denis Fernandez, fabian Cidrans e Raul fernandez.

Para rematar esta boa xornada atletica os mais pequenos, os pitufos, unha vintena de nenos e nenas recorreron es poucos metros dende a saída a meta, as tres primeiras nenas foron, Iris Malvido, Lucía Domínguez e Luna Rodríguez , e os tres nenos foron Yago Fernández, Daniel Brea e Ángel Sabin

Resultados

18/12/2011

Carreira do Pavo 2011



Un ano máis, e van cincuenta, o entorno da Praza de Compostela viguesa foi o escenario do Gran Premio Pedestre do Nadal, Carreira do Pavo, a máis antiga carreira pedestre de todas as que se celebran en Galicia. Nunha mañá fría e soleada, ao redor de oitocentos atletas disputaron as probas das distintas categorías, nunha cita ineludible para os afeccionados, tanto a nivel atlético como social, xa que ano tras ano se converte en punto de encontro do presente, pasado e futuro do atletismo galego. Os vencedores da carreira sénior foron Solange Pereira (Bikila) e Hassan Lekhili (OAAP), o tandem gañador esta tempada en Galicia, xa que é a

quinta vez que ambos os dous soben ao máis alto do podio na mesma proba. Na carreira feminina, Solange viuse superada pola atleta portuguesa Clárisse Cruz, que finalmente foi descalificada. Hassan impúxose con facilidade ao resto dos participantes.

Gañadores:

Benxamín:	Elsa Pena (C. Alejandro Gómez) e Zecharías Fernández-Arroyo (Val Miñor)
Alevín:	Sara Lima e Leonardo Guazzone (Val Miñor)
Infantil:	Iria Rodríguez (At. Porriño) e Lorenzo González (Val Miñor)
Cadete:	Uxía Pérez (Tui-Thermalia) e Yeray Gómez (Val Miñor)
Xuvenil:	Sandra Rodríguez (Val Miñor) e Helder Costa (Lisboa Benfca)
Júnior:	Jenny Fernández (Val Miñor) e Gonzalo Basconcelo (RC Celta)
Promesa:	Sandra Mosquera (Comesaña) e Manuel Martínez (SGP)
Veteranos:	Mercedes Gómez (Comesaña) e Daniel Bargiela (Bikila)

19/12/2011

Memorial Volta a Ria: Pedro Nimo e Maria Cabada vencedores



O pasado domingo día 18 celebrouse o Memorial Adolfo Ros Vola a Ria, onde se deron cita ao redor de 500 participantes. Os 21.097,5 metros por Ferrol, Fene e Neda con saída e chegada en Narón completárona un total de 405 atletas. O vencedor Pedro Nimo, con mínima olímpica parou o reloxo nunha 1.09.29, os participantes desafiaron á chuvia e frío. O acompañaron no podio o nicariense Jorge Crespo (1.13.44) e o triatleta naronés Brais Canosa. Unha vintena de mulleres participaron na media maratón polos citados catro concellos da ría. A mugardeza María Cabadas cruzou a meta en primeiro lugar (1.27.38) cunha ampla vantaxe sobre a coruñesa Eusebia Maldonado (1.31.16) e a fenesa Vicky Leira (1.38.33).

Categorías inferiores

O mal tempo restou certa participación ás competicións de categorías inferiores, con distancias adaptadas a cada grupo de idade. Ao final competiron 85 nenos nas categorías de base do Memorial Adolfo Ros-Volta á Ría. Os tres primeiros clasificados foron, por esta orde, Natalia López Fernández, María Branco e Judit Lago, e Andrés Picallo, Pablo Pajón e Aarón Alvariño en benxamíns; Paula López, Deisy Pérez e Andrea Ares, e Pablo Freire, Diego Rodríguez e Carlos López, en crías; Lucía Suárez, Raquel Ruiz e Miriam Otero, e Pedro Osorio, Daniel Ríos e Xoan Díaz, en infantís; Inés Vázquez, Inés Santiago e Sara Guerrero, e Sergio González, Noel Soto e Héctor Rivas en cadetes, e Sara Jove, Jessica Cáliz e Yaiza Fidalgo, e Adrián Bouza, Ero Doce e Adrián González en xuvenís.

Resultados: [Absoluto](#) - [Menores](#)

19/12/2011

Alejandro Fernández e Leticia Fernández vencedores da X Carreira Popular do Nadal San Cibrao das Viñas

Perto de 700 atletas déronse cita na localidade ourensana de San Cibrao das Viñas para presenciar a décima edición da Carreira do Nadal desta vila. Na clasificación absoluta impúxose o atleta do OAAP Alejandro Fernández Rivera, que estivo escoltado no podium polo atleta da Sociedad Gimnástica de Pontevedra Roberta Geralavicius e en terceira posición José Manuel Fernández. No trocante a clasificación absoluta feminina, Leticia Fernández Barbosa (OAAP). Impúxose por diante de Dierdet Mc Dermot e María Jesús Gestido, respectivamente. A proba contou cunha importante participación e un bo nivel organizativo. (Resultados)

19/12/2011

Boa actuación galega no cross de Venta de Baños



Este fin de semana varios atletas galegos desprazáronse ata Palencia onde se disputaba na xornada matinal do domingo a XXXII edición do cross internacional de Venta de Baños na que participaron atletas españois tan ilustres como Chema Martínez 3º, Juan Carlos Higuero 5º ou a lucense Alessandra Aguilar que finalizaría na 10ª posición na categoría sénior feminina.

O atleta Iván Manso-Pedrosa do club Franciscanos Lugo foi o claro vencedor na categoría cadete masculina sobre unha distancia de 4275 investindo un tempo de 15.23" na que o seu compañeiro de equipo Ivo Maseda rematou en 4ª posición. Ambos os dous atletas realizaron a totalidade da proba comandando o grupo principal, na que a falta de 2 km Iván cun forte cambio de ritmo quedou en solitario á fronte da proba, lugar que xa non abandonaría ata a meta. Mentres o seu compañeiro Ivo perdía a 3ª praza nun disputadísimo sprint e Miguel Escarda, Adrián Diéguez e Saúl Jáuregui finalizaban na 11ª, 16ª e 29ª praza poñendo un magnífico broche á gran carreira dos atletas do Franciscanos. Na categoría xuvenil masculina Miguel Otero del Ourense academia postal finalizaba na 5ª posición, o seu compañeiro Anxo Durán era 22º mentres os atletas lucenses do A.D.A.S, Jose González e José María Díaz eran 9º e 26º respectivamente realizando tamén unha excelente carreira. Na categoría júnior masculina Hugo Loureiro (OOAA) conseguiría a 6ª praza. No apartado feminino destacar a 9ª praza obtida pola atleta do Club Franciscanos Luísa Manso-Pedrosa na categoría cría feminina. Xa na categoría xuvenil feminina a atleta do OOAA Cristina González finalizaba na 12ª posición mentres a atleta lucense Tamara Aguiar era 18ª.

X ANEIRO 2012

02/01/2012

A San Silvestre Coruñesa acada perto de 1000 participantes

A Coruña despediu el año corriendo. La segunda edición de la San Silvestre Rialto A Coruña resultó una abrumadora congregación de atletas que partieron a las cinco de la tarde del día 31 de la Plaza de María Pita, a la que regresaron después de haber cubierto los 7,7 kilómetros del recorrido. En ese momento, cruzó la línea de meta en primera posición el atleta del Comesaña Marcos Seijo (con un tiempo de 24.11). Veintidós segundos más tarde llegaba Manuel Pérez Oliver (del Coruña Comarca) y dos después, Abdelazis Fahiti (del Marineda). Eran los primeros entre los novecientos que tomaron la salida minutos antes. La primera mujer en alcanzar de nuevo la plaza consistorial fue la participante do Comesaña Sporting Club, Deirdre McDermot (que ocupó la vigesimosexta posición gracias a su registro de 27.39). Completaron el podio en féminas María del Carmen Penas (del Comesaña Sporting Club) con 28.43 y Laura Mosquera Escudero (Club Atletismo Fontes Do Sar), que firmó 30.33. (Fuente: La Voz de Galicia)

02/01/2012

Pontevedra acolleu na súa San Silvestre a perto de 2500 atletas

José Antonio Ramallo, de la Sociedad Gimnástica, y Solange Andreia Pereira, del Atletismo Bikila, fueron los vencedores de la XXVIII edición de la San Silvestre de Pontevedra "Gran Premio IberCaja", en una prueba en la que se batió un nuevo récord de participación con la presencia de 2.490 atletas.

Hay que resaltar que el mayor número de atletas en esta competición se había logrado en la pasada edición en la que tomaron parte 1.600 deportistas, es decir que en esta ocasión se ha superado en 900 los participantes con respecto a 2010.

Las diferentes calles por donde discurrió la carrera popular que echaba el cierre a la temporada atlética se vieron desbordadas por la multitud de aficionados que no dejaron de animar a los participantes en el circuito urbano que eligió la organización para esta ocasión. Desde el inicio de la prueba, en la calle Marqués de Riestra, hasta la meta situada en la Avenida de Montero Ríos, se pudo presenciar una gran lucha por conseguir el triunfo entre los principales aspirantes. La ausencia de Víctor Riobó, vencedor de las ocho últimas ediciones, le abrió la posibilidad a otros atletas de conseguir el triunfo en la categoría masculina, mientras que en féminas, una vez más, Solange Pereira partía como la máxima favorita, como lo refrendó al final de la prueba.

Tras los dos primeros kilómetros de carrera, se formó un pequeño grupo entre los que estaban los atletas que al final lucharon en un apretado sprint por la victoria. José Antonio Ramallo, Robertas Geralavicius, Óscar Vicente, todos de la Gimnástica, y el marroquí Akka Esadaki, lograron una ventaja que les fue suficiente para llegar solos a la meta en la Avenida Montero Ríos. Ramallo, el atleta de Monte Porreiro, que demostró que está totalmente recuperado de sus problemas físicos, se impuso gracias a sus rivales y de esa forma repetir el triunfo que ya había logrado en los años 2000, 2001 y 2002, mientras que Solange Pereira no tuvo dificultades para hacerse con su segundo triunfo consecutivo y cuarto en total. La atleta portuguesa, residente en Cangas, tuvo un gesto que le honra como la gran persona que es al donar el jamón que tenía que recibir como ganadora para incluirlo en las cerca de tres toneladas de productos alimenticios que la organización donará para el comedor de San Francisco. La Gimnástica e IberCaja, patrocinadora de la prueba, hicieron un llamamiento a todos los participantes para que entregasen, en el momento de la inscripción, un kilo de cualquier producto alimenticio para donar a dicho centro.

A nivel de participación hay que destacar la presencia de muchas personas vinculadas al mundo del deporte pontevedrés. En algunos casos, deportistas pertenecientes a varios clubes de la ciudad participaron en grupo, lo que propició que se pudiese lograr este éxito de participación. Entre los participantes hay que destacar la presencia del concejal de Deportes, Agustín Fernández, que acabó la prueba acompañado por Ramón Touza, presidente del club. (Fuente: Faro de Vigo)

02/01/2012

Perto de 500 atletas achegáronse o día 31 ata Castrelo do Miño para disputar a súa San Silvestre

Castrelo de Miño cerró el año 2011 con una carrera popular, ya asentada en el calendario del 31 de diciembre. En Castrelo tuvo lugar la decimotercera edición de la carrera de San Silvestre, que volvió a congregarse a un buen número de atletas y aficionados.

Más de 300 corredores se citaron en los alrededores del parque náutico de Castrelo de Miño para despedir el 2011 con una carrera de algo más de siete kilómetros de recorrido para los corredores sénior. El vencedor fue el ribadaviense Iván Docampo, de la Sociedad Gimnástica de Pontevedra, un habitual de los podios de la San Silvestre, que estuvo secundado por dos atletas del Ourense Academia Postal. La prueba de Castrelo de Miño estuvo controlada por técnicos de la Federación Gallega de Atletismo. La cita combinó como siempre el ambiente deportivo y lúdico, con una importante participación de corredores menores. Al final todos celebraron la carrera con una merienda y chocolatada conjunta.

Este mes de enero viene marcado en Ourense por las pruebas de cros, con la disputa el día 15 del campeonato gallego de cros corto por clubes. (Fuente. La Voz de Galicia)

08/01/2012

Arranca a tempada en pista con boa participación.



Preto de trescentos atletas tomaron parte na 1ª Xornada de atletismo en pista disputada o domingo nas instalacións de Balaídos, nunha mañá fría e soleada. A organización viuse desbordada pola numerosa participación, o que xerou importantes atrasos en case todas as probas. Nesta primeira toma de contacto coa pista, os resultados foron moi dispares, e en xeral con moito marxe de mellora, como corresponde ao inicio de tempada. Non obstante, varios foron os atletas que lograron xa as marcas mínimas para os respectivos campionatos nacionais, sendo a proba de 3000 m a que máis rendibilizaron, sendo Alvaro Prieto o que fixo un mellor rexistro, 8.54.0.

A nivel absoluto destacar a Isaac Vicente (Marathon) que lanzando o martelo a 66.85 m, mellora a marca obtida o pasado mes en Portugal, e segue encabezando o ranking de España. Xa en categoría promesa, varios atletas conseguiron o pase para o nacional a disputar en Antequera en febreiro: Pablo Denis (Marathon), lanzou 58.63 m en martelo, Rodrigo Avellaneda (Cimáns) correu os 200 m en 22.42 e Sergio Tellería (RCCelta) superou os 4.15 m coa pértiga. Sandra Mosquera (Comesaña), cun tempo de 10.07.37 impúxose en 3000 m e Iria Castro (OAAP), fixo 2.17.74 en 800 m. Entre os júniors, mínimas dos céltico Carlos Porto, 1.57.30 en 800 m, e Gonzalo Basconcelo, 8.55.8 en 3000 m., a 8 decimas da mínima Patricia Carballo (C. Comarca), cun tempo de 26.06 en 200 m; Marta Lolo 11,21 (C. Comarca) en tripló e Carmela Cardama (Comesaña SC) en 3000 m, 10.45.05 asegúranse a presenza no nacional xuvenil de Valencia en marzo. Moi boa actuación tamén, ás portas de ambas as dúas mínimas, de Miguel Otero (OAAP), tanto en 3000 m coma en 800 m, o que demostra a súa calidade. Ana Izquierdo gañou o lanzamento de peso con 12.56 m. Dos cadetes, gran papel de Yeray Gómez (Val Miñor), 9.31.16 e Uxía Pérez Bugarín (At. Tui), 10.37.74, ambos os dous en 3000 m, con marcas para o nacional de Oviedo. Boa actuación, tamén, de Laura Chapela (At. Morrazo) en 300 m. [Resultados](#)

15/01/2012

II Xornada Torneo de Inverno 2012



O Estadio de Atletismo de Balaídos acolleu o sábado a 2ª xornada do Torneo de inverno en pista, con importante participación, aínda que non tan numerosa como a semana anterior. Nunha mañá moi fría e húmida, as marcas víronse condicionadas pola temperatura e non se conseguiron grandes rexistros, en xeral. Cabe destacar como excepción o rexistro de Carlos Porto, que correu os 1500 m en 3.57.09, mínima para nacional júnior. O céltico contou valiosa axuda do seu compañeiro Ismael Costas, que exerceu de durante 1100 m. Ambos os dous adestran baixo a dirección técnica Virgilio G. Barbeito.



atleta olímpico David Gómez participou en 60 m valos, 8.78; peso, 13.20 e altura, 1.77 m, á espera da súa probable convocatoria para participar coa selección española de probas combinadas no torneo de cinco nacións a disputar en Praga a finais de xaneiro. Entre as mulleres, destacar os 47.96 m de Sara Arosa (Celta) en lanzamento de martelo, un bo rexistro para o comezo de tempada. Noelia Ferradanes asegurouse a participación no Campionato promesa con lanzamento de 43.86 m En 400 m lisos, duelo entre Lidia Casal, 59.97 e Esperanza Caldas, 1.00.36, ambas as dúas do RIA de Ferrol. Patricia Carballo (COCO) foi a máis rápida en 60 m, cun tempo de 8.08 segundos, marca mínima para o campionato de España xuvenil, ao igual que a de Pablo Castro (Vina Cangas) en peso, 15. 52m. En 400 m destacou outro xuvenil, Juan José del Río, do ADÍES, 52.21. O júnior David Barreira do ADÍES impúxose en salto de altura con 1.86 m. Dos cadetes, resaltar a actuación de Darío Costas (Morrazo) cun salto de 1.71 m en altura, mínima cadete para o nacional de Oviedo, que ademais fixo un tempo de 7.66 en 60 m. Tamén do At. Morrazo, Laura Chapela, con 8.31 en 60 m roza a marca esixida, ao igual que Víctor Pérez (AVA) que lanzou o martelo de 4 kg a 40.87 m, marca coa que encabeza o ranking de España. [Resultados](#)

20/01/2012

Terceira e última xornada no módulo de Ourense.



Os atletas galegos aproveitaron a terceira e derradeira xornada disputada no módulo cuberto de Ourense para tentar mellorar os seus rexistros. A falta de mellores instalacións axeitadas para o inverno, esta é unha boa oportunidade para competir baixo teito, que se completa cos campionatos galegos a celebrar no Palacio dos Deportes de A Coruña. Alfonso Palomanes voltou á competición tras unha lesión que o mantivo afastado dende xullo. Un mellor salto de 15.06m é o seu pasaporte para comezar a tempada. Por diante virán citas tan importantes coma o Gran Premio CAI Ciudad de Zaragoza ou o absoluto de Sabadell.

En salto con pértega destacou Santi Ferrer, con 4.42m, preparando a súa participación no promesa de Antequera.

Citar a, Alba Fernández Lozano, con 9.52 en 60mv e Alba Martínez 8.08 en 60m, e Aitana Leguiçano, 9.87 en 60mv. [Resultados](#)

Flor Currás

22/01/2012

II Circuito galego de marcha atlética Josefina Romero.



A tempada de marcha atlética arrancou o domingo nas pistas de Balaídos en Vigo, nunha mañá soleada, con condicións óptimas. A primeira xornada deste circuito dedicado á memoria da xuíz Josefina Romero contou cunha discreta participación, con ausencias dalgunhas das figuras máis representativas da especialidade. No caso dos máis pequenos, prexudicou o feito de que no Morrazo se disputase o zonal de campo a través. Sobre unha distancia de 5 km os gañadores absolutos foron Armando Pereira (RCCV), cun tempo de 22.45.8 e Rocio Carbia (OAAP), en 25.26.2. En categoría infantil-cadete, con 3 km de percorrido, Brais Prieto, 16.35.6 e Carmen Escariz, 15.50.1, ambos os dous do Cuntis. Os benxamíns David Tosar (Cuntis) e Lucía Fernández (ADAS) percorreron 1 km en 7.58 e das crías, destacou Roberto Vieiro (Cuntis) en 2 km. En xeral, boas sensacións para os atletas habituais, que terán unha importante cita o 4 de marzo en Pontevedra, sede do Campionato de España de marcha.

A vindeira xornada celébrase o Campionato Galego de Marcha en ruta en Pontevedra [Resultados](#)

FEBREIRO 2012

07/02/2012

Disputada a L Edición do Trofeo Joaquín Romero

Sergio Piñón e Eusebia Maldonado foron os vencedores do Trofeo Joaquín Romero disputado este fin de semana pasado na localidade ferrolana. A proba que conta cunha gran historia acolleu a centros de atletas para disputar nun circuito duro de campo a través distintas carreiras destinadas a diferentes categorías. Esta competición rinde homenaxe ao atleta ferrolano Joaquín Romero, que nesta ocasión e debido a que no se encontra moi ben de saúde, non poido estar presente no Pinar de Doniños para presenciar o evento. [\(Resultados\)](#)

15/02/2012

O Concello de Ourense volcase un ano mais na promoción do atletismo



Un ano máis o Concello de Ourense promocionará a práctica do atletismo a través do seu II Circuito de Carreiras Populares Correndo por Ourense. O circuito, que tivo a súa primeira experiencia no pasado ano 2011 contará ca organización de 7 eventos atléticos distribuídos en distintos meses e lugares da cidade. O Circuito comezará ca celebración da Carreira do 21 o día 22 de abril e culminará ca disputa da clásica Carreira Pedestre Popular do San Martiño o día 18 de novembro. Outros lugares que serán partícipes destes eventos son O Couto, A Ponte, a Universidade, a Carballeira e a nocturna. Todas estas probas populares cumpriran a normativa vixente establecida nos Decretos de Seguridade Vial, pola cal todos os organizadores de carreiras populares deberán contratar un seguro de **responsabilidade civil** e un **seguro de accidentes deportivos** para os participantes. Este último aspecto é moi importante pois ao marxen da sanción que pode ter un organizador por non contratar este seguro, está o risco da cobertura sanitaria para os participantes dese evento. Lembramos a todos os atletas populares que participen en probas deportivas celebradas na vía pública que poden esixir ao organizador que lle amosen a póliza contratada, pois teñen a obriga da súa contratación. A FGA froito desta preocupación ten un convenio cunha compañía de seguros a través da cal todos os organizadores que inclúan o seu evento no calendario oficial da FGA poderán disfrutar de prezos moi económicos na contratación deste seguro.

Póla túa saúde e póla túa seguridade cando participes nunha proba popular pregunta ao organizador póla póliza do seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil.

23/02/2012

Nace un novo evento en Galicia de 10 km en ruta homologado



O Concello de Padrón aposta forte polo atletismo nesta tempada 2011/2012. O novo Concelleiro de Deportes *D. Andrés Sanmarco Santos* non o dubidou un instante e asumiu deste xeito a celebración de 3 probas no calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo. A primeira delas terá lugar o sábado 3 de marzo na localidade de Padrón: un 10 km homologado pola RFEA onde todos os atletas galegos terán a oportunidade de tentar mellorar a súa marca na distancia.

Despois e xa metidos na Semana Santa teremos a Carreira de Pascoa padronesa e tan popular e xa no mes de maio o broche de ouro coa celebración do Campionato Galego de Milla en Ruta. Desde a Federación Galega de Atletismo felicitamos a este Concello por esta iniciativa que tanto contribúe a enriquecer este deporte.

[Reglamento 10 km de Padrón- Percorrido](#)

MARZO 2012

07/03/2012

Exito do Trofeo José A. Bastos organizado por ó Marineda e Riazos



Na mañá do pasado sábado 3 de Marzo, os clubs Marineda Atlético e Riazor Coruña organizaron conxuntamente a I Xornada circuito Marineda-Riazor. "TROFEO JOSÉ ANTONIO BASTOS". Máis de 300 atletas déronse cita nas pistas de atletismo de Elviña para participar nas distintas probas e renderlle así unha merecida homenaxe á que fose un dos xuíces de atletismo máis representativos da cidade. Case vinte anos pasaron dende que José Antonio Bastos lograra o seu maior éxito como xuíz, asistir como tal a uns Xogos Olímpicos. Foi en Barcelona 1992 e o pasado sábado puido rememorar vellos tempos, gozando dunha

atractiva matinal atlética
Houbo probas tanto para pequenos como para maiores, cun 50 metros valos prebenxamín (nenos de 4 e 5 anos) que fixo as delicias do público.
No que respecta a resultados, hai que destacar, en categoría feminina á atleta do Ría de Ferrol, Claudia Rojo, que conseguiu tres vitorias ao longo da mañá (60 m. lisos, 60 m, valos e o 600 m).
Mentres que en categoría masculina Carlos Moro, do Riazor Coruña, demostrou o seu grande estado de

forma e conseguiu a vitoria nos 300 m. lisos e os 60 m valos. Tambien destacar a participacion de Iria Forjan en salto de lonxitude.

[Resultados](#) - [FOTOS](#)

08/03/2012

VII Encontro da Escola Naval Militar de Marín e a Federación Galega de Atletismo




Excepcional e exquisito foron os adxectivos que mellor definen este VII encontro atlético disputado nas pistas de atletismo “Juan de Austria” da Escona Naval en Marín, cuio comandante director Marcial Gamboa que estivo pendente deste encontro ata o último detalle e que presidiu acompañado polo noso presidente Isidoro Hornillos. Tamén se estrenaron neste tipo de encontros, o xefe de instrucción, capitán de corbeta Gonzalo Leira e o xefe de deportes, capitán de infantería de marina Aitor Nieto, ambos recién incorporados aos seus respectivos destinos na escola naval, aos que nos honramos en felicitar ao vencer contundentemente ao combinado de Galicia, que tivo importantes baixas de última hora. O evento contou cunha gran expectación por parte de tódolos alumnos da escola. Estes encontros son moi enriquecedores para os atletas da escola naval así como para os atletas da FGA, quenes afirman que supón unha xornada de intercambio importante nas súas vidas. Finalmente, entregáronse dous trofeos, aos equipos vencedores e houbo unha comida conxunta na que tanto participantes como directivos poideron coñecer un pouco mais afondo a vida do atleta e a vida do militar. Los miembros de federación tuvimos el privilegio de compartir mesa redonda y de “alto lugar” con nuestro anfitrión Marcial Gamboa que disfrutó especialmente con este encuentro, no solo deportivo, sino también de sociedades, la civil y militar, con la que siempre establecen especiales lazos de amistad. Era el ultimo bajo su mando antes de ser trasladado a su nuevo destino. A los postres, palabras de agradecimiento de Gamboa magnificando la importancia de estas reuniones deportivas de especial trascendencia en la formación de sus alumnos y apostando por su continuidad una vez se produzca su relevo. Seguidamente entregó una reproducción de la puerta de “Carlos I” a Isidoro Hornillos, que agradeció el empeño que siempre pone la escuela naval en acoger a cualquier miembro de la Federación Gallega y brindó su colaboración para el mejor desarrollo de las inquietudes atléticas de los alumnos de la escuela en el atletismo de Galicia. Correspondió al regalo institucional que había recibido con una placa conmemorativa de la Federación y un diploma en recuerdo de este ultimo encuentro bajo el mando de tan entrañable comandante director, al que desde éstas líneas deseamos el mayor acierto y éxito ante lo que seguramente será un difícil e importantísimo reto profesional que generosamente desempeñará en beneficio de toda la sociedad española.

22/03/2012

Xinzo de Limia acolleu a preto de 500 atletas na 5ª Edición dos 10 Km.

Preto de 500 atletas déronse cita o pasado domingo en Xinzo de Limia, para celebrar a 5ª edición dos 10 Qms. Vila de Xinzo de Limia. As condicións meteorolóxicas non foron ás máis favorables, e restaron participación, sobre todo nas carreiras escolares. Aínda así, a participación foi máis que aceptable e puideronse celebrar as catro carreiras programadas antes de que a choiva fixera acto de presenza. Na primería das carreiras, celebrada ás 10:30 h, Iván Gómez e Miriam Opazo foron os campeóns cadetes e Ziat Nagihi Lucia Suárez os campeóns infantís. Ás 10:50 h, deuse a saída da carreira benxamín e alevín, que tiveron que percorrer unha distancia de 1.500 metros. Nesta proba Iris Castro e Manuel Prieto gañaron na categoría alevín, mentres que Andrea Opazo e Hugo Novoa o fixeron na benxamín. Foron 350 atletas absolutos os que conseguiron rematar a proba no circuito homologado de Xinzo, no que vivimos un gran man a man entre o primeiro clasificado Jorge Crespo (0:33:11) e o segundo Jose Antonio Requejo (0:33:47), seguidos por Rubén Diz (0:34:20). Na categoría feminina o podium estivo formado por Sonia Teijeiro (0:41:37), Silvia Teijeiro (0:42:19) e Noelia Fernández (0:44:00) Xa para rematar, celebrouse a carreira de Pitufos, para os nados no ano 2005 e posteriores. Esta carreira contou con unha numerosa participación a pesares da climatoloxía, que ía empeorando co paso dos minutos, pois nada menos que 57 pequenos atletas acadaron cadansúa medalla. No apartado de atletas locais masculinos, Rubén Diz, Miguel A. Díaz e Roy Gonzalez subiron o podium, mentres que Fátima González, Aurora López e Mariela Carrera completaron o feminino. A organización tamén repartiu trofeos para o atleta máis veterán (Manuel Fernández Ledo) e a atleta máis nova (Daniela Hugueros) Eiquí podedes consultar as clasificacións [absolutas](#) e [escolares](#) (Crónica Asociación Deportiva Limiactiva)

25/03/2012. Hassan Lekhili e Rafaela Almeida proclámanse campións da XIII Medio Maratón Vig-Bay



A Media Maratón Gran Bahía Vig Bay é un referente deportivo no calendario atlético autonómico. Nesta ocasión celebrábase a súa décimo terceira edición con record de participación. A mañá recibía os atletas co ceo cuberto a primeira hora, boa temperatura e un ambiente excepcional dende o momento da recollida dos dorsais. Entre os atletas inscritos destacamos a numerosa participación de atletas portugueses, aproximadamente 300 e atletas de distintas nacionalidades: franceses, italianos, suízos e alemáns. A organización impecable especialmente na atención aos atletas ao longo dos 21.097 metros da proba con varios puntos de avituallamento de auga e de esponxas.

A saída programada ás 10.30 realizábase con enorme puntualidade na Avenida de Samil. No quentamento previo obsérvase a participación de atletas galegos importantes, principalmente Pedro Nimo, María Jesús Gestido, Carlos Villamor, Daniel Bargiella, Gustavo Platas, Esther Pedrosa ou Elías Domínguez.

No palmarés da proba masculina un nome propio, Hassan Lekhili, vencedor nas dúas últimas edicións, hai que remontarse ao ano 2009 para encontrar un atleta autonómico no primeiro caixón: Elías Domínguez. En categoría feminina no ano 2010 vencería a lucense María Abel sendo a atleta portuguesa Doroteia Alves a vencedora o ano pasado por diante de Soledad Castro. Nesta edición o duelo entre Pedro Nimo, inmerso na preparación do maratón de París, e Hassan Lekhili, vencedor en numerosas das probas do panorama atlético galego, parecía estar servido. Dende o inicio

catro homes distáncianse dos seus rivais, os mencionados Nimo e Lekhili acompañados de Akka Essadaqui e Carlos Villamor. Os primeiros quilómetros transcorren nos arredores da Praia de Samil, tras o cuarteto de cabeza outro grupo con homes importantes como Daniel Bargiella, Elías Domínguez, Juan Pena e algúns dos atletas portugueses máis destacados. En féminas a lusa Rafaela Almeida tamén pon un ritmo forte dende o inicio que lle permita tomar certa distancia sobre o resto de favoritas.

A enorme participación de atletas obsérvase nos primeiros quilómetros que transcorren nun circuito urbano antes de continuar en dirección á Praia da Sirenita, aproximadamente no quilómetro cinco. Na primeira pendente da proba, Villamor e Nimo marcan o ritmo, pegados a eles Hassan Lekhili e Akka Essadaqui. Entre a Praia de O Vao e Canido, Carlos Villamor cede terreo, os outros tres atletas prosiguen a un ritmo por debaixo de 3.07 o quilómetro. O seguinte en ceder sería o marroquí Akka antes de chegar ao quilómetro 8. A partir de aquí, o compostelán e o marroquí Hassan parecía que volverían revivir o duelo do ano anterior no cal Pedro Nimo, a pesar de vir dunha longa lesión, vendeu cara a súa derrota. Os quilómetros 9 ao 15 daban unha tregua a todos os participantes xa que superadas as pendentes iniciase unha zona de baixadas. Hassam aumenta o ritmo descolgando a Pedro Nimo que continua a uns 10 segundos da cabeza por detrás Akka corre tamén en solitario. No quilómetro 15, Pedro Nimo con molestias nun pé e pensando no seu obxectivo do maratón o 15 de abril, decide abandonar. Nestes momentos en homes o terceiro posto pasa a ocupalo Gustavo Platas, seguido de preto por Juan Bueno, tras eles un trío formado por Villamor, Elías Domínguez e Juan Pena. Na proba feminina as distancias xa parecen irrecuperables, sendo primeira Rafaela Almeida, segunda a súa compatriota Fernanda Miranda e en terceiro lugar María Jesús Gestido, que na edición do ano 2010 fora terceira.

Nos últimos quilómetros Hassan limitouse a conservar a distancia que lograra, que sería suficiente para vencer por terceiro ano consecutivo na meta situada en Baiona, Akka realizou dous últimos quilómetros sensacionais para concluír a 20 segundos de Lekhili, en terceiro lugar e primeiro atleta galego Gustavo Platas cun tempo de 1.07.40, cuarto do Club Atletismo Marcote Juan Bueno. A continuación irían entrando Elías Domínguez, Juan Pena, José Antonio Ramallo e o primeiro dos portugueses, Tiago Marques.

Na proba feminina vencería Rafaela Almeida cun tempo de 1.16.46, a portuguesa gañara no mes de Outubro a Carreira Pedestre de Santiago, nesta ocasión dende o inicio despegouse dos seus rivais a un ritmo por debaixo de 3.42 o quilómetro. O segundo posto sería para outra atleta portuguesa asidua nas carreiras galegas, Fernanda Miranda vencedora o fin de semana pasado na Carreira Popular San Xosé en As Pontes. Nesta décimo terceira edición do maratón Vig Bay o terceiro posto lograríao a excepcional atleta galega María Jesús Gestido cun tempo de 1.18.48 seguida de varias atletas portuguesas, no posto oitavo entraría Esther Pedrosa mellorando o tempo realizado o ano pasado, nesta ocasión rematou en 1.24.06

Destacamos tamén a carreira realizada por Manuel Martínez Ageitos que cun tempo de 1.13.41 sería o primeiro atleta da categoría promesa en cruzar a liña de meta. Cada ano o listón está máis alto pero a organización e os atletas continúan situando esta proba entre as preferidas tanto a nivel popular como entre os mellores atletas autonómicos ou estranxeiros. O apoio do público é incuestionable especialmente nos últimos quilómetros que levan a Baiona, como noutras edicións moitos dos participantes optaron por rematar a xornada dominical dándose un baño na praia ou sinxelamente recuperándose do esforzo na auga para a continuación coller os autobuses, postos pola organización, para regresar ao punto de partida, a Praia de Samil.

Dos máis de 4000 atletas que se deron cita hoxe nunha das Media Maratóns mais importantes de España dous atletas foron os elexidos para impoñerse nesta competitiva proba, que contou un ano mais ca presenza de destacados atletas galegos e portugueses. Hassan Leikhili do Ourense Atletismo Academia Postal cruzou a meta nun tempo 1.05,29, seguido de Akka Essadoui e Gustavo Platas (segundo e terceiro ,respectivamente). No trocante a carreira feminina, a portuguesa Rafaela Almeida impúxose a súa compatriota Fernanda Miranda e a galega María Jesús Gestido, que terminou a proba en terceira posición.

(Resultados)

A BRIL 2012

18/04/2012

O Concello de O Pino celebra a 9ª edición da súa carreira popular



O sábado 5 de maio terá lugar na localidade de Arca - O Pedrouzo, a 3 km do aeroporto de Santiago, a IX edición da carreira pedestre do Concello de O Pino, unha proba que con 8 edicións celebradas xa pasa a formar parte da tradición atlética galega de carreiras populares. Por esta proba xa pasaron os mellores atletas galegos caso do arzúan Lolo Penas vencedor en 7 edicións; nomes como os de Pedro Nimo, Hassan Lekhili, Robertas Geralavicius, Rocío Rodríguez, María

Jesús Gestido, María Abel Dieguez, Paula Mayobre ou a internacional Marisa Barros, forman parte do palmarés dunha proba caracterizada polo seu atractivo circuito que mistura terra e asfalto cruzando un tramo do camiño santiagués. As inscricións das probas escolares poderanas remitir ó correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com; as probas de adultos e a tradicional proba de canicross poderán facelas a través da web www.turesultado.es

[Regulamento](#)

20/04/2012

Memorial Gregorio Pérez Rivera



O próximo sábado 21 no Lugo celébrase o XXXV Memorial Gregorio Pérez Rivera no estadio que se leva o seu nome.

A xornada dará comezo a partir da 16 horas.

A competición esta aberta para todos os atletas con ficha federativa e contará coa presenza de dos mellores atletas galegos e na disciplina de lanzamentos con varios campións nacionais. [Inscritos](#)

20/04/2012

Pontevedra acolle mañá o XXXIX Trofeo Boa Vila de Atletismo

As pistas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva volven a acoller un ano máis un clásico do atletismo galego. O Trofeo Boa Vila, organizado pola Sociedade Gimnástica de Pontevedra congregará a mais de 100 atletas galegos as 18 probas que recolle o seu regulamento. O evento conta coa colaboración de Supermercados Froiz entre outras institucións. ([Regulamento](#))

22/04/2012

II Circuito Correndo por Ourense 2012



Na mañá de hoxe deuse o pistoletazo de saída da 2ª edición do Circuito Correndo por Ourense. A Carreira Popular do Vinteún foi este ano a primeira proba deste circuíto de carreiras populares que organiza o Consello Municipal de Deportes e o propio Concello. Os vencedores absolutos foron Ivan Docampo Gonzalez da Sociedade Gimnástica de Pontevedra e Sonia Teijeiro Ferro de Veteranos Pabellón de Ourense -[Resultados](#)

MAIO 2012

01/05/2012

II Milla Urbana Concello de Padrón - Campeonato Gallego de Milla en RUTA 2012



O vindeiro domingo 6 de maio celebrarase na localidade de Padrón a II Milla Urbana Concello de Padrón que será a súa vez o Campeonato Galego de Milla en Ruta 2012. Paralelamente celebraranse os campionatos galegos de 1 km en ruta das categorías benxamín, alevín e infantil. As probas darán comenzo ás 10:30 horas coa disputa da proba prebenxamín (fora dos campionatos galegos), para a continuación continuar coas probas benxamín-alevín e infantil.

En todas as probas ata a categoría xuvenil poderán participar atletas federados ou non (os non federados non poderán optar as medallas do campionato galego)

conxuntamente. A partir da categoría junior e ata veteranos os atletas non federados terán unha milla popular masculina e outra feminina fora dos campionatos galegos. As inscrición dos atletas que compitan no campionato galego deberán ser relaizadas polo sistema de inscrición online da web www.atletismogalego.org ; os atletas que non tomen parte nos campionatos galegos poderán remitir as inscricións o correo deportes@concellodepadron.es indicando os datos requeridos no [seguinterregulamento](#)

02/05/2012

A Coruña será sede de dous eventos solidarios: Milla ACOFIFA e Contra o Cáncer Corre

As carreiras populares son un reclamo importante para as asociacións e entidades que traballan a diario de forma altruista pola loita de distintos fins que contribúen á mellora das prestacións de distintos colectivos de persoas. Na Coruña celebraranse proximamente a **II Edición da Milla ACOFIFA** que terá lugar o domingo día 13 de maio e que ao igual co ano pasado, esta asociación ofrecerá importantes agasallos para as persoas que participen dunha ou doutra forma neste evento. Por outro lado a Asociación Española Contra el Cáncer organizará o vindeiro domingo día 20 de maio a súa segunda edición, **Contra el Cáncer Corre**, o pasado ano preto de 1000 atletas participaron neste evento que se convertiu nun importante acto solidario, e que co diñeiro recaudado poideron financiar parte dos seus programas previstos para a súa sede na provincia da Coruña.

[Regulamento ACOFIFA](#)

[Inscrición ACOFIFA](#)

[Regulamento Contra el Cáncer Corre](#)

[Inscrición Contra el Cáncer Corre](#)

03/05/2012

XII Memorial Manuel Barros de atletismo en ruta



Manuel Barros
Memorial XII

27
de Maio
10:00 h.

CARREIRA POPULAR GONDOMAR
Inscricións ata o 22 de maio as 20:00 h.
Desde profesionistas ata cadetes. Email: atletismo@concello.com ou na web www.atletismovalmiñor.com
Desde veteranos ata veteranos II. www.atletismoconcello.com ou www.atletismogalego.org



As carreiras populares son un reclamo importante para as asociacións e entidades que traballan a diario de forma altruista pola loita de distintos fins que contribúen á mellora das prestacións de distintos colectivos de persoas. En Gondomar celebraranse o vindeiro día 27 de maio organizado por a Sociedad Atlética Val Miñor e mailo Concello de Gondomar, baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Vigo), o XII Memorial Manuel Barros de atletismo en ruta que dará comezo as 10:00h.

INSCRIPCIONS
Na carreira absoluta (de Xuvenís ata Veteráns), a inscrición farase na paxina web da Federación Galega de Atletismo www.atletismogalego.org ou na paxina web da Sociedad Atlética Val Miñor www.atletismovalmiñor.com. Esta terá un custe de 5 € que deberá aboar nunha das seguintes contas do clube, pondo como referencia: Nome e apelidos do atleta.

La Caixa.....: 2100.5752.60.0200057217
 Novagalicia Banco..: 2080.5035.03.3040010469
 Nas categorías menores a través do e-mail: savalminor@hotmail.com, da web:
www.atletismovalmiñor.com, ou a do fax nº 986 360305, asegurándose da recepción das inscricións.
 As categorías menores NON levarán chip e non pagarán cuota. [Boletín de inscrición](#) - [Regulamento](#)

13/05/2012

II Milla Popular Acofifa



A Asociación Galega da Fibromialxia, síndrome de fátiga crónica e sensibilidade química con motivo do día mundial da Fibromialxia organizou xunto co Concello de A Coruña e a Federación Galega de Atletismo a segunda edición da Milla Popular Acofifa. Numerosos atletas quixeron apoiar esta iniciativa na que competiron nenos e nenas das categorías prebenjamin, benjamin, alevín e infantil. Os vencedores nestas probas foron, Iago García, Marta Vilas, Julian Vazquez e María Orro. Na proba de xuvenís homes o vencedor sería Brais Domínguez. A carreira para as categorías sénior e veteranos transcorría por un circuíto entre a zona da Marina e o Obelisco. Dende o inicio Sergio Piñón, atleta do Club Atletismo Narón, con resultados destacados en cross e en 3000 m.l parecía o home máis forte da proba, logrou a vitoria cun tempo de 4.36 por diante de Xabier Díaz e Jesús Carballo. Por categorías os vencedores serían, Sergio Piñón na categoría sénior/absoluta, Jesús Carballo en veteranos A, José Manuel Fernández en veteranos B. En canto á proba de mulleres a vitoria foi para Leticia Vela con 6.40, Pilar Marquíz subiría ao podio na categoría de veteranas B e Isabel Brea na de veteranas C. Pretendíase con esta iniciativa concienciar a xente sobre a fibromialxia así como fomentar a participación e integración de persoas afectadas, nun contexto lúdico. [Resultados](#)

18/05/2012

Nace unha nova Carreira Popular: I Carreira Espacio Coruña



O Centro Comercial Espacio Coruña únese aos eventos de carreira populares en Galicia e organizado por Onda Cero, e a Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello da Coruña, organizan o próximo 10 de xuño de 2012 a "Carreira Espacio Coruña 2012". O prazo de inscrición abrirase o 18 de maio ás 10:00 horas e pecharase o xoves 7 de xuño ás 22:00 horas. A inscrición poderá facerse na Web da Federación Galega de Atletismo (www.atletismogalego.org), ou no Punto de Información do Centro Comercial e de Ocio Espazo Coruña, en horario comercial de luns a

sábado dende as 10:00 horas ata as 22:00 horas.
Custo da inscrición: 3 € para os participantes na carreira absoluta. Para o resto das categorías a inscrición é gratuíta. : CONTROL TÉCNICO DAS CARREIRAS
As carreiras estarán controladas polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo
Regulamento - inscrición [ABSOLUTA](#) - inscrición [MENORES](#)

23/05/2012

CARREIRA SOLIDARIA CORRE CON IMPLICADAS. SANTIAGO

O vindeiro sábado 26 de maio celebrarase no Campus Sur (zona da Residencia) en Santiago de Compostela a carreira solidaria CORRE CON IMPLICADAS, un evento que recaudará fondos para a loita contra a pobreza. O Concello de Santiago, a Federación Galega de Atletismo, a Fundación USC Deportiva e outras entidades prestarán a colaboración necesaria para que se leve a cabo este evento na cidade Santiaguesa nun fermoso circuito que levará os atletas por unha das mellores zonas residencias da cidade.

As inscricións realizaranse a través desta páxina web, picando sobre o botón de "IMPLICADAS INSCRIBETE".

O PRAZO DE INSCRICIÓN AMPLIARASE ATA MAÑÁ XOVES ÁS 22 HORAS
[Regulamento](#) - [Inscribete aquí](#)

27/05/2012

Manuel Hurtado e Agueda Blanco vencedores na Coruña 21

Máis de 800 atletas situábanse na saída da cuarta edición da Media Maratón Coruña 21 con saída e chegada no Cantón Grande. A entrega de dorsais realizouse os días previos na Casa da Auga recolléndose os últimos nos Xardíns de Mendez Nuñez o día da proba a partir das 8.30 da mañá. Os clubs da cidade quixeron apoiar esta carreira coa súa presenza como voluntarios ou participando nela. Na edición do ano pasado os vencedores foron Manuel Hurtado cun tempo de 1.07.59 e Yolanda Gutierrez cun rexistro de 1.19.51. O atleta do Ourense Academia Postal volvía a situarse entre os favoritos para a vitoria na mañá de hoxe, pola súa banda Yolanda con problemas físicos renunciou a participar tras dúas vitorias consecutivas nesta proba. Ás 10 da mañá dábase a saída, co ceo cuberto, pouco vento e algo de humidade, en dirección á Praza de Ourense para iniciar a primeira das tres voltas que terían que realizar os atletas. Dende os primeiros quilómetros catro homes destacábanse dos seus rivais: Pedro Nimo, Manuel Hurtado, Akka Essadaoui e o asturiano Enedino García, por detrás un home que realizaría toda a proba en solitario Jesús de la Fuente que xa tiña acreditado nesta distancia unha marca de 1.05.35. Entre as mulleres a primeira en marcar o ritmo da proba e encabezar a mesma sería a atleta do Comesaña Sporting Club, M^a Carmen Penas seguida de Agueda Blanco a certa distancia. No quilometro 8 continua o cuarteto de cabeza no que Akka Esaadaoui e Pedro Nimo marcan o ritmo, Jesús de la Fuente continua na quinta posición correndo en solitario, por detrás Roberto González seguido de Rubén Castro que logrou descolgar a Manuel Oliver Pérez. En canto ás mulleres no quilometro 12, M^a Carmen Penas marcaba un

ritmo de catro minutos o quilómetro, Agueda Blanco íalle recortando a vantaxe e por detrás tiñamos María Hurtado.

A situación máis comprometida para os atletas pasábana na estrada do Porto que os levaba a xirar na rotonda de San Diego debido ao lixeiro vento e á fina chuva que os acompañou nalgúns quilómetros.

No quilómetro 15 aproximadamente, Manuel Hurtado e Akka Esaadaoui incrementan o ritmo descolgando a Pedro Nimo e Enedino García, que acreditaba unha marca de 1.08.31. Os dous primeiros continuaban a un ritmo de 3.10 o quilómetro, por detrás continuaba Jesús de la Fuente e boa carreira para Rubén Castro que lograba alcanzar ao dorsal 326, Roberto González. En mulleres a distancia entre M^a Carmen Penas e Agueda Blanco vaise recortando, en terceira posición continua a atleta do Ourense Academia Postal, María Hurtado. Na última volta de regreso á zona dos Cantóns os primeiros comezan a dobrar atletas, o percorrido lévalles cara a Porta Real onde nos últimos 500 metros Manuel Hurtado e Akka Essadaoui se disputarán a vitoria, finalmente e por segundo ano consecutivo Manuel Hurtado vencería cun forte cambio de ritmo final cunha marca de 1.06.46, seguido de Akka Essadaoui con 1.06.52 e terceiro Pedro Nimo, que nos últimos quilómetros foi tirando do atleta do Club Oriente Atletismo, Enedino García que lograría mellorar a súa marca persoal, entrando cuarto cun tempo de 1.07.11. O tercer atleta galego en cruzar a meta sería Jesús de la Fuente en 1.09.48 seguido de Ruben Castro. En mulleres finalmente Águeda Blanco daría alcance a M^a Carmen Penas vencendo na proba cun tempo de 1.25.19, a terceira atleta sería María Hurtado cun rexistro de 1.27.55, cuarta Sonia Teijeiro atleta veterana e quinta Susana Ballester da mesma categoría.

Unha nova edición da media maratón Coruña 21 con boa participación e un bo rexistro en categoría masculina para Manuel Hurtado que melloraba a marca obtida no ano 2011. [Resultados](#)

28/05/2012

Alejandro Fernandez e Maria Jesus Gestido, vencedores en Gondomar



Gondomar acolleu o domingo 27 de maio o XII Memorial Manuel Barros logrando reunir a preto de 1000 participantes de tódalas categorías; cunha grande afluencia de público e cunha moi boa climatología para a carreira.

Nesta edición a carreira absoluta masculina estivo dominada polo potente equipo do Academia Postal, sendo o corredor Alejandro Fernandez, o que protagonizou a carreira dende o inicio entrando en meta moi destacado cun tempo de 30:14 mellorando a marca do gañador da pasada edición (Hassan Leikhili) en 1 minuto, conseguindo abraiarnos a todos. O segundo corredor, e primeiro atleta veterano, en entrar foi Hassan Leikhili do Academia Postal que partía de favorito, parando o crono en 32:15 e o terceiro tamén do Academia Postal Elias Dominguez en 32:16., segundo tamen da categoría de veteranos. A clasificación da categoría feminina foi máis accidentada. A primeira corredora en pasar por meta foi Eunice Marques Tabares pero sería descalificada, polo que a gañadora absoluta pasaría a ser M^a Jesús Gestido que entrou en 37:08 demostrándonos que ademais dunha gran atleta, tamén o é unha gran persoa xa que decidiu compartir o primeiro premio coa atleta portuguesa, un gran xesto de Gestido. Segundo posto para Raquel Suarez e terceira posición para Sara Perez. En veteranos, aparte dos xa mencionados Hassan e Elias Dominguez, subiron ao máis alto de podio, Manuel Barreiro, en categoría B e Jose Jardon, en categoría C. En canto aos xuvenís, o gañador sería

Damian Esmerode. En veteranas os primeiros primeiros postos os acadarian Inma Rodriguez, e Soidade Castro nas súas respectivas categorías. A primeira xuvenil en merta foi Sandra Rodriguez, mentres que Raja Rizki entraria en meta como primeira junior. Toda unha mañá dominada polas diversas carreiras onde poidemos ver unha chea de futuros atletas que esperamos continúen e se cadra algunha vez fagan podio na carreira absoluta de Manuel Barros

[Resultados](#)

29/05/2012

Este domingo terá lugar na Coruña a XVII Carreira Alternativa



A Coruña será, un ano mais, sede da XVII Carreira Alternativa. Este evento que goza cunha importante afluencia de xente permite a realización da proba en bicicleta, correndo, patíns, patinete, ou a través de calquer outro medio. Ao remate da competición haberá unha festa do deporte alternativo, con distintas estacións e actividades na Praza de María Pita, ademais de camisetas e bebidas, así como sorteo de agasallos. Disfruta do domingo en familia participando nesta carreira alternativa!

J

UNIO 2012

10/06/2012 . Carreira Espacio Coruña 2012:

Ás 10.15 dábase a saída á proba infantil e cadete que realizabase nos arredores do recinto. Dende o inicio fórmase un trio de atletas, David Bergondo, Pablo Monteagudo e Marcos Rosende, en rapazas colle vantaxe dende os primeiros 500 metros a atleta de Santiago, Lucia Suarez. Os atletas percorrían unha distancia de 2770 metros que os levaba cara á zona universitaria onde xiraban para volver a Espacio Coruña onde estaba situada a meta. Os gañadores foron en categoría infantil Pablo Monteagudo e Lucia Suarez mentres que e en categoría cadete Marcos Rosende e Paula Abeledo.

Ás 10.15 dábase a saída á proba infantil e cadete que realizabase nos arredores do recinto. Dende o inicio fórmase un trio de atletas, David Bergondo, Pablo Monteagudo e Marcos Rosende, en rapazas colle vantaxe dende os primeiros 500 metros a atleta de Santiago, Lucia Suarez. Os atletas percorrían unha distancia de 2770 metros que os levaba cara á zona universitaria onde xiraban para volver a Espacio Coruña onde estaba situada a meta. Os gañadores foron en categoría infantil Pablo Monteagudo e Lucia Suarez mentres que e en categoría cadete Marcos Rosende e Paula Abeledo

O nivel da proba sénior tanto en homes coma en mulleres presaxiaba unha carreira interesante. O circuito de 7920 metros constaba de dúas voltas con continuas pendentes circunstancia que se viu agravada coa

chuvia e o vento. Tras o disparo de saída fórmase un grupo de nivel con Javier Gómez Noya, Akka Essadaoui, Gustavo Platas, Alejandro Fernández e Hassan Lekhili. Os primeiros en descolgarse serían Hassan e Gustavo Platas mentres era Alejandro Fernández quen imponía un ritmo forte que logra descolgar na segunda volta a Akka. Sería a falta de 500 metros da meta cando o atleta do Ourense Academia Postal daría o cambio definitivo ao que non responde Gómez Noya que entrou segundo na liña de meta a 11 segundos. Nas mulleres dende o inicio a favorita situárase na cabeza, María Jesús Gestido que a pesar da dureza do percorrido impuxo un ritmo forte, por detrás Agueda Blanco e Esther Pedrosa. Na meta non variarían as posicións imponéndose con claridade María Jesús Gestido cu tempo de 30.06, seguida de Agueda con 31.30 e terceira a atleta veterana Esther Pedrosa con 31.51. Boa participación nesta primeira edición da Carreira Espacio Coruña, con bo ambiente na entrega de trofeos e regalos para os máis pequenos e cun nivel importante na carreira masculina permitindo ver un duelo interesante entre Alejandro Fernández e o Campeón do Mundo de Triatlón Javier Gomez Noya.



Atractiva resultaba a priori a Carreira Espacio Coruña con algunha das probas das categorías inferiores no interior do Centro Comercial. A entrega de dorsais realizouse nos días previos e a partir das 9.30 da mañá do domingo. Realizáronse catro carreiras para menores na planta baixa, os primeiros en correr sería os alevíns nenos e nenas para a continuación colocarse na liña de saída os máis pequenos benxamíns e prebenxamíns. Os vencedores foron: Lucía Conde, Gabriel Nuñez, Mariña Monteagudo y Ermias Fernández. [Resultados](#) (ir a noticia ampliada)

15/06/2012

VI Trofeo Alfonso Posada: Pablo Castro Chapela iguala a mellor marca galega de peso na categoría xuvenil



Celebrouse a sexta edición do Trofeo Alfonso Posada nas Pistas de Balaidos en Vigo cun novo record galego xuvenil para o atleta Pablo Castro en lanzamento de peso, logrando unha marca de 16.29, sensacional a progresión do atleta do Atletismo Vila de Cangas. A nota negativa da xornada púxo a falta de anemómetro, que invalidou as marcas conseguidas en 200 m e salto de lonxitude. Un dos máis prexudicados foi Rodrigo Avellaneda, xa que o seu rexistro de 21.69 supoñía a súa mellor marca persoal sendo segundo David Gómez con 22.36 e terceiro Miguel Gómez con 22.74 ambos os dous do Real Club Celta de Vigo. Outra das probas destacadas foron os 3000 metros obstáculos onde Juan Antonio Pousa lograba a súa mellor marca da tempada con 9.01.55 nunha carreira na que venceu o atleta do Club Universidade de Burgos, Tomás Tajadura con 8.33.40. Na proba de salto con pértiga interesante duelo entre David Ferrer e Sebastian Vieites que lograban a mesma marca, 4.24 que supón a mellor marca da tempada para ambos os dous. Pola súa banda Isaac Vicente vencía en martelo con 68.76 sendo segundo, preto da súa mellor marca, Pablo Denis con 62.06. En canto ás mulleres, Solange Pereira volveu demostrar a súa capacidade para defenderse a un nivel importante en varias distancias, nesta ocasión logrou nos 800 m.l unha marca de 2.11.47, nesta proba marca persoal para Jenny Fernández con 2.15. 48.

[Resultados](#)

17/06/2012

II Carreira Popular de Carballo



Máis de 600 atletas disputaron os 10 km da segunda edición da Carreira de Carballo englobada no Programa de Festas de San Xoan. A partir das 10 da mañá comezaban as carreiras das categorías inferiores disputándose ás 11.30 a proba para a categoría xuvenil. A proba dos 10 quilómetros con saída e chegada á praza do concello celebrouse ás 12 do mediodía con boa temperatura. O percorrido constaba de dúas voltas de cinco quilómetros nun circuito con varias pendentes, e con baixadas longas que permitían un respiro aos corredores. Numeroso público nas beirarrúas do centro da localidade e apoio por parte dos locais da zona aos atletas. O vencedor final sería o noies Rubén Caamaño do Club Sar A Poutada, atleta que fai un mes vencía tamén na Carreira Popular Virxe dá Guía. Nesta ocasión realizou un tempo de 32.02, mesmo tempo que o asturiano Enedino García que recentemente disputara en terras coruñesas a media maratón Coruña 21. En terceiro lugar, xa distanciado dos dous primeiros entraría Jorge Crespo seguido do vencedor da edición do ano pasado Manuel Oliver Pérez do Club Coruña Comarca. En canto ás mulleres, a favorita, Teresa Castro do Club Atletismo Noia, cumpriu o pronóstico e lograría unha vantaxe de máis de dous minutos sobre a segunda clasificada Eva Portas. Nos 10 km de que constaba a proba o tempo invertido por Teresa Castro foi 41.15, en terceiro lugar entraría Veronica Mon da Escuela de Atletismo de Deza. Boa participación nesta carreira popular que transcorre polas rúas de Carballo o que permite aos atletas sentirse arroupados polo público. Boa organización nun circuito que permite realizar bos rexistros a pesar das continuas costas. [Resultados](#)

25/06/2012

Carreira Popular CORRE SAN



O vindeiro sábado 30 de xuño arranca o circuito de carreiras saudables de Santiago "CORRE SAN", un circuito de 4 carreiras en ruta que explorará os mellores circuitos da cidade compostelana. Todas as probas terán unha proba para escolares (de alevíns a cadetes incluídos) e outra para adultos (de xuvenil en diante) con distancias que oscilarán entre os 2 e 3 km para escolares e de 4 a 6 km para os adultos. A primeira proba celebrarase no Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela e contará coa colaboración inestimable da Fundación da Usc Deportiva así como da propia USC.

A PROBA ESCOLAR DA PROBA DO 30 DE XUÑO CELEBRARASE ÁS 19 HORAS. A PROBA DE ADULTOS SERÁ AS 19:30 HORAS. Compre lembrar que estará aberta a inscrición no Centro Comercial Compostela (El Corte Inglés - Hipercor Santiago) ata ás 22 horas do día 27 de xuño tanto para escolares como para adultos. Os clubs (adultos e escolares) e Centros Escolares que desexen participar na clasificación final de premios a clubs terán que facer obrigatoriamente a inscrición no Centro Comercial Compostela.

As inscricións online de adultos poderán facela a través da páxina www.championchipnorte.com; para escolares poderán remitir os datos incluídos no regulamento das probas ó correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com ou rellenar o formulario de inscrición presente na páxina web www.atletismogalego.org" [Regulamento](#)

JULIO 2012

03/07/2012

Aberto o prazo de inscrición individual para a proba nocturna do circuito de carreiras saudables de Santiago.



Do 4 o 11 de xullo permanecerá aberto o prazo de inscrición para a 2ª proba do circuito de Carreiras Saudables de Santiago. A zona vella será o escenario desta proba tan ansiada polos atletas santiagueses e de toda Galicia que se desprazaran ata Compostela para vivir unha proba nocturna de pouco máis de 4 kilometros de percorrido que tamén tocará as rúas da Alameda santiaguesa. O horario das probas previsto pola organización será o seguinte:



- Escolares (de alevíns a cadetes): 22.00 horas (2,2 km)
- Adultos (de xuvenil en adiante): 22:30 horas (4,4 km)

O Concelleiro de Deportes Adrián Varela mostrouse comprometido con este proxecto de 4 carreiras polas rúas santiaguesas que deu comenzo o pasado sábado 30 de xuño na zona do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela e que él mesmo foi o encargado de dar o pistoletazo de saída. As inscricións de adultos (de xuvenil en adiante) á proba nocturna poderanse facer na web www.championchipnorte.com ata o prazo indicado. Tamén poderán realizalas presencialmente no Centro Comercial Compostela (Hipercor-El Corte Inglés) do 4 o 11 de xullo (Planta de Deportes) en horario de 10 a 22.00 horas. As inscricións de escolares (de alevín a cadetes) poderán realizalas nesta páxina web da FGA ([inscrición AQUÍ](#)) ou no correo inscricionsFGAsantiago@gmail.com indicando nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licencia (se procede) e localidade de procedencia. Agardanse máis de 400 participantes na proba nocturna do 14 de xullo que terá a súa saída e meta na tradicional Praza da Quintana.

06/07/2012

Campionato Galego de 5km en ruta I Carreira Popular Deputacion de Pontevedra



O vindeiro domingo 15 de xuño celebrarase, nun circuito urbano homologado pola RFEA, en Vilagarcía de Arosa a Iª edición da Carreira Popular Diputación de Pontevedra conxuntamente co Campionato Galego de 5 Km en ruta. A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Pontevedra e coa colaboración da Diputación de Pontevedra e do Concello de Vilagarcía de Arosa organizan a I Carreira Popular Diputación de Pontevedra e o Cto. Galego de 5 km em ruta. A proba desenvolverase ás 11:30 horas, con saída da carreira de 5 kms e chegada ao mesmo lugar da saída. O circuito da carreira será un circuito urbán e chan, os atletas deberán dar dúas voltas a un circuito homologado de 2500 metros.

A entrega de prêmios está prevista para ás 12:30 horas.

- Inscripcións atletas federados para o Campionato Galego de 5 km ruta: Todos os atletas federados que desexen participar no Campionato Galego de 5 km ruta deberán formalizar a súa inscrición a través do sistema online na web <http://www.galiciaatletica.com/fga/xestor/> con data límite ata o martes día 10 de xullo ás 23:00 horas. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios,
- Inscripcións atletas populares da proba popular absoluta de 5Kms: As inscricións dos atletas populares faranse a través da pasarela de pago insertada na páxina online da Federación Galega de Atletismo www.fgatletismo.es/inscripciones/inscripcion_20120715.html Estará operativa dende as 10:00 horas do 25 de xuño ata ás 10:00 horas do 11 de xullo de 2012. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo. Cuota da inscrición: 5 € para atletas non federados. [Regulamento](#) [Circuito](#)

12/07/2012

I Edición Carreira Popular Deputacion de Pontevedra - Campionato Galego de 5 Km. en ruta



O vindeiro domingo 15 de xuño celebrarase, nun circuito urbano homologado pola RFEA, en Vilagarcía de Arosa a Iª edición da Carreira Popular Diputación de Pontevedra conxuntamente co Campionato Galego de 5 Km en ruta. A proba desenvolverase ás 11:30 horas, con saída da carreira de 5 kms e chegada ao mesmo lugar da saída. O circuito da carreira será un circuito urbán e chan, os atletas deberán dar dúas voltas a un circuito homologado de 2500 metros.

Un grande numero de atletas federados daranse cita na competición, entre os que se encontra o campión mundial o triatlea Javier Gómez Noya.

A organización outorgará unha camiseta conmemorativa do evento para todos os atletas populares e estará xestionada polo sistema de chips propio da Federación Galega de Atletismo

Circular Campionato Atletas inscritos: Federados - Populares

15/07/2012

Boas marcas no GP Ciudad de Vigo



A 33 Edición do Gran Premio Cidade de Vigo era esperada polos atletas galegos, non defraudaron vendo o alto nivel dos atletas inscritos e as numerosas marcas persoais logradas por eles. Sen lugar a dúbidas o protagonista da xornada no Estadio Municipal de Balaidos foi Alejandro Fernández que seguindo o ritmo imposto por Pedro Nimo lograba nos 5000 metros lisos unha marca importante, 13.57.35 vencendo na proba e dando unha demostración de calidade inapelable. Na mesma carreira José Antonio Ramallo e Ivan Docampo, ambos os dous atletas da Sociedad Gimnástica de Pontevedra lograban as súas mellores marcas persoais da tempada con 14.45.69 e 14.48.35. O vento que soprou nas semifinais dos 100 metros lisos deu un respiro á hora da final, consecuencia diso foron as catro mellores marcas persoais para o primeiro e segundo atleta tanto na proba feminina como masculina. Lida Casal con 12.26 vencia na carreira feminina seguida de Laura Chapela con 12.57, en canto aos homes Rodrigo Avellaneda non defraudou no seu duelo con Miguel Gómez correndo en 10.80, pola súa banda o céltico foi segundo con 10.97 por diante de Mauro Triana do Club Coruña Comarca. Nos 400 metros lisos masculinos na primeira serie o vencedor foi Carlos Moro que sen oposición lograba un bo rexistro de 50.95, na segunda das series a vitoria foi para Ruben Fernández do Club Vino Toro e segundo preto da súa mellor marca persoal Juan José del Rio con 50.70. A proba feminina foi un duelo entre as dúas atletas do Club Ria Ferrol Lidia Casal e Candela Diaz, cruzando a meta en primeiro lugar Lidia con 57.15, recordemos que ambas as dúas atletas esta tempada lograron baixar dos 57 segundos. Na proba dos 100 metros lisos Virxinia Villar a punto estivo de mellorar os 13.99 que tiña acreditados desta tempada, logrou a vitoria sen oposición con 14.02.

En canto aos concursos expectación por ver a David Gómez en salto con pértiga, Jean Marie Okutu en lonxitude, José Alfonso Palomanes en triplo salto e aos lanzadores Gustavo Dacal, Jose Manuel Vila e Isaac Vicente. David tras o seu intento de mínima olimpica fai unha semana venceu na proba de pértiga con 4.41, o duelo dos jabalinistas gañouno Gustavo Dacal preto da súa mellor marca desta tempada con 70.28, Isaac Vicente vencia no martelo con 67.80, Palomanes ao igual que fixo no Campionato Galego Absoluto demostrou que está a un gran nivel saltando 15.51 no triplo salto ao igual que Jean Marie Okutu que vencia en lonxitude con 7.73, neste concurso destacamos os 7 metros logrados por David Ferrer. Por último os atletas do Comesaña dominaron as dúas probas de 1000 metros lisos, Adrian Lago con 2.39.75 sendo segundo con marca persoal Adrian Ben do Lucus con 2.42.04. Na proba feminina gran carreira de Angela González que lograba á súa mellor marca nesta distancia con 3.00.41 vencendo a Uxia Pérez que este ano xa baixara dos tres minutos. Gran Premio o visto nas Pistas de Balaidos con moitos dos atletas afinando a súa participación nos

Campionatos que quedan por disputarse, o Campionato de España Promesa e o Campionato de España Absoluto. [Resultados](#)

19/07/2012

Nacen novas Carreiras Populares! Oza, Ortigueira e a A Cañiza serán sede do atletismo popular e federado

O movemento popular continua ca súa expansión e así no vindeiro mes de agosto sumaranse a promoción do atletismo popular e deporte saúde novos concellos galegos, entre eles Ortigueira que acollerá o día 11 de agosto a súa primeira carreira popular. O barrio coruñés de Oza terá tamén su protagonismo ca celebración da I Volta a Oza o vindeiro día 18 de agosto. Ámbalas dúas carreiras serán xestionadas a través do sistema de chips da FGA, sistema que pouco a pouco vaise demandando por parte dos organizadores, debido ao seu baixo coste e alta fiabilidade, aliviando en moito traballo de xestión de resultados para o organizador. E a Cañiza ofreceranos o I Cross Popular do Xamón da Cañiza o vindeiro día 9 de setembro. Dende a FGA desexamos o mellor para os organizadores.

Se eres un organizador e desexas coñecer os servizos que ofrece a FGA para os organizadores de carreiras populares a uns custos moi baixos, envíanos un email a secgeneral@fgatletismo.com solicitando un orzamento para o teu evento.

23/07/2012

Oza recupera a súa clásica carreira popular ca celebración da Carreira Volta a Oza o 19 de agosto

Boas noticias para os clásicos do atletismo coruñés, con motivo do centenario da fusión do Concello de Oza e o Concello da Coruña, a Asociación de Veciños Gaitreira-Fátima en colaboración co Concello da Coruña e outras institucións e baixo o control técnico da FGA, organizan a Carreira Popular Volta a Oza, que terá lugar o día 19 de agosto. A proba discurrirá por un percorrido de aproximadamente 8 kilómetros, que transcurrirá por distintos puntos da cidade: ponte pasaxe, os Castros, Monelos, Avd. Pedralonga, entre outros. As inscricións abriranse no día de hoxe e poderán facerse a través da plataforma de inscricións da FGA. Haberá trofeos para os tres primeiros participantes de cada unha das categorías establecidas. O evento estará xestionado polo sistema de chips da FGA. Participa nesta clásica carreira o día 19 de agosto! ([Reglamento](#))

24/07/2012

Todo preparado para o I Torneo de Atletismo en pista Vila de Cuntis



Este sábado día 28, terá lugar nas novas pistas de atletismo de Cuntis o 1º Torneo Vila de Cuntis. No día de hoxe tivo lugar a presentación do evento conxuntamente ca inauguración das novas pistas. A competición está organizada polo Concello de Cuntis conxuntamente co Club Atletismo Cuntis. As probas comezarán ás 18:00 horas e rematarán as 20:45 ca disputa dos 5 km marcha absoluto. Haberá trofeo al gañador de cada proba e medalla para o segundo e tercer clasificado. Asemade a competición contará con cronometraxe eléctrica. Animate a participar nesta primeira edición de atletismo en pista en Cuntis

.A organización do Trofeo incluíu a proba de 200 metros lisos, que se celebrará ás 20,05 horas (Regulamento) [Inscritos](#)

26/07/2012

Ourense e Vilagarcía protagonistas do atletismo popular neste fin de semana

O Circuito Correndo por Ourense continua a ser un éxito entre o atletismo popular, nesta ocasión tócalle o turno á Carreira da Ponte, que terá lugar este venres día 27. ([Mais información click aquí](#))

Por outra banda, o Concello de Vilagarcía acolle outra carreira popular, trátase da IX Edición da Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía que se celebrará o vindeiro sábado día 28. ([Mais información click aquí](#))

27/07/2012

Intensa primeira semana de Agosto de carreiras populares

Numerosos concellos ofertan carreiras populares para a primeira semana de vacacións de agosto. O sábado día 4 terá lugar a **Carreira Popular Festas do Monte da Guarda** ([Más info aquí](#)). Nese mesmo día o Concello de Ares celebra a súa **XXI Milla Urbana de Ares** ([información aquí](#)). No domingo día 5 o protagonismo será para a **Carreira Nigrán Area** ([toda a información deste evento aquí](#)). Xa no día 10 celébrase na pista do Centro Galego de Tecnificación o clásico **Trofeo de Pista Peregrina** organizado pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, e no día 11 volve a atención para o atletismo popular ca celebración da **Carreira Popular de Ortigueira** ([click aquí para información](#)) e para o día 15 a **Carreira Popular Concello de Cambre** ([click aquí para información](#)). Unha gran parte destas carreiras xestionarase co económico e altamente fiable sistema de chips da FGA. Se eres organizador dunha carreira popular consúltanos orzamento!

28/07/2012

XLV Trofeo Virxe da Peregrina



O proximo dia 10 nas instalacións do Centro de Tecnificación de Pontevedra celébrase a XLV edición do Trofeo Virxe dá Peregrina. O Trofeo está encadrado no calendario Nacional, y espérase unha gran calidade en todas as probas coa presenza dos mellores atletas nacionais. As probas darán comezo ás 18,15 horas finalizando estas sobre as 21,05 horas. Inscripcións: Ata o luns 6 de agosto a través do Extranet da RFEA. ([picar aquí](#))
[Regulamento](#)

30/07/2012

I Trofeo Vila de Cuntis: Okutu e Leticia Fernandez, vencedores



O sábado dis 18 se disputo o I Trofeo Vila de Cuntis baixo o patrocinio da Excelentísima Deputación de Pontevedra.

Uns 150 atletas foron testemuña da inauguración das pistas de Ás Canteiras, en onde resultaron vencedores do Trofeo, Jean Marie Okutu cunha puntuación de 1031 puntos pola súa marca de 7,55 en lonxitude, sendo vencedora en mulleres Leticia Fernandez con 1007 polo seu rexistro de 4.25.82 en 1500 metros lisos.

A xornada resultou moi interesante, lograndose mellorar dúas marcas galegas na categoría cadete na probas de 1500 obstáculos mulleres onde Angela Fernández Sobral, parou o corno en 5.31.1 e o marchador Daniel Chamosa que bateu a súa propia marca en 3 km. deixandola nun bo crono de 13.07.07.

O atletismo galego está de parabén ao contar cunhas novas pistas para o noso deporte e felicitar aos numerosos atletas da zona poder facer uso delas [Resultados](#)

SETEMBRO 2012

07/09/2012

San Xoan de Piñeiro, Oza e A Cañiza protagonistas neste fin de semana

Tres serán as carreiras populares incluídas no calendario oficial da FGA para este fin de semana. Dúas delas bautizaráse o domingo día 9, estamos a falar da **I Carreira Popular Volta a Oza** a disputar na Coruña, a cal finalmente por razóns presupuestarías non utilizará sistema de chips, e do **I Cross Popular do Xamón** a celebrar na Cañiza. Estas recén nacidas carreiras teñen máis de douscentos inscritos, o que sen dúbida algunha é un éxito organizativo, esta participación irá medrando conforme aumente a idade do evento, tal como sucede na Carreira de **San Xoan de Piñeiro** en Mugardos, que cumprirá este sábado día 8 a súa XXXI edición. Animamos a todas as persoas a achegarse e participar nalgunha destas tres carreiras! **INSCRITOS OZA**

08/09/2012

XV Carreira Popular Santa Uxia Ribeira- Campionato Galego de 10 km ruta

O domingo 16 de setembro celébrase na cidade costeira de Riveira a XV Carreira Popular de Santa Uxia que será a súa vez Campionato Galego de 10 km en ruta 2012. A proba que estará homologada pola RFEA contará coa presenza dos mellores fondistas galegos nun escenario fermoso que atravesará a zona costeira da cidade e que empregará as rúas peatonais de recente construción. Compre lembrar que os atletas federados deberán realizar a súa inscrición a través do sistema online desta páxina e que tamén deberán realizar a inscrición na carreira popular se queren optar a algún trofeo ou premio en metálico da carreira popular.

[Regulamento XV Carreira Popular de Santa Uxia - Circular Campionato Galego](#)

09/09/2012

Manuel Oliver Pérez e Yolanda Gutierrez vencedores na Volta a OZA



O Barrio da Gaiteira, na Coruña, volveu a contar cunha Carreira Popular organizada pola Asociación de Veciños Gaiteira- Fátima coa denominación de Carreira Popular Volta a Oza. Un circuito esixente con saída e chegada na Avenida de General Sanjurjo, próxima ao Parque Europa, cun percorrido predominantemente en suba puxo a proba a preto de 200 atletas. A primeira hora da mañá celebrábase a proba das categorías inferiores que terían que percorrer unha distancia de 1000 metros cruzando a zona peonil da Gaiteira, baixando




cara á rúa Ramón e Cajal para entrar en liña de meta na mesma zona de saída. A vitoria da proba foi para Claudia Fernández do Universitario de Santiago, atleta que carreira tras carreira demostra a súa adaptación ás probas de asfalto xa que na popular de Noia, celebrada o fin de semana pasado, tamén logrou a vitoria en categoría alevín. Nesta ocasión disputou o sprint con Adrián Sánchez, atleta cadete. Na proba absoluta Manuel Oliver Pérez do Club Coruña Comarca parecía a priori o favorito xa que nos últimos meses logrou subir ao podio en todas as probas que disputou, entre elas a Carreira Popular de Cambre e no Campionato Galego de Media Maratón celebrado en Petín. Nas mulleres sen lugar a dúbidas un dos atractivos estaba en ver o estado de forma de Yolanda Gutiérrez do Comesaña Sporting Club despois de disputar fai unha semana o medio maratón de Petín, na que resultou vencedora cun tempo de 1.20.53 nun día con moita calor. Na Carreira Popular Volta a Oza a dureza da proba foi patente nos primeiros quilómetros nos que a saída en pendente e a suba cara á Avenida del Pasaxe xa marcaba as primeiras diferenzas. Nun primeiro momento é Carlos Casal quen marchase uns metros dun grupo entre os que vai Manuel Oliver Pérez, Jacobo Gesto e André Luis Souza, atletas que subiron ao podio na Carreira de Santa Cruz celebrada en Agosto. Pola súa banda Yolanda Gutierrez realiza os primeiros quilómetros acompañada dun grupo de atletas sen ver perigar en ningún momento o seu primeiro posto.

Chegando á zona da glorieta da Pasaxe, Manuel Oliver alcanza ao primeiro clasificado e comeza a impoñer un ritmo forte, a suba máis dura do percorrido prodúcese na zona de Pedralonga para a continuación ter que descender pola Avenida de Monelos. Nestes momentos da proba tanto nos homes como nas mulleres as posicións parecen claras, Manuel Oliver e Yolanda Gutiérrez vencen claramente entrando sen oposición en liña de meta cun tempo de 25.27 e 28.11 respectivamente, destacar que a atleta do Comesaña foiséptima na xeral, boa carreira tamén de Carlos Casal segundo e de Javier Tourís que entraría terceiro.

A medida que ía transcorrendo os minutos o resto de atletas participantes foron entrando en meta, en moitos casos exhaustos pola complexidade da proba pero co apoio de familiares e amigos que non deixaron de aplaudir ata a chegada do último dos atletas inscritos. [Resultados](#)

21/09/2012

Marín convertirase o día 29 de setembro na capital do atletismo de elite



O Club San Miguel de Marín e o Concello de Marín, baixo a organización do fantástico atleta galego Víctor Riobo, están a organizar unha XV Milla Urbana de Marín. O evento terá lugar o sábado 29 de setembro a partir das 18:00 horas e contará coa presenza de destacados atletas internacionais e olímpicos, convertíndose así nun centro de reunión de experiencias olímpicas. Habrá probas destinadas dende os máis pitufos ata os máis veteranos. Tamén están previstos premios en metálico e bolsas do corredor, así como numerosos sorteos de agasallos. Para a inscrición dos menores podeades enviar un email a sanmiguelmarin@gmail.com. Non esperes máis e participar neste evento único! Inscríbete xa!

29/09/2012

I Circuito Corresan




Éxito do Circuito CorreSan, celebrado hoxe en Santiago onde na categoría absoluta resulto vencedor o atleta da Sociedade Gimnastica de Pontevedra, Juan Pablo Fernandes, sobre unha distancia de 4400 metros, facendo un crono de 14.48. A vencedora en mulleres fu Yolanda Gutierrez Robles del Comesaña con 16.41. Tamien celebráronse probas de categorías de menores, resultando vencedores na categorías:

Cadete	Brais	Otero	e	Carla	Castaño.
Infantil:	Arturo	Ramos	e	Lucia	Suarez

Alevín: Roberto Vieiro e Claudia Fernandez. [Resultados](#)

30/09/2012

XV Milla de Marín



O atletismo galego ten memoria, e non podía demostralo doutra forma, recordando a historia do noso deporte coa sensacional iniciativa levada a cabo na tarde de onte. No día de San Miguel írecuperouse a tradicional Milla San Miguel de Marín na súa decima quinta edición. Proba patrocinada polo Concello, a Deputación e New Balance, organizada polo Club San Miguel e a achega impagable do atleta Víctor Riobo xunto cos irmáns de La Torre, Daniel, Carlos e Elisardo e por suposto co apoio da Federación Galega, clubs da zona de Pontevedra así como moitos dos mellores atletas galegos en activo. O ambiente inmejorable, non só polo público que se congregou nos arredores da alameda senón por volver ver e recoñecer, unha xeración insuperable de fondistas galegos dos anos 90. *(ir a noticia)*

O UTUBRO 2012

02/10/2012

Presentacion da Coruña 10



Se hai unha popular pedestre de referencia en Marineda, esa é A Coruña 10. E onte deu un paso adiante. O da súa presentación oficial. Pero o atletismo popular coruñés, o que axudou a consolidar esta cita no calendario deportivo galego, leva días de vantaxe. Xa son dous mil os atletas de todas as idades inscritos nunha das probas máis apreciadas polos afeccionados nos últimos anos.

A Coruña 10 viuse obrigada a ampliar o seu prazo de inscrición para atender á demanda suscitada. Así, os interesados en participar na proba popular pedestre coruñesa que se celebrará o domingo a partir das once da mañá poden anotarse na páxina oficial de internet da Federación Galega de Atletismo www.atletismogalego.org. A cota de inscrición é de cinco euros

para os propietarios de chip amarelo e sete euros para os que non son propietarios do chip. Chairo e sobre asfalto

A carreira terá saída e meta no Obelisco. O trazado, de dez quilómetros de lonxitude, transcorre sobre asfalto e é chairo, o que favorecerá as marcas se o clima acompaña. A proba articúlase en sete categorías masculinas e femininas: júnior, promesa, sénior, veteranos 1, 2, 3 e 4, e terá 9.000 euros en premios. Ao acto de presentación de onte asistiron o presidente da Federación Galega de Atletismo, Isidoro Hornillos; o concelleiro de Educación, Deportes e Mocidade, Francisco Mourelo; o director de comunicación do Corte Inglés Galicia, Jose Manuel Branco; e por María Sande, relacións externas de Coca Cola. Isidoro Hornillos explicaba onte que «esta proba ten un certo simbolismo, porque foi a primeira en dar comezo a unha resposta popular nun escenario propicio como a cidade da Coruña, que tivo no pasado momentos brillantes como o mitin Teresa Herrera». «É unha carreira consolidada, a pesar de que en Galicia existe moitísima oferta e iso provocou unha fragmentación», engade. «O traballo conxunto do tandem que forman Federación Galega e Concello da Coruña dá os seus froitos», abunda. Atletas da talla de Carlos Villamor, Alejandro Fernández e Esther Navarrete pensan o mesmo.

Noticia e foto : La Voz de Galicia de 02/09/2012

03/10/2012

Carreira Pedestre Popular de Santiago



Coa asistencia do presidente da FGA Isidoro Hornillos, onte foi presentada a 35 edición da Carreira Pedestre Popular de Santiago que como ven sendo habitual celebrara-se o ultimo domingo do mes de outubro ás 10:00 da mañá para os adultos e as 11:30 para os escolares. A saída terá lugar na Avd. Xoán XXIII e a chegada á magnífica praza do Obradoiro.

05/10/2012

Presentación de Vigo+11



Foi presentada a VII edición da Carrera Popular Vigo+11-Trofeo el Corte Inglés que se celebrará o vindeiro 14 de Outubro polas principais rúas da cidade olívica. A saída terá lugar as 11:11h na rúa Concepción Arenal. Os participantes poden realizar xa a súa inscrición no departamento de deportes do Corte Inglés até o 9 de Outubro ou no formulario da FGA (www.atletismogalego.org) até o día 10 de Outubro.

07/10/2012

Éxito da Coruña 10



Éxito de participación na sexta edición da Carreira Coruña 10 nun día excepcional para competir, o vento do día anterior foi amainando para gozar dunha mañá cos mellores atletas galegos, as novas promesas da comunidade así como un gran número de atletas populares que ano tras ano vense sumando á cita na cidade herculina. Ás 11 da mañá dábase o disparo á proba absoluta sobre unha distancia de 10 coñecido por todos que permite bos do primeiro tramo. Na liña de saída os obxectivos, Manuel Penas, nun xesto que a cita coruñesa e a pesar de confesar que acaba de iniciar a tempada non dubidou en pelexar cos mellores. O favorito masculino, a priori e vendo a sensacional tempada que realizou, Alejandro Fernández, sen esquecermos a outros atletas destacados como Manuel Hurtado vencedor no medio maratón que se celebrou tamén en Coruña no mes de Maio. En canto ás mulleres un grupo de atletas de nivel destacado como Solange Pereira, Yolanda Gutiérrez ou Esther Navarrete xunto con mulleres que en probas de ruta alcanzaron resultados importantes como Patricia Mendes, vencedora na edición do ano pasado ou María Jesús Gestido.

Dende o inicio da proba, nos primeiros 500 metros que levaban cara á zona de Porta Real, os favoritos colocábanse nas primeiras posicións. Á altura do Castelo de San Antón, antes de empezar a zona máis dura do percorrido, fórmase un grupo de homes con Alejandro Fernández, Manuel Hurtado, Manuel Penas, Ivan Docampo e Carlos Villamor entre outros. Nas mulleres sucede algo similar indo nos primeiros quilómetros agrupadas as favoritas, observándose unha actitude valente por parte de Esther Navarrete que impón un ritmo forte distanciándose uns metros de Yolanda Gutiérrez, por detrás María Jesús Gestido intenta non descolgarse. A calor pouco a pouco convertíase no maior inimigo de todos os atletas participantes, na cabeza, nas proximidades da Torre de Hércules Alejandro Fernández e Manuel Hurtado, ambos os dous do Ourense Academia Postal lograban uns metros de distancia. En mulleres Yolanda Gutiérrez buscaba as costas de Esther Navarrete para intentar manter o seu ritmo, o duelo entre a atleta do Comesaña Sporting Club e a do Atletismo Femenino Celta foi continuo ao longo dos 10 quilómetros. No quilómetro 5 Alejandro Fernández pasa a 15.23 o que auguraba un bo rexistro, recordamos que fai 15 días este mesmo atleta no Campionato Galego de 10 km en Ribeira lograba a vitoria con 30.06 por diante do que nesta ocasión volvía ser o seu rival máis forte, Manuel Hurtado. Pouco a pouco a loita polo terceiro posto faise máis patente, Ivan Docampo e Carlos Villamor inician a súa guerra particular, por detrás un grupo entre os que se encontra Lolo Penas, José Antonio Ramallo e Rubén Caamaño. A falta de menos de 2

quilómetros Alejandro logra uns metros de vantaxe sobre un sensacional Manuel Hurtado, cruzando a meta o primeiro nun tempo de 30.40 e o segundo 30.53, finalmente o bronce foi para Ivan Docampo que lograría unha vantaxe de 20 segundos sobre Carlos Villamor, ambos os dous da Sociedade Gimnástica de Pontevedra. En mulleres, Yolanda Gutiérrez coa vista posta no Maratón de Amsterdam, logrou baixar dos 36 minutos, facendo un tempo de 35.57. Esther Navarrete lograba un merecido segundo posto, primeira atleta da categoría promesa, con 36.12 e terceira sería María Jesús Gestido con 36.55, tras elas mulleres importantes como Patricia Mendes, Soledad Castro e Leticia Fernández. O primeiro atleta promesa, foi Iván Cánovas do A.D Maratón, mentres que en categoría júnior vencerían Sergio Rodríguez e Sara Mera. Ás 12.30 dábase a saída á proba de 4 quilómetros nos que competirían atletas da categoría xuvenil, cadete e infantil. Curiosamente o vencedor da proba sería un atleta cadete, dunha calidade incuestionable, Tariku Novales do Club Atletismo Noia que vencía a proba sen oposición. En categoría xuvenil o vencedor foi Gabriel Monterroso da Sociedad Gimnastica de Pontevedra e en infantís Pablo Monteagudo. En canto ás rapazas competiron atletas destacadas do noso atletismo que inician a tempada con probas en ruta, como é o caso das medallistas en Campionatos de España Claudia Rojo ou Uxía Pérez. Na categoría xuvenil a vencedora foi a especialista en 400 metros lisos Eugenia Gil, en categoría cadete Uxía Pérez que este ano xa acreditara unha marca de 10.21.73 en 3000 metros lisos en pista e 2.58 no 1000 venceu sen oposición nesta proba, en categoría infantil a primeira atleta en cruzar a meta foi Iria Rodríguez do Atletismo Porriño.



Os atletas das categorías benxamín e alevín tiñan que dar unha volta ao circuíto, fixéronse dúas series dividíndoos por edades, importante participación de atletas dos clubs locais e vitorias para Helena Torreiro e Ermias Fernández en categoría alevín e Natalia López e Gabriel Núñez en benxamíns. A xornada remataba coa proba "reina" os 150 metros lisos da categoría pitufos, na que se congregaron aproximadamente 300 nenos/ás menores de 7 anos, en moitos casos acompañados dos seus pais e que de forma organizada foron separados en varias carreiras co único obxectivo de cruzar a meta e gozar dunha carreira deportiva. Ano tras ano Coruña 10 aumenta o número de participantes ao igual que o número de afeccionados ao deporte que se congregan nas céntricas rúas da cidade herculina para apoiar a todos os atletas, a resposta destes sobre o asfalto é incondicional ao igual que a dos mellores fondistas galegos que sempre ofrecen un rendemento destacado nun bo circuíto e que a pesar da calor lles permitiu na mañá do domingo lograr rexistros importantes. [FOTOS](#)
Resultados: [Absolutos](#) - [Menores](#)

08/10/2012

O CIRCUÍTO DE CARREIRAS SAUDABLES CORRESAN CELEBRA A SÚA ÚLTIMA PROBA NA CIDADE DA CULTURA



O domingo 14 de outubro celébrase a 4ª e definitiva proba do circuíto de carreiras saudables CorreSan. Este circuíto comezou alá polo 23 de xuño no Campus Sur, e tivo a súa 2ª e 3ª proba no casco histórico de Santiago de Compostela e no Centro Comercial Compostela respectivamente.

Agora toca o seu fin e será de forma espectacular cunha proba absoluta que sairá, por primeira vez, da Cidade da Cultura e concluirá no Estadio Multiúsos de San Lázaro. Os máis de 700 atletas que participaron entre todas as probas do circuíto máis os inscrito nesta derradeira proba, poderán gozar deste espectáculo, o cal partirá ás 10.30 horas da Cidade da Cultura coa saída da proba de adultos, e concluirá ás 11.30 coa proba de escolares que partirá e concluirá no Estadio Multiúsos de San Lázaro. Unha vez conclúan estas probas realizaranse unha proba das categorías prebenxamín e benxamín con inscrición o día da proba en homenaxe ao 75 aniversario da Victoria Club de Fútbol e unha gran festa con inchables onde se repartirán os premios do circuíto de todas as categorías e clubs premiados participantes.

Como é habitual, as inscricións da carreira de adultos poderase realizar na planta de deportes do Centro Comercial Compostela con prazo ata o mércores 10 de outubro ás 21 horas. Tamén se poderán realizar a través da web www.championchipnorte.com. As categorías escolares cría, infantil e cadete poderán remitir as súas inscricións ao correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com ou a través das webs www.atletismogalego.org e www.fgatletismo.es/santiago. Tamén as poderán realizar na planta de deportes do Centro Comercial Compostela nos horarios indicados arriba. Espéranse máis de 500 participantes entre escolares e adultos nesta última proba do circuíto organizada polo Departamento de Deportes do Concello de Santiago e baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo."

REGULAMENTO-CIRCUITO

13/10/2012

XIV Carreira Pedestre Lestrove 2012



XIV CARREIRA PEDESTRE
DE LESTROVE 2012
12/10/2012

O venres día 12 na localidade de Lestrove celebrouse a XIV Edición Carreira Popular Lestrove 2012, onde se deron cita un importe numero de participantes na carreira absoluto.

Sobre unha distancia de 10 Km. resultou vencedor Luis Calvo que cubriu a distancia en 33.22, sendo segundo Juan Pablo Fernandez con 33.39 e Jorge Crepo con 33.41 foi terceiro.

O podio de mulleres foi para Yolanda Gutierrez con 36.28, Carmen Penas con 40.23 e Guadalupe Lodeiro con 41.54

O club vencedor por equipos resulto o C. A. Sar Poutada con total de 37 puntos (3 + 8 + 11 +15) **Resultados**

14/10/2012

Alejandro Fernandez e Solange Pereia gañadores da carreira Vigo+11



Ultima Hora: A VI Carreira Popular Vigo +11 disputouse esta mañá na localidade pontevedresa con protagonismo de Alejandro Fernández Rivera o que gravou o seu nome no palmarés da proba. Sobre unha distancia aproximada de 11 quilómetros, e cun tempo final de 33:13, Alejandro impúxose Manuel Angel Penas, que tivo que conformarse co segundo caixón do podio, sendo terceiro Akka Essadaoui

Gran tempada a do atleta do Ourense Academia Postal, que repite triunfo unha semana logo de logralo en Coruña 10.

O podium feminino estivo composto por Solange Pereira con 39.27; Maria Jesus Gestido con 39.49 e Agueda Branco con 41.32

Resultados absolutos - Menores *Fotos: Flor Currás*

16/10/2012

Medio Maratón de Pontevedra



CGTD.

O vindeiro domingo 21 de Outubro celebrara-se a XVII edición do Medio Maratón de Pontevedra. Pechadas xa as inscricións bateuse o récord de participación con un total de 1349 corredores. A saída terá lugar às 10:30 a carón do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), na rúa José Malvar y Figueroa, percorrendo dúas voltas polas principais rúas da cidade e con chegada nas pistas de atletismo do

21/10/2012

Medio Maratón de Pontevedra



Celebrou-se unha nova edición do Medio Maratón Cidade de Pontevedra. Despois das intensas chuivas da edición anterior, a xornada da XVII edición foi mais favorable para os 1184 participantes que entraron na liña de meta. O vencedor foi o atleta do Ourense Academia Postal Manuel Hurtado. Tras el os dous atletas da Ginmástica de Pontevedra Rafael Fuentes e José Antonio Ramallo. Dende o inicio Hurtado xunto con Rafael Fuentes e Akka marcaron un bon ritmo até que na altura do km 7, o lucense conseguiu despegarse dos seus rivais. A vantaxe no km 10 era de uns 15 segundos aproximadamente. A partir de ahí Hurtado ía en solitario cara o estadio do Centro Galego de Tecnificación donde estaba situada a liña de meta, entrando con un rexistro de 1.07.27. Rafael Fuentes, que xa fora o gañador no ano 2004, marcou un tempo de 1.08.00. A 28 segundos faría a súa entrada José Antonio Ramallo.

Nas mulleres as protagonistas foron as atletas do Comesaña, Agueda Blanco e Soledad Castro. Xuntas chegaron até casi o km 10 en que Agueda iriase da súa compañeira de equipo vencendo con un tempo de 1.21.52. Soledad Castro que volveu a demostrar que maila ser veterana continua a estar entre os primeiros postos, entrou con un tempo de 1.22.52. Na terceira posición a marchadora do Bidezabal Eva María Iglesias con un rexistro de 1.28.22.

21/10/2012

I Carrera Los Rosales



A primeira das probas do Circuito de Carreiras Populares Coruña Corre que foi presentado nos días previos polo Concelleiro de Educación, Deporte e Xuventude, Francisco Mourelo celebrouse na tarde de onte organizado pola Asociación de Vecinos e o Club Coruña Comarca. Excelente resposta por parte dos afeccionados ao deporte, veciños da zona e moi boa organización no desenrolo das carreiras. O día invitaba a práctica do deporte e coa intención de fomentar éste levouse a cabo a primeira das 6 probas que vanse celebrar dende outubro ata mediados de agosto en Barrios da Cidade Herculina. Preto de 800 atletas achegáronse a Praza Eliptica do Barrio dos Rosales onde se daría a saída as diferentes carreiras, previamente no centro cívico recollerían os dorsais asignados. Ás catro da tarde e cun sol radiante eran os máis pequenos, os da categoría de pitufos quenes dispoñíanse a correr os 100 metros de que constaba a súa carreira. A continuación celebraríanse as probas de benxamines, alevíns, infantís e cadetes. Os vencedores na proba benxamín foron Miguel Fernández e Judith Lago, en alevíns dous atletas de clubs locais, Iago Jopia do Club Riazor Coruña e Lucía Seoane do Atletismo Coruña Comarca. As atletas da categoría infantil e cadete tiñan que percorrerenha distancia de 1000 metros, a

vencedora cunha ventaxa de 3 segundos sobre a súa perseguidora foi Lucia Suárez atleta do Club Atletismo Negreira en dura loita ata o final con Paula Iglesias, en categoría infantil vencería Claudia Fernández Couto, atleta do Universidade de Santiago afeita a subir a o podio en case todas as probas nas que participa. En categoría xuvenil a vencedora foi Andrea Martínez do Atletismo Coruña Comarca, Club organizador. En canto á proba masculina competiría de forma conxunta atletas cadetes e infantis sobre unha distancia de 1500 metros, o vencedor en categoría cadete sería Manuel Varela mentres que en categoría infantil sería o atleta do Club Atletismo Sada, Diego Miguez.

A proba absoluta disputouse ás 17.30 da tarde cun circuito duro de algo menos de 7 quilómetros con subas importantes que fixeron os atletas esixirse ao máximo. Un dos favoritos, Manuel Oliver "Manute" sufriu un contratempo que lle impediu, como nos ten afeitos, pelexar pola vitoria final. Os vencedores da proba, ambos os dous do Club Coruña Comarca, foron Javier Touriscun tempo de 21.45 e Teresa Corral con 27.05. En homes a loita foi máis axustada xa que o trialeta Miguel Angel Acosta loitou ata os últimos metros por vencer na proba, entrando en meta a só cinco segundos de Javier Touris. En mulleres segundo posto para Priscila Suarez e terceiro posto da xeral para Eusebia Maldonado.

PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN ATLÉTICA

2011/12

10/11/2011

I Jornadas Nacionales de Programación y Pedagogía del Entrenamiento en Edad Escolar



Los próximos días **18-19 y 25-26 noviembre** tendrá lugar en A Coruña las **I Jornadas Nacionales sobre la Programación y Pedagogía del Entrenamiento Deportivo en Edad Escolar**, esta acción formativa está organizada por el Departamento de Didácticas Específicas, Sportis. Formación Deportiva en colaboración con el Concello de A Coruña, la Escuela Gallega de Entrenadores de la FGA y la Secretaría Xeral para o Deporte, entre otras entidades. Están reconocidas **24 horas de formación para el profesorado** de Centros Educativos de Galicia. El curso está **homologado** por la Consellería de Educación y

Ordenación Universitaria.

Numerosos profesores de la Universidad de A Coruña y entrenadores de prestigio internacional impartirán un total de 8 conferencias que versarán sobre aspectos importantes de la pedagogía y programación del entrenamiento en niños.

Estas jornadas están destinadas para todos los técnicos deportivos y profesores de Educación Física que trabajan con la base. Asimismo, también podrán realizarlas padres de niños deportistas, deportistas y/o estudiantes. Se indagará en contenidos de programación del entrenamiento, prevención de lesiones, psicología del deporte, gestión de escuelas deportivas, entre otros aspectos.

Las jornadas están disponibles en **dos modalidades** de inscripción, de forma **presencial o a distancia**. La inscripción está abierta hasta el 16 de noviembre y la misma se puede realizar a través del siguiente enlace [CLICK AQUI](#)

Todos los inscritos recibirán una **camiseta conmemorativa** del evento, el **cd de actas** con toda la documentación y otros obsequios. **Los afiliados a la EGA disponen de un descuento en la matrícula.**

Más información en el tríptico adjunto o en la web www.sportis.es

19/11/2011

Adestrador de luxo para os martillistas vigueses. Intenso fin de semana con Alexander Sinitsyn



Un ano máis, o técnico ruso Alexander Sinitsyn acudiu á súa cita co atletismo galego, aceptando a invitación persoal de José Manuel Hermida, o adestrador vigués que acumula éxitos cos seus lanzadores. Sacha, como é coñecido, atópase concentrado en Albufeira (Portugal) cunha selección de lanzadores do seu país, entre os que se atopa a jabalinista Maria Abakumova, a subcampeona olímpica da que é adestrador persoal. A atleta proclamouse campioa do mundo en Daegu en setembro, cun lanzamento de 71.99m, récord dos campionatos. Durante uns días, os vigueses terán o privilexio de aprender dun gran profesional, que non escatima tempo nin atencións con todos eles.

Grupo Hermida.

O técnico vigués conta cunha nutrida formación de atletas de todas as categorías, e veu cosechando triunfos ao longo dos últimos anos, converténdose nun referente do atletismo vigués a nivel nacional. Só en medallas nacionais supera a centena. Os seus atletas están presentes en todo o atletismo galego, e condenados a enfrontarse, xa que militan en equipos que se baterán nas distintas xornadas de Liga española, como o Real Club Celta, Ourense Academia Postal, At. Narón Afflelou, ou a Sociedade Gimnástica de Pontevedra, aos que se suman Isaac Vicente., vigente campión de España absoluto e Pablo Denis, subcampeón promesa, ambos no Marathon madrileño

07/12/2011

Arranca o Curso de Monitor Nacional de Atletismo

Curso de Monitor Nacional de Atletismo en Vigo

No pasado venres día 2 arrancou en Vigo o Curso de Monitor Nacional de Atletismo, no acto inaugural estivo presente o Vicepresidente da FGA D. Eleuterio García Rodríguez e o Secretario Xeral D. Víctor Arufe Giráldez. O curso está a contar cun total de 16 participantes que xa amosaron na primeira sesión de docencia un gran interese nesta formación específica. Entre estes participantes figuran destacados atletas galegos/as.

12/12/2011

Grande actuación dos marchadores galegos en Getafe



O domingo día 11 na localidade madrileña de Getafe celebrouse o Campionato de España de Inverno de marcha de promoción, e os marchadores galegos realizaron unha brillante actuación. A cutiense Carmen Escariz proclamouse campioa de España cadete en 3 Km. e Daniel Chamosa subcampión en 5 Km Carmen Fuentes foi sétima (realizando todos a mínima esixida para o nacional cadete de pista de Xativa o próximo mes de Xuño) O júnior Francisco Durán rozou o podio ao ser cuarto cun excelente crono persoal de 21.37 nos 5 Km Notable actuación da xuvenil Marisol Díz, sendo quinta cun crono persoal de 25.46 (a só 10 segundos do bronce e mínima para para o nacional de pista de Aranzuez. Mar Rechamante do Vila de Cangas foi sétima en 5 km. xuvenil, Miriam Gómez foi sexta en juiniór, Armando Pereira, oitavo e Fabio Pereira noveno todos eles do Real Club Celta de atletismo No Trofeo Vila de Getafe que se celebrou conxuntamente co Campionato, a promesa Samanta Mulloni foi cuarta nos 10 Km. Con 55.06 (mínima campionato de España a celebrar no mes de Xullo en Toledo)

Os pequenos do Cuntis estiveron a grande altura, logrando o primeiro posto a cría Roberto Veiro en 2 Km. Cuns sobresaíntes 10.32 e bronce para Javier Escariz. Tamén Debora Pato logrou o triunfo nos 3 Km., de promoción, Brais Prieto foi segundo na liña de meta cun crono de 16.23, sendo bronce Ismail Laaribi. O cadete Cristian Dumbrava en 3 km., Antia Chamosa foi cuarta infantil cun crono de 16.20 e Jaime Arias tamén cuarto infantil. Tambien destacaron Paula Pérez e Alba Cajide. A triste noticia foron a descalificacións de Rocio Carbia e Elena [Resultados](#)

11/12/2011

Yolanda Gutierrez, 4ª no Nacional de Maratón



Celebrouse en Castellón o Campionato de España Absoluto de Maratón onde interveu a atleta do Comesaña Sporting Club, Yolanda Gutierrez Robles, logrando unha meritoria cuarta posición cun rexistro de 2.42.43, mellorando a súa marca do ano anterior onde logro a medalla de bronce con 2.44.12. A vencedora foi a galega Vanesa Veiga do Club Adidas cun rexistro de 2.32.57 no seu debut na maratón [Resultados](#)

13/12/2011

O técnico galego Mariano García-Verdugo foi convidado pola Federación Peruana de Atletismo para impartir un curso



Mariano García-Verdugo continua a sumar convites procedentes de tódolos rincóns do mundo para transmitir os seus coñecementos. Neste fin de semana pasado estivo en Perú impartindo un curso sobre adestramento de medio fondo e fondo. O curso estivo organizado polo Instituto Peruano do Deporte e a Federación Peruana de Atletismo. Asistiron un total de 35 adestradores seleccionados de Perú, ademais de algúns chilenos e bolivianos. Nesta fin de semana estará en Vigo impartindo docencia no Curso de Monitor de Atletismo. Tódolos afiliados á EGA que desexen asistir a estas clases como oíntes

poderán facelo, sempre e cando non se encha o aforo do curso, e tendo prioridade de asento os alumnos matriculados no curso.

14/12/2011

Gran inicio de tempada de Lorena Luaces: Nova mellor marca galega de 10 Km.



O pasado domingo no transcurso do XIV Trofeo de Marcha Atlética "Cerro Buenavista", a nosa marchadora internacional Lorena Luaces lograba novamente batir a plusmarca galega da distancia de 10 quilómetros en ruta na súa primeira participación da tempada, establecendo o novo tope en 46:18.(o anterior record de 46.29 de febreiro do 2011 en Pontevedra, que ela poseía) A ourensana logrou ademais a segunda posición na proba, cedendo tan só ante Mª José Poves. [Resultados](#)

02/01/2012

Ana Peleteiro galardonada pola RFEA como Mellor Atleta Feminina Junior



A RFEA publicou oficialmente o listado de galardonados na Gala do Atletismo Español 2011. Ademais do Galardón que xa coñecíamos para o Mellor Xuíz, destinado ao galego **Jorge Blanco**, haberá unha atleta galega tamén no listado, trátase do Galardón de Mellor Atleta Junior Feminino, premio que irá para a Comarca do Barbanza, concretamente para a atleta **Ana Peleteiro**. O seu adestrador, **Abelardo Moure**, mais coñecido como "Lardo", quedou en segunda posición na categoría de premiación "Mellor adestrador revelación". Noraboa para ambos por este importante éxito!

02/01/2012

Hoxe deu comezo a Concentración de marcha de Nadal

No día de hoxe incorporáronse á Residencia Príncipe Felipe de Pontevedra perto de 50 atletas e adestradores para participar ao longo dos días 2, 3 e 4 de xaneiro na Concentración de Marcha de Nadal. A mesta está promovida pola Escola Galega de Marcha da Federación Galega de Atletismo e dirixida polo seu máximo responsable o ex-olímpico marchador Santiago Pérez Alonso. Participarán atletas de tódolos clubs galegos e das categorías cadete, xuvenil, junior, infantil (segundo ano) e promesas. A actividade encóntrase enmarcada dentro do Plan Galego de Tecnificación Atlética.

10/01/2012

Belén Toimil inicia a tempada cun record galego!

Na súa primeira actuación da tempada, Belén Toimil lanzou 14,10 metros nun control celebrado en Ferrol o día 22 do decembro. Esta mellor marca junior e promesa galega augura un bo comezo da tempada desta atleta becada no CGTD. Por outra parte, comezan a despuntar xóvenes valores nesta disciplina, Ana Iquierdo lanzou 12,56 cm nun control federativo, situándose con esta marca no segundo posto do ranking nacional xuvenil. Ámbalas dúas atletas adestran baixo a dirección do técnico Javier López Viñas.

23/01/2012

Publicado o informe do sector de Lanzamentos da FGA



Na pasada semana publicouse na sección de Lanzamentos da web da FGA un informe feito polo adestrador **Raimundo Fernández**, neste informe recóllese a memoria do ano 2011 e os obxectivos do sector para a tempada 2012. Salientar o gran nivel dos atletas galegos nestas modalidades. Entre as diversas conclusión deste documento atópase a seguinte: *"Cuantitativamente, Galicia coloca hasta 13 lanzadores entre los diez primeros puestos, según ranking nacional Top 10 de sus respectivas especialidades, 9 hombres y 4 mujeres. Destacando notablemente los 6 que aporta la especialidad de lanzamiento de jabalina, y más concretamente 5 en categoría masculina. Así mismo, resaltar la falta de representación gallega en el Top Ten de peso hombres y martillo mujeres."* Podes consultar o informe facendo ([click aquí](#))

30/01/2012


Fantástica actuación da Sociedad Gimnástica na Copa do Rei.



Fantástica actuación da **Sociedade Gimnástica de Pontevedra** na Copa do Rei. O club galego rematou a competición disputada en Valencia nun extraordinario 4º posto. Diante do mesmo, coparon os primeiros postos equipos que gozan dun gran nivel e prestixio como é o Praias de Castellón, o F.C. Barcelona e o Porto de Alicante. O equipo blanquiazul levaba importantes baixas na súa estrutura, mais aínda así poido superar a equipos tan competitivos como o Maratón, Nerja, Tenerife, Caja Canarias e Cataluña. Salientar a actuación de Jean Marie Okutu que fixo un mellor salto de 7,48 metros, rematando en segunda posición. Noraboa! [Resultados](#)

30/01/2012

Belén Toimil: Nova mellor marca galega xunior e sub 23 en peso con 14,44 metros



O grande inicio da tempada de Belén Toimil, viuse referendada en Valencia coa disputa da Copa de La Reina, e a súa grande actuación se viu compensada cunha nova mellor marca galega na categoría júnior e sub 23 en peso ao lanzar 14,44 metros.

Belén ocupou a segunda posición, superada por Ursula Ruiz que lanzou 16,09 metros.

A atleta do Castelló na súa estrea na categoría júnior encóntrase nun momento de forma excepción e neste inicio de competicións véno demostrando repetidamente. enhorabuena;

Na mesma competición tomo parte a atleta do Porto Alicante, Virginia Villar nos 60 metros valos, logrando a vitoria cun crono de 8. 66 [Resultados](#)

04/02/2012

GP Zaragoza; Jean Marie Okutu, nova mellor marca galega absoluta en lonxitude con 7,72 metros



O atleta da Sociedade Gimnastica de Pontevedra, Jean Marie Okutu, no seu debut da presente tempada en pista cuberta non puido comezar mellor e logra mellorar a súa marca de 7,65, logrando un rexistro de 7,72 metros no GP Cidade de Zaragoza en pista cuberta celebrado hoxe.

Okutu, realizou unha serie de 7,59/7,72/7,67/166, logrando en tres salto mellorar a súa mellor marca de 7,65 e os 7,72 logra mellorar a mellor marca galega absoluta de lonxitude.

Tambien competiron Alfonso Palomanes en triplo salto cuns interesantes 15,37 metros no inicio de tempada e Luis Moro realizou salto nulos en pértiga [Resultados](#)

04/02/2012

Gala do Atletismo Galego 2011



ULTIMA HORA: No auditorio de Cerceda celebrouse a V Edición da Gala do Atletismo Galego. Ante numerosos asistentes e coa presentación da Gala a cargo da nosa compañeira Yolanda González e o atleta internacional Jorge Silva. Iniciou o acto o Presidente da FGA Isidoro Hornillos realizando unha breve presentación, agradecendo a



presenza de todas as personalidades e atletas Seguidamente deuse paso ás premiacións a todos os atletas que foron merecedores destes galardóns pola súa traxectoria durante a tempada recentemente finalizada.

Como colofón se fixo entrega dos mellores atletas galego do ano, que nesta tempada os premios recaeron en Isaac Vicente e Virginia Villar na categoría senior, sendo Ana Peleteiro e Gonzalo Basconcelo na categoría Sub'23 e Maria Jesús Sanguos e Luis Nogueira en veterans [FOTOS](#)

05/02/2012

Belen Toimil: Nova mellor marca galega junior en disco con 47.37



Continua imparable a progresión de Belén Tomil, no seu primeiro ano na categoría junior, e este sábado volveu demostrar as súas calidades. Belén competiu no control nacional de lanzamentos da RFEA en León, competindo na proba de disco, facendo unha serie de x/x/47,37/44,48/45,77/45,03. Logo dos dous nulos iniciais no seu terceiro intento logrou 47,37 metros, logrando bater a mellor marca galega anterior de 46,82 de Angeles Barreiro que estaba en vigor desde o ano 1981 [Resultados](#)

13/02/2012

Victor Galego: Nova mellor marca galega absoluto de peso con 17,13



No control de marcas da Federación Galega celebrado o domingo no Palacio de Deportes de Riazor en Coruña, o atleta da Sociedade Gimnástica, Víctor Galego, estableceu un novo tope autonómico na proba de lanzamento de peso con 17.13; o anterior record levaba vigente desde o ano 2001, cando Oscar Fernández Martínez, en leste mesmo escenario, lanzou a bóla de 7 quilos e 260 gramos, ata os 16 metros e 82.

Victor realizou unha gran serie de 15,88/16,44/17,12/16,56/17,13/16,86, excedendo amplamente en dúas ocasións a barreira dos 17,00 metros, sendo o primeiro atleta galego en conseguilo. ¡enhorabuena!

[Resultados](#)

13/02/2012

Nova mellor marca galega de Belén Toimil en peso con 14,47 metros



O pasado sábado día 11 na localidade portuguesa de Vila Nova de Cerveira, celebrouse a 3ª xornada de Lanzamentos. Un nutrido grupo de lanzadores tomaron parte nesta xornada, sobresaíndo unha vez máis Belén Toimil que volveu mellorar a marca galega de lanzamento de peso de 4Kg., nas categorías junior e sub'23 cun lanzamento de 14,47 metros, referendando o seu gran estado de forma nesta tempada. Belén tamén tomo parte en lanzamento de disco, logrando unha marca de 46,89 preto do seu mellor rexistro de 47,37 metros.

Lidia Fernandez, Adrian Estevez, Carlos Ferrer, José M. Almudi, Joaquin Muñiz, María Bayón, Sara Pazos, Maria Sio, Elena Estevez, Ana Esquerdo, tamén competiron en peso, disco e martillo [Resultados](#)

28/02/2012

Belén Toimil, mínima para o mundial júnior en peso.



Belén Toimil (Praias de Castelló) tráese tripla satisfacción do nacional absoluto de Sabadell. Mellorar a súa marca supoñía en principio superar a mellor marca galega, e conseguir os 14.50 m de pase ao Campionato do mundo. Chegaron no segundo intento, con 14.67 m. Pero os 15.14 m do último lanzamento outorgáronlle ademais a medalla de bronce. Con toda a tempada por diante, a súa progresión está a ser espectacular. Repetirá internacionalidade, xa que o ano pasado foi dobremente convocada nas probas de peso e disco.

22/03/2012

Andrés Díaz recibiu unha calurosa homenaxe no INEF Galicia



A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña está a conmemorar o seu 25 aniversario con diversas actividades programadas. Unha delas foi a homenaxe que se lle fixo a Andrés Díaz, o pasado mércores 21 de marzo. Andrés cursou os seus estudos neste centro, coñecido popularmente como INEF Galicia. O acto pretendeu recordar o seu record de Europa de 1500 m.l. de pista cuberta, batido no ano 1999 en 3.33.32. Para elo convidouse aos alumnos da facultade a que percorreran un relevo de 5x300 metros para comprobar a gran dificultade que contén facer unha media de 42 segundos en cada parcial. Finalmente o rexistro feito foi inferior ao actual record do mundo. Andrés Díaz, mais tarde, recibiu a felicitación do Decano da Facultade, D. Rafael Martín Acero, que estivo acompañado polo presidente da FGA, D. Isidoro Hornillos Baz e numerosos alumnos da facultade.

29/03/2012

A concentración de Semana Santa do Sector de Fondo contará con preto de 20 atletas

Preto de 20 atletas están convocados para participar na Concentración que dirixirá o responsable do sector de fondo da FGA, D. Alfonso Ortega. A mesma terá inicio o vindeiro luns día 2 co seguinte plan de actividades:

Luns día 2 se incorporarán os atletas no Hotel Coia ás 13:00 horas para comer. ou ás 10.00 para adestrar. Lunes 16'30 - Charla de Luis M. Landa - Responsable Nacional de Fondo. 17'30 - Entrenamiento conjunto de condición física. Martes 10.30 - Entrenamiento persoal de cada atleta. 16.30 - Charla de Dra. María Dolores González - Directora Técnica de la FGA. 17.30 - Entrenamiento conjunto de condición física. Miércoles 10.30 -Entrenamiento personal de cada atleta. 16.30 - Charla de Luis M. Landa.17.30 - Entrenamiento conjunto sobre condición física. Jueves 10.30 - Entrenamiento personal de cada atleta.

Os atletas que participarán son: Camila Alonso, David Santos, Jose Gonzalez, Jose M. Otero, Tariku Novales, Miguel Gonzalez, Adrian Ben, Carmen Martinez. Os atletas que participarán pero que non pernoctarán no hotel son: Angela Gonzalez, Adrian Lago, Yeray Gomez, Brais Gomez, Eva Cid, Guzman Gomez, Uxia Perez, e Jenny Fernandez. **(Mais información na Circular 18-2012)**

04/04/2012

Frank Casañas, mellor marca mundial en disco (66,25m)



O discóbolo español con licenza FGA, Frank Casañas (Praias de Castelló) estableceu a mellor marca mundial do ano en disco con 66,25m nun control provincial realizado na pista Gaetá Huguet de Castelló, no que era o seu debut nesta tempada. O pupilo de Antonio Simarro, que posúe unha mellor marca persoal de 67,91m realizada en 2008, realizou deste xeito o seu mellor inicio de tempada de sempre na que ten posto o punto de mira na gran competición do verán, os Xogos Olímpicos de Londres

08/04/2012

Concentración de Semana Santa del sector de Marca



O bo traballo levado a cabo polo Sector de Marcha en Galicia vense demostrando dende o inicio da tempada. A principios de marzo en Pontevedra no Campionato de España de Federacions autonómicas quedou reflectido que nas diferentes categorías Galicia conta con atletas xa consagrados e cun importante grupo de atletas novos que destacan a nivel nacional. Estes días baixo a dirección de Santiago Pérez, adestradores e atletas reuníronse unha vez máis para continuar traballando na localidade de Sanxenxo. Ao longo de catro días en xornadas de mañá e tarde realizáronse diferentes sesións nas que participaron atletas das categorías infantil, cadete, xuvenil e júnior. Destacamos o bo ambiente e en especial o interese por aprender e aportar por parte de todos os integrantes da concentración.

17/04/2012

O atletismo Cuntis campión en Rio Maior (Portugal)



Na localidade portuguesa de Rio Maior, os marchadores galegos continúan demostrando a súa progresión, e os atletas do club Atletismo Cuntis proclamáronse campións por equipos no Gran Premio de Marcha Internacional en Rio Maior, celebrado o pasado día 14,,al ser bronce nos 2 km e ouro nos 5 km, A actuación dos novos marchadores foron: Ouro para Antia Chamosa nos 2 km cun sobresaínte crono de 9.57 (novo record galego infantil), o seu irmán Daniel Chamosa non quixo ser menos e con gran crono de 23.13 nos 5 km pulverizo o anterior record galego que estaba en 23.24 ,el infantil Brais

Prieto nos 2 km realizou un notable rexistro de 10.24 ,Carmen Escaris foi a campioa nos 5 km cadete con 25.28 de Roberto Vieiro foi o campeon nos 2 km alevín con 10.55 (todos en dura pugna cos magnificos marchadores portugueses) ,conquistaron a prata: Iria Rivas en 2 km alevín.Marisol Diz nos 10 km xuvenil, e Carmen Fuentes nos 5 km cadete con notable crono persoal de 26.55, o bronce foi para: Francisco Duran nos 10 km júniors con mellor crono persoal de 45.21 para Elena Fraguas nos 5 km cadete (as cunteses lograron un triplete con Carmen Escariz-Carmen Fuentes e Elena Fraguas ,ademais destacaron Paula Perez Cristian Dumbrava ,Smail Laaribi e Debora Pato.

Premiacion na Gala provincial da Diputacion de Pontevedra
Se celebrou en Villagarcía a Gala do deporte da Diputación Provincial de Pontevedra, na cal o traballo do club Atletismo Cuntis foi recoñecido pola devandita institución ao concederlle unha distinción especial por fomentar o deporte e o nome de Cuntis e Pontevedra en todas as competicións oficiais e populares en que participa.

17/04/2012

Patricia Carballo: Mellor marca galega xuvenil de 200 metros con 25.71



A velocista galega Patricia Carballo Penas do Coruña Comarca, realizou unha marca de 25.71 durante o transcurso do Campionato Galego de Clubs, que bate o legendario record galego xuvenil da internacional e ex plusmarquista nacional María José Martínez Patiño de fai case 34 anos (o 30 de Xullo de 1978) en Madrid con 25.73, igualado por Esperanza Caldas en Castellón no ano 2004. Patricia tamén realizou unha boa marca en 100 con 12.57, o que vén demostrar que a lesión está esquecida. ¡enhorabuena!

16/04/2012

Noel Fernández Vence na Big d Texas Marathon



Sensacional noticia a que nos chega dende Estados Unidos. Noel Fernández, atleta do Marineda Atlético, proclamouse o domingo 15 de abril vencedor do BIG D TEXAS MARATHON. Noel, que dende hai case un mes e por motivos laborais reside no estado de Texas fixo unha carreira para enmarcar, sen desfalecer na segunda metade da proba, como adoita pasar na maioría de ocasións. Marcou un tempo de 1 h 19 min 24 s ao paso pola media maratón e finalizou a proba en 2 h 38 min 26 s entrando en meta cunha superioridade apaisante sobre o resto dos seus rivais (o segundo clasificado entrou

a máis de 17 minutos). Hai que destacar que Noel aínda está adaptándose á súa nova vida e polo momento á espera de obter unha vivenda fixa, reside polo momento nun hotel. Saca algo de tempo despois da súa xornada laboral para poder adestrar nun lugar onde as condicións climatolóxicas, calor e ambiente seco, son totalmente distintas á climatoloxía que hai en Galicia. Este feito fai que a vitoria do atleta do

Marineda Atlético sexa máis meritoria. [Resultados](#)

15/04/2012

Pedro Nimo, cruza a meta no posto 22 no Maratón de París



O santiagués Pedro Nimo non puido onte co vento parisiense e, aínda que rematou o maratón da capital francesa cunha marca nada desprezable de 2:14.12, a nada da mínima olímpica -fixada en 2:14- pero lonxe dos 2:11 aos que apuntaba de saída e que lle abrirían o camiño cara aos Xogos Olímpicos de Londres. Agora, o atleta do Bikila queda cos 2:13.34 do pasado ano en Berlín, que non serán suficiente para ocupar unha das dúas prazas que quedaba vacante ao ter xa asegurada a súa presenza como campión de España Carles Castillejo.

Antes de onte, Nimo xa tiña por diante a José Carlos Hernández, que correu en 2:11.57 o maratón de Barcelona hai un mes. E onte mesmo, Nacho Cáceres -ao que o propio santiagués metía nas quinielas como un dos favoritos a estar en Londres- lograba parar o reloxo en 2:11.58, a súa mellor marca persoal, tendo como lebre o propio Castillejo. Ademais, a final de mes, en Hamburgo aínda buscarán apurar as súas opcións Pablo Villalobos -que fixo a mínima o ano pasado cos seus 2:12.21 en Sevilla- e Chema Martínez -que se retirou este ano en Barcelona-. Tamén onte, quedaron sen mínima Iván Galán, que se retirou en Viena, e Miguel Ángel Gamonal foise ata os 2:15.52. Nimo chegaba a París no que el mesmo cualificaba como mellor momento de forma da súa vida. Coa mente posta nos 2:11, quixo ter como lebre o outro fondista galego de referencia, Lolo Penas, que exerceu o seu labor ata a media maratón. Non obstante, as condicións de frío e vento, que mesmo o día anterior o fixeran formularse non saír e esperar a Hamburgo, impedíronlle render ao nivel que el esperaba. [Resultados](#)

14/04/2012

Concentracion nacional de lanzamentos no Ceard de León



A RFEA., convocou dúas concentracións simultáneas entre os días 8 ao 14 de abril, unha para os atletas Júnior con opcións de estar no Mundial de Barcelona, e outra para os que vaia aos Xogos Olímpicos de Londres, o Campionato de Europa e o Iberoamericano. Todos os atletas estaban convocados xunto co seu adestrador persoal; así Belén Toimil Fernández, con mínima mundialista xa na proba de peso (15,14m.), acudiu á cita co seu adestrador Javier López Viñas, que garante que tamén conseguirá a mínima en disco, pois está a só 13 cm.,

dos 47,50m., esixidos.
Viñas tamén participou na convocatoria dos lanzadores de xavelina Gustavo Dacal, Carmen Sánchez e Jesús Crossa. Este último acaba de quedar Campeón Nacional de Inverno con marca persoal, experimentando unha rápida melloría dende que reside e adestra en Pontevedra. Todos eles manifestaron ter vivido unha semana moi completa e produtiva no Centro Nacional de Lanzamentos por excelencia como o é o CEARD., de León, seguindo o plan de traballo elaborado por Viñas e confían ser os candidatos que o responsable Nacional de Lanzamentos Carlos Burón, propoña para formar parte do equipo que representará a España esta tempada nos compromisos Internacionais. <http://pontevedrathrowers.wordpress.com/>

26/04/2012

Comienza o Campionato de España de Clubes 2012



Galicia é a Comunidade Autónoma con máis equipos participantes no Campionato de España de Clubes 2012 que se celebrará o próximo fin de semana. O sábado 28 de Abril competirán en División de Honra o equipo masculino do Ourense Academia Postal e da Sociedade Gimástica de Pontevedra, e o equipo feminino do Club Ria Ferrol. Nas pistas Josefina Salgado de Ourense veranse homes importantes do atletismo galego como son Jean Marie Okutu, Victor Gallego, Manuel Uriz, Gustavo Dacal e José Alfonso Palomares. As rapazas do Ria Ferrol desprazaranse a Zaragoza cun equipo de calidade no que destacamos a Iria Forjan, Ana Peleteiro, Lidia Casal, Esperanza Caldas ou Lidia Parada. En canto aos encontros de primeira división varios equipos galegos debutantes nesta competición. Nas Pistas da Malata enfrontaranse o Real Club Celta, o A.D.A.S e o Afflelou Narón con probas de nivel coa participación de Rodrigo Avellaneda, David Gómez, Gonzalo Basconcelos e Samuel Paz entre outros. Por último en Ourense, competirán o domingo tres equipos femininos galegos, o Atletismo Feminino Celta, o Ourense Academia Postal e o SF Lucus Caixa Rural, especial interese nas probas de 200 m.l con Patricia Carballo, en 400 m.l con Paula Ferreiros, en 1500 con Leticia Fernández, en lonxitude con Leticia Gil e en triplo salto con Marta Lolo [Máis información](#)

29/04/2012. Comenzou o Campionato de España de Clubes na División de Honor e 1ª División

Dous equipos galegos enfrontáronse nas Pistas Josefina Salgado de Ourense no encontro D, da División de Honra, a Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Ourense Academia Postal, xunto a eles completaban a participación o A.D Maratón e o Universidad de Oviedo. A priori os favoritos eran os madrileños que o ano pasado lograron o terceiro posto na final por diante da Sociedad Gimnástica de Pontevedra. O día non acompañou aos atletas xa que durante a xornada de tarde houbo un tempo desapracible con frío e chuvia. Os dous clubs galegos víronse superados polos seus rivais e de novo o 19 de maio terán que volver competir co obxectivo prioritario de asegurar a permanencia en División de Honra. Entre os resultados máis destacados queremos resaltar un novo record galego do atleta Victor Gallego que logrou un lanzamento de 16.89 na proba de peso, que lle valeu así mesmo para conseguir o segundo posto, e mellorar a seu mellor marca galega, este mesmo atleta vencería na proba de disco con 52.82. Por outro lado nos fosos víronse a dous dos nosos mellores atletas impoñerse nas probas de lonxitude e triplo salto, Jean Marie Okutu cun salto de 7.49 en salto de lonxitude, mentres que o atleta do Ourense Academia Postal José Alfonso Palomares vai progresando no sua posta a punto vencendo con 15.31 que o sitúa á fronte do ranking galego da especialidade. O duelo esperado entre Gustavo Dacal e Manuel Uriz non se fixo esperar xa que no seu primeiro lanzamento lograron 69.45 e 68.17 respectivamente o que lle valería a vitoria a Gustavo Dacal, da Sociedad Gimnástica de Pontevedra. O atleta galego, nas filas do A.D Maratón Isaac Vicente impúxose con autoridade na proba de martelo con 66.90, segundo foi Pablo Denis Sanromán con 60.52. Nos 200 m.l Jean Marie Okutu foi terceiro con 22.28 baixando os dous primeiros atletas de 22 segundos. Na proba dos 5 km marcha, Francisco Arcilla do Universidad de Oviedo marchou en solitario dende os primeiros metros por detrás un grupo de 5 atletas entre os que se encontraban José Fernández e Francisco José Duran, estes dous atletas lograron subir o ritmo no último quilómetro para entrar xuntos en liña de meta nos postos segundo e terceiro. Valente na proba dos 3000 m.l Manuel Hurtado que lograría unha marca de 8.21.67 sendo cuarto, os dous atletas da Sociedade Gimnástica de Pontevedra, Carlos Villamor e Gustavo Nieves foron sexto e sétimo respectivamente nunha carreira que dominou o atleta do Universidad de Oviedo Roberto Alaiz cunha marca de 8.04.23. Nos obstáculos cuarto posto para Nicolas Arrojo con 9.21.62 e quinto Álvaro de la Fuente con 9.22.56. Nos 100 m.l o mellor atleta galego sería Pablo Lado, que entrou quinto cunha marca de 11.49. Boa actuación na tarde do sábado para o atleta do Ourense Academia Postal Javier Fidalgo que nos 110 metros valos lograba igualar a marca conseguida o ano pasado en Málaga, 15.16, e que nesta ocasión lle permitiu entrar en cuarto lugar. Na proba do 4 x100 masculino tería unha papel protagonista ao realizar unha fantástica remontada que permitiría ao seu Club alzarse coa vitoria no relevo curto. A última proba en celebrarse foi o relevo 4 x 400 na que a Sociedade Gimnástica de Pontevedra sería segunda con 3.21.19 e terceiros os rapaces do Ourense Academia Postal con 3.21.54. En resumo vitoria neste encontro do A.D Maratón sendo terceiros a Sociedade Gimnástica con 156 puntos e cuartos o Ourense Academia Postal con 154.5

DIVISIÓN DE HONRA FEMININA: O Club Ria Ferrol desprazouse a Zaragoza para enfrontarse cos seguintes clubs: Playas de Castellón, Piélagos Inelecma e Simply Scorpio.71. Non tiveron unha boa actuación as rapazas do Ria Ferrol non podendo salvar o último posto do encontro. Non obstante houbo resultados destacados das atletas galegas. Sensacional unha vez máis Ana Peleteiro, que aínda que con vento favorable de +2.5 se impuxo no triplo salto cunha marca de 13.14, realizando dous saltos por enriba dos 13 metros o cal demostra o sensacional estado de forma no que se encontra nestas primeiras probas da tempada de aire libre. A súa compañeira de equipo, Iria Forján tamén rendeu a un bo nivel sendo segunda na proba de lonxitude cun salto de 5.60 con vento de +3.2, o cal dificultou os axustes no talonamento das atletas. Esperanza Caldas e Lidia Casal foron cuarta e quinta nos 400 m.l con 59.40 e 59.80 respectivamente. Nos 100 m.l a atleta xuvenil Laura Lama logrou unha marca de 13.30 proba na que venceu Dayanna Rivera do Club Ría Ferrol cunha marca de 11.92. Esta mesma atleta impoñeríase nos 200 m.l nos que tamén correu Candela Díaz que foi quinta con 26.36. As descualificacións na marcha e os saltos nulos na proba de pértega reduciron as posibilidades das atletas do Club Ría Ferrol. A atleta galega, do Club Playas de Castellón Belén Toimil gañaba a proba de lanzamento de peso con 14.25 mentres que Lidia Parada vencía na xavelina con 45.68, recordamos que esta atleta lanzou 46.13 a mediados de abril. Na proba de relevos as atletas do Ria Ferrol lograron no 4 x100 con Ana Peleteiro, entre as integrantes, a terceira posición con 50.72, mentres que as catro atletas galegas do 4 x400 foron cuartas con 4.05.83.

PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA: A boa noticia para os Clubs galegos produciuse na mañá do domingo coa vitoria do Club A.D.A.S que se enfrontaba nas pistas de A Malata, en Ferrol, ao Real Club Celta de Vigo, ao Atletismo Narón e ao Universidad do País Vasco. Nos 100 m.l sería o atleta do Real Club Celta, Miguel Gómez o que lograría entrar segundo cun rexistro de 11.23. Nos 200 m.l boa actuación dos atletas representantes do Atletismo Narón, Rodrigo Avellaneda e Mauro Triana, que foron primeiro e segundo con 22.00 e 22.44. Segunda carreira da tempada de Enrique Prego en torno aos 50 segundos, nesta ocasión con 50.43 vencía na proba de 400 m.l sendo segundo David Álvarez con 51.16. A proba dos 800 m.l foi unha carreira táctica na que Ismael Costas se desenvolve con certa facilidade, demostrouno vencendo con 1.56.88. Nos 1500 m.l bos resultados para dous novos atletas galegos, Carlos Porto que foi segundo e Santiago García que foi terceiro nun apertado final. A proba dos 3000 m.l rompeuse dende o inicio, realizando o vencedor unha marca de 8.20.83, cuarto foi Ayoub Nagibi e quinto o atleta do Real Club Celta Pablo Regadas con 9.05.02. Nos 3000 metros obstáculos houbo un duelo interesante entre tres atletas galegos, Gilberto Álvarez, Juan Antonio Pousa e Gonzalo Basconcelos, vencendo o primeiro con 9.14.31. Nas probas de valos superioridade de dous homes, de David Gómez nos 110 con 14.96 e Samuel Paz nos 400 valos con 53.19. O atleta Olímpico do Real Club Celta tamén cun salto de 6.85 sería segundo no salto de lonxitude. Disputada a proba de salto con pértega na que o vencedor sería o atleta do A.D.A.S David Ferrer con 4.20 mesma altura franqueada polo segundo clasificado. Agás o lanzamento de xavelina no que venceu o atleta veterano Luis Nogueira cunha marca de 58.48, as vitorias nas probas de lanzamento de martelo e de peso foron para os homes do Real Club Celta: Nuno Martins con 58.67 e o peso para Fernando Paredes con 14.87. Nas probas de relevos a vitoria en 4 x100 foi para o A.D.A.S sendo descalificado o equipo do Real Club Celta. No relevo longo, 4 x 400 gañaron os homes do Atletismo Narón cunha marca de 3.25.55. En resumo neste encontro de primeira división vitoria para o club de Valdeorras, o A.D.A.S, segundo posto para o Real Club Celta de Vigo e cuarto posto para o Club Atletismo Narón.

PRIMEIRA DIVISION FEMININA: Ás 10 da mañá a néboa cubría as Pistas Josefina Salgado de Monterrei (Ourense) onde tres clubs galegos se enfrontarían neste encontro de primeira división tras a baixa do Club Atletismo Valladolid. A priori o favorito era o equipo local, o Ourense Academia Postal por diante do Atletismo Feminino Celta e o Lucus Caixa Rural que se presentaba neste encontro cun equipo novo en case todas as disciplinas. A protagonista da xornada foi a atleta Patricia Carballo que nunha sensacional carreira de 200 m.l volvía bater o record galego xuvenil que ela mesma posuía, o vento en contra non lle impediu parar o cronómetro en 25.54. Outra atleta do Lucus, Paula Ferreiros, nesta ocasión non competía en salto de altura, senón nos 400 m.l proba que vencía cun bo rexistro 57.84, sendo segunda Yuliana Velásquez do Ourense Academia Postal con 58.84 e terceira Laura García do Atletismo Femenino Celta con 59.51. Nos 400 metros valos as dúas atletas do Ourense Academia Postal lograron a primeira e segunda posición, Alba Fernández con 1.05.23 e a atleta xuvenil Aitana Leguiçano con 1.08.00. Nos valos curtos, sería a súa compañeira de equipo Antía Martínez a que vencería con 15.40. Nas probas de 800 metros lisos e 1500 metros lisos dúas mulleres demostraron a súa superioridade dende o primeiro metro, Iría Castro nos 800 ml con 2.17.44 e Leticia Fernández nos 1500 con 4.44.40. Algo similar sucedeu nos 5 quilómetros marcha con Lorena Luaces que só encontrou oposición nos primeiros quilómetros por parte de Rocío Carbia, Lorena entraría finalmente en solitario na meta cun rexistro de 24.31.01 mentres que Rocío Carbia facía 24.56.37. A atleta cadete do Lucus Caixa Rural Saleta Fernández cun salto de 1.60 vencía na proba de altura, mentres que Alicia Merino impondriase no salto de lonxitude con 4.96. Disputado foi o triplo salto no que Marta Lolo no seu último intento levaríase a vitoria con 11.46. Beatriz Viteri non encontrou oposición na proba de salto con pértega logrando superar o listón en 3.10. En canto aos lanzamentos destacamos a Lidia Fernández que gañaría a proba de disco con 37.05 ao igual que Noelia Ferradanes no martelo, mentres que Elena Estévez do Atletismo Femenino Celta en peso e a veterana atleta Emilia Mesa en xavelina serían segundas. Por último e para concluír a xornada axustada proba de 4 x100 entre o Lucus e o Ourense resultando vencedor este último con 52.10. No 4 x400 cómoda vitoria das rapazas do atletismo Feminino Celta cun tempo de 4.11.23. As onces vitorias individuais do Ourense Academia Postal permitíronlles vencer neste encontro con 236.5 puntos por diante do Atletismo Femenino Celta e o Lucus Caixa Rural. A xornada atlética permitiu tamén a realización do exame do Panel B de saídas do comité Nacional cos xuíces Manuel Garrido e Saturnino Morales



Contundente victoria para o Club Adas do Barco de Valdeorras. O equipo valdeorrés amosou un gran dominio nas distintas probas da competición. Os 214 puntos acadados foron suficientes para desprazar á segunda posición ao Real Club Celta de Atletismo (175 pts), seguido da Universidade do País Vasco (165.5) e o Atletismo Narón pechando a clasificación deste encontro cun total de 134.5 puntos. ([Resultados](#))

No trocante a xornada de Liga de 1º División disputada en Monterrei, donde tres equipos galegos participaban neste encontro, salienta a victoria do Ourense Atletismo Academia Postal, que obtivo 236.5 puntos superando en 40 puntos ao Atletismo Feminino Celta (196.5 pts) e rematando en terceira posición o San Fernando Lucus Caixa Rural Galega con 180 pts. ([Resultados](#))

División de Horna

Na xornada de onte disputada en Monterrei, impúxose a A.D. Maratón que xunto ca Universidade de Oviedo, desprazaron aos dous equipos galegos que tomaban parte nesta competición, Sociedade Gimnástica de Pontevedra e Ourense Atletismo Academia Postal, ata o 3º e 4º posto respectivamente. ([Resultados](#))

No trocante á competición feminina, o Ría de Ferrol tampouco logrou acadar un bo posto no encontro seu disputado en Zaragoza, tendo que conformarse ca 4ª praza no seu encontro. ([resultados](#)) ([Ir a noticia completa](#))

01/05/2012

Dúas novas mellores marcas galega en 3000 metros marcha en pista



El pasado día 21 en las pistas Josefina Salgado de Ourense, los marchadores gallegos volvieron a demostrar su categoría en la disciplina de marcha atlética y los hermanos Chamosa del atletismo Cuntis mejoran las marcas gallegas de 3Km. con un registro de 13.0.89 para Daniel en la categoría cadete, mejorando el que tenía de 13.42.2 del año pasado en Santiago. Su hermana Antia también mejoró la marca gallega al parar el crono en 15.08.63, batiendo el anterior record de Carmen Escariz de 15.30.45.

04/05/2012

Onte presentouse a obra -La construcción del deportista desde la infancia-



Preto de 30 persoas achegáronse onte á Sala Ámbito Cultural de El Corte Inglés para presenciar a presentación da obra publicada polo profesor e Secretario Xeral desta federación Víctor Arufe. O acto foi presidido polo presidente da FGA o olímpico Isidoro Hornillos Baz. Tras a presentación da traxectoria académica, investigadora e profesional do autor, este pasou a expoñer brevemente a temática da obra, incidindo na necesidade de establecer as estratexias necesarias para evitar os abandonos tempranos e crear unha maior adherencia ao adestramento deportivo. Asemade afirmou que o traballo psicomotriz feito nas idades de 3 a 7 anos é clave para mellorar o rendemento deportivo futuro dos deportistas, pois todo este traballo outorgaralle unha bagaxe motriz importante capaz de afrontar a ensinanza técnica das distintas modalidades deportivas futuras. Numerosos medios de comunicación fixéronse eco da noticia, e esta noite ás 21:00 horas Vtelevisión fará unha entrevista en directo ao autor. O libro está a venda inicialmente nas tendas El Corte Inglés e na web da editora www.sportis.es, proximamente tamén estará nas principais librerías e en formato ebook.

08/05/2012

O INEF Galicia homenaxea a Escola de Lanzamentos



O bo traballo ao longo de moitos anos do adestrador Raimundo Fernández, non só se ve recompensado a nivel de méritos deportivos, senón que tamén deu froito para que a Facultade de Ciencias do Deporte da Universidade da Coruña (coñecida como INEF Galicia) faga unha importante homenaxe á Escola de Lanzadores de A Coruña. Os actos comezaron o pasado día 7 de maio cunha conferencia maxistral do adestrador titulada "Avances de la planificación del entrenamiento", mañá día 9 de maio habrá unha exhibición de lanzamento de xavelina e será o acto oficial de homenaxe ao director da escola e as seus atletas, e do día 20 de abril ao 20 de maio está tendo lugar unha exposición audiovisual no INEF de fotografías, recortes de prensa e proxeccións audiovisuais. Dende a FGA sumámosnos a este homenaxe e dámoslle os nosos parabéns a Raimundo Fernández e os seus atletas!

16/05/2012

O equipo feminino da SGPO clasificado por estadio para a final da 2^o División



A RFEA publicou na Circular 102/2012 os clubes que participarán na final da 2^a División, entre eles está o equipo feminino da Sociedade Gimnástica de Pontevedra. (Mais información)

19/05/2012

Última hora: Victor Gallego establece un novo record galego ao lanzar o peso a 17,36 metros!



Impresionante a traxectoria do atleta da Sociedade Gimnástica, no día de hoxe acadaba un novo record galego lanzando 17,36 metros. Noraboa por este importante éxito!

20/05/2012

II Xornada Campionato de España de Clubs: 1^ª División



PRIMEIRA DIVISIÓN: Sensacional actuación dos rapaces do A.D.A.S en Durango onde gañando o seu encontro se clasificaron para disputar a fase de ascenso a División de Honra. Destacamos entre os resultados a Enrique Prego, atleta coruñés que lograba vencer na proba dos 400 m.l con 49.65 marca persoal e mellor marca galega da tempada. O seu compañeiro de adestramento, Carlos Moro gañaba os 400 metros valos con 56.21 e era terceiro nos 200 m.l con 22.67. Luis Nogueira volveu a demostrar a súa calidade gañando a proba de xavelina cun mellor lanzamento de 57.14 ao igual que Carlos Revuelta no martelo con 51.43. Antonio Molina e David Barreira eran terceiro e cuarto en salto de altura con 1.85 e 1.70. Nos 400 m.l Juan José del Rio lograba a súa mellor marca da tempada, facendo 51.35 que lle permitiu entrar en terceira posición. Nos relevos, cara e cruz, o 4 x100 logrou a vitoria con 43.82 e o 4 x 400 foi último. En Monzón competiron os homes do Real Club Celta de Vigo, comandados por David Gómez que foi

segundo na lonxitude con 6.83 e gañaba os 110 metros valos cun tempo de 15.01 a pesar de ter un vento contrario de -1.8. Nos 800 m.l vitoria con autoridade de Ismael Costas con 1.56.45, nos 1500 m.l Carlos Porto soubo ler a carreira e entrou en meta en terceiro lugar. Na marcha e nos obstáculos primeiro e segundo posto dos representantes do Celta, nos 5 km marcha gañaba Armando Pereira con 23.19.17 e segundo cun tempo similar era Fabio Pereira, en canto aos obstáculos Juan Antonio Pousa vencía con 9.20.08 e arrastraba ao segundo lugar a Gonzalo Basconcelos, preto da súa mellor marca. Nas probas de velocidade Miguel Gomez rendiu a un bo nivel sendo segundo nos 100 m.l e nos 200 m.l con 11.14 nunha chegada axustadísima e 22.68. Fernando Paredes no lanzamento de peso obtivo a segunda praza con 14.92. No 4 x 400 os célticos lograron a vitoria sendo segundos no relevo curto. Finalmente o Real Club Celta lograría o segundo posto do encontro. Nas pistas de Anoeta, San Sebastián, disputaban o seu encontro os rapaces do Club Afflelou Narón que a pesar de boas actuacións dalgúns dos eus atletas non lograron eludir o último posto. O mellor home neste encontro foi Samuel Paz que lograba a vitoria nas dúas probas de valos, nos 110 acadaba un tempo de 15.79 e no 400 valos de 56.57. Outro atleta destacado foi Fran Diaz que vencía con 1.57.14 na proba dos 800 m.l. Rodrigo Avellaneda foi segundo nos 200 metros lisos 22.22 e o seu compañeiro Mauro Triana terceiro nos 100 m.l con 11.19, volvendo demostrar o seu bo estado de forma. Nos 3000 metros obstáculo gran carreira de Sergio Piñon que logrou a vitoria. Pola súa banda nos saltos de lonxitude e altura con Pablo Modia e Miguel Perez o Narón lograba senllos terceiros postos con 6.51 e 1.80. No computo final e tras non puntuar na proba de 4 x 400 o equipo non puido escapar da última posición.

En Burgos, Lleida e Mataró disputaron os seus encontros os equipos femininos do Ourense Academia Postal, Atletismo Feminino Celta e Lucus respectivamente. O mellor resultado lográbano as rapazas do Ourense que con 6 vitorias individuais lograban o segundo posto do seu encontro que as enfrontou ao Club Avinet Manresa, ao Xuventude Elche Arosa e o Anta Bandeiras. Pola súa banda os outros dous clubs galegos quedaron en cuarto lugar. Destacamos o novo record galego xuvenil de Patricia Carballo que corria os 200 m.l en 25.25 o que lle valdria para gañar a proba, sendo terceira con 26.36 Paula Ferreiros. Saleta Fernández que o día anterior proclamárase Campiona Galega Cadete de salto de altura lograba coa mesma marca, 1.60 o segundo posto. Outra vitoria para o Lucus lograba nos 5 kilometros marcha Pilar Iglesias, nos lanzamentos Natalia Liste na xavelina e Maria Morado en disco foron segundas. En Lleida excepcional carreira da atleta júnior Jenny Fernández que se impuxo nos 800 metros lisos con 2.17.95 ao igual que Esther Navarrete nos 1500 m.l nunha carreira lenta, a súa compañeira Paula Mariño foi segunda. Laura Garcia lograba a súa mellor marca da tempada nos 400 m.l con 58.99, entrando en meta en segundo lugar, mesmo posto para Noelia Ferradanes e Ana Izquierdo en martelo e disco. A xornada rematou coa vitoria das relevistas celtas do 4 x400. Por último grande actuación das rapazas do Ourense, logrando o primeiro posto Lorena Guitian en altura con 1.55, Lorena Luaces en marcha con 24.15.62 mellorando o rexistro que realizara o 29 de abril en Ourense, Lidia Fernández en disco con 37.25, Leticia Fernández en 1500 m.l nunha carreira táctica e Antia Martinez en 100 valos con marca persoal, 15.38. Tamén renderon a un bo nivel Rocio Carbia, Alba Fernández, Carolina Palomares e Iria Castro. Bos rexistros en xeral na segunda xornada do Campionato de España de Clubs con dous novos records galegos por parte de Victor Gallego e Patricia Carballo. [Resultados](#)

20/05/2012

II Xornada Campionato de España de Clubs: División de Honra



DIVISIÓN DE HONRA: Os nosos equipos de división de honra desprazáronse a Aranjuez, Zaragoza e Andujar para disputar o segundo encontro da Liga de Clubs. As rapazas do Ria Ferrol competían en Aranjuez contra o A.D Maratón, C.A Valladolid e o A.A Catalunya, o club galego competiu con algunhas baixas importantes ao coincidir co Campionato Galego Cadete. Non obstante atletas importantes como Ana Peleteiro lograron a vitoria na súa proba, o triplo salto, nun único intento de 12.81. Sensacional a carreira de Lidia Casal nos 200 m.l nos que se impuxo con 25.02 que é a mellor marca galega da tempada. Nos 400 m.l, Esperanza Caldas e Candela Diaz foron segunda e cuarta con 58.48 e 59.95. En lanzamento de xavelina destacamos o segundo e terceiro posto de Lidia Parada e de Ana Alexandra Pereira, Lidia competiu tamén na proba de lanzamento de peso sendo quinta. En canto aos relevos, o 4 x 100 foi descalificado e no 4 x 400 as atletas do Ria Ferrol foron terceiras cun tempo de 4.12.26, o cuarteto integrábano Lidia Casal, Candela Diaz, Esperanza Caldas e Eva Fernández. Ao finalizar o encontro o equipo clasificouse en terceiro lugar resultando vencedor o Club A.A Catalunya. A Sociedade Gimnástica de Pontevedra foi terceira no encontro celebrado o sábado en Zaragoza, a pesar diso a boa noticia conseguíuna Victor Gallego ao bater o record de lanzamento de peso con 17.36, sendo o primeiro atleta galego que supera os 17 metros nun concurso no que en tres dos catro lanzamentos superou esa barreira. No lanzamento de disco foi cuarto con 52.22. No sector de lanzamentos bos resultados dos atletas galegos xa que Gustavo Dacal vencía en xavelina con 70.52 logrados no seu primeiro lanzamento e David Rocha foi terceiro en martelo con 51.07. Outro atleta que rendeu a un bo nivel a pesar das condicións meteorolóxicas foi Jean Marie Okutu que foi primeiro en salto de lonxitude con 7.64 e segundo nos 100 m.l con 10.63 (+4.2). Santiago Ferrer logrou en salto con pértiga a mellor marca galega da tempada con 4.50, sendo cuarto no concurso. Nos 3000 m.l Carlos Villamor realizou unha boa carreira, correndo en 8.32.16 o que lle permitiu cruzar a meta en terceiro lugar. Boa actuación dos relevistas, que lograron a segunda posición tanto no 4 x 100 con 43.67 como no 4 x 400 con 3.19.48. Ata Andujar desprazáronse os atletas do Ourense Academia Postal para disputar o seu encontro. O mellor resultado lográbao José Alfonso Palomanes que vencía en triplo salto con 15.49 (+3.1), este mesmo atleta en lonxitude foi sexto con 6.91. Manuel Uriz foi segundo en lanzamento de xavelina, lonxe da súa mellor marca, fixo 60.62, na mesma proba Jorge Prada foi cuarto con 54.82. Preto da súa mellor marca da tempada quedouse na proba de 5 km marcha Francisco Durán que foi terceiro con 22.12.55, o seu compañeiro José Fernández con 23.08.72 foi quinto. Javier Fidalgo nos 110 metros valos foi quinto logrando unha marca similar á realizada en Ourense no primeiro encontro, nesta ocasión parou o cronometro en 15.20. Nos 1500 m.l comprobamos a recuperación de Victor Rioboo que nas filas do Club Cab. Porto de Alicante foi segundo nunha carreira táctica. Os dous equipos de relevos foron terceiros o que non serviu para eludir a última posición do cuadrangular

[Resultados](#)

21/05/2012

6 persoas moi vencelladas ao atletismo recibirán este xoves unha distinción ao Mérito Deportivo

A Secretaría Xeral para o Deporte entregará este xoves as distincións ao Mérito Deportivo, no selecto grupo de galardoados atópanse 6 persoas moi vencelladas ao atletismo galego. Estas persoas foron elexidas por un xurado composto por 20 membros en base ao seu curriculum profesional e deportivo. Atopamos nesta lista ao Presidente da Federación Galega de Atletismo, **Isidoro Hornillos**, pola súa xestión de mais de 20 anos no atletismo galego e pola súa condición de atleta olímpico, **María Abel e Ánxeles Barreiro**, tamén olímpicas e atletas con grandes hazañas en importantes campionatos, **Luisa María García**, atleta internacional 15 veces campiona de España, **Gregorio Pérez Rivera**, Título Póstumo Fundador da Federación Lucense de Atletismo, **José Manuel Rodríguez Díaz**, un dos primeiros atletas galegos en adestrar na residencia Blume formando parte da selección española.

O acto terá lugar este xoves ás 19:30 horas no Paraninfo da Universidade da Coruña. Dende a FGA felicitamos a estas persoas que tanto fixeron polo atletismo galego! ([Listado de homenaxeados](#))

22/05/2012

Torneo Nacional Xogando ao Atletismo



Os días 26 e 27 de maio celebrarase en Motril a fase final do VIII Torneo nacional xogando ao atletismo dirixido á alumnos de educación primaria. Entre os equipos clasificados, en mulleres o Colexio San Narciso de Marín e en homes o Colexio Santiago Apóstol de Soutomaior, serán os representantes da nosa comunidade autónoma clasificados na fase previa que se celebrou o 12 de abril. O Pavillón Municipal de Deportes de Motril é o escenario elixido para disputar o torneo que se desenvolverá mediante dúas fases, unha clasificatoria (con 5 probas de concurso e dous de relevos) e outra final. O venres levarase a cabo unha reunión técnica cos delegados de todos os centros escolares e o domingo celebraranse diversas actividades complementarias. [Mais información](#)

26/05/2012

Medallas ao Merito Deportivo de Galicia



O Paraninfo da Universidade da Coruña acolleu na tarde do pasado xoves a cerimonia de entrega das distincións ao mérito deportivo de Galicia. Un emotivo acto con 39 protagonistas, figuras que rozan o mito na historia do deporte galego e entre as que se encontraban deportistas, entidades, organismos e profesionais doutros sectores que «estean a contribuír, ou contribuísen ao crecemento, promoción, fomento e excelencia do deporte e a educación física en Galicia. Entre os 39 galardoados, o atletismo tivo unha ampla representación con seis representantes do noso deporte:

Isidoro Hornillos Baz: Atleta Olímpico, Presidente da Fed. Galega de Atletismo dende o 2007, tras ocupar o cargo de director técnico durante 15 anos. Membro da xunta de goberno da Real Fed. Española de Atletismo. Doutor en Educ. Física e profesor da Facultade de CC do Deporte e da Educ. Física (Universidade da Coruña). Diferentes publicacións no ámbito deportivo así como director do programa da TVG2, Citius Altius Fortius. Foi adestrador de atletas internacionais e preparador físico do Liceo Club Hockey

Maria Abel Dieguez: Participou nos Xogos olímpicos de Sidney '00 (30ª nos 10.000m) e Atenas '04 (27ª en maratón). Ten unha importante traxectoria en probas de fondo, participando nos Campionatos do Mundo do ano 1999 (14ª en 10.000m), 2001 (25ª en maratón) e 2003 (15ª en maratón).

Angeles Barreiro Rico: Participou nos Xogos olímpicos de Barcelona '92 (12ª posición en lanzamento de disco). Internacional en 58 ocasións. Obtivo dúas medallas de prata e unha de bronce nos Xogos Iberoamericanos. Foi campioa de España es 11 ocasións. É a actual plusmarquista española

Maria Luisa Garcia Pena: 15 veces campioa de Epaña de atletismo. Internacional absoluta en atletismo, balonmán e hóckey herba. Recoñecida en 1967 como mellor deportista española.

Gregorio Pérez Rivera: TÍTULO PÓSTUMO. Fundou a Federación lucense de atletismo no ano 1958. Pioneiro no impulso do atletismo lucense, creando unha escola de lanzadores de gran relevancia no ámbito nacional, destacando atletas como Tallón, Martínez, Cabanas, Torrón, Almudí, Díaz e Rodríguez Santos.

Jose Manuel Rodriguez Díaz: Coñecido por "Palelas". Especialista en mediofondo en activo nas décadas do 50 e 60. Primeiro atleta da provincia de Lugo que formou parte dunha selección española. Un dos primeiros deportistas galegos en adestrar na residencia Blume en Madrid. Foi presidente da Federación lucense de atletismo ata a súa desaparición, pasando a ser delegado en Lugo e vicepresidente da Federación galega de atletismo ata o ano 2007. Colaborador do Deporte escolar dende 1978 ata 2007.

01/06/2012

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CLUBS



De novo temos diversos Clubs Galegos competindo no Campionato de España de Clubs con distintos obxectivos. O Ourense Academia Postal e a Sociedade Gimnástica de Pontevedra en homes loitarán pola permanencia en División de Honra en Burgos, con homes importantes como son Gustavo Dacal e Manuel Uriz na xavelina, nos 200 m.l Jean Marie Okutu, José Alfonso Palomanes no triplo salto e Victor Gallego no peso. Ana Peleteiro será unha das atletas destacadas do Club Ria Ferrol que loitará pola permanencia en Valladolid, xunto a ela no equipo galego será interesante ver a Lidia Casal nos 200 m.l nos que recentemente fixo unha marca de 25.02 e a Lidia Parada. O A.D.A.S de homes mostrouse moi forte nos anteriores encontros, nesta ocasión xunto co Real Club Celta de Vigo pelexarán polo título en Alcorcón, entre os integrantes, homes nun grande estado de forma como Enrique Prego (49.65 en 400 m.l), Ismael Costas nos 800 m.l e David Gómez nos 110 metros valos. En Eibar competirán polo título de primeira división as mulleres do Ourense con Leticia Fernández como mellor marca nos 1500 m.l, Leticia Gil na lonxitude e Alba Fernández nos 400 valos. Tamén en primeira división pero pola permanencia pelexarán os seguintes clubs: o Lucus con Paula Ferreirós nos 400 m.l e Marta Lolo en triplo salto, o Atletismo Feminino Celta con Esther Navarrete nos 3000 m.l e o Club Atletismo Afflelou Narón con Mauro Triana, Rodrigo Avellaneda, Samuel Paz e Miguel Pérez. Por último recordar que en segunda división competirán as mulleres da Sociedade Ximnástica de Pontevedra. [Mais información](#)

03/06/2012 . Campionato de España de Clubs: O ADAS ascende a máxima categoría

En División de Honra pelexando pola permanencia competían o equipo feminino do Ria Ferrol e os equipos masculinos do Ourense Academia Postal e a Sociedad Gimnástica de Pontevedra. As mulleres do Ria Ferrol desprazáronse a Valladolid onde foron quintas. Destacadísima a actuación de Lidia Casal nos 200 m.l nos que logrou unha marca de 24.93 e segundo posto para a súa compañeira Esperanza Caldas nos 400 m.l con 57.94. No triplo salto a superioridade de Ana Peleteiro volveu quedar demostrada vencendo cun bo salto de 13.30, cuartos postos para Candela Diaz nos 100 m.l con 12.52 (+2.3), Carmenza Delgado en martelo con 45.26 e Raquel Suarez en 3000 obstáculos con 11.17.40. No encontro disputado en Burgos Jean Marie Okutu levouse a vitoria en salto de lonxitude coa súa mellor marca da tempada 7.83, Victor Gallego non fallou no lanzamento de peso sendo primeiro con 16.85 ao igual que o atleta do Ourense Academia Postal José Alfonso Palomanes que en triplo salto venceu coa súa mellor marca 15.67. Na proba de xavelina competían tres atletas galegos, gañaba con 68.83 Gustavo Dacal, seguido de Manuel Uriz con 65.52 e cuarto foi Raimundo Fernández con 60.53. Nos cinco quilómetros marcha boa carreira de José Fernández que foi segundo con 22.26.93. Outro atleta que lograba a súa mellor marca da tempada era Ivan Valle que logrou franquear o listón situado en 1.98 sendo sexto na proba. Por último destacamos a marca de Javier

Fidalgo nos 110 valos que fixo un rexistro de 14.83 que lle permitiu cruzar a meta en segunda posición. No computo final, neste encontro pola permanencia en División de Honra a Sociedad Gimnástica de Pontevedra foi segunda e o Ourense Academia Postal quintos. En Alcorcón competían polo Título de Primera División e co obxectivo de lograr o ascenso os homes do Adas e o Club Celta de Vigo. Entre as individualidades máis destacadas citar dous homes Enrique Prego e David Gómez. Nos 400 metros lisos Enrique Prego vencía con marca persoal, 48.69 que é a mellor marca galega do ano. Pola súa banda o céltico David Gómez mellorou tamén a súa marca da tempada gañando os 110 metros valos con 14.78. Outros homes que renderon a un bo nivel foron Carlos Moro nos 400 metros valos sendo segundo con 53.91, Antonio Molina terceiro en altura con 1.95 e Luis Nogueira en xavelina con 59.57. No martelo primeiro e segundo posto para Nuno Miguel Martins con 58.91 e Carlos Revuelta con 55.29. Nos 3000 metros obstáculos a punto estivo Juan Antonio Pousa de lograr a súa mellor marca, venceu con 9.16.17 sendo segundo Gilberto Alvarez con 9.21.51. O ADAS lograría a vitoria e o ascenso á máxima categoría do atletismo nacional e o Real Club Celta sería sétimo. As mulleres do Ourense Academia Postal desprazáronse a Eibar para disputar o seu encontro de Primeira División, logrando o cuarto posto. Lorena Luaces dáballo a vitoria ao equipo Ourense na proba de 5 quilómetros marcha cun tempo de 23.02.42, que é marca da tempada. En salto de lonxitude Leticia Gil lograba un bo salto de 5.60 con vento ilegal pero que lle permitiron conseguir o segundo posto. Alba Fernández nos 400 valos con 1.05.68 lograba ser terceira ao igual que Lorena Guitian en salto de altura con 1.55. Na proba de 1500 metros lisos correuse a un ritmo lento no que as tres primeiras atletas chegaron moi igualadas, Leticia Fernández foi terceira con 4.49.12. Por último destacamos a mellor marca persoal en 100 valos de Antia Martínez con 15.32, foi cuarta. Os outros dous equipos femininos en primeira división, o Lucus e o Atletismo Celta enfrontáronse en Burgos, producíndose co descenso do equipo lucense a peor noticia da xornada. Non obstante algunha das súas integrantes renderon a un nivel excepcional como é o caso de Paula Ferreirós que lograba a vitoria nos 400 m.l cuns sensacionais 56.98, nesta mesma proba Laura García era terceira con 58.13. No lanzamento de martelo Sara Arosa logrou o primeiro posto cun mellor lanzamento de 50.54, Esther Navarrete vencía nos 3000 m.l con 10.03.09, Paula Mariño os 1500 metros lisos e Ana Izquierdo o disco con 38.12. O terceiro posto o lograrían Marta Lolo en triplio salto con mellor marca da tempada 11.89, Elena Estevez en peso con 11.16, Desiree Rodríguez en pértiga con 2.80, Nazaret Sinde en 100 m.l con 12.81 e Enma Valencia nos 100 valos con 16.03. Por último destacamos o segundo posto de Alicia Merino en lonxitude con 5.32. Os homes do Club Atletismo Afflelou Narón lograban a quinta praza no seu encontro de Primeira División celebrado en Eibar. As vitorias corresponderon a Samuel Paz en 400 metros valos con 54.29 e a Mauro Triana nos 200 metros lisos con 22.28. Bo rexistro de Rodrigo Avellaneda nos 100 metros lisos nos que foi segundo con 10.85, mesmo posto que Fran Diaz nos 800 metros. En salto de altura Miguel Pérez con 1.85 foi terceiro e Sergio Piñón con 9.36.89 lograba nos 3000 metros obstáculos o cuarto posto e a súa mellor marca da tempada.

En Alcorcón a Sociedad Gimnástica de Pontevedra lograba o ascenso a primeira división ao ser segundas por detrás do Cajacanarias. Os mellores resultados das pontevedresas viñeron especialmente nas probas de lanzamentos onde lograron as vitorias Maria José Sanromán en disco, Angeles Filgueiras en xavelina e Irimia Mollinedo en martelo. Laura Chapela igualaba nos 100 metros lisos a súa mellor marca da tempada con 12.66 sendo segunda, ao igual que Sandra Carballo nos 100 valos con 15.54. En salto de lonxitude Paula Martin lograba un mellor salto de 5.17 que lle daban o terceiro posto. Conclúe así o Campionato de España de Clubs 2012 cun papel destacado dos homes do ADAS que se converten no terceiro equipo galego en División de Honra Dende a FGA queremos expresarlle a nosa felicitación aos Clubes, adestradores, atletas e a todas as persoas e entidades polo éxito alcanzado



A última xornada do Campionato de España por Clubs disputada este fin de semana, que proclamou o Playas de Castellón e o Valencia Terra i Mar campións de Liga, ten como noticia máis destacada a vitoria do ADAS no encontro disputado en Alorcón, que lle permite o ascenso a División de Honra para a tempada que vén, onde se manteñen tras a xornada de onte os equipos masculinos da Sociedad Gimnástica de Pontevedra e o Ourense Academia Postal. As rapazas da Sociedad Gimnástica logran o ascenso a primeira división mentres que o Lucus Caixa Rural descende a segunda división. Se os resultados a nivel colectivo foron bos non o é menos a actuación dalgúns dos nosos atletas con rexistros importantes nos diferentes encontros celebrados. *Foto: Julio Santiago*

04/06/2012

As chicas das Sociedade Gimnástica de Pontevedra ascenden a primeira división!



A sección feminina da Sociedade Gimnástica de Pontevedra logrou onte en Alorcón o ascenso a 1ª División Nacional. As atletas blanquiazuis remataron segundas no encontro cun total de 97 puntos que lle otorgou o paso á 1ª División, ao igual que o Atletismo Cajacanarias, gañador do encontro. Pola súa parte, o equipo masculino mantense na División de Honra ao rematar na 10ª posición na clasificación desta competición. Noraboa para todos os atletas, directivos e adestradores da SGPO! ([RESULTADOS](#)) (Foto: Extraída da web da SGPO)

13/06/2012

Dúas atletas galegas obteñen a Beca de Axuda ao Deportista Escolar do CSD



O Consello Superior de Deportes publicou nestes días o listado de deportistas españois que obtiveron unha beca de axuda ao deportista escolar. Neste importante grupo de deportistas, figuran dúas das nosas atletas, **Claudia Rojo** e **Iria Rodríguez**, esta última atleta obtivo a beca pola modalidade de natación, outro dos deportes que practica paralelamente ao atletismo e no cal tamén destaca.

17/06/2012

Monforte acolle a Concentración do sectores de saltos e valos



O estadio municipal da Pinguela en Monforte foi o escenario elixido para o desenvolvemento da concentración de saltos e valos para atletas xuvenís e cadetes. Á fronte desta os responsables dos sectores, Vicente Veiga e Santiago Ferrer así mesmo participaron entre outros, adestradores como Julio Ventín, Antonio Paz, Pablo Gandoy ou Julio Santiago. Bo ambiente ao longo das sesións celebradas nas que se planificou a realización de varias sesións técnicas xunto cun control técnico. Entre os atletas que acudiron á convocatoria xóvenes promesas do noso atletismo que nunhas semanas se enfrontarán aos seus respectivos Campionatos de España: Saleta Fernández homenaxeada recentemente polo Concello de Monforte pola súa traxectoria, Claudia Rojo, Sara Pino, Francisco Rodríguez e Aitana Leguiçano entre outros. Para concluír a concentración realizáronse uns test de 100 valos, salto de lonxitude e salto de altura que permitiron os adestradores comprobar o estado de forma dos atletas e xunto coas sesións realizadas, correxir aspectos técnicos das disciplinas.

07/07/2012

Jean Marie Okutu outra vez por encima dos 8m

ULTIMA HORA: No Meeting Madrid 2012 o atleta da Gimnástica de Pontevedra Jean Marie Okutu volveu a saltar por encima dos 8m. No segundo salto chegou até 8.05(+3.4) e no terceiro até 8.04(+2.9) vencendo ó medallista europeo Luis Felipe Meliz.

18/07/2012

O secretario Xeral para o Deporte recibirá ás tres atletas mundialistas junior: Ana Peleteiro, Belén Toimil e Lidia Parada



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

O vindeiro xoves día 26 terá lugar na sede da Secretaría Xeral para o Deporte en Santiago de Compostela unha recepción por parte do Secretario Xeral aos atletas galegos que participaron no recente Campionato do Mundo Junior. A esta recepción están convidados tano os atletas, como os adestradores dos mesmos e familiares. O recente éxito da nova estrela do atletismo, Ana Peleteiro, así o anunciaban distintos medios de comunicación, traspasou as fronteiras da nosa comunidade e os máis importantes medios de comunicación de España e inclusive de nivel internacional fixéronse eco da importante hazaña que acadou a atleta da Agrupación Atlética do Barbanza, un modesto club cos medios xustos para promover o atletismo, pero que sen dúbida os promotores deste club, tanto Abelardo como Pepe Moure están a facer unha importantísima labor dentro do atletismo galego.

20/07/2012

Publicado o listado provisional de deportistas admitidos no Centro Galego de Tecnificación Deportiva

No día de onte a Secretaría Xeral para o Deporte publicou na súa páxina web o listado de deportistas que disfrutarán dalgunha das modalidades de becas ofertadas polo Centro Galego de Tecnificación Deportiva. En total son 142 deportistas das distintas modalidades deportivas que se poden realizar neste centro de tecnificación. Noraboa para todos eles! ([LISTADO PROVISIONAL](#))

21/07/2012

Lidia Casal record galego en 200



Ultima hora: A atleta do Ria Ferrol Lidia Casal bateu un dos records mais antigos. Foi en Vitoria donde Lidia con un rexistro de 24.71 conseguir bater o record de Cristina Veiga que databa do ano 1989. Parabén!

22/07/2012

Reconocimento a un gran adestrador; José Manuel Hermida



No diario a Voz de Galicia de Vigo de hoxe podemos ler o recoñecemento a un grande adestrador galego como Jose M. Hermida actual adestrador dos mellores martelas galegos. Dende a FGA queremos expresarlle a nosa felicitación e desexarlle toda clase de exitos deportivos e persoais. enhorabuena; ([pinchar aqui](#))

12/09/2012

Ana Peleteiro recibiu hoxe a Medalla de Ouro do Concello de Ribeira



No salón de plenos do Concello de Ribeira tivo lugar hoxe a entrega da medalla de ouro a nosa atleta Ana Peleteiro, o acto presidido polo alcalde iniciouse ás 19:00 horas e contou ca presenza do seu adestrador, familia, amigos e o presidente da FGA. Noraboa por este importante recoñecemento!

12/09/2012

A FGA anima a todos os organizadores de carreiras populares a cumprir a normativa vixente



Cada vez son mais os concellos que se suman á promoción do atletismo a través da organización dunha carreira popular. Pero en moitas ocasións descoñecen distintas normativas sobre o uso da vía pública para probas deportivas que son de obrigado cumprimento, pois o descoñecemento da lei poderá ocasionar problemas para o Comité Organizador do evento.

A FGA ten publicado dende fai anos unha normativa, que dignificará e aumentará a calidade das carreiras populares. Ademais esta normativa ten carácter informativo para todas as persoas que desexen organizar unha carreira na súa localidade. O máis salientable é a obrigatoriedade de contratar un seguro de accidentes deportivos para os atletas populares, a presenza dun número determinado de ambulancias en función do número de participantes, a obrigatoriedade do corte de tráfico, ademais do seguro de responsabilidade civil. Salientar tamén que dende principios deste ano a FGA dispón dun sistema de chips propio, poidendo disfrutar deste servizo a precios moi económicos todos os organizadores que inclúan o seu evento no calendario FGA, ademais o organizador obterá as seguintes vantaxes:

- Publicación dunha noticia na páxina central da nosa web.

- **Publicación dos resultados** na nosa web.
 - Envío por email da información da vosa carreira a nosa **base de datos de clubes e adestradores**.
 - Posibilidade de crear unha **plataforma de inscrición online** totalmente gratuita na nosa web, facilitando así a inscricións dos atletas de toda Galicia.
 - Posibilidade ter crear unha **pasarela de pago**, no caso de que a inscrición na vosa carreira teña un custo para os participantes.
 - Posibilidade de publicar unha **pequena reportaxe no noso programa de Televisión** emitido as fins de semana na TVG2.
 - Opción de acollerse ao abono da **oferta no seguro de accidentes deportivos** que é obrigatorio por lei, A FGA ten un convenio con Mapfre custando este seguro soamente 1 euro por participante popular (os federados xa teñen un seguro propio).
 - Opción de acollerse aos **servicios especiais** que esta federación ten para os organizadores de carreiras populares: sistema de chips moi económico, arcos de meta gratuitos, reloxo de meta gratuito, carpas, etc.
 - Posibilidade de **participación de atletas destacados galegos** que teñen beca e que actualmente a normativa non lles permite participar nas carreiras populares que non estén incluídas no calendario FGA.
- Por todo iso, animamos a todos os organizadores de carreiras a consultar a normativa de organización de carreiras populares e sumarse ás preto de 100 carreiras por ano que están no calendario autonómico. **(Normativa Carreras Populares) (Servicios e chips FGA)**

12/09/2012

Escola Galega de Marcha



Este domingo, entre as 10 h 30 e as 12 h 30, terá lugar o primeiro Entreno Abierto de la Temporada 2012-13 da ESGAMAR, Escola Galega de Marcha, no CGTD de Pontevedra. Aínda que os técnicos da Escola xa levan todo o mes de setembro traballando, será este domingo cando se realice este primeiro adestro aberto a calquera adestrador a ou atleta que queira participar, e que será coordinado polos monitores Santi Perez e Jose Antonio Pardo. Dende aquí invitamos a calquera persoa interesada na Marcha Atlética, a achegarse a seguir ou a participar nas evolucións deste. Recordar que no último Cto. de España de Marcha celebrado en Pontevedra, a selección galega cadete e xuvenil-júnior logrou 3 oros de 4 os posibles, o que di moito do nivel actual desta disciplina na nosa comunidade.

13/09/2012

Entrevista a Ana Peleteiro



O diario deportivo Marca publica no día de hoxe unha ampla entrevista na páxinas centrais á actual Campioa Mundial Júnior de triplo salto. Na entrevista Ana narra os seus inicios no noso deporte, así como os seus plans de futuro -Ir a entrevista-

Por outra banda, os deixamos un enlace da Asoc. Europea de Atletismo para votar aos mellores atletas europeos do 2012 figurando no apartado ATLETA REVELACION FEMENINA a nosa atleta ANA PELETEIRO BRION (Campioa do Mundo Junior, Record de Europa Juvenil)

<http://www.european-athletics.org/european-athletics-rising-star-2012.html>

15/09/2012

Homenaxe a Eleuterio Garcia



O que foi Delegado da FGA en Vigo, Eleuterio Garcia, foi homenaxeado no día de hoxe por todos os estamentos de atletismo galego. No hotel Coya de Vigo celebrouse a homenaxe a Eleuterio García, onde se deron cita numerosas persoas do mundo do atletismo galego, entre os que se encontraban o actual presidente da FGA, Isidoro Hornillos, así como todos os delegados das delegacións da Federación, xuíces, representantes de clubs e amigos. Abriu o acto Alfonso Posada, destacando o labor de "Lute" á fronte da delegación durante moitos anos, e citando a todas as persoas que por diversos motivos non puideron estar presentes Nun ambiente alegre e cordial, "Lute" pechou o acto agradecendo a todos os presentes, as numerosas mostra de cariño cara á súa persoa. Dende a FGA, agradecemos a súa dedicación ao noso deporte Enhorabuena;

20/09/2012

Valledor homenaxeado o proximo sabado dia 22



Un grupo de amigos, están a organizar unha merecida homenaxe a Manuel Teijeiro Valledor, o atletismo galego súmase a esta iniciativa do actual vice-presidente da FGA, ex-presidente do Lucus Caixa Rural e ex-atleta internacional. A organización invita a todos os colectivos deportivos, políticos e social a unirse O acto se celebrará o sábado día 22 ás 14,30 horas no Restaurante O Miño (Outeiro de Rei)

O prezo será de 20 € comida e regalos
Telefono de contacto: "Palelas" 981 2410 08

24/09/2012

Novo Curso de Monitor Nacional de Atletismo na Coruna



A FGA fará nos vindeiros días as xestións oportunas para convocar un novo Curso de Monitor Nacional de Atletismo, aquelas persoas interesadas en inscribirse neste curso que terá comezo o 19 de outubro e remate o 15 de decembro pode facelo a través do seguinte formulario. O único requisito para poder inscribirse e ter o Graduado Escolar ou ESO. O curso farase en horario de fin de semana, venres pola tarde e sábados todo o día, ao longo de 8 fins de semana. As inscricións estarán abertas ata o día 1 de outubro. **(NORMATIVA CURSO - (INSCRIPCIÓN CURSO MONITOR))**

25/09/2012

Pedro Nimo no Maratón de Berlin



O atleta do Bilkila Pedro Nimo participará o vindeiro fin de semana no Maratón de Berlín co obxectivo de baixar de 2h12'. Pedro que confesa estar no seu millor momento de forma, participará pola terceira vez neste Maratón. A primeira foi nos Mundiais de 2009 e a segunda en setembro do ano pasado, cando despois de un longo período de lesións, conseguiu a mínima olímpica con un rexistro de 2.13.34. Sorte Pedro!

30/09/2012

Maraton de Berlin

ULTIMA HORA: O atleta galego Pedro Nimo, non finalizó a proba por problemas físicos, retirándose antes do Km. 30 [Resultados](#)

01/10/2012

ANGEL LOPEZ-MONTESINOS, ELIXIDO MELLOR XUÍZ DO ANO

O Xuíz arbitro mellor xuíz do ano polo celebrada o sábado 29 de xuíz galego, Jorge vén a revalidar e polo comité galego de



nacional de Ourense, Anxo López.Montesinos foi eleigdo comité Nacional de Xuíces na reunión de Xunta de Gobierno setembro en Valaldolid. anxo sucede neste galardón a outro Blanco, que o recibiu a tempada pasada. Este recoñecemento recoñecer o bo traballo realizado durante última tempada Jueces. Parabén ao premiado!!!

DOUS XUÍCES GALEGOS NO PANEL B RFEA DE SAÍDAS



A Xunta de Goberno do CNJ na súa reunión do pasado 29 de setembro en Valladolid aprobou a inclusión dos xuíces galegos Manuel Garrido, de Ourense, e Jose Saturnino Molares (Vigo) no Panel B de Saídas. Outro éxito para o Comité Galego, e por suposto para os interesados, que sumar aos conseguidos durante toda a tempada

14/10/2012

Intensa xornada de reunión da Xunta Directiva e Comisión Delegada

Na tarde de onte celebrouse nunha sala da Casa do Deporte de Vigo unha nova xuntanza da Xunta Directiva e Comisión Delegada da FGA. A reunión que se iniciou ás 17:30 horas rematou ás 22:15 horas tras abordar importantes temas do orde do día. Houbo unha gran participación, representantes de clubs, adestradores, xuíces e atletas aprobaron por unanimidade os novos orzamentos, tras sufrir cambios por mor dos recortes nas distintas administracións, tamén aprobaron o calendario de competicións, numerosas sedes dos principais campionatos galegos que foron solicitados por clubs e concellos, así como diferentes normativas, entre as que cabe salientar un modelo de convenio para organizadores de carreiras populares e campionatos galegos. Pola súa parte, o presidente realizou un exhaustivo informe con todas as xestións feitas ao longo da tempada, así como un resumo atlético da federación que sen dúbida algunha é dos máis brillantes dos últimos anos, o que indica a boa traxectoria xestora e o bo traballo desenvolvido de tódolos estamentos atléticos. A data da vindeira xunta directiva fíxose para o mes de decembro coincidindo coa celebración da Asemblea Xeral. A FGA desexa agradecer públicamente o esforzo na participación nestas xuntanzas de todos os representantes que se achegaron ata Vigo no día de onte, reflexando así o seu fiel compromiso da representación de todo o atletismo galego.

15/10/2012

Novo encontro da Escola Naval Militar coa Federación Galega de Atletismo



O vindeiro día 9 de novembro terá lugar un novo encontro da selección da Escola Naval Militar cun combinado galego. A competición que xa forma parte da historia do atletismo galego é un gran atractivo e unha experiencia única para os atletas federados e os militantes da Escola Naval. Nesta ocasión disputaranse as probas de 100, 200, 400, 800 e 1500 ml ademais dos relevos 4x100 e 4x400, salto de altura, lonxitude e lanzamento de peso. A proba terá lugar nas pistas de atletismo da Escola Naval sita en Marín e está aberta a todos os atletas galegos que desexen formar parte do combinado galego. Os interesados poden solicitar a súa participación no

email secgeneral@fgatletismo sinalando a proba na que lle gustaría participar e comprometéndose a achegarse ás instalacións da Escola Naval pola súa conta e dentro do horario previsto de competición reflexado na Circular 61-2012. ([Click Aquí](#))

15/10/2012

Monforte acolleu unha importante xornada t cnica organizada polo Atletismo A G ndara



O pasado s bado celebrouse en Monforte a Xornada T cnica do club A G ndara de Monforte, que correu a cargo do responsable de saltos da FGA, D. Santiago Ferrer Moreira. Nesta incid ronse en aspectos b sicos a traballar coas categor as de menores a principio de tempada nas disciplinas de velocidade, salto de altura e lanzamentos de peso e xavelina.   devandita concentraci n acudiron representantes dos clubs Ourense Atletismo Academia Postal e A.D. Limiactiva de Xinzo de Limia.

A xornada, que se desenvolveu en sesi n de ma a e tarde, foi moi aproveitada e satisfactoria tanto polos atletas do club monfortino coma polos adestradores que acudiron   concentraci n. Noraboa a este club monfortino pola organizaci n destas xornadas t cnicas!

22/04/2012

San Narciso de Mar n e Santiago Ap stol repiten victoria en Xogando ao Atletismo



Este xoves 12 abril disputouse no Pavill n Universitario de Pontevedra a fase final Auton mica do Torneo XOGANDO AO ATLETISMO coa presenza dos colexios San Narciso de Mar n, Santiago Ap stol de Soutomaior,

Pablo VI-F tima de A R a e Santa Eulalia de Dumbr a. Ambos colexios presentaron equipos femininos e masculinos nas categor as Benxam n e Alev n, sendo nesta  ltima os ga nadores en homes e mulleres os que representar n a nosa Comunidade na fase final Nacional do Torneo, o 26 e 27 de Maio en Motril, Granada.

Os vencedores finais na categor a Alev n foron: en Mulleres, con m is de 30 pts de diferenza, o San Narciso de Mar n, que asistir  con esta, a s a 7  vez   final Nacional; e no apartado masculino un apretado campionato viu como o colexio Santiago Ap stol de Soutomaior se fac a coa victoria final sobre o Colexio Pablo VI-F tima de A R a por tan s  0,5 pts, cun apretado marcador de 61p. a 60,6p.

Recordar que o Torneo consta de equipos de 5 nenos/as participantes, que teñen que realizar 5 probas: Lanzamento de Balón, Lanzamento de Xavelina branda, Doble Salto a pes xuntos, Saltos durante 20" e unha carreira en lisos de 10x10 metros a conos; ao final os equipos completos deben realizar dous Relevos: 5 x 2 voltas lisos, e 5 x 1 volta obstáculos. Unha boa xornada na mañá do xoves en Pontevedra, no Pavillón Universitario, que fixo ver os resultados do traballo realizado durante todo o curso destes equipos que se involucran dende hai anos no torneo que fomenta unha práctica diferente do Atletismo dunha maneira amena, motivante e competitiva; xa que se realiza en pavillóns cubertos e a mala climatoloxía non impide nunca a súa realización.

26/05/2012

San Narciso feminino 4º na Final Nacional do Xogando ao Atletismo?



O equipo do San Narciso de Marín (Pontevedra) formado por Nagore Acuña, Tania Carballo, Lucía Cardesín, Carlota Cerqueiro e Angela Pousada lograron a mellor clasificación nunca antes conseguida nas 7 edicións deste torneo, disputado durante o sábado 26 de Maio na localidade Granadina de Motril. O equipo masculino de Galicia, o colexio Santiago Apóstol de Soutomaior (Pontevedra) acadou unha meritoria 11ª plaza, dado que acudiu con nenos de 9-10 anos sendo de primeiro ano e competindo a un altísimo nivel contra equipos formados por nenos de 11-12 anos. Este colexio asegura un bo futuro para o seu equipo nas vindeiras ocasións que se clasifiquen para o Torneo Nacional.

Na fase de grupos, pola mañá, o San Narciso de Marín Feminino, obtivo moi bos resultados nas probas de Xavelina branda, Lanzamento de Balón medicinal, 10x10m e saltos laterais. O que lle permitiu estar durante toda a xornada pelxeando os postos cabeceiros do seu grupo. Foron xa os relevos, as probas que decidiron, e non sen emoción, dado que ao final o San Narciso gañou a xornada de mañá por tan só 0.5ptos sendo o equipo de Mérida-Extremadura o seu directo perseguidor.

Desta maneira lograron clasificarse para loitar polos postos do 1º ao 4º na fase final disputada pola tarde.

Xa aquí, repetíronse as 10 probas do programa, os 2 relevos e o Grand Prix final. Acadando a 4ª posición final coa que, sumada a boa actuación do equipo Masculino do Santiago Apóstol de Soutomaior, GALICIA estivo moi dignamente representada neste Torneo Nacional. Felicitacións aos participantes e a os seus adestradores e profesores.

31/05/2012

Publicada a convocatoria de prazas para deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva 2012/13



Hoxe publicouse na Circular 42-2012 a Convocatoria de prazas para deportistas que desexen disfrutar dunha beca no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra a vindeira tempada 2012/13. Todos os interesados deben remitir a súa solicitude antes do vindeiro venres día 8 de xuño á FGA. [\(Mais información click aquí\)](#)

17/10/2012

Este venres iniciase o Curso de Monitor Nacional de Atletismo



Perto de 30 alumnos iniciarán este venres as clases do Curso de Monitor Nacional de Atletismo. O curso terá lugar na Coruña e desenvolverase ao longo de 9 fins de semana, alternando docencia teórica con clases prácticas impartidas por recoñecidos adestradores galegos. Neste curso incídese na metodoloxía do adestramento, na fisioloxía e anatomía, na vertente psicolóxica, na técnica das distintas modalidades atléticas, e a organización e xestións de escolas deportivas, entre outros interesantes temas. A inauguración está prevista para este venres ás 16:00 horas e terá lugar no Salón de Actos da Delegación Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte na

Coruña, nas instalacións da Federación Galega de Atletismo. O acto será presidido polo presidente da FGA e posteriormente os alumnos iniciarán as súas aulas ca materia de fundamentos biolóxicos. Todos os alumnos recibirán ademais da documentación do curso un pequeno agasallo de Sportis. Formación Deportiva, entidade colaboradora (www.sportis.es) .

20/10/2012

I Congreso Galego Técnico de Xuíces



Coa asistencia de 110 de xuíces celebra-se hoxe o I Congreso Galego Técnico de Xuíces no Pazo da Cultura de Pontevedra. Coordinado por José María del Río, o Congreso iniciara-se con a ponencia Juzgamento dos concursos por Angel López Montesinos, de seguido Inocencio Pérez abordará as novidades no regulamento internacional de atletismo. Jorge Blanco na súa intervención falará do juzgamento no campo a través, probas en ruta e populares. A última ponencia será a de Dolores Rojas con o título Casuísticas das competicións da FGA. Todas as ponencias irán seguidas de un debate.

ANOTA AQUÍ OS TEUS MELLORES REXISTROS NESTA
TEMPADA 2011/12

DATA	CAMPIONATO	PROBA	MARCA	POSTO



Anuario Atlético Tempada 2011/12

